



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 265
27 de xaneiro de 2022

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 28758 (11/CPP-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para valorar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula o acordo do Consello da Xunta polo que se aproba o proxecto de repotenciación do parque eólico Corme G-3, así como as sucesivas sentenzas condenatorias contra o Goberno galego pola vulneración da lei na tramitación de parques eólicos [101222](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da Comisión e publicación

■ 28622 (11/CPC-000059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da directora xeral de Patrimonio Cultural, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da Sentenza 00014/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a Resolución do 21 de decembro de 2020, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se dá publicidade dunha encomenda de xestión ao medio propio Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) e se lle impoñen as custas procesuais á Xunta de Galicia [101225](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 28627 (11/INT-001436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política eólica da Xunta de Galicia [101227](#)

■ 28731 (11/INT-001437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política ambiental do Goberno galego [101234](#)



I 28737 (11/INT-001438)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

[101240](#)

I 28745 (11/INT-001439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do persoal dos servizos hospitalarios de urxencias

[101244](#)

I 28823 (11/INT-001441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do emprego

[101250](#)

Admisión a trámite e publicación**I 27791 (11/INT-001414)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da oficialidade do galego en Asturias

[101256](#)

I 27806 (11/INT-001415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre os mecanismos de avaliación e seguimento que leva a cabo a Xunta de Galicia para controlar as axudas ás empresas para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

[101260](#)

I 27813 (11/INT-001416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o seguimento do acordo parlamentario para demandar do Goberno central a rectificación da modificación de horarios do tren

[101266](#)

I 27869 (11/INT-001417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto dos fondos europeos

[101271](#)

I 27966 (11/INT-001418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da reforma laboral

[101275](#)

I 27974 (11/INT-001419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis



Sobre a política do Goberno galego respecto do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia [101278](#)

I 28034 (11/INT-001421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da creación dun plan industrial para A Mariña [101282](#)

I 28134 (11/INT-001422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións económicas de Galicia [101285](#)

I 28168 (11/INT-001423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das previsións económicas do Banco de España [101289](#)

I 28211 (11/INT-001424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do persoal investigador [101293](#)

I 28240 (11/INT-001425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do investimento en innovación para pequenas e medianas industrias [101295](#)

I 28286 (11/INT-001426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do acceso da poboación á enerxía [101298](#)

I 28293 (11/INT-001427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o cumprimento da normativa ambiental [101303](#)

I 28312 (11/INT-001428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a política medioambiental do Goberno galego [101309](#)

I 28362 (11/INT-001429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate [101314](#)

I 28365 (11/INT-001430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do persoal do sector conserveiro [101319](#)

I 28377 (11/INT-001431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da actividade termal [101325](#)

I 28394 (11/INT-001432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do canon eólico [101330](#)

I 28445 (11/INT-001433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do marisqueo a pé [101334](#)

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 28628 (11/POP-004270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as responsabilidades que asume o Goberno galego logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza respecto da repotenciación do parque eólico de Corme [101336](#)

I 28732 (11/POP-004271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a anulación da aprobación polo Consello da Xunta da repotenciación do parque eólico Corme G-3, logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia [101342](#)

I 28733 (11/POP-004272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o seguimento feito polo Goberno galego das medidas preventivas e de protección do patrimonio natural e cultural na contorna das obras do parque eólico Corme G-3 [101347](#)



I 28740 (11/POP-004273)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**

Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da sentenza 0014/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia [101352](#)

I 28746 (11/POP-004274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**

Sobre a consideración do Goberno galego respecto da sanción imposta a unha profesional do servizo de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela [101356](#)

I 28828 (11/POP-004277)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do incumprimento das condicións laborais das empresas concesionarias do servizo de transporte público en Galicia [101361](#)

Admisión a trámite e publicación**I 27792 (11/POP-004124)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa cooficialidade do galego en Asturias [101367](#)

I 27800 (11/POP-004125)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda de actuacións de restauración no Parque do Pasatempo, en Betanzos [101370](#)

I 27807 (11/POP-004126)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e 3 máis**

Sobre a situación laboral do persoal do centro especial de emprego Ilunion Servicios Industriales [101373](#)

I 27814 (11/POP-004127)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para exixir o cumprimento dos acordos parlamentarios de febreiro de 2018 e decembro de 2021 respecto do ferrocarril [101378](#)

I 27862 (11/POP-004128)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre o número de contaxios na residencia de maiores Domus Vi Bembrive, en Vigo [101383](#)



I 27870 (11/POP-004129)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre o estado do requirimento do Goberno galego ao Goberno central respecto dos fondos europeos

[101386](#)**I 27873 (11/POP-004130)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das axudas ao emprendemento na pesca nos concellos do interior

[101389](#)**I 27877 (11/POP-004131)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e 5 máis**

Sobre os criterios que tivo que cumprir Galicia para ser declarada oficialmente libre de tuberculose bovina

[101392](#)**I 27894 (11/POP-004132)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas que se van tomar para prestar unha atención digna á saúde mental

[101395](#)**I 27910 (11/POP-004133)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda de información respecto do proxecto cultural do Xacobeo 2021

[101399](#)**I 27912 (11/POP-004134)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dun centro de ensino secundario para a zona rural de Culleredo

[101402](#)**I 27923 (11/POP-004135)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre a necesidade de poder realizar os exames da Universidade Nacional de Educación a Distancia en lingua galega

[101404](#)**I 27929 (11/POP-004136)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e 8 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da actuación da Sareb en Galicia e as consecuencias que pode ter para dúcias de familias galegas

[101408](#)

I 27932 (11/POP-004137)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a declaración da cultura como ben de primeira necesidade

[101411](#)**I 27943 (11/POP-004138)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a situación de incerteza creada por mor da saída da Xunta de Galicia do Padroado da Fundación Sargadelos

[101417](#)**I 27952 (11/POP-004139)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impulsar a produtividade do tecido produtivo e a competitividade da economía galega

[101422](#)**I 27960 (11/POP-004140)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para modificar os horarios de conexión por autobús Verín-A Gudiña-Verín para harmonizalos cos dos trens de alta velocidade

[101425](#)**I 27968 (11/POP-004141)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a postura do Goberno galego respecto de referendar a reforma laboral pactada polo Goberno do Estado cos axentes sociais

[101428](#)**I 27975 (11/POP-004142)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto de que as corporacións locais non sexan beneficiarias do Programa de primeira experiencia profesional

[101431](#)**I 28001 (11/POP-004144)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña

[101435](#)**I 28029 (11/POP-004145)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a universalización do servizo de atención telefónica á cidadanía a través do número 012

[101438](#)**I 28038 (11/POP-004146)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre a creación dun plan industrial para A Mariña

[101441](#)

I 28064 (11/POP-004147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

[101444](#)

I 28074 (11/POP-004148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego para repoñer os profesionais de atención primaria que ten asignados o Centro de Saúde de Viveiro

[101447](#)

I 28079 (11/POP-004149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da execución dos fondos europeos marítimo-pesqueiros 2014-2020

[101450](#)

I 28094 (11/POP-004151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a ausencia de pediatría a tempo completo no Centro de Saúde de Galeras, en Santiago de Compostela

[101451](#)

I 28109 (11/POP-004152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da diferenza na cobertura do servizo de hospitalización a domicilio entre as distintas áreas sanitarias

[101454](#)

I 28114 (11/POP-004153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o número de reunións do Pleno e da Comisión Permanente da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra

[101456](#)

I 28122 (11/POP-004154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a atención sanitaria á veciñanza de Ordes

[101458](#)



I 28126 (11/POP-004155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 4 máis

Sobre o plan de restauración da canteira da Casalonga, no concello de Teo, e a expropiación dunha pista

[101460](#)

I 28127 (11/POP-004156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

[101462](#)

I 28128 (11/POP-004157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a colaboración co concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo

[101464](#)

I 28129 (11/POP-004158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o estado das instalacións e dos espazos de formación profesional do Instituto de Educación Secundaria Lamas de Abade, de Santiago de Compostela

[101466](#)

I 28130 (11/POP-004159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a iluminación do paso peonil da ponte da variante de Noia

[101468](#)

I 28131 (11/POP-004160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución

[101470](#)

I 28132 (11/POP-004161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a previsión de publicación do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia

[101472](#)

I 28133 (11/POP-004162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre o peche do Centro de Saúde dos Tilos, en Teo

[101474](#)

I 28138 (11/POP-004163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis



Sobre a valoración do Goberno galego do impacto do incremento dos prezos na economía e nos fogares galegos [101476](#)

I 28146 (11/POP-004164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o investimento do programa Rexurbe no centro histórico de Betanzos en 2022 [101479](#)

I 28150 (11/POP-004165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para rehabilitar o Templo Votivo do Mar, de Panxón [101482](#)

I 28152 (11/POP-004166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución das urxencias médicas na Casa do Mar de Moaña [101484](#)

I 28170 (11/POP-004167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do empeoramento da capacidade económica dos fogares galegos [101487](#)

I 28173 (11/POP-004168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego do resultado da convocatoria de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais publicadas en 2021 [101490](#)

I 28202 (11/POP-004169)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o avance da tramitación do Anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga [101493](#)

I 28208 (11/POP-004170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a adquisición dunha parcela no concello de Ourense para a construción dun edificio no que se unifiquen as dependencias da Xunta de Galicia [101495](#)

I 28212 (11/POP-004171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno de Galicia respecto do aumento do persoal investigador para o centro Intecmar [101498](#)

I 28217 (11/POP-004172)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de activar o mecanismo dos xestores de rehabilitación

[101500](#)

I 28222 (11/POP-004173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para paliar os problemas derivados da presenza de arsénico na auga e garantir a calidade do servizo de abastecemento aos veciños de Castrelo de Miño

[101502](#)

I 28227 (11/POP-004174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o conflito existente no Servizo de Otorrinolaringoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

[101504](#)

I 28234 (11/POP-004175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da supresión polo Concello de Ourense dos premios literarios Vicente Risco de Creación Literaria e Cidade de Ourense de Poesía

[101507](#)

I 28241 (11/POP-004176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre o investimento da Xunta de Galicia en innovación para pequenas e medianas industrias no ano 2021

[101510](#)

I 28249 (11/POP-004177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas desenvolvidas e previstas pola Xunta de Galicia para a oferta da lingua galega no acceso aos contidos audiovisuais distribuídos por diferentes plataformas dixitais en versión orixinal subtitulada

[101513](#)

I 28251 (11/POP-004178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o apoio do Goberno galego á creación do Instituto Rosalía de Castro

[101517](#)

I 28252 (11/POP-004179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre a planificación do Goberno galego dun programa de difusión do legado rosaliano [101521](#)

I 28254 (11/POP-004180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas [101525](#)

I 28255 (11/POP-004181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas [101529](#)

I 28259 (11/POP-004182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os informes transmitidos ao Goberno do Estado por parte da Xunta de Galicia en relación co cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino [101533](#)

I 28287 (11/POP-004183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o acceso á enerxía dos galegos e impedir o incremento da equivocadamente denominada pobreza enerxética [101537](#)

I 28289 (11/POP-004184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda da creación dun observatorio do baile e a música tradicional galega [101541](#)

I 28291 (11/POP-004185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o sector do asociacionismo cultural centrado na difusión e aprendizaxe da música e baile tradicional galego [101544](#)

I 28298 (11/POP-004186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización da avaliación de impacto ambiental do conxunto da actividade extractiva de San Finx, no concello de Lousame [101548](#)

I 28307 (11/POP-004187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa o pagamento polo Goberno galego dos 240.000 euros comprometidos á produtora responsable da gravación da serie de televisión titulada *El hombre de Zara* [101553](#)



I 28310 (11/POP-004188)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a totalidade dos fondos recibidos pola Xunta de Galicia do Estado para atender as persoas traballadoras afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19 [101556](#)

I 28316 (11/POP-004189)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a situación medioambiental da comarca da Limia [101560](#)

I 28319 (11/POP-004190)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda de información sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide [101565](#)

I 28326 (11/POP-004191)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda da declaración como ben de interese cultural do monumento aos Mártires de Carral [101569](#)

I 28328 (11/POP-004192)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a información que ofrece o visor de aproveitamentos forestais respecto do patrimonio arqueolóxico para garantir a súa seguridade e protección [101573](#)

I 28330 (11/POP-004193)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as medidas e recursos a disposición do Servizo de Vixilancia e Inspección para o seguimento, control e supervisión das autorizacións de intervencións sobre bens do patrimonio arqueolóxico relativas a aproveitamentos forestais [101577](#)

I 28369 (11/POP-004194)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde de estender o servizo de hospitalización a domicilio ao concello de Rianxo [101581](#)

I 28373 (11/POP-004195)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras da conserva en Galiza, nomeadamente das mulleres [101582](#)



I 28381 (11/POP-004196)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as previsión da Xunta de Galicia para a reapertura das instalacións termas públicas do Concello de Ourense

[101587](#)**I 28388 (11/POP-004197)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda de profesorado especialista en pedagogía terapéutica no instituto de ensino secundario María Casares de Oleiros

[101592](#)**I 28398 (11/POP-004198)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do canon eólico

[101596](#)**I 28401 (11/POP-004199)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o aval e colaboración económica da Xunta de Galicia a unha exposición de obra pictórica de Maruja Mallo e Luís Seoane

[101600](#)**I 28405 (11/POP-004200)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre destrución do patrimonio arqueolóxico galego

[101603](#)**I 28408 (11/POP-004201)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda do Plan de Dinamización da Lectura

[101606](#)**I 28410 (11/POP-004202)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a ampliación do Conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela de Santiago de Compostela

[101609](#)**I 28417 (11/POP-004203)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre a dedución por dupla imposición internacional das pensións xeradas en Alemaña despois do 2014

[101613](#)**I 28446 (11/POP-004204)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os cambios habilitados e autorizados pola Consellería do Mar en virtude do artigo 9.1a da orde de 15 de xullo de 2015 [101616](#)

I 28450 (11/POP-004205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda dun novo modelo lingüístico educativo [101618](#)

I 28452 (11/POP-004206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar o uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres e garantir a súa apertura continuada ao público [101621](#)

I 28460 (11/POP-004207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a xestión e a oferta educativa dos conservatorios galegos e a necesidade de consensuar un novo modelo común [101624](#)

I 28464 (11/POP-004208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do centro de interpretación do castro do Cociñadoiro, de Arteixo [101627](#)

I 28467 (11/POP-004209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Dirección Xeral de Patrimonio co fin de que a comunidade de propietarios da rúa Petunias 1C, do barrio das Flores, na Coruña, poida reparar a fachada deste edificio [101631](#)

I 28475 (11/POP-004210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a necesidade de ampliación da oferta formativa en interpretación de lingua de signos [101634](#)

I 28477 (11/POP-004211)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da existencia dun estudo conxunto de impacto ambiental dos seis parques eólicos previstos no monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, así como a garantía da conservación e posta en valor da necrópole megalítica existente nese monte [101637](#)

I 28484 (11/POP-004212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a valoración do Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas e determinados concellos galegos [101640](#)

I 28485 (11/POP-004213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego a través da Axencia Galega de Turismo para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos en 2020 e 2021 [101642](#)

I 28486 (11/POP-004214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e determinados concellos galegos [101646](#)

I 28487 (11/POP-004215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos [101646](#)

I 28488 (11/POP-004216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsión do Goberno galego para abordar o debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local [101648](#)

I 28490 (11/POP-004217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coa subvención convocada pola Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 12 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020 [101651](#)

I 28491 (11/POP-004218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia [101653](#)

I 28493 (11/POP-004219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis



Sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza e determinados concellos galegos [101657](#)

I 28494 (11/POP-004220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os resultados acadados pola fusión dos concellos de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade [101659](#)

I 28495 (11/POP-004221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsión do Goberno galego de elaborar un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos [101661](#)

I 28496 (11/POP-004222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a documentación complementaria das subvencións para a creación de plataformas de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural [101662](#)

I 28497 (11/POP-004223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do incumprimento por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización [101665](#)

I 28498 (11/POP-004224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais [101668](#)

I 28499 (11/POP-004225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as subvencións para as actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia [101671](#)

I 28500 (11/POP-004226)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a aplicación do Fondo Consenso [101675](#)

I 28501 (11/POP-004227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre o procedemento de concesión en réxime de concorrència competitiva das subvención a concellos de ata 10.000 habitantes [101678](#)

I 28502 (11/POP-004228)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016 [101680](#)

I 28503 (11/POP-004229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula tres convocatoria de subvencións por considerar discriminatoria a iniciativa Concellos Doing Business Galicia [101682](#)

I 28505 (11/POP-004230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o funcionamento do Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o alumnado de ensino obrigatorio [101685](#)

I 28515 (11/POP-004231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade coordinado polo Consello da Cultura Galega [101688](#)

I 28518 (11/POP-004232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas de conservación e mantemento a adoptar no edificio modernista A Terraza de Sada (A Coruña), declarado Ben de Interese Cultural [101691](#)

I 28478 (11/POP-004233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coas subvencións para a habilitación e a mellora das infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia nos últimos seis anos [101694](#)

I 28479 (11/POP-004234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para asinar os convenios de colaboración para mellora de infraestruturas turísticas no medio rural con determinados concellos galegos no exercicio 2020 [101696](#)

I 28480 (11/POP-004235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos



Sobre os criterios do Goberno galego para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos [101698](#)

I 28525 (11/POP-004236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a escaseza de materiais didácticos e de libros de texto en galego nos centros de ensino [101700](#)

I 28534 (11/POP-004237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a difusión e o consumo da cultura galega [101704](#)

I 28536 (11/POP-004238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para estimular os sectores culturais e afrontar as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19 [101708](#)

I 28538 (11/POP-004239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa *Hub* da industria cultural, e as próximas iniciativas [101711](#)

I 28542 (11/POP-004240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os fondos documentais e bibliográficos da entidade Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña [101714](#)

I 28550 (11/POP-004241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno para preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella da Coruña [101719](#)

I 28556 (11/POP-004242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a execución orzamentaria dos programas destinados ao acceso á vivenda [101722](#)

I 28559 (11/POP-004243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma



Sobre o gasto de 19.500 euros para erixir un cruceiro nun parque de Miami, conforme convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Asociación de Empresarios e Profesionais Galegos de Estados Unidos [101725](#)

I 28566 (11/POP-004244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de incoar o expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada [101727](#)

I 28571 (11/POP-004245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan Rehavita Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 [101731](#)

I 28576 (11/POP-004246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o desdoblamento do centro de saúde da Milagrosa en Lugo [101734](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

I Resolución da Presidencia, do 26 de xaneiro de 2022, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. dos socialistas de Galicia, polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 29032) [101219](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de xaneiro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 28758 (11/CPP-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para valorar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula o acordo do Consello da Xunta polo que se aproba o proxecto de repotenciación do parque eólico Corme G-3, así como as sucesivas sentenzas condenatorias contra o Goberno galego pola vulneración da lei na tramitación de parques eólicos

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 28622 (11/CPC-000059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da directora xeral de Patrimonio Cultural, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da Sentenza 00014/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a Resolución do 21 de decembro de 2020, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se dá publicidade dunha encomenda de xestión ao medio propio Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) e se lle impoñen as custas procesuais á Xunta de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 28627 (11/INT-001436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política eólica da Xunta de Galicia

- 28731 (11/INT-001437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política ambiental do Goberno galego



- 28737 (11/INT-001438)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

- 28745 (11/INT-001439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do persoal dos servizos hospitalarios de urxencias

- 28823 (11/INT-001441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do emprego

Admisión a trámite e publicación

- 27791 (11/INT-001414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da oficialidade do galego en Asturias

- 27806 (11/INT-001415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 3 máis
Sobre os mecanismos de avaliación e seguimento que leva a cabo a Xunta de Galicia para controlar as axudas ás empresas para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

- 27813 (11/INT-001416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o seguimento do acordo parlamentario para demandar do Goberno central a rectificación da modificación de horarios do tren

- 27869 (11/INT-001417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto dos fondos europeos

- 27966 (11/INT-001418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da reforma laboral

- 27974 (11/INT-001419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis



Sobre a política do Goberno galego respecto do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia

- 28034 (11/INT-001421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da creación dun plan industrial para A Mariña

- 28134 (11/INT-001422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións económicas de Galicia

- 28168 (11/INT-001423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das previsións económicas do Banco de España

- 28211 (11/INT-001424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do persoal investigador

- 28240 (11/INT-001425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do investimento en innovación para pequenas e medianas industrias

- 28286 (11/INT-001426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do acceso da poboación á enerxía

- 28293 (11/INT-001427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o cumprimento da normativa ambiental

- 28312 (11/INT-001428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a política medioambiental do Goberno galego

- 28362 (11/INT-001429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

- 28365 (11/INT-001430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do persoal do sector conserveiro

- 28377 (11/INT-001431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da actividade termal

- 28394 (11/INT-001432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do canon eólico

- 28445 (11/INT-001433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do marisqueo a pé

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 28628 (11/POP-004270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as responsabilidades que asume o Goberno galego logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza respecto da repotenciación do parque eólico de Corme

- 28732 (11/POP-004271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a anulación da aprobación polo Consello da Xunta da repotenciación do parque eólico Corme G-3, logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- 28733 (11/POP-004272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o seguimento feito polo Goberno galego das medidas preventivas e de protección do patrimonio natural e cultural na contorna das obras do parque eólico Corme G-3



- 28740 (11/POP-004273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da sentenza 0014/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- 28746 (11/POP-004274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a consideración do Goberno galego respecto da sanción imposta a unha profesional do servizo de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 28828 (11/POP-004277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do incumprimento das condicións laborais das empresas concesionarias do servizo de transporte público en Galicia

Admisión a trámite e publicación

- 27792 (11/POP-004124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa cooficialidade do galego en Asturias

- 27800 (11/POP-004125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de actuacións de restauración no Parque do Pasatempo, en Betanzos

- 27807 (11/POP-004126)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a situación laboral do persoal do centro especial de emprego Ilunion Servicios Industriales

- 27814 (11/POP-004127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para exixir o cumprimento dos acordos parlamentarios de febreiro de 2018 e decembro de 2021 respecto do ferrocarril

- 27862 (11/POP-004128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o número de contaxios na residencia de maiores Domus Vi Bembrive, en Vigo



- 27870 (11/POP-004129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o estado do requirimento do Goberno galego ao Goberno central respecto dos fondos europeos

- 27873 (11/POP-004130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das axudas ao emprendemento na pesca nos concellos do interior

- 27877 (11/POP-004131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 5 máis

Sobre os criterios que tivo que cumprir Galicia para ser declarada oficialmente libre de tuberculose bovina

- 27894 (11/POP-004132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que se van tomar para prestar unha atención digna á saúde mental

- 27910 (11/POP-004133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de información respecto do proxecto cultural do Xacobeo 2021

- 27912 (11/POP-004134)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dun centro de ensino secundario para a zona rural de Culleredo

- 27923 (11/POP-004135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de poder realizar os exames da Universidade Nacional de Educación a Distancia en lingua galega

- 27929 (11/POP-004136)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da actuación da Sareb en Galicia e as consecuencias que pode ter para dúcias de familias galegas



- 27932 (11/POP-004137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a declaración da cultura como ben de primeira necesidade

- 27943 (11/POP-004138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a situación de incerteza creada por mor da saída da Xunta de Galicia do Padroado da Fundación Sargadelos

- 27952 (11/POP-004139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impulsar a produtividade do tecido produtivo e a competitividade da economía galega

- 27960 (11/POP-004140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para modificar os horarios de conexión por autobús Verín-A Gudiña-Verín para harmonizalos cos dos trens de alta velocidade

- 27968 (11/POP-004141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto de referendar a reforma laboral pactada polo Goberno do Estado cos axentes sociais

- 27975 (11/POP-004142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto de que as corporacións locais non sexan beneficiarias do Programa de primeira experiencia profesional

- 28001 (11/POP-004144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña

- 28029 (11/POP-004145)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a universalización do servizo de atención telefónica á cidadanía a través do número 012

- 28038 (11/POP-004146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis



Sobre a creación dun plan industrial para A Mariña

- 28064 (11/POP-004147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 28074 (11/POP-004148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego para repoñer os profesionais de atención primaria que ten asignados o Centro de Saúde de Viveiro

- 28079 (11/POP-004149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da execución dos fondos europeos marítimo-pesqueiros 2014-2020

- 28094 (11/POP-004151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a ausencia de pediatría a tempo completo no Centro de Saúde de Galeras, en Santiago de Compostela

- 28109 (11/POP-004152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da diferenza na cobertura do servizo de hospitalización a domicilio entre as distintas áreas sanitarias

- 28114 (11/POP-004153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o número de reunións do Pleno e da Comisión Permanente da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra

- 28122 (11/POP-004154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a atención sanitaria á veciñanza de Ordes



- 28126 (11/POP-004155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 4 máis

Sobre o plan de restauración da canteira da Casalonga, no concello de Teo, e a expropiación dunha pista

- 28127 (11/POP-004156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 28128 (11/POP-004157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a colaboración co concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo

- 28129 (11/POP-004158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o estado das instalacións e dos espazos de formación profesional do Instituto de Educación Secundaria Lamas de Abade, de Santiago de Compostela

- 28130 (11/POP-004159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a iluminación do paso peonil da ponte da variante de Noia

- 28131 (11/POP-004160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución

- 28132 (11/POP-004161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a previsión de publicación do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia

- 28133 (11/POP-004162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre o peche do Centro de Saúde dos Tilos, en Teo

- 28138 (11/POP-004163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis



Sobre a valoración do Goberno galego do impacto do incremento dos prezos na economía e nos fogares galegos

- 28146 (11/POP-004164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o investimento do programa Rexurbe no centro histórico de Betanzos en 2022

- 28150 (11/POP-004165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para rehabilitar o Templo Votivo do Mar, de Panxón

- 28152 (11/POP-004166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución das urxencias médicas na Casa do Mar de Moaña

- 28170 (11/POP-004167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do empeoramento da capacidade económica dos fogares galegos

- 28173 (11/POP-004168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego do resultado da convocatoria de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais publicadas en 2021

- 28202 (11/POP-004169)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o avance da tramitación do Anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

- 28208 (11/POP-004170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a adquisición dunha parcela no concello de Ourense para a construción dun edificio no que se unifiquen as dependencias da Xunta de Galicia

- 28212 (11/POP-004171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno de Galicia respecto do aumento do persoal investigador para o centro Intecmar

- 28217 (11/POP-004172)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de activar o mecanismo dos xestores de rehabilitación

- 28222 (11/POP-004173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para paliar os problemas derivados da presenza de arsénico na auga e garantir a calidade do servizo de abastecemento aos veciños de Castrelo de Miño

- 28227 (11/POP-004174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o conflito existente no Servizo de Otorrinolaringoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 28234 (11/POP-004175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da supresión polo Concello de Ourense dos premios literarios Vicente Risco de Creación Literaria e Cidade de Ourense de Poesía

- 28241 (11/POP-004176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre o investimento da Xunta de Galicia en innovación para pequenas e medianas industrias no ano 2021

- 28249 (11/POP-004177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas desenvolvidas e previstas pola Xunta de Galicia para a oferta da lingua galega no acceso aos contidos audiovisuais distribuídos por diferentes plataformas dixitais en versión orixinal subtitulada

- 28251 (11/POP-004178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o apoio do Goberno galego á creación do Instituto Rosalía de Castro

- 28252 (11/POP-004179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre a planificación do Goberno galego dun programa de difusión do legado rosaliano

- 28254 (11/POP-004180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas

- 28255 (11/POP-004181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas

- 28259 (11/POP-004182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os informes transmitidos ao Goberno do Estado por parte da Xunta de Galicia en relación co cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino

- 28287 (11/POP-004183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o acceso á enerxía dos galegos e impedir o incremento da equivocadamente denominada pobreza enerxética

- 28289 (11/POP-004184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda da creación dun observatorio do baile e a música tradicional galega

- 28291 (11/POP-004185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o sector do asociacionismo cultural centrado na difusión e aprendizaxe da música e baile tradicional galego

- 28298 (11/POP-004186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización da avaliación de impacto ambiental do conxunto da actividade extractiva de San Finx, no concello de Lousame

- 28307 (11/POP-004187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa o pagamento polo Goberno galego dos 240.000 euros comprometidos á produtora responsable da gravación da serie de televisión titulada *El hombre de Zara*



- 28310 (11/POP-004188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a totalidade dos fondos recibidos pola Xunta de Galicia do Estado para atender as persoas traballadoras afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19

- 28316 (11/POP-004189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a situación medioambiental da comarca da Limia

- 28319 (11/POP-004190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de información sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide

- 28326 (11/POP-004191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda da declaración como ben de interese cultural do monumento aos Mártires de Carral

- 28328 (11/POP-004192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a información que ofrece o visor de aproveitamentos forestais respecto do patrimonio arqueolóxico para garantir a súa seguridade e protección

- 28330 (11/POP-004193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas e recursos a disposición do Servizo de Vixilancia e Inspección para o seguimento, control e supervisión das autorizacións de intervencións sobre bens do patrimonio arqueolóxico relativas a aproveitamentos forestais

- 28369 (11/POP-004194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde de estender o servizo de hospitalización a domicilio ao concello de Rianxo

- 28373 (11/POP-004195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras da conserva en Galiza, nomeadamente das mulleres



- 28381 (11/POP-004196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsión da Xunta de Galicia para a reapertura das instalacións termais públicas do Concello de Ourense

- 28388 (11/POP-004197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de profesorado especialista en pedagogía terapéutica no instituto de ensino secundario María Casares de Oleiros

- 28398 (11/POP-004198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do canon eólico

- 28401 (11/POP-004199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o aval e colaboración económica da Xunta de Galicia a unha exposición de obra pictórica de Maruja Mallo e Luís Seoane

- 28405 (11/POP-004200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre destrución do patrimonio arqueolóxico galego

- 28408 (11/POP-004201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda do Plan de Dinamización da Lectura

- 28410 (11/POP-004202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a ampliación do Conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela de Santiago de Compostela

- 28417 (11/POP-004203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a dedución por dupla imposición internacional das pensións xeradas en Alemaña despois do 2014

- 28446 (11/POP-004204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre os cambios habilitados e autorizados pola Consellería do Mar en virtude do artigo 9.1a da orde de 15 de xullo de 2015

- 28450 (11/POP-004205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a demanda dun novo modelo lingüístico educativo

- 28452 (11/POP-004206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar o uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres e garantir a súa apertura continuada ao público

- 28460 (11/POP-004207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a xestión e a oferta educativa dos conservatorios galegos e a necesidade de consensuar un novo modelo común

- 28464 (11/POP-004208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do centro de interpretación do castro do Cociñadoiro, de Arteixo

- 28467 (11/POP-004209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as actuacións previstas pola Dirección Xeral de Patrimonio co fin de que a comunidade de propietarios da rúa Petunias 1C, do barrio das Flores, na Coruña, poida reparar a fachada deste edificio

- 28475 (11/POP-004210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de ampliación da oferta formativa en interpretación de lingua de signos

- 28477 (11/POP-004211)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da existencia dun estudo conxunto de impacto ambiental dos seis parques eólicos previstos no monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, así como a garantía da conservación e posta en valor da necrópole megalítica existente nese monte

- 28484 (11/POP-004212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a valoración do Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas e determinados concellos galegos

- 28485 (11/POP-004213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego a través da Axencia Galega de Turismo para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos en 2020 e 2021

- 28486 (11/POP-004214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e determinados concellos galegos

- 28487 (11/POP-004215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos

- 28488 (11/POP-004216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsión do Goberno galego para abordar o debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

- 28490 (11/POP-004217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coa subvención convocada pola Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 12 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020

- 28491 (11/POP-004218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia

- 28493 (11/POP-004219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis



Sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza e determinados concellos galegos

- 28494 (11/POP-004220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os resultados acadados pola fusión dos concellos de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade

- 28495 (11/POP-004221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsión do Goberno galego de elaborar un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos

- 28496 (11/POP-004222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a documentación complementaria das subvencións para a creación de plataformas de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural

- 28497 (11/POP-004223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do incumprimento por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización

- 28498 (11/POP-004224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais

- 28499 (11/POP-004225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as subvencións para as actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia

- 28500 (11/POP-004226)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a aplicación do Fondo Consenso

- 28501 (11/POP-004227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvención a concellos de ata 10.000 habitantes



- 28502 (11/POP-004228)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016

- 28503 (11/POP-004229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula tres convocatorias de subvencións por considerar discriminatoria a iniciativa Concellos Doing Business Galicia

- 28505 (11/POP-004230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o funcionamento do Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o alumnado de ensino obrigatorio

- 28515 (11/POP-004231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade coordinado polo Consello da Cultura Galega

- 28518 (11/POP-004232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas de conservación e mantemento a adoptar no edificio modernista A Terraza de Sada (A Coruña), declarado Ben de Interese Cultural

- 28478 (11/POP-004233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coas subvencións para a habilitación e a mellora das infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia nos últimos seis anos

- 28479 (11/POP-004234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para asinar os convenios de colaboración para mellora de infraestruturas turísticas no medio rural con determinados concellos galegos no exercicio 2020

- 28480 (11/POP-004235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os criterios do Goberno galego para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos



- 28525 (11/POP-004236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a escaseza de materiais didácticos e de libros de texto en galego nos centros de ensino

- 28534 (11/POP-004237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a difusión e o consumo da cultura galega

- 28536 (11/POP-004238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para estimular os sectores culturais e afrontar as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19

- 28538 (11/POP-004239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa *Hub* da industria cultural, e as próximas iniciativas

- 28542 (11/POP-004240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os fondos documentais e bibliográficos da entidade Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña

- 28550 (11/POP-004241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno para preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella da Coruña

- 28556 (11/POP-004242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a execución orzamentaria dos programas destinados ao acceso á vivenda

- 28559 (11/POP-004243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o gasto de 19.500 euros para erixir un cruceiro nun parque de Miami, conforme convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Asociación de Empresarios e Profesionais Galegos de Estados Unidos



- 28566 (11/POP-004244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de incoar o expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada

- 28571 (11/POP-004245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan Reavita Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020

- 28576 (11/POP-004246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o desdoblamento do centro de saúde da Milagrosa en Lugo

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 26 de xaneiro de 2022, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. dos socialistas de Galicia, polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 29032)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 29032, o escrito do portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. dos Socialistas de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Baixa: D. Luis Manuel Álvarez Martínez

Alta: D. Juan Carlos Francisco Rivera



— Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Baixa: D. Juan Carlos Francisco Rivera

Alta: D. Gonzalo Caballero Miguez

— Comisión 4ª, Educación e Cultura

Baixas: D. Luis Manuel Álvarez Martínez

Alta: Dª Noelia Otero Lago

— Comisión Permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas

Baixa: Dª Leticia Gallego Sanromán

Alta: D. Luis Manuel Álvarez Martínez

— Comisión de Peticións

Baixa: Dª Noelia Otero Lago

Alta: D. Luis Manuel Álvarez Martínez

— Comisión do Regulamento

Baixas: D. Gonzalo Caballero Miguez

Dª Noelia Otero Lago

Altas: D. Luis Manuel Álvarez Martínez

Dª Leticia Gallego Sanromán

— Deputación Permanente (titulares)

Baixas: D. Gonzalo Caballero Miguez

D. Pablo Arangüena Fernández

Dª Marina Ortega Otero

Dª Patricia Otero Rodríguez

Altas: D. Luis Manuel Álvarez Martínez

Dª Begoña Rodríguez Rumbo

D. Julio Torrado Quintela

Dª Leticia Gallego Sanromán

— Deputación Permanente (suplentes)

Baixas: Dª Paloma Castro Rey

D. Luis Manuel Álvarez Martínez

D. Juan Carlos Francisco Rivera

D. Julio Torrado Quintela



Altas: D^a Patricia Otero Rodriguez
D. Juan Carlos Francisco Rivera
D^a Carmen Rodríguez Dacosta
D^a Noa Díaz Varela

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galiza**, para valorar a sentenza do TSXG que anula o acordo do Consello da Xunta polo que se aproba o proxecto de repotenciación do parque eólico Corme G-3, así como as sucesivas sentenzas condenatorias contra o goberno galego pola vulneración da lei na tramitación de parques eólicos.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 12:40:52

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 12:41:03

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 12:41:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 12:41:18

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 12:41:25

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 12:41:32

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 12:41:43

María González Albert na data 24/01/2022 12:41:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 12:42:03

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 12:42:12

Daniel Castro García na data 24/01/2022 12:42:22

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 12:42:41

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 12:42:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 12:43:02

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 12:43:11

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 12:43:22

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 12:43:31

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 12:43:39

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 12:44:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e a deputada abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 4ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 4ª da directora xeral de Patrimonio Cultural** para dar conta da Sentenza 00014/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2020, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se dá publicidade dunha encomenda de xestión ao medio propio Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) e se lle impoñen as custas procesuais á Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 10:10:38

Daniel Castro García na data 24/01/2022 10:10:54





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 10:11:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza despois dunha nova demoledora sentenza xudicial do TSX respecto da falta de garantías democráticas da súa política eólica e a incompatibilidade co dereito comunitario.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola demoledora sentenza xudicial do TSX respecto da falta de garantías democráticas da política eólica da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 21 de xaneiro o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza daba a coñecer unha nova sentenza xudicial que pon en entredito a política eólica do goberno do Partido Popular e, singularmente, a falta de garantías democráticas e a relaxación na análise e fiscalización dos informes necesarios para avaliar estes proxectos industriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A sentenza número 00017/2022 do TSX anula a autorización da Xunta para repotenciar o parque eólico G3 de Corme por reducir á metade, de 30 a 15 días, o prazo para a consulta pública no procedemento do informe de impacto ambiental argumentando a súa colisión co dereito comunitario e a súa falta de fundamento. Así mesmo, a sentenza fai mención tamén á situación xerada pola tramitación de determinados informes sectoriais de forma simultánea ao sometemento a información pública impedindo de tal maneira o exercicio democrático da participación e coñecemento suficiente da dimensión do proxecto.

Xa en decembro de 2020 o Grupo Parlamentario do BNG advertía de que este proxecto afectaba un lugar de grande interese ambiental e cultural, espazos protexidos pola Rede Natura (ZEPA e ZEPVN), unha área de especial interese paisaxístico e espazos con xacementos arqueolóxicos ademais de turbeiras e dun humidal protexido, o Pozo da Lagoa. Así mesmo, advertiu tamén da opacidade, falta de información, nula participación e polos abusos e irregularidades cometidos pola empresa coa complicidade das administracións.

Cómpre recordar que ademais o goberno galego autorizara esta repotenciación no ano 2019 ocultando con aleivosía o acordo do Consello da Xunta, como vén sendo habitual. Así mesmo, ao non terse aprobado no seu día a suspensión cautelar do proxecto, a realidade é que esta sentenza chega tarde, cando o dano está xa feito e é irreparable. É necesario recordar que as repotenciacións, pensadas como un mecanismo para, en previsión dos avances tecnolóxicos, reducir impactos de diversa índole e aumenta a eficiencia enerxética, non está exenta de problemas nin é inocua. Precisamente a transformación do sector na última década vai acompañada de novas dimensións dos aeroxeneradores e dun aumento do impacto das obras asociadas, polo está a supoñer de facto un novo proceso industrial. Polo tanto, este factor, sumado á teórica evolución do marco de protección ambiental, que sobre o papel incorpora novas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións de prevalencia dos intereses medioambientais incardinados na protección de recursos estratéxicos para a loita contra a crise climática, fai que en determinados casos poida ser desaconsellable a repotenciación. A falta de garantías sobre o sector fai que nestes momentos as repotenciacións estean a ser focos de graves problemas.

É necesario recordar que este recorte de garantías democráticas foi impulsado na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza, fortemente contestada pola sociedade galega e colectivos sociais e sindicais no seu momento e alcumada como “lei de depredación” por supoñer unha alfombra vermella á actividade eólica e extractiva sen as debidas garantías ambientais, de control democrático e económicas. Nesta lei afondouse tamén na manga ancha do Consello da Xunta para aplicar a supramunicipalidade a discreción. Así mesmo, esta liña foi continuada polo Partido Popular na tramitación e aprobación da lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza, empregando a coartada da pandemia da covid-19 para elaborar unha nova regulación eólica.

Esta nova sentenza amosa o caos lexislativo que existe en Galiza respecto da regulación eólica, que suma dez modificacións e sobre a que o goberno galego xa anunciou unha nova modificación de cara á tramitación da futura lei de áreas empresariais menos dun mes despois da entrada en vigor da lei de orzamentos para o ano 2022 que tamén introducía mudanzas e unha teórica “moratoria”. A todo isto, hai que sumar un Plan Sectorial obsoleto.

Esta situación só fai agravar a alarma social existente en Galiza, desde o ecoloxismo, as comunidades de montes, asociacións de defensa do patrimonio, concellos, etc. Durante o último ano e medio, malia a pandemia, estamos a ver mobilizacións sociais por todo o territorio ante a proliferación de proxectos e a falta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procesos de participación e garantías suficientes. Recentemente mesmo o Consello da Cultura Galega pronunciábase ao respecto cun demoledor informe. A situación é tan grave e paradoxal que mesmo a propia patronal e empresariado están a criticar o marco da Xunta, que segue bloqueado administrativamente pola falta de persoal e de eficiencia e que se traduce en que malia esta situación, o sector tampouco avanza.

É necesario, polo tanto, que a Xunta de Galiza asuma responsabilidades sobre este asunto e rectifique dunha vez por todas impulsando un marco legal e procedimental adecuado coas debidas garantías para todas as partes, con diálogo e participación social.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

. Que responsabilidades e rectificacións asume o goberno galego despois da demoledora sentenza do TSX respecto da repotenciación do parque eólico de Corme?

. Asume o goberno galego que o marco legal que construíu está en entredito e que debe derrogalo para impulsar un novo?

. Como valora os contidos da sentenza, singularmente respecto da vulneración do marco comunitario e a tramitación dos informes?

. Como valora o impacto desta e outras sentenzas nas leis de 2017 e 2021 que modifican o sector eólico? E nas mudanzas impulsadas na lei de orzamentos de 2022 e nas que prevé impulsar na futura lei de áreas empresariais?

. Asume o goberno galego que a súa constante improvisación lexislativa no sector eólico agrava os problemas vixentes e que é necesario impulsar un novo marco regulatorio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É consciente o goberno galego de que é responsábel da falta de garantías democráticas para a cidadanía galega?

. É consciente o goberno galego de que é responsábel da falta de garantías de protección medioambiental e patrimonial?

. É consciente o goberno galego de que é responsábel de que o sector eólico sexa visto pola sociedade como un problema?

. A que proxectos pode afectar o impacto esta sentenza?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 10:11:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 10:12:10

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 10:12:17

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 10:12:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 10:12:44

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 10:12:54

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 10:13:04

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 10:13:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 24/01/2022 10:13:22

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 10:13:33

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 10:13:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 10:13:50

María González Albert na data 24/01/2022 10:13:59

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 10:14:07

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 10:14:16

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 10:14:24

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 10:14:32

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 10:14:39

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 10:14:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade que o Parlamento se posicione canto antes sobre a actuación da Xunta no parque eólico Corme G-3.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 7 de novembro de 2019 o proxecto de repotenciación do parque eólico de Corme G-3, no promontorio do Roncudo, unha zona de alto valor paisaxístico e ambiental que está parcialmente incluída na Rede Natura (ZEC Costa da Morte e ZECA Costa da Morte Norte). Nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllas propostas de ampliación do ámbito de protección desta zona pola presenza de hábitats de interese comunitario e interese prioritario, iniciativas que foron paralizadas polo goberno da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na execución das obras do citado proxecto, no que se retiraron 61 aeroxeradores de 45 m de altura e se instalaron 7 de 150 m de altura, producíronse numerosos abusos por parte da empresa promotora, que foron denunciados publicamente pola veciñanza e recollidos en reportaxes fotográficas e audiovisuais.

Mais o máis grave é que se produciron abusos por parte da administración autonómica, tal como se recolle na sentenza do TSXG do pasado 21 de xaneiro de 2022, polo que se anula o acordo do Consello da Xunta no que aprobou o citado proxecto. Se ben a sentenza non é firme e pode ser recorrida en casación no Tribunal Supremo, nos “Fundamentos de dereito” describe a vulneración por parte da Xunta da normativa comunitaria e da lexislación ambiental.

Por outra parte, a respecto da afectación de un dos aeroxeradores ao humidal “Poza da Lagoa”, incluído no Inventario de humidais de Galiza, a sentenza fai referencia ao informe de “Emberiza Estudios Ambientais, SL que recolle que aquela superficie clasifícase no EsIA como un Hábitat de Interese Comunitario, identificándoa dentro do tipo (3110)... a cuxo efecto propuxo como medida preventiva para evitar afeccións sobre as poboacións de anfibios, aves e demais fauna e a flora, o balizamento de toda a extensión, así como o seguimento exhaustivo de toda a zona ocupada pola charca mediante o oportuno plan de vixilancia ambiental”.

Das fotografías e vídeos que se fixeron na contorna do parque dedúcese que se produciu un importante impacto neste humidal, así como noutros elementos patrimoniais, paisaxísticos e ambientais afectados polas obras de construción do parque.

En relación coa política eólica do goberno galego, nas últimas semanas producíronse acordos de plenos de concellos e informes de organismos públicos (Consello da Cultura Galega e Observatorio Eólico de Galicia) que cuestionan no fondo e na forma a planificación eólica da Xunta e o desenvolvemento da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A contestación a un *modus operandi* que favorece os intereses das grandes empresas tradúcese en mobilizacións sociais e en presentación masiva de alegacións. E tamén na apertura da fronte xudicial, coa presentación de recursos como o que vén de anunciar a organización ecoloxista Adega contra a aprobación dos parques Bustelo, Campelo e Toural, promovidos por Greenalia.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

. Como valora o goberno galego a sucesión de sentenzas xudiciais que anulan acordos do Consello da Xunta polos que se aproban parques eólicos?

. Quen vai asumir as responsabilidades pola anulación da aprobación polo Consello da Xunta da repotenciación do parque eólico Corme G-3, logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?

. Como valora o goberno galego os recursos presentados por Adega contra a aprobación dos parques eólicos Bustelo, Campelo e Toural, da empresa Greenalia?

. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para garantir o cumprimento da normativa ambiental e os dereitos da cidadanía á información e participación en materia de medio ambiente?

. Como prevé a Xunta garantir o cumprimento da normativa ambiental nos proxectos en tramitación aprobados como iniciativas empresariais prioritarias?

. Vai atender a Xunta as recomendacións do informe do Consello da Cultura Galega sobre “Enerxía eólica e paisaxes culturais de Galicia”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que seguimento fixo o goberno galego das medidas preventivas e de protección do patrimonio natural e cultural na contorna das obras, nomeadamente das medidas previstas en relación co humidal inventariado da Poza da Lagoa?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 11:41:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 11:41:20

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 11:41:27

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 11:41:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 11:41:45

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 11:41:55

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 11:42:03

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 11:42:14

Daniel Castro García na data 24/01/2022 11:42:22

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 11:42:30

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 11:42:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 11:42:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 24/01/2022 11:42:59

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 11:43:09

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 11:43:17

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 11:43:26

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 11:43:34

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 11:43:42

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 11:43:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar a valoración da Dirección xeral de Patrimonio Cultural a respecto da Sentenza 0014/2020 do TSXG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de decembro de 2020 publicábase no DOG unha nova encomenda de xestión ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) por importe de por importe de 409.933,75€ para executar nun prazo de seis meses.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

O obxectivo desta encomenda era a análise e o informe das intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento.

Unha nova encomenda que viña dar continuidade a un procedemento que nos últimos tempo se veu consolidando como unha rutina por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Durante o ano 2020 as sucesivas e encadeadas encomendas semellantes á amentada máis arriba ascenderon a 1.115.864,83€.

Este procedemento rutineiro converteuse nun mecanismo de externalización de servizos que son de responsabilidade da administración pública, co que aparentemente resolver as deficiencias provocadas polo déficit de persoal técnico ao que se veu sometendo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A CIG interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra esta resolución que acaba de ser fallado na sentenza 00014/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en forma de anulación desta resolución, condenando a Administración a deixala sen efecto e pagar as custas procesuais.

Unha sentenza que, ademais, vén ratificar os argumentos achegados polo BNG na comparecencia da directora xeral de Patrimonio Cultural celebrada o pasado 2 de xuño de 2021 na Comisión de Educación e Cultura a instancias do noso grupo parlamentario.

Os argumentos da directora xeral de Patrimonio Cultural para tentar xustificar estas encomendas son anulados pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, co que se confirman as afirmacións do BNG a respecto do incumprimento da propia Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galiza en relación á vulneración de varios dos seus artigos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- Que valoración fai a Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Sentenza 0014/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?
- Esta sentenza nega as explicacións da directora xeral de Patrimonio Cultural a preguntas do BNG en sede parlamentaria. Mentiu conscientemente nas súas respostas a Directora Xeral de Patrimonio Cultural?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 12:14:29

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 12:14:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 12:14:45

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 12:14:51

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 12:14:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 12:15:05

María González Albert na data 24/01/2022 12:15:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 12:15:20

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 12:15:28

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 12:15:34

Daniel Castro García na data 24/01/2022 12:15:47

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 12:15:55

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 12:16:07

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 12:16:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 12:16:24

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 12:16:53

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 12:17:02

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 12:17:10

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 12:17:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a sanción imposta a unha traballadora do servizo de Urgencias do CHUS.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación social existente a respecto da sanción imposta a unha profesional do servizo de Urgencias do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de Urgencias do Hospital Clínico de Santiago de Compostela ten sido albo de numerosas críticas pola situación de colapso que padece de xeito case cronificado desde moito antes da irrupción da pandemia da COVID-19. As imaxes de pacientes amoreadas nos corredores do servizo tristemente son amplamente coñecidas e incluso frecuentes na prensa. Esta situación responde á escaseza de medios e persoal no global do centro hospitalario, por non ser quen de asumir en moitos casos os ingresos que se efectúan de xeito non programado ao non contar con camas dispoñíbeis. Escaseza á que o propio servizo de Urgencias do CHUS non é alleo, pois mostrouse con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importantes dificultades para responder axeitadamente a momentos de estrés nos que se producía unha maior asistencia de pacientes.

Contra esta situación foron múltiples as protestas e as demandas dunha maior dotación de recursos e persoal, tanto por parte de forzas sindicais e políticas coma o propio BNG, mais tamén polas traballadoras do servizo. Deste xeito, en 2019 o persoal iniciou unha folga para denunciar esta situación e reclamar maior dotación, poñendo o foco no deterioro na calidade asistencial que producían estas eivas.

Unha desas voces de alerta e denuncia constante é a da doutora Fátima Nercellas quen, tanto por respecto á normativa de prevención de riscos laborais e a protección das traballadoras, como tamén polos principios que deben dirixir a práctica clínica, mostrou en numerosas ocasións as deficiencias do servizo. Unha das súas denuncias con máis impacto mediático foi o falecemento de dous pacientes nun dos corredores do servizo mentres agardaban a ser atendidos en xaneiro de 2019. E precisamente este acúmulo de pacientes nos corredores motivou a actuación da doutora que agora é motivo da sanción. O traslado que ela realizou a dúas camas de Observación de dous dos pacientes que tiña asignados e que estaban agardando xunto con moitos outros no corredor que dá acceso ao servizo, supón unha suspensión de emprego e soldo para esta facultativa por considerar isto unha irregularidade ao non axustarse ao protocolo de funcionamento.

Aínda que esta é a primeira vez que é sancionada, si que foi investigada en anteriores ocasións en relación ás súas denuncias e á postura crítica mostrada polos colapsos do servizo, polo que semella que as denuncias buscan calmar e silenciar as voces críticas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Que opinión lle merece a sanción imposta a unha profesional deste servizo?
Considera errada a súa actuación? Considera proporcional a sanción imposta en relación aos feitos acontecidos?

– É consciente o goberno galego das situacións de colapso que padece de xeito periódico o servizo de urxencias do Hospital Clínico de Santiago de Compostela?

– Considera o goberno galego que os corredores dun servizo poden ser considerados zonas de espera? Que consideración lle merece que houberse pacientes que agardaron varias horas ata poderen ser atendidas? Que opinión ten acerca dos falecementos que se produciron nese mesmo corredor?

– Considera que o servizo de Urxencias do CHUS conta cunha boa dotación de medios e de persoal? Estima o goberno galego que os despachos e espazo de traballo do persoal é suficiente? E o de atención ás pacientes?

– Valora o goberno que os dereitos das pacientes estean garantidos, especialmente o dereito á intimidade e á atención en condicións dignas?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 12:15:16

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 12:15:25

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 12:15:38

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 12:15:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 12:15:54

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 12:16:12

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 12:16:21

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 12:16:29

Daniel Castro García na data 24/01/2022 12:16:40

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 12:16:51

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 12:17:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 12:17:11

María González Albert na data 24/01/2022 12:17:20

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 12:17:32

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 12:17:41

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 12:17:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 12:18:00

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 12:18:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 12:18:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa as medidas para garantir un emprego de calidade para as acompañantes no servizo de transporte escolar en Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola proliferación de casos de vulneración de dereitos laborais no persoal acompañante do servizo de transporte público, cometido polas empresas concesionarias do mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte escolar é un servizo público de suma importancia, que posibilita un bo funcionamento do sistema de ensino público xa que permite unha mellor organización á hora de que os alumnos e alumnas accedan aos diferentes centros, xa sexan na súa localidade ou en localidades próximas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais este servizo non só se limita a poñer en funcionamento unha serie de itinerarios e vehículos para a conexión cos centros, senón que debido á tipoloxía das persoas usuarias do transporte escolar, é preciso contar con servizos complementarios para garantir a seguridade e facilitar un bo uso e transcorrer do propio servizo e traxectos.

Estamos a falar pois do servizo de persoas acompañantes que deben existir nos vehículos.

Este servizo faise imprescindible en desprazamentos de nenos e nenas de curta idade, aos que é preciso acompañar e vixiar, así como tamén contar co coñecemento e preparación do persoal acompañante en cuestións fundamentais como a sinalización ou o uso de material de seguridade no caso de ser preciso.

Un bo servizo de transporte escolar necesita un bo servizo de persoas acompañantes que velen polo bo transcorrer dos desprazamentos e pola seguridade dos nenos e nenas.

Actualmente, Galiza conta con máis de mil persoas que fan esta labor, que nunha porcentaxe moi elevada está a ser desempeñado por mulleres, sendo un sector da poboación que sofre máis precariedade e un dos máis golpeados pola crise da Covid-19.

É por isto que entendemos que unhas malas condicións laborais e o incumprimento do estipulado para as mesmas, son un ataque dobre que se está a producir no noso país, que se ensaña coas máis precarizadas e golpeadas e que empeora notabelmente un servizo tan fundamental como o das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta precarización das condicións de traballo das persoas acompañantes, o goberno galego, debe aumentar os seus esforzos nas labores de control e inspección, nas labores de investigación cando se presentan denuncias e unha colaboración estreita coas traballadoras afectadas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- 1.- É coñecedora a Xunta de Galiza dos incumprimentos en materia de condicións laborais que se están a levar a cabo por parte das empresas concesionarias do servizo de transporte público?
- 2.- Estando a cumprir con rigorosidade as condicións laborais expostas nas ofertas das empresas concesionarias no servizo de transporte público?
- 3.- Con que frecuencia e en que condicións se está a levar a cabo a labor de control e inspeccións neste servizo?
- 4.- Cal é a resposta da Xunta de Galiza ás denuncias realizadas polas organizacións sindicais ante as irregularidades manifestas en relacións as condicións laborais?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 13:18:25

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 13:18:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 13:18:37

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 13:18:46

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 13:18:53

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 13:19:00

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 13:19:06

María González Albert na data 24/01/2022 13:19:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 13:19:21

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 13:19:31

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 13:19:40

Daniel Castro García na data 24/01/2022 13:19:47

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 13:19:55

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 13:20:04

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 13:20:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 13:20:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 13:20:46

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 13:20:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 13:21:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, en demanda da oficialidade do galego en Asturias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Principado de Asturias está a tramitar a reforma do seu Estatuto de Autonomía no referido á oficialidade das dúas linguas propias coa seguinte proposta de redacción:

Declaración de oficialidad del asturiano con un tratamiento similar para el eonaviego en su exclusivo ámbito territorial, con previsión de que una ley de la Junta General del Principado de Asturias regule el uso oficial del asturiano y del eonaviego. Se tomará de base el artículo correspondiente del Estatuto de Autonomía de Galicia.

Sorprende que nesta redacción se obvie de forma explícita a presenza do idioma galego nesta área estremeira, pois a consideración xeral entre lingüistas é que nesa área do Eo-Navia se fala unha variedade da lingua galega na que, ademais, se recoñecen as persoas falantes galegófonas eonaviegos asturianos.

Unha situación ben común en Europa que vén determinada pola non coincidencia estrita entre fronteiras político-administrativas e lingüísticas.

A Real Academia Galega acaba de facer público un informe sobre o galego de Asturias e a súa oficialidade na reforma do Estatuto de Autonomía do Principado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste informe, a RAG contextualiza historicamente a realidade lingüística asturiana e data no S.XIX, asinada por Manuel Murguía na súa *Historia de Galicia* (1865), a identificación do galego-asturiano, un glotónimo que continuaría a se fixar nos estudos de Dámaso Alonso e no sucesivo até o presente en que comezou a se formular a denominación eonaviego para identificar a forma de falar diferenciada desta zona a respecto do centro e oriente de Asturias, invisibilizando deste xeito a identificación de galego, o que supón un acto discriminador para co noso idioma.

Non podemos esquecer que o artigo 21.2 da Lei de normalización lingüística di a respecto do galego exterior que:

Así mesmo fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexe-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.

Tampouco debemos esquecer que o Estado español asinou a Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias que ten como obxectivo a defensa, recoñecemento e protección das linguas en vías de normalización impedindo a merma dos dereitos lingüísticos. E cómpre lembrar que é responsabilidade e competencia dos gobernos das comunidades autónomas con lingua propia e oficial velar pola salvagarda deste principal símbolo identitario e patrimonial.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Como valora o goberno da Xunta a eliminación do glotónimo “galego” do Estatuto de Autonomía do Principado de Asturias polo de “eonaviego” para identificar a variante do galego falada neste territorio fronteirizo entre Galiza e Asturias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Mantivo contacto co goberno do Principado para avaliar as consecuencias discriminatorias co galego da proposta inicial achegada?

. Como vai facer cumprir o goberno galego a obriga legal do mandato do artigo 21.2 da Lei de normalización lingüística?

. Ten contactado co goberno do Estado para facer valer os compromisos asinados por este coa Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias?

. Que accións está a levar a cabo a Xunta para asegurar que o galego sexa recoñecido como lingua oficial no Estatuto de Autonomía do Principado de Asturias?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 16:59:13

Daniel Castro García na data 13/01/2022 16:59:17





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 16:59:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a situación laboral do persoal do centro especial de emprego *Ilunion Servicios Industriales*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior numero de minusválidos ao réxime de traballo normal.

2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estará constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga a LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

- 1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.
- 2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.
- 3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego ordinario”, e fai referencia no seu texto a que “*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*”, causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algúns CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivo destes CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade e explotación laboral ficando sometidas a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As condicións de traballo que outorga *Ilunion* consisten en precariedade e inseguridade laboral, realización de traballos perigosos e/ou repetitivos, contratos condicionados a que o candidato non teña moitas limitacións para poder realizar o posto de traballo e non reciben a formación obrigatoria por parte da empresa.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións fano persoas con discapacidade.

Estáselles aplicando o XV Convenio Colectivo Xeneral de Centros e Servizos de Atención ás Persoas con Discapacidade cando as súas condicións laborais son exactamente iguais as do resto do persoal que traballa no sector e ao que se lle aplica o convenio colectivo do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación agrávase ademais polo feito de *que Ilunion Servicios Industriales* estea a subcontratar parte da súa actividade a través dunha empresa de traballo temporal, *Ilunion Capital Humano*, desvirtuando inda máis o seu papel como CEE no relativo á inclusión de persoas con discapacidade e diversidade funcional.

Toda esta situación xa foi posta en coñecemento da Inspección de Traballo de Pontevedra, así como á directora xeral de Relacións Laborais a quen lle foi entregado un informe denunciando a situación.

Ilunion Servicios Industriales recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galicia axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas “*a Consellería de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa*”.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que mecanismos de avaliación e seguimento leva a cabo a xunta de Galiza para controlar as axudas ás empresas para promover a integración laboral das persoas con discapacidade?

- Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade? Cantas? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?

- Cantos convenios foron asinados por parte da Xunta de Galiza con *Ilunion Servicios Industriales*? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que mecanismos de control, avaliación e seguimento levou a cabo a Consellería de Emprego e Igualdade destas axudas? Cales foron os resultados acadados? Que medidas foron tomadas?

- Cantas persoas e con que grado de discapacidade foron contratadas con estas axudas por *Ilunion Servicios Industriales*? En que postos de traballo, que tipo de adaptación requiriron?

- Cantas persoas acadaron a integración ao réxime laboral de traballo normal, obxectivo principal dos centros especiais de emprego?

- Que accións ten desenvolvido a Dirección Xeral de Relacións Laborais en relación con esta situación?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2022 10:09:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/01/2022 10:09:10

Daniel Pérez López na data 14/01/2022 10:09:20

María do Carme González Iglesias na data 14/01/2022 10:09:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o seguimento do acordo parlamentario para demandar do goberno central a rectificación da modificación de horarios do tren Avant Coruña-Ourense e recuperación de liñas suprimidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de máis de 20 anos de atraso, Galiza asistía en decembro de 2021 á segunda inauguración do AVE da súa historia. Coa aproximación da liña de alta velocidade até Taboadela, en Ourense, vaise verificando o cumprimento tardío dalgúns dos compromisos en materia de ferroviaria pendentes por sucesivos gobernos centrais de PP e PSOE. Máis alá dos prexuízos pola demora, hai un problema de fondo que é que este longo proceso non se acompañou cun desenvolvemento adecuado das conexións interiores do país. Máis aínda, o aumento das frecuencias e opcións de conexión coa meseta, necesarias e positivas, está a supoñer a alteración de servizos e horarios causando importantes prexuízos. Así mesmo, acompáñase no tempo da non recuperación de servizos suprimidos coa coartada da covid-19 (caso do Avant Ourense-Santiago das 06:45) como do incumprimento da demanda de abaratamento dos prezos, contrastando coa política de promocións das novas liñas, que fan máis patente o agravio duns prezos absolutamente abusivos e ata un 60% superiores aos que se pagan nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexións da franxa atlántica e cuns horarios ao servizo da conexión con Madrid no lugar de ao servizo das necesidades da poboación.

Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico.

Aproveitando a crise da covid-19, o goberno central suprimiu diferentes liñas sen xustificación e que aínda non recuperou. É o caso da liña Avant entre Ourense e A Coruña con saída ás 06:45. Máis aínda, coñecidos os horarios a partir do día 21 de decembro, data de inicio das rutas de AVE, non só non se recupera esta liña senón que hai alteracións horarias importantes na dirección Coruña-Ourense, ao pensar a planificación só para a conexión exterior, que prexudican gravemente colectivos de viaxeiros e viaxeiras como estudantes, funcionariado e outros traballadores e traballadoras por conta allea con menor flexibilidade horaria. Por exemplo, a partir do 21 de decembro, Renfe decidiu unilateralmente cambiar boa parte dos horarios e frecuencias, entre eles o que chega desde A Coruña, pasando por Santiago, a Ourense ás 8:38, que é no que se desprazaban usuarios e usuarias que comezan a traballar ás 8:00 ou 8:30. A partir desa data, o tren chega a Ourense sobre as 7:00, tendo que esperar mesmo máis dunha hora no destino. Así mesmo, a alteración de horarios de tarde fai que moitas persoas que se atopan na situación inversa teñan que prorrogar o seu regreso ao non ser quen de coller os trens a tempo.

Problemas similares danse na franxa atlántica, o que motivou tamén protestas de usuarios e usuarias e unha tímida modificación por parte da operadora, insuficiente para as e os demandantes e que amosa como realmente se non hai modificación na liña de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense é porque non se quere alterar a conexión con Madrid e non se aposta por buscar unha compatibilidade entre as necesidades, senón que de forma automática apóstase exclusivamente por dar prioridade á conexión coa Meseta en detrimento das necesidades de conexión interior.

No último pleno ordinario de 2021 o Parlamento galego aprobou o seguinte texto:

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno central:

1.- O mantemento da liña Avant Coruña-Ourense con saída ás 6:30 da mañá e chegada ás 7:38 e a revisión dos horarios de cara a favorecer a mobilidade entre Coruña, Santiago, Ourense e viceversa nos horarios laborais habituais permitindo o desprazamento e chegada nas primeiras e últimas horas da mañá e da tarde compatibilizando a conexión interior coa conexión coa meseta e coas novas conexións de AVE entre Ourense e Madrid

2.- O cumprimento do acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, esixindo que no prazo de dous meses se negocie con Galicia un calendario de cumprimento

3. A reposición inmediata das liñas de ferrocarril suprimidas baixo a desculpa da covid-19

4.- Ampliar de xeito inmediato o cadro de persoal, principiando por cubrir as prazas vacantes, que permitan garantir o funcionamento axeitado de todos os servizos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialmente no relativo á necesaria corrección do déficit de maquinistas, de especialistas de operacións comerciais de información e venda presencial, persoal de control de acceso e persoal de atención aos viaxeiros”.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que actuacións levou a cabo o goberno galego para esixir o cumprimento dos acordos parlamentarios respecto do ferrocarril de febreiro de 2018 e decembro de 2021?

. Vai demandar a Xunta de Galiza a transferencia das competencias en materia ferroviaria para poder desenvolvermos un tren galego de proximidade?

. Ten estimado ou estudado cal sería o orzamento necesario? Por que non é público o presunto informe do que teñen falado os medios de comunicación?

. Considera o goberno galego que o modelo ferroviario actual axuda ou agrava os indicadores de competitividade de Galiza?

. Considera o goberno galego que o modelo ferroviario actual axuda ou agrava o illamento das comarcas de interior?

. Vai desenvolver algún estudo ao abeiro da Comisión galega de competencia? E do Instituto Galego do consumo e da competencia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2022 10:46:11

Paulo Ríos Santomé na data 14/01/2022 10:46:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/01/2022 10:46:21

Iria Carreira Pazos na data 14/01/2022 10:46:29

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2022 10:46:40

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2022 10:46:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o requirimento remitido polo goberno galego ao central respecto dos fondos europeos do que informou aos medios de comunicación o Presidente da Xunta o pasado día 13 de xaneiro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xaneiro de 2022 o Presidente da Xunta informou aos medios de comunicación da decisión do goberno galego de enviar un requirimento ao goberno central respecto dos fondos europeos e o trato asignado a Galiza para, no caso de non recibir resposta, proceder a unha denuncia formal no ámbito da xustiza.

Desde hai meses está en debate o mecanismo e a participación das administracións na obtención e xestión dos fondos europeos, demostrándose como un novo ámbito de recentralización por parte do goberno central, que asume un papel reitor mesmo en competencias que son exclusivas de Galiza. A falta de transparencia e diálogo caracterizaron desde o primeiro momento a actitude do goberno central, mais tamén a do goberno galego ao non permitir un debate profundo, plural e transparente respecto das prioridades e dos proxectos polos que debería apostar Galiza.

Así as cousas, a realidade é que nos pasos que se van verificando, a tendencia é que Galiza reciba menos do que lle correspondería mesmo por PIB ou habitantes. Así mesmo, continúa o enfrontamento estéril entre administracións respecto da concreción





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das prioridades a financiar, como quedou patente na esixencia de Calviño a finais de 2021 de concretar “dous ou tres proxectos” e as prácticas escurantistas do goberno galego a través dunha empresa maioritariamente privada que vai decidir máis sobre este asunto do que o Parlamento Galego.

É necesario aclarar cal é a situación e cales son os pasos a seguir polo goberno galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Cal é o estado do requirimento e posíbel denuncia do goberno galego ao central respecto dos fondos europeos?

. Cal é o fundamento político e xurídico para tal requirimento? Baséase no marco derivado do Real Decreto 902/2021, de 19 de outubro, ou nun marco máis amplo? Presentou anteriormente algunha iniciativa política ou xurídica respecto deste marco?

. Cal é a reclamación concreta?

. Obedece esta estratexia ás necesidades de Galiza ou á alienación da Xunta coa estratexia da comunidade de Madrid?

. Que actuacións xudiciais impulsou ou vai impulsar?

. É a certificación do fracaso negociador da Xunta?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son os montantes e proxectos comprometidos polo goberno central coa Xunta nestes momentos? Cales por procedementos competitivos e cales por procedementos doutra índole?

. Acadou o goberno galgo algún compromiso das súas xuntanzas co goberno central e, singularmente, coa Vicepresidenta Calviño?

. Asume o goberno galego que o seu sectarismo á hora de afrontar o debate dos fondos europeos ten debilitado o papel de Galiza?

. Cando vai deixar de ocultar ao Parlamento galego a documentación solicitada?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 14/01/2022 12:21:12

Ramón Fernández Alfonso na data 14/01/2022 12:21:15





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2022 12:21:24



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O mercado laboral galego segue a estar caracterizado por un escaso dinamismo, cunha taxa de actividade de tan só un 52,9 % , fronte ó 59,14 do resto do Estado, caracterizado, por un insoportable índice de precariedade, e dobre temporalidade e que afecta con máis forza ás mulleres, ás mozas e mozos e ás paradas e os parados de longa duración.

Cos da última EPA publicada a precariedade continúa a ser unha constante. A taxa de temporalidade aumenta, é do 26 % , a de parcialidade do 13,4 % e no caso da involuntaria do 51,3 %.

Por sexos, de novo, son as mulleres as que sofren máis o desemprego, cunha taxa do 11,1 % , fronte ó 9,5 % no caso dos homes. E no caso dos máis mozos, esta sube ata o 24,3 % . Cunha forte caída do emprego na industria, con 8.800 postos de traballo menos que no mesmo trimestre de 2020, unha baixada do 4,9 % . Evolución contraria ó resto do Estado onde rexistra un repunte interanual, en 40.400 persoas empregadas máis.

Neste contexto a creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenrolo e avance da economía tan necesaria en Galicia.

O emprego é un pilar clave no benestar dunha sociedade e permite o crecemento da cidadanía e, polo tanto, impulsa a actividade económica a todos os niveis.

En tan so un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia.

Créase emprego en todos os sectores económicos e de forma importante en sectores económicos de alto valor engadido.

Nese senso, a reforma laboral acadada entre o Goberno do Estado e os axentes sociais, un acordo ambicioso, é a mellor ferramenta para seguir consolidando un marco de creación de emprego que atalle os dous principais males do noso mercado de traballo, a precariedade e o alto desemprego, como acontece na nosa Comunidade Autónoma, de maneira máis pronunciada que no Estado.



Por elo, a nova reforma laboral penalizará a contratación de baixa duración e incentivará a contratación indefinida e o emprego estable.

A nova reforma laboral tamén aposta por potenciar a contratación indefinida fronte a temporalidade e reducirá o número de tipos de contratos xeneralizando o contrato indefinido, limitando a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, e fomentando o contrato fixo discontinuo.

Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados.

Ademais, reforzaráse a negociación colectiva ao recuperar a ultraactividade indefinida, xa que os convenios se prorrogarán ata que sexan substituídos por outros novos sen límite temporal. Tamén se incrementan as sancións por contratación irregular e se impulsa a formación dos traballadores e traballadoras.

Partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa o despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas. Impediranse, ademais, os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, trátase de crear un marco laboral do século XXI, que permita reducir a temporalidade no traballo, reforzar a creación de emprego de calidade e ofertar seguridade xurídica ás empresas e, ao mesmo tempo, cumprir cun compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e comezar a percibir os primeiros fondos europeos, como xa está a suceder.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Aposta o Goberno galego por refrendar a reforma laboral pactada polo Goberno do Estado cos axentes sociais?
2. Entende o Goberno galego necesaria a reforma laboral, en relación coa limitación da contratación temporal, dado o alto índice de precariedade que caracteriza o mercado laboral galego?
3. Refrenda o acordo alcanzado, a aposta pola ultraactividade indefinida e a formación dos traballadores e traballadoras como forma de crear un marco laboral adaptado ás necesidades do século XXI?
4. Defende o Goberno galego o diálogo como ferramenta para alcanzar acordos coma o logrado polos axentes sociais en torno á reforma laboral,



por encima de ideoloxías, e que permiten avanzar cara unha recuperación xusta?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2022 10:58:04

Marina Ortega Otero na data 17/01/2022 10:58:14

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2022 10:58:24



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No marco do Plan nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia inclúense, no compoñente 23, novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo. Un dos obxectivos é reformar e impulsar as políticas activas de emprego, mellorando a cohesión do Sistema Nacional de Emprego cun enfoque centrado nas persoas e nas empresas, orientándoas cara a uns resultados avaliábeis, coherentes coa innovación, a sustentabilidade e as transformacións produtivas, apoiadas na mellora das capacidades.

Neste compoñente 23 intégrase o Investimento 1, Emprego Xove, que asemade inclúe a actuación do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas.

Esta actuación ten como finalidade desenvolver un plan de primeiras experiencias profesionais para as persoas xoves no seo dos servizos prestados polas administracións públicas.

A dificultade de adquirir unha primeira experiencia laboral significativa aféctalles ás persoas xoves, dificultalles a súa integración temperá no mercado de traballo e o seu crecemento profesional e, xa que logo, persoal.

Esa falta de experiencia profesional relacionada coa formación cursada é unha das barreiras que teñen as persoas xoves para acceder a un emprego cualificado, o que as deixa en desvantaxe respecto doutras de máis idade, e promove dinámicas de desaxuste por sobrecualificación entre as habilidades que teñen e as que requiren os postos de traballo ós que finalmente acceden.

Un programa, dirixido a xoves en desemprego maiores de 16 e menores de 30 anos con etapa formativa completa e acreditada en canto a coñecementos se refire, que pretende facilitar mediante ese primeiro contrato de traballo, a adquisición de competencias soft, así como habilidades sociais e profesionais.



A través do programa de primeira experiencia realizaranse preferentemente tarefas relacionadas coa economía verde, a dixitalización de servizos, a cohesión social, a atención da dependencia e intervención con colectivos vulnerables, a rehabilitación de contornos e vivenda, así como o desenvolvemento local rural.

Con estes preámbulos, e financiado con recursos do Instrumento Europeo de Recuperación (NextGenerationEU), a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, o xoves 30 de decembro de 2021 era publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde de 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ó financiamento do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas, de contratación de persoas xoves desempregadas no seo dos servizos prestados pola Administración pública galega, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022, estendéndose o seu ámbito de aplicación a todo o sector público autonómico de Galicia. A contratación das mozas e dos mozos realizarase por unha duración máxima de 12 meses, con xornada a tempo completo.

No artigo 3 da referida orde establécense as entidades beneficiarias da subvención e fíxanse como tales exclusivamente os órganos da Administración da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos, así como as demais entidades que integran o sector público autonómico de Galicia.

Por outra banda, segundo o estipulado na Orde TES/1152/2021, do 24 de outubro, publicada no BOE de data 26 de outubro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ó financiamento do "Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas", de contratación de persoas mozas desempregadas no seo dos servizos prestados polas administracións públicas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, no seu artigo 3.b establécense como persoas beneficiarias da subvención de forma literal:

“b) En el ámbito de gestión de las comunidades autónomas serán beneficiarias las entidades que determinen las mismas, dentro de los órganos de la administración de la comunidad autónoma y sus organismos públicos vinculados o dependientes, así como las demás entidades del sector público institucional de la respectiva comunidad autónoma, **así como las corporaciones locales o entidades dependientes o vinculadas a una administración local de su ámbito territorial.**”



Así as cousas, este Grupo Parlamentario Socialista non alcanza a entender que non se inclúan como beneficiarias deste programa as corporacións locais de Galicia, así coma as entidades dependentes ou vinculadas á Administración local do ámbito territorial de Galicia, a excepción de que a causa sexa a continua discriminación que veñen sufrindo os concellos por parte de Goberno galego, nomeadamente as non gobernadas polo Partido Popular de Galicia. Esta discriminación, saltándose o disposto na Orde estatal que ampara a convocatoria, para o Presidente de Galicia non debe formar parte do seu concepto de “discriminación” no que si inclúe, paradoxicamente, a financiación dos programas piloto nas comunidades de Extremadura, Valencia, Navarra e País Vasco recollidos en cambio, iso si, no Real decreto 902/2021, do 19 de outubro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que non se inclúa na Orde do 29 de decembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade como entidades beneficiarias do programa de primeira experiencia laboral para mozas e mozos as corporacións locais de Galicia e as entidades dependentes ou vinculadas a elas?
2. Cales son as razóns desta exclusión?
3. Que medidas correctoras van aplicar con respecto a esta discriminación cara ós concellos de Galicia e as entidades dependentes dos mesmos?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2022 10:02:36

Noelia Otero Lago na data 17/01/2022 10:02:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2022 10:03:00

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2022 10:03:19

Marina Ortega Otero na data 17/01/2022 10:03:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de levar a cabo un Plan Industrial para a Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de que a comarca da Mariña precisa un Plan Industrial lévase manifestando desde hai xa décadas. Ano tras ano a industria desta comarca viu como ían desaparecendo empresas e postos de traballo, facendo que o peso industrial da Mariña e do noso país fose progresivamente a menos.

Todo este desmantelamento produciu un fartazgo que se mostrou claramente o pasado 17 de novembro na Folga Xeral da Mariña, onde toda a comarca dixo basta ás políticas dos gobernos da Xunta e do Estado que levaron a que día de hoxe a Mariña estea nun dos seus peores momentos económicos e industriais.

Alén disto, a situación tinguíuse dunha maior incerteza a finais do pasado mes de decembro cando o proceso de negociación de Alcoa collía un novo rumbo ao aprobarse a parada da cubas até o 2024, coa promesa dun rearranque e cuns traballadores e traballadoras abandonadas polos dous gobernos que decidiron democraticamente escoller esa opción ante a falta de solucións políticas. Neste contexto onde non se ten ningunha garantía dun final positivo, temos que sumar o peche definitivo da empresa de aeroxeradores de Vestas en Viveiro, que levou á rúa a preto de cen persoas que se suman á longa lista de postos de traballo perdidos no eido industrial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, e ante a unha nova situación aínda máis desoladora e negativa, cómpre que a Xunta promova un Plan de Industrialización para unha comarca que se xa o levaba precisando desde hai anos, a día de hoxe fáiselle vital.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cal é a folga de ruta da Xunta de Galiza despois da Folga Xeral da Comarca da Mariña?
- Segue a Xunta de Galiza considerando innecesario un Plan de Industrialización e Emprego para a comarca da Mariña?
- Vai a Xunta de Galiza desenvolver novas políticas en materia de infraestruturas na comarca da Mariña?
- Cal vai ser a política industrial da Xunta de Galiza na comarca da Mariña despois da parada das cubas de Alcoa e do peche definitivo de Vestas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/01/2022 17:22:19

Daniel Pérez López na data 17/01/2022 17:22:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/01/2022 17:22:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 23 de marzo facíanse públicas as novas proxeccións macroeconómicas da economía a nivel estatal que elabora o Banco de España para o período 2021-2023 e que supoñen, en termos globais, un empeoramento respecto das previsións anteriores deste, no mes de decembro de 2020, e tamén respecto das previsións doutros organismos económicos.

O Banco de España sinala que as perspectivas económicas seguen suxeitas a un elevado grao de incerteza tanto pola evolución da pandemia como pola evolución do proceso de inmunización, prevendo a posibilidade de novos surtos e a hipótese dun abandono das medidas de prevención cara finais de 2021. Así mesmo, sinala tamén as incertezas xeradas pola propia evolución das consecuencias económicas, que prevé estarán marcadas polas secuelas no tecido produtivo e laboral e tamén pola velocidade dalgunhas mudanzas como a caída do turismo, que non prevé normalizar até 2022, ou o crecemento do aforro nunha posición conservadora dos fogares por mor da incerteza contextual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outros elementos, o organismo rebaixa o medre do PIB ao 6% en media anual en 2021, 8 décimas menos do que prevía no mes de decembro, fundamentalmente por mor do mal comezo de ano e en previsión dun repunte forte a partir do verán que se impulsaría até 2022. Para dito ano a previsión sería de medre do 5,3% cunha posterior moderación no ano 2023 (1,7%). Así mesmo, dado o alto grao de incerteza, o organismo formula dous escenarios alternativos, un máis suave e outro máis duro, mais en todo caso cómpre ter a anteriormente desglosada como a considerada como máis factible.

É de sinalar tamén a diferenza destas previsións coas estimadas polo goberno central na elaboración dos Orzamentos xerais de 2021, case catro puntos superiores ao que estima o organismo. Así mesmo, é necesario avaliar o impacto destas previsións nas propias previsións elaboradas pola Xunta de Galiza.

Así mesmo, cómpre atender aos diferentes elementos que sinala de orde internacional o Banco de España, como as posibilidades de que impacte o paquete fiscal recentemente aprobado en Estados Unidos ou o Brexit.

É necesario valorar estas cuestión e coñecer a valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego o impacto do incremento dos prezos, singularmente de alimentación e enerxía, na economía e nos fogares galegos?

Como valora o goberno galego a consolidación da suba da inflación, por riba das previsións elaboradas polos institutos estatísticos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como afecta isto ás previsións macroeconómicas que prevía nos orzamentos para o ano 2022?

Considera que isto é inherente á recuperación progresiva dos efectos da pandemia ou entende que hai factores conxunturais nos que debe intervir?

Como valora o impacto do encarecemento de bens básicos para o desenvolvemento da vida, como a enerxía ou a alimentación?

Que previsión fai o goberno galego desta situación?

Está a elaborar algún estudo específico? Vai contemplar isto no Plan Estratéxico?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2022 11:57:59

Daniel Pérez López na data 18/01/2022 11:58:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 18/01/2022 11:58:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28/12/2021 coñeciamos os resultados para o conxunto do ano 2020 da Enquisa estrutural a fogares, unha das máis consolidadas das que elabora o Instituto Galego de Estatística e que nos permite obter unha panorámica respecto das características socioeconómicas dos fogares galegos e, singularmente respecto do ano 2020, permite aproximar o impacto da pandemia da covid-19 na súa irrupción e primeiros meses así como coñecer as debilidades e condicionantes preexistentes e poñelos en relación coa situación económica.

Respecto da composición dos fogares, salienta a importancia dos fogares unipersoais, singularmente en Ourense, e o peso do avellentamento, como podemos ver no dato de que existían a 31 de decembro de 2020 un total de 250.482 fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos, o que supón o 23,44% do total de fogares galegos cun aumento interanual do 4,11% e tamén con Ourense á cabeza. Esta realidade ten un impacto evidente no ámbito social, económico e de prestación dos servizos públicos básicos.

A estatística amosa tamén a precaria situación económico laboral da mocidade galega, con case un 50% das persoas entre 18 e 24 que viven cos seus proxenitores sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teren ingresos por rendas do traballo, en parte explicábel por cuestións de estudo, mais complementado cun 61% de 25 a 34 anos que malia teren ingresos do traballo viven aínda cos seus proxenitores, o que amosa a dificultade da emancipación.

Respecto da situación económica, o informe sinala como para o ano 2020 o ingreso medio mensual dos fogares galegos situouse en 2.277 euros por fogar. Hai que sinalar que esta cifra diminúe un 0,57% respecto ao ano anterior. Así mesmo, é de salientar que a metade dos fogares galegos ingresa menos de 2.011 euros ao mes e que con respecto ao ano 2019, a mediana de ingresos rexistrou un descenso do 1,23%. Polo tanto, podemos ver xa a repercusión nos fogares galegos do impacto da pandemia, mais hai que ter en conta ao mesmo tempo que non se ve aínda o impacto total, toda vez que os primeiros meses do ano non se viron afectados e que o impacto en moitos sectores foi progresivo ou ralentizado por mecanismos de apoio que no ano 2021 se foron retirando. Así mesmo, a alta porcentaxe de fogares que se sosteñen a través de prestacións tamén amosa unha capacidade de resiliencia en momento de crise, como xa pasou no ano 2008 en diante, mais que tamén arrastra situacións delicadas. Así mesmo, amosa o enorme problema económico que supón a pirámide demográfica galega e a evolución da poboación activa.

Así mesmo, o informe indica que en n 2020 o 19,51% da poboación residente en Galiza está en risco de pobreza ou exclusión social, o que supón un aumento de 0,68 puntos respecto ao ano anterior.

O goberno galego debe reflexionar respecto da foto que amosa este informe e outros relacionados, que non se explica só polo efecto da pandemia senón tamén polo impacto dun modelo económico e social que consolida a desigualdade, e impulsar mudanzas e actuacións para corrixir a situación.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración fai o goberno galego do empeoramento da capacidade económica dos fogares galegos e o conseguinte aumento da desigualdade da pobreza no noso país?

Como valora os resultados para 2020 da estatística do IGE respecto dos fogares galegos?

Como valora a evolución dos ingresos medios? E a situación da mocidade? E a evolución dos fogares unipersoais?

Como valora o agravamento dos índices que lidera Ourense?

Vai rectificar o goberno galego a súa política económica para evitar a consolidación da pobreza en Galiza e o seu agravamento pola crise da covid 19?

Considera o goberno galego que promove a cohesión social?

Que impacto económico teñen estes indicadores?

E no ámbito do acceso aos servizos públicos?

Ten avaliado o desigual impacto ao longo do territorio da desigualdade social?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 18/01/2022 13:08:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2022 13:08:15

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2022 13:08:24



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A investigación e o desenvolvemento do coñecemento sobre o mar e o ecosistema mariño supón unha ferramenta imprescindible para o sector socio-económico que depende da nosa pesca e marisqueo. Precisamos un coñecemento de alta especialización sobre procesos biolóxicos, controis de calidade do produto e das augas, avances sobre novos métodos de traballo e optimización dos sistemas de funcionamento que hoxe en día utiliza o sector marítimo pesqueiro de Galicia.

Para isto a rede de investigadores e grupos de investigación en Galicia ten un capital humano fabuloso, cuxa calidade profesional está acreditada e recoñecida non só unicamente a nivel galego ou español, senón a nivel internacional situando a calidade da investigación galega entre as mellores do mundo. Así, os centros de investigación sobre cuestións do eido marítimo son obxecto de visita e aproveitamento doutros grupos e centros de coñecemento doutros países. Non é menor destacar que moitos avances e progresos no contexto da Unión Europea teñen unha aportación relevante e importante dos centros e grupos de investigación situados en Galicia.

Non en tanto, e a pesares deste nivel de excelencia, a investigación precisa estar en constante avance para non ficar atrás. Nesta liña precisamos ser conscientes de que a investigación non se fai soa, e que para situarse na vangarda precísase dotar de fondos para poder desenvolver novas liñas, aumentar a capacidade de traballo e poder ambicionar novos proxectos.

Na recente visita que o grupo de deputados/as da Comisión 8.^a do Parlamento de Galicia realizou ao Intecmar, centro de referencia dentro da rede pública galega de investigación sobre o sector do mar, dende o propio centro foi formulada a idea de que unha maior dotación de persoal contribuiría a ter maiores capacidades para seguir na excelencia do rendemento. Esta idea, absolutamente lóxica, semella unha aportación de interese sobre a que o Parlamento de Galicia, e nomeadamente a Comisión 8.^a, pode manter unha posición política que esixa un maior investimento en persoal investigador para este centro de coñecemento.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten previsto o goberno de Galicia aumentar o persoal investigador para o centro Intecmar?
2. Que previsión en termos de persoal ten o Goberno de Galicia sobre o centro Intecmar?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 16:26:26

Patricia Otero Rodríguez na data 18/01/2022 16:26:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2022 16:26:46



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Se algo evidencia esta crise da Covid-19 é a importancia de apostar pola investigación e a innovación. A investigación e a innovación teñen a capacidade para dar respostas aos grandes retos e aos problemas do mundo no que vivimos.

Galicia ten que apostar firmemente pola ciencia e innovación como valor estratéxico e piar do benestar e do crecemento.

O último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, correspondente ao ano 2021. Galicia consegue subir 34 postos no ranking europeo. Se hai dous anos ocupaba o posto número 190, agora é o posto 156 dun total de 240 rexións. Non obstante, a pesar de que mellora nalgúns dos indicadores analizados, falla nun clave: o gasto en I + D nos sectores público e privado, que non só empeora en comparación con 2019 senón que está aínda lonxe da media europea.

Galicia sitúase no grupo de rexións de innovación moderada, pero no nivel baixo. A súa cualificación mellorou 16 puntos en dous anos ata o 78,9, sendo a media europea de 100. Se se compara co resto de España, ocupa o oitavo posto no ranking, moi por detrás das rexións clasificadas na categoría "forte". Como o País Vasco ou Madrid, polo que parece claro que temos marxe de mellora para situar a Galicia como referente.

A Xunta de Galicia ten que reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás pemes. A existencia de tres universidades e seis centros tecnolóxicos parece un bo punto de partida para que as empresas galegas se beneficien dos resultados da súa investigación, mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración. Aínda que nos últimos anos se favoreceron estas relacións público-privadas, o certo é que aínda estamos moi lonxe de alcanzar niveis que nos sitúen como referentes.

Só unha parte moi pequena do coñecemento xerado nas universidades e centros tecnolóxicos pasa a formar parte das empresas.



O Executivo autonómico ten que apostar por un modelo que priorice a I+D+i e máis nestes momentos onde a economía vai depender da innovación e da investigación.

O pasado 1 de xuño o Goberno do Sr. Feijóo anunciaba poñer en marcha un programa de impulso á innovación nas pemes cun orzamento de 12 millóns para beneficiar a 15.000 pemes da nosa comunidade. Este orzamento non é suficiente para darlle pulo á innovación nas pemes. O grupo parlamentario demandamos que se faga un investimento serio e rigoroso en innovación por parte da Xunta de Galicia.

A inversión en innovación das empresas galegas acadou 722 millóns de euros en 2020, en 2019 a partida superou os 760 millóns de euros. A diferenza está no número de empresas que innovaron. Fai dous anos foron 1556 e no 2020 as empresas innovadoras foron 1296, o que supón un descenso do 27 %, segundo a Enquisa de Innovación de empresas que publicou en decembro do ano pasado o INE.

A evolución do gasto total en innovación encaixa con comportamento dunha das súas patas, a I+D interna, segundo o estudio publicado polo Instituto Galego de Estatística o 30 de decembro de 2021. Foron 299 millóns en 2020, fronte ós 307 millóns de 2019. O 43 % da inversión ven do 7 % das empresas con máis de 250 persoas traballadoras. As empresas con actividades de I+D de menos de 50 empregados descenderon un 35 % desde 2008 e un 21 % as empresas que teñen entre 50 e 249 persoas asalariadas.

O gasto en innovación concéntrase cada vez máis nas grandes empresas en Galicia. A inversión aguantou no 2020, pero os negocios que renovaron produtos e procesos baixaron un 27 %. O 43 % da I+D ven de 42 compañías con máis de 250 persoas empregadas.

Na actualidade as pequenas e medias empresas deben camiñar da man da innovación para poder competir e o deber da Administración autonómica é axudar a que este obxectivo sexa unha realidade.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal foi o investimento real da Xunta de Galicia en innovación para pemes na nosa Comunidade Autónoma no ano 2021?



2. Ten pensado o Goberno autonómico incrementar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pemes da nosa comunidade?
3. Vai o Executivo autonómico a reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás pemes. Contando para elo, coas tres universidades galegas e os seis centros tecnolóxicos, para que as empresas galegas se beneficien dos resultados da súa investigación, mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2022 18:07:59

Martín Seco García na data 18/01/2022 18:08:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o dereito do acceso á enerxía da poboación, a atención da mal chamada “pobreza enerxética” e as reservas orzamentarias que debe acometer.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á enerxía, singularmente para o mantemento do fogar a unha temperatura adecuada, é un elemento de vital importancia para a vida das persoas e afecta á súa saúde, benestar e dignidade. Polo tanto, a consolidación da pobreza e o avance da equivocadamente denominada pobreza enerxética, agudizada pola pandemia da covid-19 e polo incremento dos prezos enerxéticos, da electricidade ao gas pasando polo butano, é un grave problema en Galiza.

Por exemplo, podemos lembrar como no mes de outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como que 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) no 2020, 38.389 máis que o ano anterior. Entre outros elementos sinalábase como o aumento das persoas en Privación Material Severa se explica tanto pola gravidade do impacto do COVID-19, que comeza a reflectirse nos datos, como polo crecemento dos gastos relacionados coa vivenda.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este informe xa sinalaba como aumentara a porcentaxe de persoas que non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada aumentou tamén dende o 6% ata o 9,6%. O IGE sinala nos seus datos máis recentes, respecto do ano 2020, que 44.442 fogares galegos atópanse con carencia material severa. Esta incidencia calcúlase, entre outros parámetros, tendo en conta aqueles que non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.

Segundo os datos da propia Xunta de Galiza, en 2021 as súas axudas complementarias do bono social estatal chegaron a 5.278 familias, que non sería nin o 12% dos fogares en carencia material severa, o que amosa as limitacións deste mecanismo e do propio bono social estatal.

É necesario sinalar que se ben as dificultades no acceso á enerxía estaban consolidadas no noso país, froito do modelo económico e do modelo enerxético, a situación agrávase non só pola crise derivada da covid-19 senón tamén pola agudización da inflación e o encarecemento dos custos de vida, no ámbito enerxético mais tamén noutros elementais para o día a día das persoas como é o da alimentación.

Entre outros indicadores preocupantes salientan as informacións públicas das compañías fornecedoras de gas e de luz, e tamén de auga, respecto dos adiamentos de facturas de consumidores particulares e empresas e a falta de medidas efectivas por parte do goberno central, instalado no conformismo diante do aumento constante do prezo da enerxía.

Neste contexto de incremento da pobreza e de encarecemento da enerxía, que fai que isto sexa un problema para moitos fogares aínda que a súa situación económica non fose xa de exclusión social, cómpre ter unha previsión ambiciosa por parte das administracións públicas para enfrontar a pobreza denominada pobreza enerxética, que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non deixa de ser unha manifestación máis das consecuencias lesivas dun modelo económico que non promove a redistribución da riqueza nin o acceso aos elementais servizos precisos para unha vida digna.

Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible.

Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación no incremento de afeccións respiratorias, a gripe ou a pneumonía e o incremento no risco de enfermidades circulatorias ou o agravamento e incremento de problemas crónicos como a diabetes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación :

. Que actuacións vai promover o goberno galego para garantir o acceso á enerxía dos galegos e galegas e impedir o incremento da equivocadamente denominada pobreza enerxética?

. Que valoración vai o goberno galego das súas axudas complementarias do bono social estatal?

. Que actuacións vai promover o goberno galego para impedir que o empeoramento económico e a crise da suba dos prezos traia como consecuencia o aumento dos fogares con extremas dificultades para asumir os subministros básicos como a luz, a auga ou o gas?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o goberno galego suficientes os mecanismos existentes na actualidade para frear as situacións de precariedade enerxética neste contexto socioeconómico?

. Valora a Xunta de Galiza tomar medidas para estender o público albo máis alá das persoas xa usuarias do bono social estatal?

. Valora o goberno galego a necesidade de demandar unha rebaixa do IVE da enerxía eléctrica?

. Dirixiuse ou vaise dirixir o goberno galego a entidades sociais, sindicais, concellos e outros axentes par acordar medidas ao respecto? E ao goberno central?

. Estuda o goberno galego as repercusións na saúde da poboación da precariedade no acceso á enerxía?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2022 11:40:45

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 11:40:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2022 11:40:56

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2022 11:41:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro, este Grupo Parlamentar interpelaba ao vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación sobre a normativa mineira e, nomeadamente, sobre o cumprimento da mesma no caso das instalacións de San Finx, en Lousame.

Os argumentos principais que expoñiamos naquela sesión plenaria eran dous:

- A necesidade de que a Xunta de Galiza leve a cabo as probas necesarias que certifiquen o cumprimento do proceso de depuración dos metais pesados antes de calquera autorización de vertidos residuais industriais procedentes da explotación mineira.
- A necesidade da presentación dun proxecto de impacto ambiental, que os propios informes técnicos da Xunta de Galiza consideran que ten que estar aprobado antes de continuar con calquera actividade.

Posteriormente, o 21 de decembro, debateuse en sesión plenaria a moción deste Grupo, consecuencia daquela interpelación, e na que se propoñía, en todos e cada un dos seus catro puntos, requirir á empresa Tungsten San Finx, S. L. os estudos de impacto ambiental para as distintas actuacións que pretende levar a cabo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Partido Popular votou en contra e a moción -que solicitaba o mesmo que veñen esixindo os distintos informes técnicos da Consellaría e de Augas de Galiza- finalmente non prosperou.

Sorprendentemente, un mes despois do debate da interpelación, a propia páxina web da Xunta de Galiza fai pública unha reunión que o vicepresidente segundo e as conselleiras de Mar e de Infraestruturas mantiveron cos representantes municipais dalgúns concellos da comarca de Muros e Noia, e alí si, recoñécese por parte do vicepresidente o que non se recoñeceu no Parlamento, a necesidade dunha avaliación ambiental para que se poda retomar a actividade mineira en San Finx.

Unha reunión que tiña lugar días despois de que transcendera publicamente que a mina de San Finx fora vendida por Sacyr ao grupo australiano Rafaella Resources e da que a Xunta asegura non ter coñecemento formal.

Descoñecemos a que se debe ese cambio de opinión a respecto da necesidade da avaliación ambiental pero do que non nos cabe dúbida e de que nalgún dos dous momentos, ou no debate parlamentar ou na reunión cos concellos do pasado día 12 de xaneiro, non se dixo a verdade por parte do vicepresidente segundo.

Tamén resulta verdadeiramente curioso e inexplicábel que se a Xunta de Galiza admite agora a necesidade dun estudo de impacto ambiental, acabe de vir de poñer a exposición pública, no mes de novembro pasado, os proxectos de solicitude de Tungsten San Finx, S. L. Lousame de autorización para o vertido ao río Pesqueira de augas residuais industriais procedentes da mina e de adecuación do leito no Rego Rabaceiros para a retirada dos sedimentos acumulados no dominio público hidráulico na contorna das presas de San Fins, ambos os dous sen avaliación de impacto ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, na mesma nota da reunión mencionada recóllese que “o último paso adoptado foi iniciar a tramitación da autorización dunha nova instalación depuradora ... baseándose nos resultados obtidos nos ensaios efectuados na proba piloto e evitando calquera tipo de afección á ría”.

A este respecto, queremos supoñer que tamén se puxo en coñecemento dos alcaldes da comarca de Muros e Noia o que recolle o informe da Área de Calidade de Augas de Galiza, do 20 de abril de 2021, sobre a proba piloto, e que sinala que “non garante que o tratado da auga baleirada directamente da mina ou nunha fase de explotación obtivese o mesmo resultado” e conclúe que “as condicións propostas polo solicitante non permiten garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor”. Descoñecemos se estas conclusións sobre os deficientes resultados da proba piloto foron trasladadas aos alcaldes dos concellos da comarca de Muros e Noia.

E por último, segundo a mesma nota, o vicepresidente económico confirmou aos representantes municipais que, no caso de se producir realmente un cambio de titularidade das instalacións de San Finx, “será necesario comprobar a solvencia técnica e financeira da nova empresa ...”.

Ao noso entender, a posibilidade de calquera actividade económica e a creación de novos postos de traballo no noso país, non é negativa nin é perxudicial per se, pero a Administración debe en todo momento velar polo estrito cumprimento da lei e das normativas vixentes. Neste caso, pois, a tramitación de permisos de explotación debe ter todas as garantías legais e os avais necesarios para asumir as potenciais consecuencias que calquera evento accidental ou intencional poida provocar na contorna e, nomeadamente, na ría de Muros e Noia e na súa actividade pesqueira e marisqueira como principal fonte de traballo de toda a comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Problemas como o estado das presas de residuos mineiros, unha posíbel xestión inadecuada dos residuos que conteñen, o baleirado das plantas inundadas da mina, ou mesmo o abandono da explotación sen un plan de peche que asuma o conxunto de problemas ambientais da explotación deberían ser factores fundamentais a valorar co obxecto de non recaeren as súas consecuencias nin sobre outras actividades ou sectores nin sobre o erario público, ou produciren unha afectación irreparábel na contorna e na ría de Muros e Noia.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza dos cambios de titularidade das explotacións mineiras e do cumprimento desas instalacións, calquera que sexa a concesionaria, de toda a normativa vixente que lles afecta, como pode ser o caso da mina de San Finx en Lousame?

- Que elementos ou novos datos levan agora ao Goberno galego a recoñecer claramente que a avaliación de impacto ambiental é necesaria para unha nova explotación da mina de San Finx?

- Por que motivo non se admitiu esa necesidade de avaliación de impacto ambiental no debate parlamentar da iniciativa deste Grupo Parlamentar no pasado mes de decembro?

- Este recoñecemento de avaliación de impacto ambiental vaise estender ás últimas solicitudes da concesionaria, nomeadamente á de vertidos de augas residuais industriais depuradas ao río Pesqueira e á de adecuación do cauce do Rego e Rabaceiros para a retirada dos sedimentos acumulados no dominio público hidráulico na contorna das presas de San Finx?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Na reunión mantida cos alcaldes da comarca de Muros e Noia puxo o Goberno galego no seu coñecemento todas as obxeccións que por parte dos técnicos de Augas de Galiza se puxeron á proba piloto realizada?

- Considera que a autorización dunha nova instalación depuradora se pode levar a cabo sen realizar novas probas que poñan de manifesto o cumprimento rigoroso dos parámetros ambientais de depuración dos metais pesados?

- Dende cando coñece o Goberno galego a intención de Sacyr de vender a mina de San Finx?

- No caso de confirmarse o cambio de titularidade das instalacións de San Finx, cales son as garantías económicas e medioambientais que vai a Xunta de Galiza a esixir á nova concesionaria ?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2022 12:35:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2022 12:35:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os niveis altos de nitratos nas augas, tanto continentais coma mariñas, estimulan o crecemento excesivo de algas que abafan outras formas de vida matando lagoas e ríos. A este proceso chámase eutrofización. Así mesmo, aínda que semelle un paradoxo, o exceso de nutrientes nos solos chega a facelos improdutivos.

Hai xa varios anos que na comarca da Limia saltaban as alarmas sobre os excesos de xurros, esterco e outros fertilizantes de procedencia gandeira, sobre as súas terras. Foron grupos ecoloxistas os que comezaron a batalla pública cansos da desidia e complicidade do goberno galego e da excesiva prudencia de case todo o resto da sociedade.

Si, prudencia excesiva para non mancar certos sectores produtivos de ganadería intensiva, sen terra, nunha provincia que se caracteriza polo seu acusado declive demográfico, abandono da actividade agrogandeira e un sálvese quen poida que pon en perigo a precaria economía existente.

A intensividade e excesivo número das explotacións porcinas, avícolas e en menor medida as cunículas, con escasa terra, e sen ningún outro medio que poida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestionar convenientemente os seus xurros e estercos converte a súa discutible rendibilidade económica nunha carga que ameaza toda a outra actividade agrícola e gandeira dunha comarca senlleira pola riqueza e calidade dos seus produtos.

A eutrofización manifesta do encoro das Conchas, e as sucesivas e reiteradas denuncias, feitas xa inqueda social, do Movemento Ecoloxista da Limia converten o que todo o mundo vía, pero gardaba silencio, nun claro enfrontamento e nun conflito de intereses con denuncias, ameazas e demais.

E esta situación chega a este Parlamento da man da oposición obrigando ó goberno galego a recoñecer que hai na Limia un problema e que non se pode seguir ollando para outro lado. Logo de reiteradas resistencias e acusacións de catastrofismo, o goberno galego e o partido que o sustenta comezan a recoñecer a existencia do problema e manobrar politicamente para eludi-la responsabilidade no proceso de xeración e na dimensión do mesmo.

E así o 4 de outubro de 2019, nesta Comisión 7ª, é o mesmo PP quen pregunta pola situación e medidas adoptadas e, en resposta, o Director Xeral de Agricultura, Gandaría... ofrece todo un abano de futuras medidas que a día de hoxe quedaron en pasado.

Van máis de 4 anos de todo isto e nada sabemos do Anteproxecto de Lei Reguladora do Sistema Integrado para a Xestión das Dexeccións Gandeiras de Galicia, nada do Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia, nada do prometido Plan de Formación, nada da posta en funcionamento da Planta de Sarreaus... nada sabemos de nada. Todo fume.

Anos perdidos en sacudir responsabilidades, salvar eleccións con enganos e sobre todo deixar que o problema de contaminación e desprestixio dos produtos desta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comarca e doutras que están en situación semellante, medre e se enquistou facendo cada vez máis difícil a súa solución.

Porque o modelo produtivo potenciou a gandería intensiva (porcino e avícola) provocando a perda de explotacións de vacún e ovino-caprino en extensivo.

Porque non se controlou nunca a contaminación difusa das augas por nitratos e fosfatos debido á falta de xestión dos subprodutos das explotacións gandeiras.

Porque non hai capacidade de xestión dos subprodutos gandeiros debido ó seu excesivo volume.

Porque non se estableceu unha necesaria moratoria en canto a instalación e/ou ampliación de novas explotacións gandeiras intensivas.

Porque se negou sempre desde o goberno galego a existencia deste problema.

Porque se trata dun modelo de explotación vinculado basicamente a unha única cooperativa dependente da mesma en tódalas fases (produción, transformación e comercialización).

Porque no canto de utilizar estes fertilizantes orgánicos na agricultura óptase polos fertilizantes de síntese.

Porque resulta un auténtico despropósito que nunha provincia con máis de 100.000 has. agrícolas abandonadas e con necesidades de fertilizantes teñamos un problema de eutrofización no Limia debido ó desleixo e falta de planificación de moitos anos de goberno do PP de caciqueo e deterioro da actividade agrogandeira.

Porque neste desaguisado está a cobiza e curta visión dun sector dominado por intereses económicos e políticos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de constatar o incumprimento das normativas europeas e logo dun longo proceso de requirimentos, a Comisión comunicou o 2 de decembro pasado a súa decisión de levar ó Estado español diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea por non ter tomado medidas abondo contra da contaminación por nitratos.

Esta é, pois, a última hora onde se constata unha seria ameaza sobre a Limia e posiblemente outras zonas deste noso País na posibilidade de ser/seren declaradas zonas vulnerables.

Galicia, que se mantíña coma unha das poucas rexións europeas sen zonas de vulnerabilidade, debido á desidia, indolencia e políticas erradas e permisivas, pasa a estar baixo sospeita de malas prácticas agrícolas e gandeiras en zonas do seu territorio.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego da situación medioambiental das zonas afectadas por altos niveis de nitratos, como sucede na comarca da Limia, e da súa posible declaración de vulnerabilidade por parte da UE?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/01/2022 13:24:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2022 13:24:22

María González Albert na data 19/01/2022 13:24:31

María del Carmen Aira Díaz na data 19/01/2022 13:24:39



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo a pandemia mundial provocada pola covid-19 o que supuxo que o 14 de marzo o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, decretase o estado de alarma adoptando medidas inmediatas para frear a propagación do virus, o que supuxo a paralización ata o mes de xuño de practicamente toda a actividade económica e a partir dese momento con aperturas intermitentes para determinadas actividades en función da incidencia da pandemia, engadindo, polo tanto, á crise sanitaria unha crise económica e social sen precedentes.

As medidas de confinamento, a paralización da actividade produtiva, as restricións á mobilidade e o distanciamento social obrigaron aos gobernos a adoptar unha serie de medidas para protexer a saúde das persoas, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública e, ao mesmo tempo, poñer en funcionamento un plan de choque de medidas económicas e de atención ás persoas máis vulnerables.

O Goberno de España estableceu inicialmente un potente plan económico estimado nuns 200.000 millóns de euros para protexer ás empresas, protexer ás persoas traballadoras autónomas, que por primeira vez ante unha crise teñen cobertura do Goberno de España ante a paralización da súa actividade ou pola diminución dos seus ingresos; e protexer aos traballadores e traballadoras, a través dos ERTE, evitando a destrución masiva de empregos, implantando o teletraballo, establecendo o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección dos fixos discontinuos e das persoas traballadoras con contrato temporal, así como a implementación de medidas para as empregadas do fogar. Ao mesmo tempo, o Goberno de España tamén estableceu unha serie de medidas para protexer ás persoas máis vulnerables, mediante a aprobación, entre outras medidas, do Ingreso mínimo vital ou o incremento do salario mínimo interprofesional.

O apoio económico do Goberno de Pedro Sánchez a Galicia para paliar os efectos da pandemia tradúcese nunha serie de achegas económicas transferidas á Xunta de Galicia, unha primeira de 735 millóns de euros en 2021 Fondo Covid-



19 para atender os efectos da pandemia na educación, na sanidade e para compensar a mingua de ingresos das arcas autonómicas; 272 millóns de euros de Fondos FEDER que o Estado negociou ante a UE para que se puidesen destinar a gastos sanitarios extraordinarios; 353 millóns de euros de fondos REACT-UE correspondentes a 2021; 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia; 828 millóns de euros do Fondo extraordinario aprobado en Xullo de 2021 no Consello de Política Fiscal e Financeira ou os 234,5 millóns de euros para conceder axudas directas a autónomos e empresas afectados pola crise derivada da covid-19.

Recursos que forman parte dun paquete de axudas europeo máis amplo, que deberan destinarse a reforzar a educación, a sanidade e os servizos sociais, así como para apoiar ás Pemes e os autónomos.

Durante estes 21 meses varias actividades foron as máis prexudicadas por afectarlles directamente as necesarias medidas aplicadas para poder evitar a propagación do virus: comercio, turismo, hostalería, ocio, cultura, afectando fundamentalmente a persoas traballadoras autónomas, Pemes e micropemes coa consecuente rebaixa na facturación de moitas destas empresas ou o peche dalgunhas.

Ante esta situación, inicialmente o Goberno do Estado despregou diferentes paquetes de medidas proporcionándolles liquidez a través de créditos con aval público, moratorias nas súas principais débedas fiscais, de devolución de créditos e de pagamento de cotizacións ou accións para reducir os seus custos fixos e variables, mediante axudas directas para o pagamento de salarios e as cotizacións sociais dos seus traballadores; diversas medidas de alivio no pagamento dos alugueiros; proporcionoulles ingresos mediante unha prestación extraordinaria para as persoas traballadoras autónomas e transferencias de recursos ás CC.AA para que puidesen proporcionar axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu ámbito territorial.

Xa que logo, ante a realidade e a necesidade de que estas empresas e traballadores e traballadoras autónomas recibisen axudas directa, o 13 de marzo deste ano o Goberno de Pedro Sánchez publicou no Boletín Oficial do Estado o RDL 5/2021 de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19, que prevé unha liña de axudas directas e finalistas, na que os beneficiarios son as persoas traballadoras autónomas e empresas cunha caída do volume de operacións mínimo dun 30 % en 2020 respecto de 2019 e que a súa actividade estivese incluída nalgún dos códigos de clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) previstos no Anexo I



do RDL, podendo destinarse a satisfacer débeda e os pagos a provedores, acredores financeiros e non financeiros e costes fixos, sempre e cando se houberen devindicado entre o 1 de marzo e o 31 de maio de 2021 e se orixinasen por contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, asumindo as CC.AA a tramitación e a xestión destes fondos.

O Real decreto-Lei prevé que se efectúen as correspondentes transferencias a cada ente territorial con cargo a dous créditos extraordinarios, un de 5.000 M€ con destino ás CC.AA, excluídas Baleares e Canarias, e as Cidades de Ceuta e Melilla; e o segundo, dotado con 2.000 millóns de euros, para os dous arquipélagos, que tiveron un maior impacto económico debido á pandemia, pola súa maior dependencia do sector turístico.

Posteriormente, o Estado a través do RDL 6/2021 modificou o RDL anterior habilitando ás CC.AA para que puidesen conceder axudas a outras persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas no seu ámbito territorial.

E na Orden HAC/283/2021, do 25 de marzo de 2021 concrétanse os aspectos necesarios para a distribución definitiva dos 5.000 M€ entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da Línea COVID de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real decreto-lei 5/2021 que a partires dos indicadores e os cálculos establecidos para o reparto do fondo, a Galicia correspondéronlle 234.470.880 € para axudas directas a Pemes e a autónomos, Fondo que foi transferido polo Goberno do Estado á Xunta de Galicia na súa totalidade.

Con esta base legal, a Xunta de Galicia publicou a Orde do 9 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado co prazo de presentación dun mes dende o 14 de xuño ata o 14 de xullo.

A dita orde foi modificada pola Orde do 12 de xullo e publicada no DOG o 13 de xullo, pola que se amplían as actividades incluídas no Anexo I do RDL e amplíase tamén o prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de setembro de 2021

Carecendo de datos de resolución e concesión das achegas do III Plan, pero entendendo que o resultado foi moi cativo, a Xunta de Galicia publicou o 28 de



outubro unha nova Orde pola que establece as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19, cun orzamento de 134.470.880 €, é dicir, máis do 57 % do total do fondo recibido, cun prazo de presentación de solicitudes ata o 29 de novembro de 2021.

A finais do exercicio 2021, a Unión de profesionais e traballadores autónomos (UPTA) alertaba de que as comunidades autónomas terían que devolver unha boa parte destes fondos que non foron executados, sendo no caso de Galicia a cantidade de case 140 millóns de euros, é dicir, o 60 % do fondo achegado.

Ante a evidente falla de execución dos fondos por parte dalgunhas comunidades autónomas, entre as que se encontra Galicia, cun 57 % do fondo sen executar, e co gallo de que non se perdan os fondos e que cheguen aos beneficiarios aos que van destinados, o Estado publicou un novo RDL 27/2021 prorrogando a entrega dos fondos non executados antes do 30 de xuño de 2022.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten establecido o Goberno galego algunha mesa de negociación na que estean representadas as persoas traballadoras autónomas, os sindicatos, profesionais e empresas afectadas pola covid-19 para arbitrar as medidas que sexan necesarias para acadar que a totalidade dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate se executen na súa totalidade?

2ª) Pode dicirnos o Goberno galego. cal foi a totalidade dos fondos recibidos do Estado para atender ás persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19?

3ª) Cales foron os fondos propios achegados pola Xunta de Galicia para atender ás persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19?

4ª) Que accións impulsou o Goberno galego para executar os fondos achegados polo Estado durante o ano 2021 dirixidos ás persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19?



5ª) Segundo o Goberno galego, cal foi a execución total dos fondos recibidos do Estado nos exercicios 2020 e 2021 para as persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2022 16:21:47

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2022 16:22:04

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/01/2022 16:22:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Daniel Castro García e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector conserveiro do Estado español é o primeiro produtor a nivel europeo e o segundo a nivel mundial. Polo seu número de empresas, facturación e emprego, Galiza é quen encabeza estes datos no conxunto do Estado con máis de 160 empresas e, segundo o IGE, cun importe neto de cifra de negocios desta industria que supera os 3.300 millóns de euros e un emprego que acada case 12.000 traballadoras e traballadores.

Trátase dun sector, ademais, cun efecto multiplicador moi relevante sobre outras actividades, tanto vinculadas ao mar como á alimentación e á industria auxiliar e, polo tanto, fundamental dentro da nosa economía

Durante a pandemia, e mentres as exportacións dos produtos do mar en xeral sufriron unha merma do 3,56%, o das conservas, de carácter esencial, incrementouse, segundo datos de ANFACO, nun 15%, converténdose nun sector non só non prexudicado senón beneficiado polos hábitos de consumo nese período.

É tamén unha actividade económica que recibe dende hai anos millóns de euros en subvencións públicas e fortemente apoiada polo Goberno galego que, só neste ano





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2022, incrementou nun 28% os seus orzamentos destinados á mellora da comercialización e apoio no investimento das industrias de transformación e comercialización, acadando os 27 millóns de euros e sendo unha das partidas orzamentarias máis importantes de toda a Consellaría do Mar.

Un apoio que recentemente aínda vén de se estender á elaboración, por medios propios a través do CETMAR, dun plan estratéxico para o sector das conservas, peixes e mariscos de Galiza para os anos 2022-30 e que será cofinanciado con fondos europeos.

No entanto, estes potentes datos e o poderoso apoio público que recibe non se traduce na mesma medida en melloras laborais para as miles de traballadoras e traballadores da industria conserveira.

En primeiro lugar, o convenio colectivo do sector de conservas, semiconservas e salgadura de peixe e marisco segue nesta altura -malia a que máis do 80% das industrias conserveiras que hai no conxunto do Estado están na Galiza- a ser de ámbito estatal, sen que a Xunta de Galiza teña dado ningún paso para termos un convenio de ámbito galego onde os dereitos laborais das traballadoras e traballadores galegos non queden diluídos e onde non se merme a capacidade de incidencia dos seus representantes sindicais.

Por outra banda, historicamente a presenza das mulleres nesta actividade é maioritaria, supoñendo preto dun 80% do total das persoas traballadoras e, nalgúñas comarcas costeiras do noso país, a industria conserveira xera case o 40% de todos os contratos a mulleres.

No entanto, as negociacións do novo convenio, ademais de estaren paralizadas durante meses (hai que lembrar que o actual tiña unha vixencia de catro anos e remataba





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no 2020), non conseguiron polo de agora acadar as melloras demandadas pola parte social e continúan sen satisfacer reivindicacións históricas como a de rematar dunha vez por todas coa fenda salarial que padecen as traballadoras.

Neste sentido, o empresariado segue sen querer facer fronte á discriminación salarial encuberta que existe dende sempre entre os grupos de produción ou fabricación, fortemente feminizados, e o de oficios varios, ocupados preponderantemente por homes. Así, resístese a contemplar ningún incremento salarial adicional para a categoría de auxiliar, que é precisamente a que agrupa á maior parte de mulleres traballadoras cun salario inferior.

Na práctica, isto tradúcese nuns 850 euros menos de media ao ano que deixan de percibir as auxiliares do Grupo 5 con respecto á categoría de axudante do Grupo 6, ambos coas mesmas funcións produtivas. Ou en que un axudante do Grupo 6, de persoal de oficios varios, teña un salario/hora de 8,49 euros e unha mestra (máxima categoría do Grupo) do Grupo 5 teña un salario/hora de 8,33 euros.

Ao noso entender, non hai ningunha xustificación para esta diferenza salarial nin ningún elemento obxectivo que explique o maior valor que se lle concede ao traballo masculino e a Administración debe, en todo caso, traballar e actuar para desterrar definitivamente este tipo de prácticas intolerábeis.

En canto á perda de poder adquisitivo das traballadoras e traballadores da conserva tamén existen grandes diferenzas entre as centrais sindicais e o empresariado que pretende un convenio de cinco anos, con incrementos salariais que van dende o 0,5% ao 3% pero sen contemplar cláusulas de revisión anual do IPC. Unha proposta que se fai inasumíbel para a parte social porque só no ano 2021, o IPC acadou case o 6% e non ten explicación que a perda de poder adquisitivo continúe mentres as empresas aumentan de maneira importante as vendas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A desregulación das condicións laborais, sociais e económicas das persoas traballadoras do sector e o retroceso nos dereitos logrados supoñen unha distancia abismal entre as partes, que a día de hoxe xa provocou concentracións e manifestacións e que vén de desembocar nunha convocatoria de folga por parte dos sindicatos maioritarios -CIG, CC.OO e UXT- durante tres xornadas.

Diante desta situación, resúltanos poderosamente chamativo que o Goberno galego non teña expresado a súa valoración en ningún momento, nin que, malia ao peso do sector na nosa economía, aos miles de postos de traballo que dependen del e ás cuantiosas e importantes axudas públicas que recibe o empresariado conserveiro, non se teña implicado para avanzar na resolución deste conflito e non teña amosado a máis mínima preocupación pola mellora dos dereitos laborais de miles de galegas e galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza das actuais condicións laborais das persoas traballadoras do sector conserveiro no noso país, nomeadamente das mulleres?

2.- Coñece o Goberno galego o número de persoas afectadas en Galiza polo convenio estatal da conserva? É consciente do impacto social e económico das condicións retributivas e sociais que nel se conteñen?

3.- Ata que punto se ten interesado polo desenvolvemento das negociacións do novo convenio da conserva? Que relación ten a Xunta de Galiza coas partes negociadoras do convenio? Que actuacións ten realizado durante a presente negociación?

4.- É coñecedora das demandas ou propostas das partes negociadoras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Que valoración fai a Xunta de Galiza da segregación por sexos dos postos de traballo existentes nas empresas conserveiras e da discriminación salarial de xénero que agocha? Que actuacións levou e vai levar a cabo para que esta situación quede definitivamente erradicada do ámbito laboral no noso país e nomeadamente no ámbito do sector conserveiro?

6.- Que valoración lle merece a progresiva perda de poder adquisitivo do persoal do sector conserveiro?

7.- Ten intención de promover as actuacións necesarias para que no futuro se poda concretar un convenio da conserva de ámbito galego?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2022 17:14:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 19/01/2022 17:14:04

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 17:14:10

Daniel Castro García na data 19/01/2022 17:14:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para recomenzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Ourense continúa a arrastrar a incapacidade do bipartito PP-Democracia Ourensana e da propia Xunta de Galiza para desbloquear as repercusións negativas da nova lei de aproveitamento termal e superar a falta de planificación e dilixencia das diferentes partes.

É necesario sinalar que ata o momento de entrar en vigor a lei, Ourense tiña nos aproveitamentos termais un dos seus potenciais vectores de crecemento e desenvolvemento económico malia que o seu actual alcalde considere o termalismo como un “bluff”. Así mesmo, a cidade de Ourense foi no pasado unha referencia na existencia de espazos de desfrute termal de acceso e xestión pública, democratizando o seu use e desfrute por parte da veciñanza ourensá con independencia do seu nivel de renda. Non en balde, o Parlamento galego aprobou no ano 2008, a impulso do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Ourense como capital termal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, nos últimos anos, lonxe das esperanzas postas naquel consenso e no consenso ourensán arredor daquel primeiro Plan Estratéxico Termal de Ourense impulsado no Concello, a evolución do termalismo en Ourense estivo limitada pola falta de apoio da Xunta de Galiza e a desidia e bloqueo político dos dous últimos gobernos municipais. Entre outros problemas, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos sinalado o enfoque reduccionista centrado exclusivamente no turismo e sen unha avaliación rigorosa (como demostra o Plan de Turismo Termal), a falta de aposta pola conexión da realidade termal co Campus da Auga e a investigación, a carencia dunha estratexia de saúde pública, a necesidade de recuperación patrimonial e cultural (BIC das Burgas, Tinteiro...), as distorsións da xestión estatal dos ríos ou a necesidade de cumprir transformacións pendentes (boulevard termal, reforma da zona do matadoiro, etc).

A desidia e a falta de colaboración política e institucional entre Xunta e concello é, nestes momentos, a responsábel de que as termas de Ourense, singularmente As Burgas mais tamén a parte pública de Outariz e máis as termas do Muíño, estean sen abrir ao público furtando un dereito á veciñanza e unha oportunidade de dinamización económica nun momento complicado para unha zona tan castigada.

É evidente que a irrupción da pandemia da covid-19 supuxo unha dificultade sen precedentes en moitos aspectos e o termalismo é un deles. A precaución e a complexidade explican unha parte do atraso, mais toda vez que levamos un ano de experiencia na pandemia e que se desenvolveron aperturas de iniciativas privadas con normalidade, esta situación é xa intolerable e as administracións responsábeis deben traballar para unha apertura urxente, organizada e segura tal e como leva demandando o Grupo Municipal do BNG de Ourense desde o mes de xuño de 2020.

Desde hai practicamente dous anos son recorrentes as desculpas e cruces de acusacións, primeiro co goberno bipartito PP-Democracia Ourensana, despois co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno en solitario de DO e agora novamente cun goberno bipartito que emprega o termalismo como unha arma arreboladiza máis para facérense oposición entre eles. Despois de que o Partido Popular bloquease no Parlamento Galego propostas para sacar adiante esta situación, asumiron pola vía dos feitos que parte das propostas eran o que había que facer. Nese sentido, ambas administracións comezaron algo semellante a unha mesa e dinámica de traballo e mesmo nos Orzamentos de 2022 a Xunta asumiu pola vía dos feitos que era parte do problema e consignou unha partida orzamentaria para que as entidades locais se puideran adaptar á nova lei. Aínda así, as termas en Ourense continúan pechadas. O pasado 19 de xaneiro de 2021 a concelleira responsábel volvía prometer que abrirían “nuns días”. Asemade, Deputación e Xunta presentan as súas campañas turísticas en Fitur sen poder aproveitar o termalismo como elemento de atracción.

Esta situación require de seriedade, planificación, compromiso por todas as partes e alturas de mira para determinar cales son as características das instalacións de Ourense e como poderían poñerse en funcionamento. É necesario superar a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para recomenzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Cal é a valoración que fai a Xunta de Galiza da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza?

-Cal é a previsión por parte da Xunta de Galiza para a reapertura das instalacións termais públicas do Concello de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que recursos económicos destinou ou vai destinar?
- Estabeleceu algunha salvagarda ou excepción normativa para encamiñar a reapertura? En que consistiron?
- Cal é o custo estimado que supón a aplicación da nova lei para o goberno galego? E para as administracións locais que se atopan nesta situación?
- Considera que aumentou a confusión nas instalacións e aproveitamentos termais galegos? Valora algunha modificación urxente para subsanar as súas eivas? En que sentido?
- Entregou o concello de Ourense en tempo e forma a documentación necesaria conforme á Disposición transitoria primeira da Lei 8/2019 para a regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes?
- Cales son as razóns de que a día de hoxe non estean operativas en Ourense as instalacións das Burgas? Cal é a situación e a perspectiva respecto das termas do Muíño ou da parte pública de Outariz?
- Asume o goberno galego que erraba na aplicación de orzamento cero para a aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza?
- Non considera que é inxusto para os concellos afectados ter que asumir os custos derivados dunha lei impulsada unilateralmente e sen un proceso de consulta previo e suficiente? Considera que o compensa nos orzamentos de 2022?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2022 17:47:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2022 17:47:10

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 17:47:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e que viña a substituír o anterior marco legal, tumbado polo Partido Popular por sectarismo político despois de empregalo como ariete electoral.

Dita lei, que xa foi modificada unilateralmente e sen diálogo sectorial ou social dez veces, a maioría a través do subterfuxio da lei de acompañamento dos orzamentos, introducía un novo mecanismo para teoricamente repercutir parte da riqueza da actividade eólica na sociedade galega, compensando o seu impacto ambiental. Porén, a realidade foi ben distinta. Por unha banda, é necesario sinalar que tal e como xa foi advertido durante a súa tramitación, renunciar á participación pública directa de beneficios do sector era un erro histórico. Por outra banda, para alén de que o seu carácter ambiental é relativo, hai que dicir que a lei do sector eléctrico estatal en vigor dende 1997 abría xa a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa reforma impulsada en 2013. Resultado diso e das políticas austericidas dos orzamentos estatais de Montoro co Partido Popular, Galiza chegou a pagar a tarifa eléctrica máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cara do estado ao repercutírense nela os suplementos territoriais do ano 2013 após diferentes sentenzas xudiciais en favor do lobby eléctrico.

Canto máis tempo pasa, é máis evidente a eiva de concepción e funcionamento do canon eólico, tanto pola súa formulación inicial como polo uso que o goberno da Xunta fai del á hora de repartir o recadado. Unha recadación, por certo, que nunca chegou a acadar as expectativas previstas e que vai perdendo peso ano a ano.

O canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza grava o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías. Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeneradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas “comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e estable as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Entre os moitos problemas deste modelo cabe sinalar a previsión de progresiva redución na recadación por mor das transformacións no sector, que grazas ao desenvolvemento tecnolóxico conta con aeroxeneradores con cada vez máis potencia e que levan a que polo tanto moitos parques teñan un número menor dos que se



precisarían anteriormente para xerar ese volume. Así mesmo, o avance nas repotenciacións leva tamén a unha progresiva redución de aeroxeneradores nos parques máis antigos e, polo tanto, á redución na recadación. Polo tanto, é evidente que esta non é a forma máis adecuada de retornar á sociedade unha compensación polo impacto xerado, pois é decrecente nun non contexto no que paradoxalmente está a aumentar.

Polo tanto é necesario que o goberno galego faga unha profunda avaliación da situación e dialogue cos axentes afectados para introducir mudanzas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Asume o goberno galego o fracaso do vixente canon eólico e a necesidade de transformalo?

Vai rectificar o goberno galego e impulsar a participación pública no sector eólico como mecanismo para que unha parte dos beneficios xerados polo vento galego retornen ao pobo galego?

Considera o goberno galego necesario mudar o obxecto de gravame do canon eólico para adaptarse á nova realidade do sector?

Porque o goberno galego non busca outro mecanismo, como podería ser a potencia?

Considera o goberno galego que os concellos afectados pola expansión eólica están suficientemente compensados?

Asume o goberno galego a necesidade de garantir por lei que os tributos autonómicos non poidan repercutirse na factura das persoas consumidoras?

Que valoración fai o goberno galego do Fondo de Compensación Ambiental? Estuda modificar a súa regulación e contías?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que o goberno galego non é máis transparente no destino da totalidade dos fondos recadados polo canon eólico?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2022 18:23:14

Ramón Fernández Alfonso na data 19/01/2022 18:23:17

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 18:23:28



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento a Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé inclúe, nos seus apartados, a xestión dos permisos de marisqueo e a concesión destes vinculados a entidades asociativas titulares dun plan de xestión.

Dentro destas cuestións, a orde pretendeu regular a posibilidade de que unha persoa cun permiso xa concedido e en activo puidese cambiar de entidade asociativa, o que permitiría cambiar de lugar de desenvolvemento da súa actividade. Esta circunstancia pretendía afrontar situacións específicas motivadas por dúas causas: ser vítima de violencia de xénero ou ter a cargo persoas en situación de dependencia (artigo 9.1a).

Este obxectivo sinalado resulta a todas luces de interese e importante, máis a realidade é que existen aínda algunhas dificultades para a súa execución. A propia normativa implica que se dean algunhas condicións, entre elas que o plan de xestión aprobado pola confraría (ou entidade asociativa correspondente) sexa autorizada unha ampliación dos permisos e que conste a reserva de prazas para tales fins (artigo 9.2b). Esta cuestión é a que resulta máis difícil que se produza co que, de facto, o avance que se pretende recoñecer nun apartado relativízase no seguinte.

As situacións que se inclúen na orde para estimar o posible cambio son de importante, e incluso existiría a posibilidade de ampliar o espectro de situacións para facilitar as condicións laborais das persoas máis vulnerables e/ou con máis dificultades.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos cambios foron habilitados e autorizados pola Consellería do Mar en virtude do artigo 9.1a da orde de 15 de xullo de 2015 dende que está en vigor?



2. Como valora o Goberno de Galicia modificar a citada orde para facer efectiva e real a posibilidade de cambio de entidade asociativa no permiso de explotación?
3. Considera o Goberno de Galicia que está plenamente garantido o dereito ao cambio de entidade asociativa que a orde citada pretende facilitar?
4. Ve de interese o Goberno de Galicia ampliar as circunstancias baixo as que pode ser solicitado o cambio de permiso de explotación a outra entidade asociativa para dar amparo a máis situacións de posible vulnerabilidade a axudar?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2022 11:01:22

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2022 11:01:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza despois dunha nova demoledora sentenza xudicial do TSX respecto da falta de garantías democráticas da súa política eólica e a incompatibilidade co dereito comunitario.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola demoledora sentenza xudicial do TSX respecto da falta de garantías democráticas da política eólica da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 21 de xaneiro o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza daba a coñecer unha nova sentenza xudicial que pon en entredito a política eólica do goberno do Partido Popular e, singularmente, a falta de garantías democráticas e a relaxación na análise e fiscalización dos informes necesarios para avaliar estes proxectos industriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A sentenza número 00017/2022 do TSX anula a autorización da Xunta para repotenciar o parque eólico G3 de Corme por reducir á metade, de 30 a 15 días, o prazo para a consulta pública no procedemento do informe de impacto ambiental argumentando a súa colisión co dereito comunitario e a súa falta de fundamento. Así mesmo, a sentenza fai mención tamén á situación xerada pola tramitación de determinados informes sectoriais de forma simultánea ao sometemento a información pública impedindo de tal maneira o exercicio democrático da participación e coñecemento suficiente da dimensión do proxecto.

Xa en decembro de 2020 o Grupo Parlamentario do BNG advertía de que este proxecto afectaba un lugar de grande interese ambiental e cultural, espazos protexidos pola Rede Natura (ZEPA e ZEPVN), unha área de especial interese paisaxístico e espazos con xacementos arqueolóxicos ademais de turbeiras e dun humidal protexido, o Pozo da Lagoa. Así mesmo, advertiu tamén da opacidade, falta de información, nula participación e polos abusos e irregularidades cometidos pola empresa coa complicidade das administracións.

Cómpre recordar que ademais o goberno galego autorizara esta repotenciación no ano 2019 ocultando con aleivosía o acordo do Consello da Xunta, como vén sendo habitual. Así mesmo, ao non terse aprobado no seu día a suspensión cautelar do proxecto, a realidade é que esta sentenza chega tarde, cando o dano está xa feito e é irreparable. É necesario recordar que as repotenciacións, pensadas como un mecanismo para, en previsión dos avances tecnolóxicos, reducir impactos de diversa índole e aumenta a eficiencia enerxética, non está exenta de problemas nin é inocua. Precisamente a transformación do sector na última década vai acompañada de novas dimensións dos aeroxeneradores e dun aumento do impacto das obras asociadas, polo está a supoñer de facto un novo proceso industrial. Polo tanto, este factor, sumado á teórica evolución do marco de protección ambiental, que sobre o papel incorpora novas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións de prevalencia dos intereses medioambientais incardinados na protección de recursos estratéxicos para a loita contra a crise climática, fai que en determinados casos poida ser desaconsellable a repotenciación. A falta de garantías sobre o sector fai que nestes momentos as repotenciacións estean a ser focos de graves problemas.

É necesario recordar que este recorte de garantías democráticas foi impulsado na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza, fortemente contestada pola sociedade galega e colectivos sociais e sindicais no seu momento e alcumada como “lei de depredación” por supoñer unha alfombra vermella á actividade eólica e extractiva sen as debidas garantías ambientais, de control democrático e económicas. Nesta lei afondouse tamén na manga ancha do Consello da Xunta para aplicar a supramunicipalidade a discreción. Así mesmo, esta liña foi continuada polo Partido Popular na tramitación e aprobación da lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza, empregando a coartada da pandemia da covid-19 para elaborar unha nova regulación eólica.

Esta nova sentenza amosa o caos lexislativo que existe en Galiza respecto da regulación eólica, que suma dez modificacións e sobre a que o goberno galego xa anunciou unha nova modificación de cara á tramitación da futura lei de áreas empresariais menos dun mes despois da entrada en vigor da lei de orzamentos para o ano 2022 que tamén introducía mudanzas e unha teórica “moratoria”. A todo isto, hai que sumar un Plan Sectorial obsoleto.

Esta situación só fai agravar a alarma social existente en Galiza, desde o ecoloxismo, as comunidades de montes, asociacións de defensa do patrimonio, concellos, etc. Durante o último ano e medio, malia a pandemia, estamos a ver mobilizacións sociais por todo o territorio ante a proliferación de proxectos e a falta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procesos de participación e garantías suficientes. Recentemente mesmo o Consello da Cultura Galega pronunciábase ao respecto cun demoledor informe. A situación é tan grave e paradoxal que mesmo a propia patronal e empresariado están a criticar o marco da Xunta, que segue bloqueado administrativamente pola falta de persoal e de eficiencia e que se traduce en que malia esta situación, o sector tampouco avanza.

É necesario, polo tanto, que a Xunta de Galiza asuma responsabilidades sobre este asunto e rectifique dunha vez por todas impulsando un marco legal e procedimental adecuado coas debidas garantías para todas as partes, con diálogo e participación social.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que responsabilidades e rectificacións asume o goberno galego despois da demoledora sentenza do TSX respecto da repotenciación do parque eólico de Corme?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 10:08:57

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 10:09:07

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 10:09:18

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 10:09:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 10:09:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 10:09:43

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 10:09:53

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 10:10:06

Daniel Castro García na data 24/01/2022 10:10:16

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 10:10:25

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 10:10:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 10:10:44

María González Albert na data 24/01/2022 10:10:54

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 10:11:02

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 10:11:11

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 10:11:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 10:11:29

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 10:11:38

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 10:11:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade que o Parlamento se posicione canto antes sobre a actuación da Xunta no parque eólico Corme G-3.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 7 de novembro de 2019 o proxecto de repotenciación do parque eólico de Corme G-3, no promontorio do Roncudo, unha zona de alto valor paisaxístico e ambiental que está parcialmente incluída na Rede Natura (ZEC Costa da Morte e ZECA Costa da Morte Norte). Nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllas propostas de ampliación do ámbito de protección desta zona pola presenza de hábitats de interese comunitario e interese prioritario, iniciativas que foron paralizadas polo goberno da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na execución das obras do citado proxecto, no que se retiraron 61 aeroxeradores de 45 m de altura e se instalaron 7 de 150 m de altura, producíronse numerosos abusos por parte da empresa promotora, que foron denunciados publicamente pola veciñanza e recollidos en reportaxes fotográficas e audiovisuais.

Mais o máis grave é que se produciron abusos por parte da administración autonómica, tal como se recolle na sentenza do TSXG do pasado 21 de xaneiro de 2022, polo que se anula o acordo do Consello da Xunta no que aprobou o citado proxecto. Se ben a sentenza non é firme e pode ser recorrida en casación no Tribunal Supremo, nos “Fundamentos de dereito” describe a vulneración por parte da Xunta da normativa comunitaria e da lexislación ambiental.

Por outra parte, a respecto da afectación de un dos aeroxeradores ao humidal “Poza da Lagoa”, incluído no Inventario de humidais de Galiza, a sentenza fai referencia ao informe de “Emberiza Estudios Ambientais, SL que recolle que aquela superficie clasifícase no EsIA como un Hábitat de Interese Comunitario, identificándoa dentro do tipo (3110)... a cuxo efecto propuxo como medida preventiva para evitar afeccións sobre as poboacións de anfibios, aves e demais fauna e a flora, o balizamento de toda a extensión, así como o seguimento exhaustivo de toda a zona ocupada pola charca mediante o oportuno plan de vixilancia ambiental”.

Das fotografías e vídeos que se fixeron na contorna do parque dedúcese que se produciu un importante impacto neste humidal, así como noutros elementos patrimoniais, paisaxísticos e ambientais afectados polas obras de construción do parque.

En relación coa política eólica do goberno galego, nas últimas semanas producíronse acordos de plenos de concellos e informes de organismos públicos (Consello da Cultura Galega e Observatorio Eólico de Galicia) que cuestionan no fondo e na forma a planificación eólica da Xunta e o desenvolvemento da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A contestación a un modus operandi que favorece os intereses das grandes empresas tradúcese en mobilizacións sociais e en presentación masiva de alegacións. E tamén na apertura da fronte xudicial, coa presentación de recursos como o que vén de anunciar a organización ecoloxista Adegas contra a aprobación dos parques Bustelo, Campelo e Toural, promovidos por Greenalia.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Quen vai asumir as responsabilidades pola anulación da aprobación polo Consello da Xunta da repotenciación do parque eólico Corme G-3, logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert
Mª Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 11:33:56

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 11:34:09

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 11:34:17

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 11:34:26

Ramón Fernández Alfonso na data 24/01/2022 11:34:34

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 11:34:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 11:34:53

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 11:35:04

Daniel Castro García na data 24/01/2022 11:35:13

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 11:35:24

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 11:35:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 11:35:43

María González Albert na data 24/01/2022 11:35:54

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 11:36:06

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 11:36:13

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 11:36:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 11:36:37

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 11:36:46

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 11:36:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade que o Parlamento se posicione canto antes sobre a actuación da Xunta no parque eólico Corme G-3.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 7 de novembro de 2019 o proxecto de repotenciación do parque eólico de Corme G-3, no promontorio do Roncudo, unha zona de alto valor paisaxístico e ambiental que está parcialmente incluída na Rede Natura (ZEC Costa da Morte e ZECA Costa da Morte Norte). Nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllas propostas de ampliación do ámbito de protección desta zona pola presenza de hábitats de interese comunitario e interese prioritario, iniciativas que foron paralizadas polo goberno da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na execución das obras do citado proxecto, no que se retiraron 61 aeroxeradores de 45 m de altura e se instalaron 7 de 150 m de altura, producíronse numerosos abusos por parte da empresa promotora, que foron denunciados publicamente pola veciñanza e recollidos en reportaxes fotográficas e audiovisuais.

Mais o máis grave é que se produciron abusos por parte da administración autonómica, tal como se recolle na sentenza do TSXG do pasado 21 de xaneiro de 2022, polo que se anula o acordo do Consello da Xunta no que aprobou o citado proxecto. Se ben a sentenza non é firme e pode ser recorrida en casación no Tribunal Supremo, nos “Fundamentos de dereito” describe a vulneración por parte da Xunta da normativa comunitaria e da lexislación ambiental.

Por outra parte, a respecto da afectación de un dos aeroxeradores ao humidal “Poza da Lagoa”, incluído no Inventario de humidais de Galiza, a sentenza fai referencia ao informe de “Emberiza Estudios Ambientais, SL que recolle que aquela superficie clasifícase no EsIA como un Hábitat de Interese Comunitario, identificándoa dentro do tipo (3110)... a cuxo efecto propuxo como medida preventiva para evitar afeccións sobre as poboacións de anfibios, aves e demais fauna e a flora, o balizamento de toda a extensión, así como o seguimento exhaustivo de toda a zona ocupada pola charca mediante o oportuno plan de vixilancia ambiental”.

Das fotografías e vídeos que se fixeron na contorna do parque dedúcese que se produciu un importante impacto neste humidal, así como noutros elementos patrimoniais, paisaxísticos e ambientais afectados polas obras de construción do parque.

En relación coa política eólica do goberno galego, nas últimas semanas producíronse acordos de plenos de concellos e informes de organismos públicos (Consello da Cultura Galega e Observatorio Eólico de Galicia) que cuestionan no fondo e na forma a planificación eólica da Xunta e o desenvolvemento da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A contestación a un modus operandi que favorece os intereses das grandes empresas tradúcese en mobilizacións sociais e en presentación masiva de alegacións. E tamén na apertura da fronte xudicial, coa presentación de recursos como o que vén de anunciar a organización ecoloxista Adegas contra a aprobación dos parques Bustelo, Campelo e Toural, promovidos por Greenalia.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que seguimento fixo o goberno galego das medidas preventivas e de protección do patrimonio natural e cultural na contorna das obras do parque eólico Corme G-3, nomeadamente das medidas previstas en relación co humedal inventariado da Poza da Lagoa?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 11:30:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 11:30:52

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 11:30:59

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 11:31:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 11:31:16

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 11:31:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 11:31:39

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 11:31:52

Daniel Castro García na data 24/01/2022 11:32:00

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 11:32:08

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 11:32:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 11:32:27

María González Albert na data 24/01/2022 11:32:42

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 11:32:50

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 11:33:01

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 11:33:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 11:33:19

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 11:33:30

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 11:33:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia,**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar a valoración da Dirección xeral de Patrimonio Cultural a respecto da Sentenza 0014/2020 do TSXG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de decembro de 2020 publicábase no DOG unha nova encomenda de xestión ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) por importe de por importe de 409.933,75€ para executar nun prazo de seis meses.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O obxectivo desta encomenda era a análise e o informe das intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento.

Unha nova encomenda que viña dar continuidade a un procedemento que nos últimos tempo se veu consolidando como unha rutina por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Durante o ano 2020 as sucesivas e encadeadas encomendas semellantes á amentada máis arriba ascenderon a 1.115.864,83€.

Este procedemento rutinario converteuse nun mecanismo de externalización de servizos que son de responsabilidade da administración pública, co que aparentemente resolver as deficiencias provocadas polo déficit de persoal técnico ao que se veu sometendo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A CIG interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra esta resolución que acaba de ser fallado na sentenza 00014/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en forma de anulación desta resolución, condenando a Administración a deixala sen efecto e pagar as custas procesuais.

Unha sentenza que, ademais, vén ratificar os argumentos achegados polo BNG na comparecencia da directora xeral de Patrimonio Cultural celebrada o pasado 2 de xuño de 2021 na Comisión de Educación e Cultura a instancias do noso grupo parlamentario.

Os argumentos da directora xeral de Patrimonio Cultural para tentar xustificar estas encomendas son anulados pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, co que se confirman as afirmacións do BNG a respecto do incumprimento da propia Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galiza en relación á vulneración de varios dos seus artigos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que valoración fai a Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Sentenza 0014/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a Resolución do 21 de decembro de 2020, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 12:11:35

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 12:11:46

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 12:11:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 12:12:00

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 12:12:12

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 12:12:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 12:12:26

María González Albert na data 24/01/2022 12:12:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 12:12:43

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 12:12:51

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 12:12:59

Daniel Castro García na data 24/01/2022 12:13:07

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 12:13:15

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 12:13:26

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 12:13:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 12:13:45

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 12:13:55

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 12:14:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 12:14:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a sanción imposta a unha traballadora do servizo de Urgencias do CHUS.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación social existente a respecto da sanción imposta a unha profesional do servizo de Urgencias do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de Urgencias do Hospital Clínico de Santiago de Compostela ten sido albo de numerosas críticas pola situación de colapso que padece de xeito case cronificado desde moito antes da irrupción da pandemia da COVID-19. As imaxes de pacientes amoreadas nos corredores do servizo tristemente son amplamente coñecidas e incluso frecuentes na prensa. Esta situación responde á escaseza de medios e persoal no global do centro hospitalario, por non ser quen de asumir en moitos casos os ingresos que se efectúan de xeito non programado ao non contar con camas dispoñíbeis. Escaseza á que o propio servizo de Urgencias do CHUS non é alleo, pois mostrouse con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importantes dificultades para responder axeitadamente a momentos de estrés nos que se producía unha maior asistencia de pacientes.

Contra esta situación foron múltiples as protestas e as demandas dunha maior dotación de recursos e persoal, tanto por parte de forzas sindicais e políticas coma o propio BNG, mais tamén polas traballadoras do servizo. Deste xeito, en 2019 o persoal iniciou unha folga para denunciar esta situación e reclamar maior dotación, poñendo o foco no deterioro na calidade asistencial que producían estas eivas.

Unha desas voces de alerta e denuncia constante é a da doutora Fátima Nercellas quen, tanto por respecto á normativa de prevención de riscos laborais e a protección das traballadoras, como tamén polos principios que deben dirixir a práctica clínica, mostrou en numerosas ocasións as deficiencias do servizo. Unha das súas denuncias con máis impacto mediático foi o falecemento de dous pacientes nun dos corredores do servizo mentres agardaban a ser atendidos en xaneiro de 2019. E precisamente este acúmulo de pacientes nos corredores motivou a actuación da doutora que agora é motivo da sanción. O traslado que ela realizou a dúas camas de Observación de dous dos pacientes que tiña asignados e que estaban agardando xunto con moitos outros no corredor que dá acceso ao servizo, supón unha suspensión de emprego e soldo para esta facultativa por considerar isto unha irregularidade ao non axustarse ao protocolo de funcionamento.

Aínda que esta é a primeira vez que é sancionada, si que foi investigada en anteriores ocasións en relación ás súas denuncias e á postura crítica mostrada polos colapsos do servizo, polo que semella que as denuncias buscan calmar e silenciar as voces críticas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que opinión e consideración lle merece ao goberno galego a sanción imposta a unha profesional deste servizo?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 12:11:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 12:11:39

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 12:11:50

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 12:11:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 12:12:07

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 12:12:15

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 12:12:24

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 12:12:32

Daniel Castro García na data 24/01/2022 12:12:41

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 12:12:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 12:13:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 12:13:16

María González Albert na data 24/01/2022 12:13:24

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 12:13:32

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 12:13:44

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 12:13:54

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 12:14:01

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 12:14:08

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 12:14:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa as medidas para garantir un emprego de calidade para as acompañantes no servizo de transporte escolar en Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola proliferación de casos de vulneración de dereitos laborais no persoal acompañante do servizo de transporte público, cometido polas empresas concesionarias do mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte escolar é un servizo público de suma importancia, que posibilita un bo funcionamento do sistema de ensino público xa que permite unha mellor





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

organización á hora de que os alumnos e alumnas accedan aos diferentes centros, xa sexan na súa localidade ou en localidades próximas.

Mais este servizo non só se limita a poñer en funcionamento unha serie de itinerarios e vehículos para a conexión cos centros, senón que debido á tipoloxía das persoas usuarias do transporte escolar, é preciso contar con servizos complementarios para garantir a seguridade e facilitar un bo uso e transcorrer do propio servizo e traxectos.

Estamos a falar pois do servizo de persoas acompañantes que deben existir nos vehículos.

Este servizo faise imprescindible en desprazamentos de nenos e nenas de curta idade, aos que é preciso acompañar e vixiar, así como tamén contar co coñecemento e preparación do persoal acompañante en cuestións fundamentais como a sinalización ou o uso de material de seguridade no caso de ser preciso.

Un bo servizo de transporte escolar necesita un bo servizo de persoas acompañantes que velen polo bo transcorrer dos desprazamentos e pola seguridade dos nenos e nenas.

Actualmente, Galiza conta con máis de mil persoas que fan esta labor, que nunha porcentaxe moi elevada está a ser desempeñado por mulleres, sendo un sector da poboación que sofre máis precariedade e un dos máis golpeados pola crise da Covid-19.

É por isto que entendemos que unhas malas condicións laborais e o incumprimento do estipulado para as mesmas, son un ataque dobre que se está a producir no noso país, que se ensaña coas máis precarizadas e golpeadas e que empeora





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

notabelmente un servizo tan fundamental como o das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar.

Ante esta precarización das condicións de traballo das persoas acompañantes, o goberno galego, debe aumentar os seus esforzos nas labores de control e inspección, nas labores de investigación cando se presentan denuncias e unha colaboración estreita coas traballadoras afectadas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Ante a precariedade laboral e os diferentes incumprimentos das empresas concesionarias do servizo de transporte público en Galiza, nomeadamente das acompañantes no servizo de transporte escolar, que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza para reverter esta situación?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2022 13:14:52

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 13:14:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2022 13:15:06

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2022 13:15:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 13:15:21

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 13:15:28

María González Albert na data 24/01/2022 13:15:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 13:15:43

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 13:15:50

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 13:15:59

Daniel Castro García na data 24/01/2022 13:16:08

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 13:16:16

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 13:16:26

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 13:16:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 13:16:49

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 13:16:58

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2022 13:17:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 13:17:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 13:17:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda da oficialidade do galego en Asturias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Principado de Asturias está a tramitar a reforma do seu Estatuto de Autonomía no referido á oficialidade das dúas linguas propias coa seguinte proposta de redacción:

Declaración de oficialidad del asturiano con un tratamiento similar para el eonaviego en su exclusivo ámbito territorial, con previsión de que una ley de la Junta General del Principado de Asturias regule el uso oficial del asturiano y del eonaviego. Se tomará de base el artículo correspondiente del Estatuto de Autonomía de Galicia.

Sorprende que nesta redacción se obvie de forma explícita a presenza do idioma galego nesta área estremeira, pois a consideración xeral entre lingüistas é que nesa área do Eo-Navia se fala unha variedade da lingua galega na que, ademais, se recoñecen as persoas falantes galegófonas eonaviegos asturianos.

Unha situación ben común en Europa que vén determinada pola non coincidencia estrita entre fronteiras político-administrativas e lingüísticas.

A Real Academia Galega acaba de facer público un informe sobre o galego de Asturias e a súa oficialidade na reforma do Estatuto de Autonomía do Principado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste informe, a RAG contextualiza historicamente a realidade lingüística asturiana e data no S.XIX, asinada por Manuel Murguía na súa *Historia de Galicia* (1865), a identificación do galego-asturiano, un glotónimo que continuaría a se fixar nos estudos de Dámaso Alonso e no sucesivo até o presente en que comezou a se formular a denominación eonaviego para identificar a forma de falar diferenciada desta zona a respecto do centro e oriente de Asturias, invisibilizando deste xeito a identificación de galego, o que supón un acto discriminador para co noso idioma.

Non podemos esquecer que o artigo 21.2 da Lei de normalización lingüística di a respecto do galego exterior que:

Así mesmo fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexe-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.

Tampouco debemos esquecer que o Estado español asinou a Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias que ten como obxectivo a defensa, recoñecemento e protección das linguas en vías de normalización impedindo a merma dos dereitos lingüísticos. E cómpre lembrar que é responsabilidade e competencia dos gobernos das comunidades autónomas con lingua propia e oficial velar pola salvagarda deste principal símbolo identitario e patrimonial.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións está a levar a cabo a Xunta para asegurar que o galego sexa recoñecido como lingua oficial no Estatuto de Autonomía do Principado de Asturias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 16:58:10

Daniel Castro García na data 13/01/2022 16:58:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 16:58:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda de actuacións de restauración no Parque do Pasatempo en Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta á Proposición non de lei presentada polo grupo parlamentario do BNG perante a Comisión 4ª de Educación e Cultura o pasado 30 de outubro de 2020, a respecto da demanda de apoio económico para iniciar a restauración do Parque do Pasatempo de Betanzos, unha vez declarado BIC, o Partido Popular xustificou o seu voto en contra alegando que, antes de comprometer achegas económicas por parte da Xunta de Galiza para a recuperación deste ben cultural senlleiro, cumpría a elaboración dun plan director.

Nunha nova convocatoria desta mesma comisión celebrada o 29 de decembro, a directora xeral de patrimonio cultural afirmou que desde o primeiro momento a Consellería dispuxera os medios técnicos en diferentes reunións co concello e axentes implicados para valorar cales eran as fases que se debían trazar para o proceso de recuperación deste ben que se encontra nun estado de deterioro moi preocupante, mesmo perdido xa para sempre unha parte pola desidia das administracións.

Nesta comparecencia a directora xeral indicou que este plan director é asumido pola Xunta de Galiza co obxectivo de analizar as problemáticas deste parque e as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades de restauración e conservación do ben para proceder a actuar con posterioridade.

Un plan director que, segundo o goberno, está a supeditar calquera posíbel achega económica para a súa conservación; unha demora de anos que está a condicionar a sobrevivencia dun xardín histórico senlleiro declarado BIC en 2020, furtándollo ao presente e ao futuro da sociedade galega e universal.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a desenvolver o goberno galego para pór en andamento a elaboración do anunciado e comprometido Plan director do Parque do Pasatempo de Betanzos que dea comezo á implicación económica para a súa urxente restauración?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 17:56:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 17:56:13

Daniel Castro García na data 13/01/2022 17:56:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a situación laboral do persoal do centro especial de emprego *Ilunion Servicios Industriales*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estará constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga a LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

- 1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.
- 2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.
- 3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego ordinario”, e fai referencia no seu texto a que “*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*”, causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algúns CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivo destes CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade e explotación laboral ficando sometidas a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As condicións de traballo que outorga *Ilunion* consisten en precariedade e inseguridade laboral, realización de traballos perigosos e/ou repetitivos, contratos condicionados a que o candidato non teña moitas limitacións para poder realizar o posto de traballo e non reciben a formación obrigatoria por parte da empresa.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións fano persoas con discapacidade.

Estáselles aplicando o XV Convenio Colectivo Xeneral de Centros e Servizos de Atención ás Persoas con Discapacidade cando as súas condicións laborais son exactamente iguais as do resto do persoal que traballa no sector e ao que se lle aplica o convenio colectivo do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación agrávase ademais polo feito de *que Ilunion Servicios Industriales* estea a subcontratar parte da súa actividade a través dunha empresa de traballo temporal, *Ilunion Capital Humano*, desvirtuando inda máis o seu papel como CEE no relativo á inclusión de persoas con discapacidade e diversidade funcional.

Toda esta situación xa foi posta en coñecemento da Inspección de Traballo de Pontevedra, así como á directora xeral de Relacións Laborais a quen lle foi entregado un informe denunciando a situación.

Ilunion Servicios Industriales recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galicia axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas “a Consellería de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa”.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións levou a cabo a Xunta de Galiza a respecto da situación laboral das persoas traballadoras con discapacidade de *Ilunion Servicios Industriales*?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 14/01/2022 10:06:40

Daniel Pérez López na data 14/01/2022 10:06:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/01/2022 10:06:54

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2022 10:07:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o seguimento do acordo parlamentario para demandar do goberno central a rectificación da modificación de horarios do tren Avant Coruña-Ourense e recuperación de liñas suprimidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de máis de 20 anos de atraso, Galiza asistía en decembro de 2021 á segunda inauguración do AVE da súa historia. Coa aproximación da liña de alta velocidade até Taboadela, en Ourense, vaise verificando o cumprimento tardío dalgúns dos compromisos en materia de ferroviaria pendentes por sucesivos gobernos centrais de PP e PSOE. Máis alá dos prexuízos pola demora, hai un problema de fondo que é que este longo proceso non se acompañou cun desenvolvemento adecuado das conexións interiores do país. Máis aínda, o aumento das frecuencias e opcións de conexión coa meseta, necesarias e positivas, está a supoñer a alteración de servizos e horarios causando importantes prexuízos. Así mesmo, acompáñase no tempo da non recuperación de servizos suprimidos coa coartada da covid-19 (caso do Avant Ourense-Santiago das 06:45) como do incumprimento da demanda de abaratamento dos prezos, contrastando coa política de promocións das novas liñas, que fan máis patente o agravio duns prezos absolutamente abusivos e ata un 60% superiores aos que se pagan nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexións da franxa atlántica e cuns horarios ao servizo da conexión con Madrid no lugar de ao servizo das necesidades da poboación.

Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico.

Aproveitando a crise da covid-19, o goberno central suprimiu diferentes liñas sen xustificación e que aínda non recuperou. É o caso da liña Avant entre Ourense e A Coruña con saída ás 06:45. Máis aínda, coñecidos os horarios a partir do día 21 de decembro, data de inicio das rutas de AVE, non só non se recupera esta liña senón que hai alteracións horarias importantes na dirección Coruña-Ourense, ao pensar a planificación só para a conexión exterior, que prexudican gravemente colectivos de viaxeiros e viaxeiras como estudantes, funcionariado e outros traballadores e traballadoras por conta allea con menor flexibilidade horaria. Por exemplo, a partir do 21 de decembro, Renfe decidiu unilateralmente cambiar boa parte dos horarios e frecuencias, entre eles o que chega desde A Coruña, pasando por Santiago, a Ourense ás 8:38, que é no que se desprazaban usuarios e usuarias que comezan a traballar ás 8:00 ou 8:30. A partir desa data, o tren chega a Ourense sobre as 7:00, tendo que esperar mesmo máis dunha hora no destino. Así mesmo, a alteración de horarios de tarde fai que moitas persoas que se atopan na situación inversa teñan que prorrogar o seu regreso ao non ser quen de coller os trens a tempo.

Problemas similares danse na franxa atlántica, o que motivou tamén protestas de usuarios e usuarias e unha tímida modificación por parte da operadora, insuficiente para as e os demandantes e que amosa como realmente se non hai modificación na liña de





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense é porque non se quere alterar a conexión con Madrid e non se aposta por buscar unha compatibilidade entre as necesidades, senón que de forma automática apóstase exclusivamente por dar prioridade á conexión coa Meseta en detrimento das necesidades de conexión interior.

No último pleno ordinario de 2021 o Parlamento galego aprobou o seguinte texto:

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno central:

1.- O mantemento da liña Avant Coruña-Ourense con saída ás 6:30 da mañá e chegada ás 7:38 e a revisión dos horarios de cara a favorecer a mobilidade entre Coruña, Santiago, Ourense e viceversa nos horarios laborais habituais permitindo o desprazamento e chegada nas primeiras e últimas horas da mañá e da tarde compatibilizando a conexión interior coa conexión coa meseta e coas novas conexións de AVE entre Ourense e Madrid

2.- O cumprimento do acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, esixindo que no prazo de dous meses se negocie con Galicia un calendario de cumprimento

3. A reposición inmediata das liñas de ferrocarril suprimidas baixo a desculpa da covid-19

4.- Ampliar de xeito inmediato o cadro de persoal, principiando por cubrir as prazas vacantes, que permitan garantir o funcionamento axeitado de todos os servizos,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialmente no relativo á necesaria corrección do déficit de maquinistas, de especialistas de operacións comerciais de información e venda presencial, persoal de control de acceso e persoal de atención aos viaxeiros”.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para esixir o cumprimento dos acordos parlamentarios respecto do ferrocarril de febreiro de 2018 e decembro de 2021?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2022 10:44:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2022 10:44:45

Iria Carreira Pazos na data 14/01/2022 10:44:58

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/01/2022 10:45:07

Paulo Ríos Santomé na data 14/01/2022 10:45:16

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2022 10:45:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o elevado número de contaxios na residencia de maiores Domus Vi Bembrive en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días tense rexistrado un importante aumento de contaxios por COVID nas residencias de maiores, cuadruplicándose o número de casos activos en tan só nunha semana na que se pasaron de 107 a 412.

A área de Vigo concentra unha parte importante dos afectados, con 169 contaxios activos a día 12 de xaneiro. En total na área de Vigo hai oito residencias afectadas, sete de maiores e unha de discapacitados. Porén a maioría dos casos concéntrase na residencia Domus Vi Bembrive cun total de 106 usuarios contaxiados, o que representa xa un 70% dos usuarios contaxiados, ademais de 13 traballadores que tamén deron positivo.

Os familiares das persoas usuarias do centro lamentan a falta de transparencia e información por parte da Consellería de Política Social e denuncian que a única fonte de información para coñecer a situación nesta residencia son as habituais comunicacións semanais que fai a Consellería. A situación excepcional da residencia cunha elevada porcentaxe de infectados xera unha preocupación nas familias das persoas usuarios. Ante esta preocupación lóxica, a Consellería debe facer un maior esforzo por manter





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informadas as familias e por garantir que as persoas usuarias están tendo un correcto coidado dos maiores nesta situación complicada na que se atopa a residencia.

O elevado número de positivos pode provocar numerosas dificultades no funcionamento do centro e no correcto coidado que requiren os usuarios. Neste sentido, os familiares tampouco dispoñen de información suficiente sobre como se vai abordar esta situación. Algúns dos posibles conflitos son a loxística para a separación entre usuarios contaxiados e non contaxiados, a afectación na plantilla de persoal polo aumento dos contaxios entre os traballadores e como estas cuestións poden afectar á calidade dos coidados.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza a situación que se vive na DomusVi Bembrive en Vigo cunha alta porcentaxe de usuarios contaxiados?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/01/2022 11:22:59

María do Carme González Iglesias na data 14/01/2022 11:23:04

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2022 11:23:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o requirimento remitido polo goberno galego ao central respecto dos fondos europeos do que informou aos medios de comunicación o Presidente da Xunta o pasado día 13 de xaneiro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xaneiro de 2022 o Presidente da Xunta informou aos medios de comunicación da decisión do goberno galego de enviar un requirimento ao goberno central respecto dos fondos europeos e o trato asignado a Galiza para, no caso de non recibir resposta, proceder a unha denuncia formal no ámbito da xustiza.

Desde hai meses está en debate o mecanismo e a participación das administracións na obtención e xestión dos fondos europeos, demostrándose como un novo ámbito de recentralización por parte do goberno central, que asume un papel reitor mesmo en competencias que son exclusivas de Galiza. A falta de transparencia e diálogo caracterizaron desde o primeiro momento a actitude do goberno central, mais tamén a do goberno galego ao non permitir un debate profundo, plural e transparente respecto das prioridades e dos proxectos polos que debería apostar Galiza.

Así as cousas, a realidade é que nos pasos que se van verificando, a tendencia é que Galiza reciba menos do que lle correspondería mesmo por PIB ou habitantes. Así mesmo, continúa o enfrontamento estéril entre administracións respecto da concreción





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das prioridades a financiar, como quedou patente na esixencia de Calviño a finais de 2021 de concretar “dous ou tres proxectos” e as prácticas escurantistas do goberno galego a través dunha empresa maioritariamente privada que vai decidir máis sobre este asunto do que o Parlamento Galego.

É necesario aclarar cal é a situación e cales son os pasos a seguir polo goberno galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado do requirimento e posíbel denuncia do goberno galego ao central respecto dos fondos europeos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2022 12:20:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/01/2022 12:20:20

Daniel Pérez López na data 14/01/2022 12:20:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os GDR da costa galega conflúen cos GALP, tendo moi delimitadas as competencias de ambos. Os GDR non pode subvencionar proxectos vinculados ao peixe o os GALP non poden actuar en concellos sen costa marítima. Esta distribución obedece ao razoamento lóxico, a priori, de que cada quen vaia ao seu.

Na práctica supón que concellos do interior dos GDR con costa como Tomiño ou Tui queden fóra do campo de acción dos GALP aínda que si estean afectados por Comandancia Marítima ata Tui.

Todo isto ten unha gran afectación sobre algún dos produtos piscícolas máis laudados da gastronomía galega como o meixón ou a lamprea.

O emprendemento que se poida facer a respecto dos produtos do río nos concellos polo que evoluciona o decurso dos ríos, pero que están exentos de costa, ten que facerse sen apoio económico polo explicado anteriormente e porque as Consellerías correspondente non ofertan axudas que poida paliar estas eivas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O GDR non pode atender as demandas de produtos elaborados con lamprea ou meixón porque se trata de peixe, o GALP tampouco pode se esta demanda vén de concellos como Arbo, As Neves, Salvaterra, Tui ou Tomiño.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que está disposto o goberno da Xunta a cambiar para que o emprendemento relacionado coa pesca nos concellos do interior poida ter axudas en igualdade de condicións que nos concellos da costa?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 14/01/2022 12:52:25





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 14/01/2022 12:52:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/01/2022 12:52:46



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A tuberculose é unha enfermidade crónica que, ademais de ser unha zoonose (transmisible ás persoas), afecta a todo tipo de mamíferos, polo que a súa contención é unha prioridade. Neste sentido, a todos nos deberá causar satisfacción que Galicia sexa unha rexión libre de tuberculose bovina desde principios de novembro do pasado ano 2021.

En consonancia, cómpre sinalar que no ano 1990, momento no que se puxo en marcha o Programa Nacional de Erradicación Acelerada en España, a nosa comunidade partía dunha prevalencia de tuberculose de rabaños bovinos de preto do 12%, isto é, case 12 rabaños infectados por cada 100 revisados. Ao respecto, en 2020 este dato rebaiouse ata o 0,03%, o que amosa unha clara tendencia á diminución da enfermidade na nosa rexión.

Unha diminución froito do constante traballo a prol da súa erradicación, cumprindo sempre cos obxectivos epidemiolóxicos marcados pola Comisión Europea. De feito, en todas as explotacións bovinas de reprodución (de aptitude cárnica, leiteira ou mixta) realizouse durante todos estes anos un diagnóstico anual específico a todos os bovinos maiores de seis semanas, así como aos cabrúns que convivían con eles, se era o caso.

As actuacións desenvoltas permitiron loitar de xeito efectivo contra a tuberculose bovina e outras enfermidades animais. Así mesmo, trátase de actuacións que corren a cargo de persoal veterinario acreditado e supervisado polos servizos veterinarios oficiais, sendo totalmente gratuíto para o sector gandeiro.

Ademais, cómpre sinalar que en caso dunha granxa na cal existan animais sospeitosos, o protocolo esixe levar a cabo un estudo epidemiolóxico individualizado co obxecto de decidir o destino dos animais sospeitosos e as restricións ás que deben ser sometidos os establecementos, coa fin de controlar e conter a enfermidade.



Así mesmo, no caso de ter que sacrificar algún animal os gandeiros son indemnizados cunha axuda que ata agora era cofinanciada pola Unión Europea, conforme ao baremo que establece o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na normativa estatal de referencia. E, en adición, a nosa comunidade é unha das poucas en sufragar con fondos propios unha liña de axudas complementarias para a reposición de animais sacrificados obrigatoriamente e para compensar o lucro cesante, neste último caso cando se realiza o baleiro sanitario da explotación.

Por outra banda, a importancia que lle confire o Goberno galego á sanidade animal amósase, ademais, na situación epidemiolóxica doutras enfermidades animais graves. De feito, no ano 2013 Galicia cumpriu os criterios requiridos e foi declarada “rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa” e en 2017 acadamos tamén o estatuto de “rexión oficialmente indemne de brucelose bovina”, ao tempo que a Comunidade se mantén libre de Leucose enzoótica bovina, Perineumonía contaxiosa bovina, Lingua azul e, xa dende fai uns anos, das Encefalopatías esponxiformes.

Neste sentido, desde o Grupo Parlamentario Popular celebramos a declaración de Galicia como zona oficialmente libre de tuberculose bovina, dadas as implicacións que isto podería ter para a nosa posición comercial nacional e internacional tanto no comercio de animais bovinos vivos como dos seus produtos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta en Pleno:

Que criterios tivo que cumprir Galicia para ser declarada oficialmente libre de tuberculose bovina e que supón esta declaración para a nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 14/01/2022 13:53:19

Daniel Vega Pérez na data 14/01/2022 13:53:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2022 13:54:01

Raquel Arias Rodríguez na data 14/01/2022 13:54:13

José Antonio Armada Pérez na data 14/01/2022 13:54:29

Cachafeiro Anta, Belén na data 14/01/2022 13:54:47

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 14/01/2022 13:54:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para prestar unha atención á saúde mental digna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da saúde mental en Galiza, podemos cualificala como mínimo de parálise, a Xunta de Galiza non se ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. É unha das grandes esquecidas nos 12 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, algo incomprensíbel dado o enorme número de persoas con necesidade de atención e as demoras. Non ten actuado a pesares dos indicadores que mostran un medre progresivo, grave empeoramento da mesma na poboación, coas consecuencias de sufrimento humano, de perda de vidas e dos custes sociais, laborais e sanitarios.

A pandemia agravou a situación e deixa en evidencia que se antes da COVID 19 os servizos de saúde mental eran raquíuticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais. De feito hai expertos que advirten que a saúde mental vai ser a gran pandemia post covid 19 polo seu impacto na saúde das persoas.

A Xunta de Galiza non dá ningunha mostra de asumir a realidade, persiste en crear o seu relato paralelo. Non asume a dramática situación da Saúde Mental, que afecta a miles de persoas, a miles de familias. De novo desenténdese.

Unha realidade que non se pode abordar cun Plan que non pasa dun anuncio.

Non contempla orzamento para que a Xunta aborde a situación, senón que externaliza o problema.

Un plan insuficiente, pola escasa cantidade de profesionais, polo modelo asistencialista, non establece garantía de protección dos dereitos das persoas doentes, non contempla medidas para que se cumpra a convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade, non se garante a eliminación da contención mecánica...

Un Plan asentado na sedación dos problemas e non na abordaxe integral que a gravidade da situación da saúde mental en Galiza precisa.

Non ten cronograma, cando se van realizar as actuacións e o orzamento é un anuncio incumplido xa na primeira anualidade.

Cando a pandemia pase, os que tiñan dificultades, estarán peor, e sumaránselle @s nov@s damnificad@s.

Un exemplo dramático da situación da saúde mental é o Hospital de Conxo. Unha situación denunciada neste Parlamento en moitas ocasións, pola contención





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mecánica, por suicidios evitábeis, por carencias manifestas, cando o informe da Valedora del Pueblo tras o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura.

Dentro da saúde mental, ten que ter unha atención determinante a prevención ao suicidio. O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano, segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicidio consumada prodúcese 20 tentativas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2022 16:57:56

Iria Carreira Pazos na data 14/01/2022 16:58:11

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2022 16:58:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda de información sobre o proxecto cultural artellado ao redor do Xacobeo 2021.

A Xunta adoita fiar as expectativas de recuperación económica para Galiza á celebración do Xacobeo 2021.

O Vicepresidente primeiro da Xunta adiantouse a cualificalo mediaticamente como “potentísimo” en caso de ter superadas as limitacións á mobilidade.

Unha marca que se asenta fundamentalmente na mobilización do sector turístico e que adoita esquecer, cando non confundir, os sectores culturais propios.

Un evento que ademais xa contou con partida orzamentaria no exercicio económico de 2020, a pesar de non existir unha planificación coñecida a medio e longo prazo, cunha estratexia de futuro, fóra dos investimentos en infraestruturas para arranxar diferentes lugares do Camiño e, moi particularmente, as entradas en Santiago.

Iniciado xa o ano 2021 case nada se sabe deste proxecto tan agardado polo sector turístico e hostaleiro, máis alá do anuncio de estar orzado con 85,6 millóns de euros no proxecto de orzamentos da Xunta, pendente de aprobación definitiva nesta altura, e da asignación de 35,7 millóns de euros para a contratación de seguros “coronavirus”, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cubrirían gastos sanitarios, transporte, estadía e aloxamento derivados da posíbel situación de contaxio e confinamento, tanto para o viaxeir+o como para o acompañante.

Asemade, tense indicado desde a vicepresidencia primeira que 38 millóns irán destinados á programación que, comezado o ano 2021, aínda descoñecemos, agás a xa celebrada iluminación dalgúns monumentos de diferentes comunidades polas que pasa o Camiño de Santiago, enmarcado na iniciativa “Acende o Xacobeo”. Como seguimos a descoñecer, igualmente, que se vai facer cos maiores recursos que vai ter a AGADIC para este período.

O Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, presentado no mes de xullo de 2019, non se adapta ao presente epidemiolóxico, polo que é preciso coñecer cal é a reorientación do ano xacobeo, as mudanzas presupostarias e a súa adaptación á prolongación ao 2022, segundo a decisión das autoridades relixiosas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións concretas está a deseñar o goberno galego no marco do Xacobeo 2021 no contexto epidemiolóxico actual para o sector da cultura?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Antonio Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 10:16:49

Daniel Castro García na data 17/01/2022 10:16:54

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 10:17:04



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Álvarez Martínez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Concello de Culleredo excede na actualidade os 30.000 habitantes, sendo un dos poucos de Galicia que medra en poboación, cousa que leva facendo durante as últimas décadas. Así, no ano 1991 tiña 14.602 habitantes, 22.076 en 2001 e 28.227 en 2009. A súa posición estratéxica, lindeiro coa Coruña, dotado con parques empresariais, aeroporto, autoestrada e un amplo abano de servizos comunitarios e de benestar, explican ese crecemento constante.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no seu capítulo III do título II, titulado «Equidade na educación», a escolarización en centros públicos e privados concertados, establecendo que as administracións educativas deberán regular a admisión do alumnado de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por parte de nais, pais, titoras e titores.

Contrariamente a ese principio de equidade, actualmente o ensino secundario en Culleredo soamente se atende por parte dos centros educativos radicados no norte dese concello, na que é a súa área máis urbana, quedando gran parte do seu territorio sen un centro de proximidade que atenda a demanda educativa para tantos mozos e mozas que viven nel. E hai alumnos que perden case dúas horas cada día para se desprazaren desde os seus lugares de residencia ata os institutos da parte urbana.

Por outra banda, a saturación dos recursos de ensino secundario da zona urbana non está a ser atendida axeitadamente pola Xunta, por iso, periodicamente, se repitan as protestas por falta de medios e persoal.

A desatención á demanda educativa do rural por parte do Goberno galego, que provoca desigualdade e discriminación para o alumnado en función do seu lugar de residencia, debería ser paliada para atender ao mesmo tempo esa situación de saturación e a falla de recursos mediante a creación dun centro que atenda a demanda de ensino secundario da gran maioría do concello.



Ante esa situación, aprobouse xa no ano 2019 no Pleno local unha moción acordando comunicar á Xunta a total dispoñibilidade do Concello de Culleredo para poñer a disposición da Administración autonómica competente en materia educativa os terreos necesarios para a construción dun centro educativo na zona rural que atenda esa necesidade educativa, e por parte dese concello manifestouse desde entón que a radicación dese novo centro podería ser Ledoño, Celas ou Tarrío, neste último caso existe a posibilidade de ampliar o centro xa existente.

Pola súa banda, moitas familias manifestan que o importante é atender efectivamente á demanda, con independencia da radicación ou incluso da tipoloxía do centro.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego atender á necesidade e reclamación, por parte da veciñanza, dun centro educativo que achegue o ensino secundario na zona rural de Culleredo para evitar tanto a saturación dos institutos da zona urbana como a necesidade desprazamento dos mozos e mozas do rural?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 17/01/2022 10:12:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2022 10:12:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2022 10:13:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de poder realizar os exames da UNED en lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo establece a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galiza no seu artigo 6, os cidadáns e cidadás teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, no artigo 15 desta mesma norma establécese que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia e para isto deberán arbitrarse as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos e alumnas a recibir coñecementos.

A UNED conta na actualidade con centros na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e á súa vez o centro da Coruña posúe unha aula da UNED en Ferrol, o centro de Pontevedra ten aulas en Lalín, Vigo e Tui, o centro de Lugo en Foz, Monforte de Lemos e Viveiro e o de Ourense na Rúa de Valdeorras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito e en aplicación da lei de Normalización Lingüística, as e os estudantes que realizan os seus exames en calquera dos centros da UNED situado en Galiza, deberían ter garantido o seu dereito a poder realizalos en galego. Porén, ese dereito non se recoñece. Os exames están dispoñibles, así como todo o material didáctico previo, unicamente en español e nas distintivas normativas que regulan o desenvolvemento dos exames, como é o caso do Regulamento de pruebas presenciales, aprobado en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2011, Publicado en BICI o 18 de outubro de 2012, en 17 de decembro de 2013 e en 17 de decembro de 2019 non se fai ningunha referencia á posibilidade de realizar as probas nas distintas linguas oficiais do Estado español. Tampouco entre os dereitos dos e das estudantes se recoñece o dereito do alumnado a empregar a lingua oficial da súa elección.

A única referencia que pode atoparse a este respecto na normativa da UNED está no Real Decreto 1239/2011, do 8 de setembro, polo que se aproban os Estatutos de la Universidad Nacional de Educación a Distancia, que no seu artigo 5 establece o seguinte:

Artículo 5. Actividades

La UNED, como Universidad Nacional, asume como misiones fundamentales la inserción y coordinación entre los diferentes centros asociados de cada una de las Comunidades Autónomas así como el apoyo a las lenguas y culturas de España.

Para ello y de acuerdo con lo que proceda en cada caso, la UNED podrá desarrollar las siguientes actividades:

a) Colaborará con las Administraciones Autonómicas y demás Administraciones Territoriales para la difusión de la lengua, la cultura y el mejor servicio a sus ciudadanos en educación superior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Potenciará la docencia y el conocimiento de las lenguas oficiales españolas, tanto en España como en el exterior.

c) Incorporará progresivamente las lenguas oficiales españolas a las páginas web y demás publicaciones de la Universidad, especialmente en Comunidades con dos lenguas oficiales, cuyos Centros Asociados propiciarán la convivencia enriquecedora de las dos lenguas en todas sus actividades.

d) Propiciará de forma progresiva que los estudiantes puedan ser tutorizados en la lengua oficial que deseen.

Pola contra, non se realizou ningún avance neste sentido, pois segue sen ofrecerse a posibilidade de facer as probas noutra lingua oficial distinta do español, a páxina web só está en español e inglés e nos centros de Galiza o galego é testemuñal.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten pensado impulsar a Xunta de Galiza para que os e as estudantes da UNED en Galiza poidan cursar os seus estudos en galego?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**
Mercedes Queixas Zas
Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/01/2022 11:49:11

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 11:49:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 11:49:22



Á Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Elena Candia López e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nas últimas semanas véñense rexistrando en distintos puntos de Galicia casos nos que se denuncia a actuación da Sareb, que está desaloxando vivendas que se atopan en alugamento. Son especialmente preocupantes os casos de Burela, nos que se trata dun inmovible cualificado como de protección autonómica para alugueiro durante un período de 25 anos, ou de Narón, Ares e Silleda.

Cómpre lembrar que a Sareb é unha sociedade anónima de natureza xurídico-privada creada ao amparo das previsións contidas na Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, como un elemento do proceso de saneamento do sistema financeiro español. E que, a día de hoxe, o FROB (Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria) ostenta un 45,9 % do capital, mentres que o 54,1 % restante se reparte entre 13 entidades financeiras.

Deste xeito, o Estado é actualmente o propietario de máis do 45% desta sociedade pública e, polo tanto cumpre o papel de arrendador fronte aos actuais inquilinos.

Polo tanto, é o Executivo central o que ten toda a información e, sobre todo, a capacidade de poder intervir, mediar e resolver de forma satisfactoria unha situación que preocupa a dúcias de familias galegas que viven en edificios propiedade da Sareb.

A Xunta, pola súa banda, xa expresou que, dentro das súas competencias, velará polo cumprimento estrito das condicións que establece a normativa para as vivendas protexidas co fin de asegurar que estas se destinen a alugueiro nas condicións establecidas ata que finalice o período de protección.

Chama a atención a actuación do Goberno central en relación a esta cuestión, xa que por un lado está impulsando unha nova lei de vivenda estatal, que supostamente ten como obxectivo garantir o acceso de todos os cidadáns a unha vivenda, mentres que por outro participa nas accións especulativas que está levando a cabo a Sareb na nosa comunidade autónoma.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:



Cal e a valoración da Xunta de Galicia sobre a actuación da Sareb en Galicia e as consecuencias que pode ter para dúcias de familias galegas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2022 12:00:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2022 12:01:07

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2022 12:01:22

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2022 12:01:36

Diego Calvo Pouso na data 17/01/2022 12:01:49

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2022 12:02:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2022 12:02:15

María Elena Candia López na data 17/01/2022 12:02:27

Daniel Vega Pérez na data 17/01/2022 12:02:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a declaración da cultura como ben de primeira necesidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cultura é un dereito, e ademais é tamén unha realidade pluridimensional que xera riqueza, cohesión social e identidade. A cultura galega é a expresión máis visíbel do que somos como pobo e de como entendemos o mundo. Para alén do máis, configúrase coma unha ferramenta esencial para a transformación e a mellora social e o fortalecemento da consciencia e a identidade nacional.

En todas as dimensións permeábeis e discontinuas en que hoxe se manifesta a cultura galega, da sociocultural á patrimonial, da tradicional á experimental, da analóxico á dixital, da material á inmaterial e da económica á creativa, a Xunta de Galiza ten obriga de atender con políticas públicas específicas o desenvolvemento de cada unha delas para dar cumprimento ás competencias exclusivas que ten nesta materia.

E para iso cómpre poñer en valor todo o potencial creativo que temos, proxectando desde Galiza un discurso cultural propio, unha ollada propia no mundo, dun xeito plural e aberto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O estudo do Consello da Cultura Galega intitulado *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI* (2018), xa recoñecía entre as liñas prioritarias a desenvolver “un incremento no orzamento en cultura da Xunta de Galicia. Un obxectivo realista sería pasar do 0,65% da actualidade ao 1% do gasto público consolidado nos próximos catro anos e a un 1,5% nun prazo de dez anos. Este obxectivo sería congruente coas achegas do sector cultural ao emprego e ao PIB de Galicia”.

Para alen diso, esta radiografía do estado da saúde dos sectores culturais galegos determinaba, antes da pandemia, que “Os recortes no gasto público en cultura son demasiado agresivos para un ámbito social que é de protección preferente. Mesmo se se compara con actividades económicas non sociais, os recortes foron maiores. A pequena recuperación do gasto dos últimos anos semella aínda moi insuficiente. Estas baixadas no gasto público indican que a cultura se atopa nos últimos postos nas prioridades dos políticos que dirixen todas as administracións dende o inicio da crise económica”.

É por iso que, dous anos despois, cando a cultura asumiu o papel identificado polo historiador grego Dióxenes Laercio como “un refuxio na adversidade”, os efectos desta crise da COVID19 poden resultar letais para boa parte do sector cultural. E para enfrontala urxen medidas integrais, mais tamén un cambio de modelo.

Nesta altura dispomos de datos que aproximan o nivel de afectación da pandemia sobre o sector cultural galego.

O pasado mes de xullo o Consello da Cultura Galega publicaba o primeiro *Barómetro da cultura galega I*, onde se ofrece unha radiografía pormenorizada do que sucede nas empresas culturais galegas dende que empezou a crise do coronavirus, derivada do seu impacto desde o comezo do confinamento até a actualidade en que segue a verse moi limitada, cando non anulada, as súas posibilidades de desenvolvemento e actuación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Algunhas das conclusións deste primeiro estudo son argumentos sólidos que reclaman unha atención preferente e urgente:

1. A pandemia provocou que un 53,8% de empresas estean inactivas.
2. No sector das artes escénicas, que inclúe as actividades de teatro e música, as salas de espectáculos e actividades auxiliares, o 82,4% mantense inactivo.
3. O 38,6% das empresas da cultura solicitaron un ERTE, con maior frecuencia nas artes escénicas e no sector do libro.
4. O 60,7% das empresas culturais de Galicia sufriu a raíz da COVID-19 unha redución de máis do 50% da facturación nestes primeiros meses do ano. Para o 37,6% esta redución foi mesmo superior ao 75%, porcentaxe que se duplica entre as empresas das artes escénicas.
5. A respecto das estimacións para o tempo posterior á realización da enquisa, todos os sectores da cultura presentan porcentaxes superiores ao 35% de empresas que agardan descensos de máis do 50% no seu volume de facturación anual, se ben é no sector das artes escénicas onde se producirá o maior impacto, pois o 68,5% estima rebaixas de máis do 50% da súa facturación.
6. Os problemas que deben afrontar os sectores culturais son múltiples e, entre eles, sobrancean: o cesamento ou caída da actividade dos clientes e o conseguinte descenso na demanda (81,5%); o problema de tesouraría (53,1%); a dificultade para pagar impostos e seguros sociais (39,3%); os problemas cos provedores, pola imposibilidade destes de entregar subministracións ou prover dos servizos que viñan prestando (30%), os problemas de distribución (28,7%) e os de financiamento (25,1%). Pechan a listaxe, os derivados das limitacións de cabida (21,8%), a inseguridade





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

xurídica (19,8%) e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene (13,5%).

Finalmente, este estudo do CCG conclúe que as empresas culturais galegas suspenden os tres niveis da Administración pública (estatal, autonómico e local) no referente ao apoio prestado ao sector para facer fronte ás consecuencias da COVID-19.

Consecuentemente, por unha banda, comprobamos que a crise provocada pola COVID19 repercutiu de maneira especial no noso ecosistema cultural ao partir dunha situación de enorme febleza e precariedade. E pola outra, esclárese que as estruturas profesionais da cultura galega - autónomos, micro-pemes e cooperativas sociais na súa gran maioría – están a afrontar un contexto xa non de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola propia supervivencia. De igual maneira acontece coa cultura de base e o asociacionismo cultural, especialmente o vinculado coa música e cultura tradicional que mobiliza miles de persoas.

Urxe, pois, á vista da realidade contrastada obxectivamente na investigación do Consello da Cultura Galega, poñer en valor todo o potencial creativo que temos proxectando desde Galiza un discurso cultural propio, unha ollada retroalimentadora nun mundo diverso, dun xeito plural e aberto.

No BNG acreditamos nunha cultura galega viva, con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, apoie a creación artística, visibilice a nosa produción cultural e actúe como elemento de dinamización e vertebración territorial, social e económica do noso país.

Así mesmo, entendemos a cultura galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga en igualdade co resto de culturas do planeta, que quere seguir achegando a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa identidade e creatividade ás demais e que ten, para iso, que participar plenamente das redes e dos circuítos culturais internacionais.

A promoción da identidade galega e a defensa da diversidade cultural son, neste sentido, dúas caras da mesma moeda, que deben ser desenvolvidas conxuntamente.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de apoio e impulso que dean cobertura aos dereitos culturais da cidadanía galega pensa adoptar o goberno da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/01/2022 12:09:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 12:09:51

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 12:09:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda de información sobre a situación de incerteza creada a raíz da saída da Xunta de Galiza do Padroado da Fundación Sargadelos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Sargadelos é máis que un centro de traballo, é todo un emblema da cultura galega.

A factoría de Cervo, na comarca da Mariña, foi fundada en 1806 por Antonio Raimundo Ibáñez con quen comezou a produción de louza nesta localidade mariñá, mais foi da man de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane cando se converteu en máis que unha fábrica de cerámica para ser espazo de creación artística e rexurdir cultural do país após a ditadura fascista.

Un proxecto de tal calado histórico non asombra que atravesase diferentes etapas históricas, marcadas polos avances no deseño e policromía da louza, chegando a traballar na fábrica orixinaria en 1849 máis de 1.000 familias na coñecida como época dourada do primeiro Sargadelos. Un tempo que contrasta coa decadencia progresiva que se vivirá nas décadas seguintes e que levará ao peche en 1875.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Haberá que agardar a 1949 en que Isaac Díaz Pardo inaugure un taller cerámico que acaba converténdose no complexo industrial de Cerámica do Castro. A súa incansábel vocación artística e espírito empresarial, para alén do seu contacto cos exiliados galegos en terras arxentinas, contribuíu para cadrar, xunto a Luís Seoane, a vontade común de traballar nun proxecto de recuperación económica e cultural de Galiza, que se plasmou en 1963 coa creación do Laboratorio de Formas.

Ao tempo que o Castro recuperaba a produción de louza enraizada no simbolismo artístico e histórico de raíz propiamente galega, en 1970 os dous piares fundacionais deste proxecto cultural e económico vitalmente galego reinauguran o novo Sargadelos de Cervo, abrindo a porta a unha concepción cultural revisionista do que significaba Galiza.

Deseño e calidade, asentadas nunha marca de identidade persoal galega, converteron este produto nun referente de recoñecemento interior e exterior.

Nos últimos anos a empresa estivo ás portas da quebra, atravesou un longo concurso de acredores e o cadro de persoal viuse atinxido por un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) imposto pola dirección, co visto e prace da Xunta de Galiza, que sería declarado nulo polo TSXG en xaneiro de 2018. Un tempo que, no entanto, abriu a porta a represalias sindicais contra algunha traballadora e foi oficializando despidos progresivamente.

Unha actitude do actual administrador de Sargadelos que puxo en risco a viabilidade da produción e da propia factoría, cuxo complexo de Cervo foi catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC) a través do Decreto 171/2014, do 26 de decembro, na categoría de monumento; e con ela o futuro dun dos símbolos culturais de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, dun complexo que para alén de factoría é un monumento, unha mostra material do inmenso patrimonio artístico e cultural de Galiza.

Razóns de máis para que desde a Xunta de Galiza se atenda ao presente e futuro dun valor cultural referencial.

O 26 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba na súa web oficial que “a Xunta pasará a formar parte do Padroado da Fundación Sargadelos, tras o acordo acadado coa dirección da firma. Un acordo co que o Goberno galego dá un novo paso na reactivación do legado cultural de máximo nivel dunha das firmas máis simbólicas do país e unha oportunidade fantástica para poñer en valor, impulsar e promocionar a innegable transcendencia de Sargadelos na cultura galega”, en palabras do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez.

Informábase tamén que o propio conselleiro e o secretario xeral de cultura serían os representantes do goberno no padroado da Fundación Sargadelos.

Na folia de ruta comprometida polo goberno destacaba “a reactivación do complexo de Cervo, como primeiro paso dun ambicioso proxecto autonómico”, entre varias iniciativas nas que “a Xunta de Galicia vai estar implicada co obxectivo de poñer en valor e difundir o legado cultural de máximo nivel de Díaz Pardo e Luís Seoane, tendo tamén en conta a súa pegada tanto no Castro (Sada) como en Santiago de Compostela”.

En decembro de 2020, mes e medio despois, fíxose público na prensa, e non nas canles oficiais da consellaría, que a Xunta renunciaba a continuar a facer parte do Padroado da Fundación Sargadelos para “evitar susceptibilidades” ao se confirmar a incorporación profesional como asesora externa da parella do presidente da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Resulta moi sorprendente que en tan pouco tempo aquel reseñado e mediático pacto para un ambicioso proxecto compartido fose anulado sen máis explicación oficial e con estrañas correlacións empresariais, políticas e familiares próximas ao presidente da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno sobre a necesidade de protexer o legado de todo tipo de bens e creacións materiais culturais que conforma Sargadelos, incluído o complexo do Castro (Sada-ACoruña)?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 12:34:17

Daniel Castro García na data 17/01/2022 12:34:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 12:34:31



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Foro Económico de Galicia vén de publicar no mes de decembro o Informe de Conxuntura Socioeconómica relativo ao terceiro trimestre do ano 2021.

Un informe que revela que a economía galega vai recuperando niveis de actividade e crecemento respecto da etapa precrise, aínda que este dinamismo non é homoxéneo, preocupando especialmente o menor nivel de investimento respecto da media da economía española, a maior contracción das exportacións e importacións e polo que se refire ao emprego, menos taxa de actividade e ocupación e peor calidade do mesmo. Así mesmo, destaca que Galicia se atopa no nivel medio - baixo no ámbito da competitividade.

En todo caso tamén compre destacar que de inicio a economía galega tivo unha menor afectación na súa actividade produtiva na crise do ano 2020 provocada pola Covid-19.

Os especialistas do Foro sinalan que o PIB galego se atopa 3,5 puntos por debaixo do nivel precrise, e que aínda supoñendo un mellor comportamento que a media da economía española está lonxe da media Europea.

O crecemento do PIB galego reflexa, polo lado da demanda, un crecemento positivo do consumo público e privado con taxas superiores á media estatal, pero tamén unha contracción do investimento do 3,3 % fronte ao incremento do 1,3 % en España.

No caso do sector exterior, tamén se reflexa unha contracción das exportacións e así como das importacións galegas (2,7 % e 5,7 %, respectivamente) fronte as taxas de crecemento positivo na economía española e superiores ao 10 %.

O informe tamén reflexa un incremento do gasto público en valores superiores o cuarto trimestre do 2019 e unha contracción do gasto privado, aínda que inferior a media española.



Dende o punto de vista da oferta, a reactivación en Galicia no terceiro trimestre tan só se rexistra no sector servizos, o que contratas co rexistrado en España onde a industria manufactureira medra un 1,2 % fronte unha caída en Galicia do 0,5 %.

En termos de produtividade do tecido produtivo galego este segue sendo inferior a media española, onde destaca a baixa produtividade do sector manufactureiro en relación o conxunto do Estado que representa o 71,9 % no último trimestre fronte ao 78,2 % antes da crise do 2019.

En canto ao emprego, a pesar de que se recuperan os niveis de afiliación, a taxa de actividade en Galicia ofrece os peores datos do Estado (despois de Asturias) e no que atinxe as taxas de ocupación, Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de ocupación.

Salientar tamén que a calidade do emprego en Galicia non mellora, manténdose un incremento da contratación parcial e unha maior temporalidade no emprego, especialmente no que se refire ao emprego feminino, aumentando os índices de desigualdade no ámbito da contratación (o 25 % das mulleres teñen un emprego parcial fronte o 6,2 % dos homes).

Finalmente, a pesar de que o impacto da crise no ano 2020 en Galicia foi menor que en España, o Índice de Competitividade Rexional reflexa que só Galicia e a Comunidade de Valencia perden peso relativo, ocupando Galicia unha posición media- baixa (novenos posto).

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A tenor do Informe do Conxuntura relativo ao cuarto trimestre emitido polo Foro Económico de Galicia, que medidas vai a tomar a Xunta de Galicia para impulsar a produtividade do tecido produtivo e a competitividade da economía galega?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 12:54:00
Nº Rexistro: 27952
Data envío: 17/01/2022 12:54:00.682

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/01/2022 10:25:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2022 10:25:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A chegada da Alta Velocidade a Galicia, en concreto á provincia de Ourense, despexou moitas incógnitas e trouxo consigo outras tantas dúbidas.

A primeira incógnita despexada é que a Alta Velocidade chegou a Galicia antes de rematar o ano 2021, tal como comprometeu o presidente do Goberno Pedro Sánchez.

Este cumprimento retrata que os vaticinios negacionistas espallados interesadamente polo presidente da Xunta de Galicia en torno a data da chegada do AVE a Galicia, non eran máis que un intento de confrontar co Goberno do Estado.

Aínda que o AVE como tal non efectuará parada na estación da Gudiña-Porta de Galicia, esta estación si dará cobertura ferroviaria as persoas viaxeiras que decidan achegarse a Madrid ou Ourense, empregando a Alta Velocidade a través dos trens Alvia.

En consecuencia, a redución de tempos alterou as horas previstas de parada destes trens que conectan con Madrid ou co interior de Galicia.

Isto afecta tamén aos horarios dos autobuses interurbanos de titularidade da Xunta de Galicia, que achegan aos viaxeiros a estes servizos.

Sendo Verín o centro neurálxico, loxístico, económico e comercial da comarca de Monterrei (30.000 persoas), a Xunta de Galicia debería modificar os horarios das conexións de transporte público dende esta vila coa estación da Gudiña – Portas de Galicia, fixando combinacións axeitadas para que os potenciais viaxeiros e viaxeiras poidan chegar a tempo para coller algún dos Alvia que parten da Gudiña cara Madrid.



Conexións existentes entre Verín-A Gudiña

Son catro os trens diarios nos que podemos, dende a Gudiña, chegar á capital de España -ás 08:01h, 10:34h, 13:43h e 19:28h-. Por outra banda, son cinco as conexións de autobús que unen a nosa vila coa estación de ferrocarril:

- 13:00h, con chegada ás 13:50h
- 17:15h, con chegada ás 18:05h
- 18:30h, con chegada ás 19:14h
- 20:10h, con chegada ás 20:57h
- 22:10h, con chegada ás 23:00h

Con estes horarios, pode comprobarse que, en ningunha ocasión, se podería acceder aos dous primeiros trens Alvia. Tampouco ao terceiro, xa que o primeiro dos autobuses chegaría sete minutos máis tarde da saída do tren ás 13:43h. Só no caso de viaxar no bus con saída de Verín ás 17:15h ou ás 18:30h poderíamos facer uso do servizo ferroviario das 19:28h. Aínda así, no primeiro estaríamos obrigados a agardar unha escala de arredor de hora e media.

Outro dato salientable é que estes servizos de transporte público por estrada que comunican Verín coa Gudiña teñen lugar de luns a venres laborables, polo que tampouco é factible o acceso aos trens que circulan na fin de semana ou en días festivos.

Conexións A Gudiña-Verín

No caso contrario, mesmos problemas. Para volver a Verín dende A Gudiña, soamente teríamos dúas opcións de regreso a casa, a pesar de existir catro trens e outras tantas combinacións de autobús que conectan a estación de ferrocarril coa nosa vila:

- 07:07h
- 07:56h
- 11:55h
- 15:52h

Só no caso de viaxar no tren das 06:20h -que chega ás 08:44h á Gudiña- ou das 13:15h -que chega ás 15:37h- poderíamos coller algún deses autobuses. Polo tanto, se escollemos as opcións de Alvia máis tardías -ás 17:45h e ás 19:13h- non dispoñeríamos de opcións para chegar ata Verín por esta vía.

Como no caso anterior, estas conexións teñen lugar de luns a venres laborables, polo que o servizo en fin de semana ou días festivos quedaría deserto.



Non ocorre isto no caso doutras localidades ourensás como O Barco de Valdeorras, onde a Xunta de Galicia xa modificou os horarios de autobús para garantir os enlaces con esperas reducidas. Así, atrasouse o horario do servizo que lles permite ás e aos viaxeiros coller o primeiro tren da mañá creando ademais unha nova expedición para atender aos que chegan no tren de volta a media tarde. Tamén se mantén o servizo que sae da Gudiña ás 19:00h e que conecta aos viaxeiros con Viana do Bolo.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o goberno da Xunta de Galicia modificar os horarios de conexión por autobús Verín - A Gudiña - Verín, para harmonizalos e concilialos cos xa establecidos para a chegada e saída dos trens de Alta Velocidade dende a estación Portas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/01/2022 10:20:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2022 10:20:41

Patricia Otero Rodríguez na data 17/01/2022 10:20:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2022 10:21:03



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O mercado laboral galego segue a estar caracterizado por un escaso dinamismo, cunha taxa de actividade de tan só un 52,9 % , fronte ó 59,14 do resto do Estado, caracterizado, por un insoportable índice de precariedade, e dobre temporalidade e que afecta con máis forza ás mulleres, ás mozas e mozos e ás paradas e os parados de longa duración.

Cos da última EPA publicada a precariedade continúa a ser unha constante. A taxa de temporalidade aumenta, é do 26 % , a de parcialidade do 13,4 % e no caso da involuntaria do 51,3 %.

Por sexos, de novo, son as mulleres as que sofren máis o desemprego, cunha taxa do 11,1 % , fronte ó 9,5 % no caso dos homes. E no caso dos máis mozos, esta sube ata o 24,3 % . Cunha forte caída do emprego na industria, con 8.800 postos de traballo menos que no mesmo trimestre de 2020, unha baixada do 4,9 % . Evolución contraria ó resto do Estado onde rexistra un repunte interanual, en 40.400 persoas empregadas máis.

Neste contexto a creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenrolo e avance da economía tan necesaria en Galicia.

O emprego é un pilar clave no benestar dunha sociedade e permite o crecemento da cidadanía e, polo tanto, impulsa a actividade económica a todos os niveis.

En tan so un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia.

Créase emprego en todos os sectores económicos e de forma importante en sectores económicos de alto valor engadido.

Nese senso, a reforma laboral acadada entre o Goberno do Estado e os axentes sociais, un acordo ambicioso, é a mellor ferramenta para seguir consolidando un marco de creación de emprego que atalle os dous principais males do noso mercado de traballo, a precariedade e o alto desemprego, como acontece na nosa Comunidade Autónoma, de maneira máis pronunciada que no Estado.



Por elo, a nova reforma laboral penalizará a contratación de baixa duración e incentivará a contratación indefinida e o emprego estable.

A nova reforma laboral tamén aposta por potenciar a contratación indefinida fronte a temporalidade e reducirá o número de tipos de contratos xeneralizando o contrato indefinido, limitando a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, e fomentando o contrato fixo discontinuo.

Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados.

Ademais, reforzaráse a negociación colectiva ao recuperar a ultraactividade indefinida, xa que os convenios se prorrogarán ata que sexan substituídos por outros novos sen límite temporal. Tamén se incrementan as sancións por contratación irregular e se impulsa a formación dos traballadores e traballadoras.

Partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa o despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas. Impediranse, ademais, os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, trátase de crear un marco laboral do século XXI, que permita reducir a temporalidade no traballo, reforzar a creación de emprego de calidade e ofertar seguridade xurídica ás empresas e, ao mesmo tempo, cumprir cun compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e comezar a percibir os primeiros fondos europeos, como xa está a suceder.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Aposta o Goberno galego por refrendar a reforma laboral pactada polo Goberno do Estado cos axentes sociais?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2022 11:01:23

Marina Ortega Otero na data 17/01/2022 11:01:31

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2022 11:01:40



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No marco do Plan nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia inclúense, no compoñente 23, novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo. Un dos obxectivos é reformar e impulsar as políticas activas de emprego, mellorando a cohesión do Sistema Nacional de Emprego cun enfoque centrado nas persoas e nas empresas, orientándoas cara a uns resultados avaliábeis, coherentes coa innovación, a sustentabilidade e as transformacións produtivas, apoiadas na mellora das capacidades.

Neste compoñente 23 intégrase o Investimento 1, Emprego Xove, que asemade inclúe a actuación do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas.

Esta actuación ten como finalidade desenvolver un plan de primeiras experiencias profesionais para as persoas xoves no seo dos servizos prestados polas administracións públicas.

A dificultade de adquirir unha primeira experiencia laboral significativa aféctalles ás persoas xoves, dificultalles a súa integración temperá no mercado de traballo e o seu crecemento profesional e, xa que logo, persoal.

Esa falta de experiencia profesional relacionada coa formación cursada é unha das barreiras que teñen as persoas xoves para acceder a un emprego cualificado, o que as deixa en desvantaxe respecto doutras de máis idade, e promove dinámicas de desaxuste por sobrecualificación entre as habilidades que teñen e as que requiren os postos de traballo ós que finalmente acceden.

Un programa, dirixido a xoves en desemprego maiores de 16 e menores de 30 anos con etapa formativa completa e acreditada en canto a coñecementos se refire, que pretende facilitar mediante ese primeiro contrato de traballo, a adquisición de competencias soft, así como habilidades sociais e profesionais.



A través do programa de primeira experiencia realizaranse preferentemente tarefas relacionadas coa economía verde, a dixitalización de servizos, a cohesión social, a atención da dependencia e intervención con colectivos vulnerables, a rehabilitación de contornos e vivenda, así como o desenvolvemento local rural.

Con estes preámbulos, e financiado con recursos do Instrumento Europeo de Recuperación (NextGenerationEU), a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, o xoves 30 de decembro de 2021 era publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde de 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ó financiamento do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas, de contratación de persoas xoves desempregadas no seo dos servizos prestados pola Administración pública galega, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022, estendéndose o seu ámbito de aplicación a todo o sector público autonómico de Galicia. A contratación das mozas e dos mozos realizarase por unha duración máxima de 12 meses, con xornada a tempo completo.

No artigo 3 da referida orde establécense as entidades beneficiarias da subvención e fíxanse como tales exclusivamente os órganos da Administración da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos, así como as demais entidades que integran o sector público autonómico de Galicia.

Por outra banda, segundo o estipulado na Orde TES/1152/2021, do 24 de outubro, publicada no BOE de data 26 de outubro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ó financiamento do "Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas", de contratación de persoas mozas desempregadas no seo dos servizos prestados polas administracións públicas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, no seu artigo 3.b establécense como persoas beneficiarias da subvención de forma literal:

“b) En el ámbito de gestión de las comunidades autónomas serán beneficiarias las entidades que determinen las mismas, dentro de los órganos de la administración de la comunidad autónoma y sus organismos públicos vinculados o dependientes, así como las demás entidades del sector público institucional de la respectiva comunidad autónoma, **así como las corporaciones locales o entidades dependientes o vinculadas a una administración local de su ámbito territorial.**”



Así as cousas, este Grupo Parlamentario Socialista non alcanza a entender que non se inclúan como beneficiarias deste programa as corporacións locais de Galicia, así coma as entidades dependentes ou vinculadas á Administración local do ámbito territorial de Galicia, a excepción de que a causa sexa a continua discriminación que veñen sufrindo os concellos por parte de Goberno galego, nomeadamente as non gobernadas polo Partido Popular de Galicia. Esta discriminación, saltándose o disposto na Orde estatal que ampara a convocatoria, para o Presidente de Galicia non debe formar parte do seu concepto de “discriminación” no que si inclúe, paradoxicamente, a financiación dos programas piloto nas comunidades de Extremadura, Valencia, Navarra e País Vasco recollidos en cambio, iso si, no Real decreto 902/2021, do 19 de outubro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego de que non se inclúa na Orde do 29 de decembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade como entidades beneficiarias do programa de primeira experiencia laboral para mozas e mozos as corporacións locais de Galicia e as entidades dependentes ou vinculadas a elas?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2022 10:07:18

Noelia Otero Lago na data 17/01/2022 10:07:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2022 10:07:37

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2022 10:07:49

Marina Ortega Otero na data 17/01/2022 10:07:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada sen precedentes durante a última década.

Algúns dos factores que explican o desolador balance son: a acusada diminución de tráfico sen excepción, o abandono do importante tráfico de contedores, dependencia das descargas de petróleo e carbón, así como a aposta polo tráfico de cruceiros xunto á ausencia de diversificación e captación de novos mercados (como si fixeron portos próximos como Vigo, Ferrol ou Leixoes).

Razóns que constatan a redución da participación do porto da Coruña no conxunto dos portos do Estado; mentres que os tráfico portuarios coruñeses decrecen nun -11,5%, en España aumentan nun +20,7%.

Unha situación que denota a falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser un importante motor económico para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidade a comarca se atende a unha xestión diferente que atenda as necesidades actuais e de futuro, corrixindo os erros do plan de actuación que o trouxeron até aquí.

O porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a se recuperar como un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e tráfico comercial nacional e internacional.

Neste sentido, urxe recuperar o índice de conectividade do porto da Coruña con outros recintos para dinamizar os tráfico, nomeadamente o emerxente de contedores, captar novos fluxos de mercadorías, ser base de operacións e facilitar a súa dimensión internacional.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese o goberno galego a demandar, desde a súa representación no Consello de administración da Autoridade Portuaria da Coruña, un plan estratéxico de impulso e dinamización económica do porto da Coruña?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 13:42:02

Rosana Pérez Fernández na data 17/01/2022 13:42:10

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 13:42:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a universalización do servizo de Atención Telefónica á cidadanía a través do número 012.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven prestando servizo atención telefónica á cidadanía a través do número de teléfono 012, mediante o que se informa e asesora, permitindo, asemade, a realización de trámites administrativos sinxelos.

O servizo, actualmente externalizado, permite -entroutros extremos- o contacto co persoal da Xunta de Galiza, recibir información sobre competencias, fins e localización de órganos de xestión administrativa, posibilita a presentación que queixas e suxestións, sobre procedementos e trámites administrativos; ou mesmo facilita información sobre axudas para adquisición ou rehabilitación de vivendas, ofertas de traballo, políticas activas de emprego ou para cumprimentar un dos requirimentos básicos para a percepción de prestación ou subsidio de desemprego, como é a renovación da tarxeta de demandante de emprego.

Xa que logo é un servizo básico no que a utilidade será maior, canto maior sexa a dificultade para acceder á administración pública, ben polo descoñecemento das complexidades administrativas ou polas limitacións, técnicas ou materiais, para o aceso virtual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O certo é que nun momento no que está limitado (desaconsellado en calquera caso) o aceso ás dependencias administrativas, o que reduce as posibilidades de información e asesoramento presencial; no que está constatada a realidade de que boa parte da poboación galega, nomeadamente a residente no rural, carece de acceso a internet, o que impide a relación virtual coa administración; o teléfono é un vehículo básico para poder acceder á información administrativa e a relación coa administración.

A pesares do indicado e de que a cidadanía galega xa paga cada ano máis de 1.222.000 € pola mera existencia do servizo de información (externalizado), resulta que cada vez que un cidadá/n o utiliza debe pagar por cada chamada un prezo que, dependendo de cada operador telefónico, pode oscilar entre 0,43 e 0,83 € por cada 160 segundos de duración da comunicación e ao marxe da eficacia da mesma e da necesidade de repetila. Non é infrecuente o caso dunha persoa que, ante a saturación dos operadores, ten que chamar ate 5 veces ate poder recibir a información pretendida ou realizar a xestión demandada.

Xa que logo tendo en conta que o acceso a boa parte da información facilitada por este servizo é un dereito que a lei confire á cidadanía nas súas relacións coa administración pública, que noutros moitos casos é necesaria para exercer dereitos esenciais ou mesmo que ven imposta legalmente, e que en moitos casos trátanse de “clientes cautivos”, por non ter outra vía de aceso á esa información ou asesoramento primario, dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos improcedente a imposición da obriga de pago cada vez que se use o servizo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno Galego que a cidadanía debe soportar algún tipo de custe pola realización telefónica de trámites administrativos ou polo exercicio do dereito á información administrativa básica?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonso

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 16:35:23

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2022 16:35:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/01/2022 16:35:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de levar a cabo un Plan Industrial para a Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de que a comarca da Mariña precisa un Plan Industrial lévase manifestando desde hai xa décadas. Ano tras ano a industria desta comarca viu como ían desaparecendo empresas e postos de traballo, facendo que o peso industrial da Mariña e do noso país fose progresivamente a menos.

Todo este desmantelamento produciu un fartazgo que se mostrou claramente o pasado 17 de novembro na Folga Xeral da Mariña, onde toda a comarca dixo basta ás políticas dos gobernos da Xunta e do Estado que levaron a que día de hoxe a Mariña estea nun dos seus peores momentos económicos e industriais.

Alén disto, a situación tinguíuse dunha maior incerteza a finais do pasado mes de decembro cando o proceso de negociación de Alcoa collía un novo rumbo ao aprobarse a parada da cubas até o 2024, coa promesa dun rearranque e cuns traballadores e traballadoras abandonadas polos dous gobernos que decidiron democraticamente escoller esa opción ante a falta de solucións políticas. Neste contexto onde non se ten ningunha garantía dun final positivo, temos que sumar o peche definitivo da empresa de aeroxeradores de Vestas en Viveiro, que levou á rúa a preto de cen persoas que se suman á longa lista de postos de traballo perdidos no eido industrial.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, e ante a unha nova situación aínda máis desoladora e negativa, cómpre que a Xunta promova un Plan de Industrialización para unha comarca que se xa o levaba precisando desde hai anos, a día de hoxe fáiselle vital.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal vai ser a política industrial da Xunta de Galiza na comarca da Mariña despois da parada das cubas de Alcoa e do peche definitivo de Vestas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2022 17:20:51

Daniel Pérez López na data 17/01/2022 17:20:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 17/01/2022 17:21:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para dar cumprimento á Lei Ángeles Alvariño para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xullo o Diario Oficial de Galiza (DOG) publicaba a Lei 13/2021 do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

A coñecida como Lei Ángeles Alvariño obriga, entre outras cuestións, aos organismos públicos e privados a incorporar mecanismos correctores nas convocatorias de I+D+i que impiden a penalización das mulleres que deciden ser nais durante a súa carreira profesional.

O propio texto legal, a través da disposición derradeira primeira, fixa un prazo de tres meses para a adaptación a esta esixencia.

A Xunta de Galiza a través dos distintos departamentos con competencias en materia de investigación e innovación, ten unha responsabilidade enorme á hora de dar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprimento a esta normativa mais tamén en servir de guieiro ás demais entidades, institucións e organismos públicos e privados.

Neste senso, sería fundamental –como así se comprometeu o propio goberno galego con InvestiGal-- que a Xunta desenvolvese unha guía para garantir o cumprimento da lei e tamén apoiar e acompañar outras institucións públicas e privadas no seu desenvolvemento.

Ademais, ten obriga de cumprir coa Lei Ángeles Alvariño nas propias convocatorias públicas que impulsa a través da Consellaría de Educación ou da GAIN.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas desenvolveu ou pensa desenvolver a Xunta de Galiza para dar cumprimento á Lei Ángeles Alvariño?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2022 18:26:12

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2022 18:26:28

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2022 18:26:35



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O desmantelamento dos servizos de Atención Primaria no concello de Viveiro véñense padecendo e denunciando dende hai moitos anos. O centro de saúde e o PAC de Viveiro sofren dende hai moito tempo os 12 anos de recortes na sanidade por parte do goberno popular na Xunta de Galicia.

O centro de saúde de Viveiro, como tantos outros da provincia de Lugo e do resto de Galicia son o exemplo do ataque, que a Xunta de Galicia, fai cara á Atención Primaria, base do sistema asistencial para construír unha sanidade próxima e de calidade.

Como dicíamos a situación de saturación e colapso que está a vivir o centro de saúde de Viveiro non é nada novo, froito da COVID19, xa viña de vello, e eran e son habituais as queixas dos seus usuarios e usuarias.

Só poñer algúns exemplos da falla de médicos deste centro de saúde que demostran que se trata dun problema estrutural e non puntual:

- No verán do ano 2018, moitos dos pacientes da quenda de tarde quedaban sen atender por faltas de médicos neste centro de saúde, xa que dos tres médicos que traballan nesa quenda en moitas ocasións só había un. Ademais na quenda da mañá, sen cubrir todo o verán dúas prazas de médicos. O que amosa unha política irresponsable de non cubrir o persoal.
- A finais de 2019 os pacientes denunciaban que tardaban semanas en coñecer os resultados de probas e analíticas posto que, aínda que tiñan citas concertadas, non había médicos substitutos e as mesmas citas eran anuladas.



- Ao longo de 2021 foron numerosas as ocasións en que dos 7 médicos da quenda da mañá só había dous nesta quenda e outro para as urxencias. Ao longo do verán, na quenda de tarde, que conta con tres médicos, houbo días en que non había ningún persoal facultativo.

Esta é a política do señor Feijóo para coa atención primaria; non cubrir baixas, nin vacacións, nin excedencias, nin xubilacións. Dende hai moitos anos dende o Concello de Viveiro, os profesionais sanitarios e os usuarios deste centro de saúde levan denunciando a falta de medios humanos e materiais e pedindo que se cubran estas baixas e se poñan os medios suficientes para ter unha atención primaria de calidade que así o merecen os pacientes, pero tamén para ter unhas condicións dignas para os seus profesionais xa que en moitos momentos teñen que atender unha media diaria de 90 a 100 pacientes.

Agora, en plena sexta ola da covid-19, este centro atópase nunha situación caótica. Na semana pasada chegaron a faltar 3 dos 7 médicos da quenda da mañá, o que implicou entre outros problemas, a que se chegasen a aprazar moitísimas citas e que como denunciou algún paciente en prensa “ O problema máis gordo é que non te avisan, sábelo cando chegas ao centro de saúde despois de desprazarte”. Ademais os usuarios están tardando ata 16 días para conseguir citas médicas.

E o caso chegou ata un punto tan caótico que durante varios días este centro de saúde chegou a contar só cun único médico, para atender a case 16.000 veciños e veciñas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cando pensa o Goberno galego repoñer os profesionais de Atención Primaria que ten asignados o centro de saúde de Viveiro?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 10:40:10
Nº Rexistro: 28074
Data envío: 18/01/2022 10:40:10.649

Patricia Otero Rodríguez na data 17/01/2022 18:02:12

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2022 18:02:28



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é un dos cinco Fondos Estructurais e de Inversións Europeas para o período 2014-2020 que contribúe á consecución dos obxectivos de Política Pesqueira Común (PPC), a Política Marítima Integrada (PMI) e a Estratexia Europea 2020.

Segundo o Acordo de Conferencia Sectorial de Pesca de 2014 dos 1.089 millóns de euros de fondos comunitarios do FEMP asignados a España 371,02 millóns correspondíanlle a Galicia, o que supón o 44,72 % do repartido entre as comunidades autónomas (829,55 millóns).

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución dos fondos FEMP 2014-2020 asignados a Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 17/01/2022 18:02:46

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2022 18:02:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ausencia de pediatría a tempo completo no CS de Galeras en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde adoece dunha carencia gravísima de profesionais en todas as categorías e que é común a todas as áreas sanitarias. Aínda que esta situación é máis dramática no rural, os centros do urbanos tampouco son alleos a esta problemática.

Esta falta de persoal é unha das causas da situación de sobrecarga que está a sufrir este nivel asistencial, que se traduce en listas de agarda para ter acceso a unha cita no centro de saúde así como en xornadas maratonianas para as profesionais. Ademais provoca a non cobertura das prazas no caso de ausencias temporais (vacacións, IT), mais tamén no caso de vacantes que fican descubertas despois de xubilacións ou traslados.

Unha das categorías que máis padece a situación é a das facultativas de pediatría, e vimos asistindo a un proceso nos últimos anos no que múltiples núcleos do rural fican sen asistencia pediátrica continuada, limitándose esta a unhas determinadas horas durante o día, ou incluso, sen ter asistencia durante todos os días da semana.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O centro de saúde de Galeras, na cidade de Santiago de Compostela, vén de quedar nesta situación. Após a xubilación da profesional do centro, a reincorporación da nova profesional faise nun horario parcial de xeito que esta pediatra presta asistencia en Val do Dubra e no centro de Galeras diariamente. Isto, ademais de supor unhas condicións laborais complicadas para a profesional, tamén implica unha diminución no tempo de asistencia que se viña prestando no caso do CS Galeras, co aumento posterior nas listas de espera para ter unha cita e unha menor accesibilidade para as crianzas e as familias.

Ante a gravidade do exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno :

Dada a situación, cales son as medidas previstas para recuperar o servizo de pediatría en xornada completa no Centro de Saúde de Galeras?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2022 11:47:33

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 11:47:37

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 11:47:47



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A transformación dos servizos sanitarios cara a modelos asistenciais máis próximos e amables para o paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións. Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio Plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega mais, xa chegados ao ecuador do programa, na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país. Así, mentres algunha presta o HADO a todo o seu territorio, na de Santiago de Compostela e Barbanza ese servizo só lle corresponde a pacientes da capital galega e aos que habitan nunha área de ata 25 quilómetros da Unidade, deixando así fóra a núcleos como Rianxo, por exemplo.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego que exista tanta diferenza na cobertura do servizo de HADO entre as distintas áreas sanitarias?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:34:18

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 11:34:32

Marina Ortega Otero na data 18/01/2022 11:34:41



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia constituía a mediados de novembro de 2020 a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, creada segundo Decreto 105/2020, do 9 de xullo, como órgano colexiado de coordinación das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma no territorio da Ribeira Sacra.

A nova comisión é un órgano de xestión transversal que reflicte o compromiso da Administración autonómica cos concellos das provincias de Lugo e Ourense que forman a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Concretamente, segundo anunciou a Xunta de Galicia, están implicadas nesta comisión sete consellarías que, no seu conxunto, están investindo 34 millóns de euros neste territorio a través dun plan específico.

Compoñen este órgano a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación; así como as consellarías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Infraestruturas e Mobilidade; Cultura, Educación e Universidade e Medio Rural. Así mesmo, tamén están convidados a participar nesta ferramenta de xestión outros organismos e entidades locais presentes no territorio como concellos, consorcios, deputacións, asociacións e bispados, entre outros.

A xornada en que se anunciaba a constitución da comisión, o Goberno galego presentábaa como ferramenta clave na coordinación de actuacións e investimentos que permitirá o Goberno galego continuar avanzando coas máximas garantías no desenvolvemento da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

Entre outras competencias, a comisión presentará as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas para unha xestión eficaz con garantías tendente á conservación dos seus valores como paisaxe cultural; fixará as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta, e dará a coñecer os seus resultados; apoiará e impulsará as liñas de acción parala protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe cultural da Ribeira



Sacra; elaborará propostas vinculadas coa súa situación e potencialidades como paisaxe cultural e realizará unha avaliación periódica da situación.

A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra funcionará en Pleno, que se reunirá con carácter ordinario unha vez ao ano, e na Comisión Permanente, cuxa reunión ordinaria será, polo menos, unha vez ao semestre. No artigo 1.3 do decreto de creación da comisión aseguran que un dos seus obxectivos é ser a canle para a participación activa das comunidades locais do territorio da Ribeira Sacra. Sorprende que esta sexa a vontade real toda vez que a participación desas comunidades locais só poderá darse, con carácter ordinario, unha vez ao ano, que é cando se reúne o Pleno.

En recente comparecencia parlamentaria, o conselleiro de Cultura non dilucidou as dúbidas xurdidas en torno a esta comisión, crucial en principio para a candidatura da Ribeira Sacra, e por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cantas veces se reuniron o Pleno e a Permanente da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:35:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2022 11:37:48



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O cada vez maior abandono no que se atopa a atención primaria en Galicia déixase ver de maneira máis notoria no ámbito rural, onde a súa cidadanía dispón de centros de saúde avellentados, listas de agarda interminables e profesionais cansos que mesmo teñen que asumir especialidades sanitarias que non lles corresponden.

Un destes casos é o do concello coruñés de Ordes, que conta cun centro de saúde cun Punto de Atención Continuada (PAC) que carece dos recursos infraestruturais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades da poboación que asiste, algo inasumible como capital de comarca que é.

O centro precisa dunha reforma integral e mesmo dunha ampliación, para a que conta con espazo suficiente, ademais da dotación dun heliporto nunha parcela anexa ao centro, unha vella demanda do propio concello. En caso dunha urxencia, na actualidade o helicóptero ten que recoller as persoas doentes no campo de fútbol da vila, que deben chegar a ese punto nunha ambulancia que moitas das veces non está dispoñible.

A maiores, e como vén sucedendo nos centros de saúde de toda Galicia, a veciñanza está a soportar listas de agarda interminables, con esperas de dúas semanas mesmo para as consultas que veñen derivadas do propio PAC, algo case lóxico dado que só tres médicos están a cubrir as vacacións no centro de saúde de Ordes.

Tamén o PAC, que atende as urxencias das 23.550 persoas adscritas a ese centro dos municipios de Ordes, Frades, Mesía, Tordoia e Trazo, presenta unhas carencias de persoal continuadas no tempo, con quendas nocturnas cun só facultativo de maneira que ás veces -cando é precisa unha atención domiciliaria puntual- as urxencias quedan sen cobertura.

Noutra orde de cousas, o Grupo Municipal Socialista leva anos reclamando para o centro de saúde a implantación do servizo de radioloxía dixital, co que se lle reducirían os longos tempos de espera ás persoas doentes remitidas dende o centro de saúde ordense ao centro de referencia compostelán. Este novo servizo, programado no Goberno de Pérez Touriño pero paralizado á chegada do PP ao Goberno galego, só implicaría o equipamento e a persoa técnica que o atendese, xa que o informe podería facerse dende o CHUS.

Diante desta situación, que dá conta da mala xestión da sanidade pública pese aos esforzos dos e das profesionais sanitarios, preguntamos:



Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Ordes está a ser satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:38:25

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 11:38:39

Marina Ortega Otero na data 18/01/2022 11:38:48



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais dependente da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía resolveu en agosto de 2021 dous expedientes relativos á mina da Casalonga, un referido ao plan de restauración e o segundo acerca da titularidade da estrada que cruza a canteira. Nos dous casos, as resolucións foron favorables ás demandas da actual propietaria da mina da Casalonga, a empresa de xestión de residuos Toca y Salgado (Toysal).

En concreto, tratase das resolucións:

. Resolución de autorización da actualización do plan de restauración da concesión de explotación ‘Casalonga’ núm. 6996, situada no termo municipal de Teo, provincia da Coruña. De 11/08/2021

. Resolución pola que se declara a necesidade de ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión de explotación ‘Casalonga’ núm. 6996, no termo municipal de Teo da provincia da Coruña. De 17/08/2021

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que opina o Goberno galego das acusacións veciñais e do propio Goberno municipal de Teo de trato de favor a Toysal ao aprobar un plan de restauración que non recolle o estado actual da canteira e o inicio dunha expropiación dun viario que é de uso veciñal desde hai anos?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:39:39

Paloma Castro Rey na data 18/01/2022 11:39:52

Pablo Arangüena Fernández na data 18/01/2022 11:40:13

Martín Seco García na data 18/01/2022 11:40:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2022 11:40:41



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Este verán o Goberno galego publicaba as listas de agarda que, de novo, sitúan a EOXI de Santiago e concretamente o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) nun lugar dramático por canto son 31.952 persoas que se atopan nesas listas -cirurxía, probas diagnósticas e consultas externas- o que supón un 20 % máis que o ano pasado (en concreto, 5.112 doentes máis).

A denuncia do estado das listaxes de agarda no Sergas é algo recorrente cada ano por parte de asociacións de doentes, profesionais, sindicatos e grupos políticos da oposición. Unha denuncia realizada unicamente cos datos que se fan públicos, os da listaxe de agarda estrutural, pero que silencia a cifra real de doentes que agardan para ser atendidos no sistema público galego de saúde, incumprindo así o RD 1039/2011 de 15 de xuño que no seu artigo 6.2 di que en certos supostos se pode perder a garantía de atención, pero o doente continuará na listaxe.

Segundo os datos de 2021, o tempo de agarda na listaxe de Cirurxía na EOXI de Santiago é de 71,9 días, unha cifra mesmo peor que a media en Galicia. Xa por centros de referencia, no CHUS hai na actualidade 7.200 persoas agardando por unha operación, duplicando os tempos de espera (73 días) en Lugo e triplicando os de Ferrol. Á súa vez, a Barbanza móstrase como o hospital comarcal de toda Galicia que ten os peores datos en cirurxía, cunha espera de 59,4 días.

Xa por especialidades, na lista de agarda para cirurxía o CHUS ten a máis alta de toda Galicia en Neurocirurxía (132 días), a segunda máis alta en Xinecoloxía (52,8 días) e as persoas pendentes dunha Cirurxía Pediátrica terán que agardar no CHUS unha media de 86,7 días, e dunha cardíaca 89,9 días.

Na listaxe de agarda para consultas externas no CHUS hai na actualidade 14.659 persoas, cunha media de 31,3 días, con esperas de 7,9 días en Obstetricia, a máis longa de toda Galicia; 31,4 días en Pediatría, ou 12,5 en Radioterapia, por riba da media de Galicia.



Tamén na listaxe de probas diagnósticas a espera no CHUS é inasumible, cunha media de 31,4 días para a realización dunha radioloxía mamaria, 72,7 días para un TAC, 51,1 para unha resonancia magnética, 31,8 para unha ecografía mamaria ou 31,5 días para unha eco de cardioloxía.

Xa comparando con anos anteriores, na especialidade de neurocirurxía o CHUS atópase hoxe nun lugar considerablemente peor na listaxe de cirurxía, cunha media de agarda actual de 132 días cando hai un ano era de 105,9 e en 2019 de 65. Con respecto a 2019, en xinecoloxía incrementouse a espera en Santiago nun 52 %; en pediatria nun 163 % e en cirurxía cardíaca un 120 %.

Na listaxe de consultas externas os datos comparativos son realmente alarmantes, como por exemplo en radioterapia, que se pasou dunha espera de 2,9 días en 2019 a 12,2 este ano.

Á vista de todos estes datos ofrecidos polo Goberno galego, cabe mostrar unha fonda preocupación pola deficiente xestión dun centro hospitalario como o CHUS, que no canto de ser centro de referencia en Galicia se sitúa á cola con respecto a outros no que respecta a listas de agarda. A deficiente xestión e a falla inexplicable de recursos están situando o CHUS e a área sanitaria de Santiago e a Barbanza nunha situación agónica á que de non poñer solución inmediata terá moi complexa resolución.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego as listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, con máis de trinta mil persoas nelas e demoras no tempo inasumibles para as persoas doentes?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:42:23

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 11:42:35



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O concello de Negreira conta cun club de atletismo e con moitas outras persoas non federadas que se dedican a esta disciplina deportiva, pero que teñen que se trasladar a outros territorios para practicar este deporte por falla desas instalacións no propio concello. De Negreira é, por exemplo, a promesa do atletismo galego e estatal Alba Cuns.

Diante desa falla de espazos, o Concello de Negreira ten elaborada unha memoria para o proxecto de construción dun módulo de atletismo que iría emprazado dentro do recinto do campo de fútbol para así aproveitar os vestiarios, o ximnasio, o almacén e mesmo o alumeado.

O proxecto, cun orzamento moi asumible para a Administración autonómica, suporía realizar algunha obra no campo de fútbol que estaría disposto a asumir o concello, que ademais daría todas as facilidades para a execución desa instalación deportiva.

A Secretaría Xeral de Deportes é coñecedora desta memoria, pero polo de agora non emitiu unha resposta positiva para unha iniciativa que permitiría a práctica deportiva non só das persoas interesadas de Negreira senón tamén de concellos próximos e con esa carencia.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Valora o Goberno galego colaborar co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo que daría resposta ás necesidades deportivas das e dos atletas da zona?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:43:19





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:54:28
Nº Rexistro: 28128
Data envío: 18/01/2022 11:54:28.509

Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/01/2022 11:43:34



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellaría de Cultura, Educación e Universidade anunciaba este verán o inminente comezo das obras para a rehabilitación do IES de Lamas de Abade, que durarán cinco meses cun orzamento aproximado de 800.000 euros.

As obras incidirán na necesaria mellora enerxética das instalacións coa impermeabilización da fachada e a substitución da cuberta, ademais da renovación das carpinterías exteriores, das baixantes e das luminarias. Ademais, acometeranse obras de mellora da accesibilidade e outras menores como o pulido de terrazo, o cambio das tubaxes ou a instalación de novos falsos teitos.

Na presentación desas obras aos medios de comunicación, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, enmarcaba esta acción nun “novo modelo de centros escolares post-covid que baseamos na folla de ruta que é o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, coa que acadaremos espazos máis amplos e saudables, máis sustentables e mellor integrados na contorna, espazos accesibles e inclusivos e centros educativos intelixentes, deseñados para os retos tecnolóxicos de futuro, con polos creativos e adaptados para o ensino dixital e mixto”.

De acordo a esta nova estratexia, que fala de espazos amplos e saudables deseñados para os retos tecnolóxicos no futuro, atopámonos co paradoxo de que as instalacións de Formación Profesional do IES Lamas de Abade -con ciclos medios e superiores das Familias de Sanidade e de Imaxe persoal e Laboratorios e talleres de FP- son pequenas, inseguras e obsoletas, mais nada se anunciou para solucionar esta situación pese ás denuncias reiteradas da dirección e o profesorado do centro.

Sorprende que o Goberno galego reivindique a Formación Profesional como opción educativa estratéxica de cara á recuperación económica logo da crise provocada pola pandemia á vez que permite que as instalacións dos seus centros permanezan nun estado precario que dificultan un ensino de verdadeira calidade pese aos esforzos do profesorado.



A maiores, este verán coñeciamos o acordo do Real Padroado de Santiago de Compostela que achegará á cidade un importante orzamento para investimentos e que, entre outros, contempla novos usos para o antigo Hospital Psiquiátrico de Conxo, nomeadamente convertelo nun Polo de Formación Profesional Biosanitario.

Deste xeito, aproveitando que a Xunta de Galicia vai realizar obras de envergadura no IES Lamas de Abade e que nada novo se coñece sobre o futuro dos estudos de FP nese centro, parece oportuno reclamar que se inclúa a necesaria reforma dos laboratorios de FP e unha ampliación das instalacións para a mellora da calidade formativa e poder ofertar así novos itinerarios.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia o estado das instalacións e espazos de Formación Profesional no IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:44:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2022 11:44:33



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A mediados do ano 2014 abríase a variante de Noia, de 4.929 metros de lonxitude e un investimento próximo aos 45 millóns de euros. Esta vía inclúe unha ponte con tirantes sobre a ría de 1.700 metros que une as zonas da Barquiña e Testal.

A ponte púxose en circulación cunha iluminación básica na que se investiron 92.671 euros. Catro anos máis tarde estreábase unha nova iluminación que, cun custe final de 326.943 euros, pretendía complementar a primeira cun proxecto ornamental pensado como atractivo para as persoas visitantes e tamén para mellorar a visibilidade da contorna da ponte durante a noite.

Segundo explicaba a propia Xunta de Galicia, o obxectivo desta segunda acción foi potenciar os elementos característicos da estrutura -os tirantes verticais-, permitir a creación de escenas mediante o axuste da intensidade de luz e cor e realizar prendidos e apagados regulados, automatizar a iluminación, axustar os luxes, temporizados e escenarios de iluminación.

A actuación incluíu ademais o balizamento da zona peonil, con focos led e un ángulo de apertura asimétrica que evita o cegamento dos vehículos.

Mais o que pretendía ser unha actuación para completar a mellora do alumeado desta ponte resultou todo o contrario. Nestes momentos a ponte si conta coa iluminación decorativa pero a básica, a da senda peonil, está deshabilitada dende hai meses de maneira que quen precise atravesar a ponte a pé pola noite deberá facelo a escuras na maior parte do traxecto. A maiores, a veciñanza denuncia que logo de seis anos da súa inauguración, a varanda exterior está xa en mal estado e os elementos que protexen ao peón dos pasos dos vehículos non son suficientes.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia que a iluminación do paso peonil da ponte da variante de Noia leve deshabilitada dende hai meses?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:55:33
Nº Rexistro: 28130
Data envío: 18/01/2022 11:55:33.665

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:45:19

Patricia Otero Rodríguez na data 18/01/2022 11:45:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2022 11:45:45



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Cada 25 de novembro, o Grupo Parlamentario Socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, coa convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.

En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o PSdeG considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia, e en Galicia temos dado pasos nestes últimos tempos recoñecendo, por exemplo, a violencia vicaria ou a dixital como formas de violencia de xénero.

Pero tamén consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco lexislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade. No PSdeG desexamos unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e a trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga.

Por todo isto, as deputadas que asinan, preguntan:



Considera necesario que a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, impulse que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:47:24

Noelia Otero Lago na data 18/01/2022 11:47:38



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A definición das características que debe reunir unha unidade familiar para ser considerada familia monomarental ou monoparental correspóndelle a cada comunidade autónoma, que debe establecer os requisitos necesarios para obter esta condición.

En Galicia a Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia estableceu a condición especial desas unidades familiares como merecedoras de protección específica por parte dos poderes públicos. Mais para facer eficaces as políticas dirixidas ás familias monomarentais e monoparentais é esencial definir a súa tipoloxía e coñecer cantas existen no noso país e cal é a súa situación.

Unha ferramenta que pode ser de utilidade para tal fin é o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia, que está recollida na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e que fixaba un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para a súa elaboración.

Neste pasado mes de xullo a Xunta anunciaba que estaba ultimando xa ese decreto, para o que contaba coa colaboración da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) de Galicia, pero catro meses despois aínda nada sabemos del a pesar de que tiña que estar rematado no mes de agosto, tal e como obriga a lei.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Para cando está prevista a publicación do Decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e regulará a definición desas unidades familiares?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:48:23

Noelia Otero Lago na data 18/01/2022 11:48:36

Marina Ortega Otero na data 18/01/2022 11:49:26

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 11:49:37



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria do Sergas prevé, na súa segunda fase, a construción dun gran centro de saúde na Ramallosa, co que desaparecerían os equipamentos de Cacheiras e Os Tilos, unha urbanización esta segunda na que viven 2.350 persoas e que dispón desa instalación sanitaria dende o ano 1994.

Diante desta decisión, son xa máis de medio millar as sinaturas recollidas pola veciñanza en oposición ao peche dun centro que na actualidade conta con dous facultativos de medicina de familia, dous de enfermaría e un servizo compartido de matrona e pediatría. De non rectificar esa decisión, as persoas usuarias van ter que desprazarse máis de seis quilómetros para recibir atención primaria, nun percorrido que depende ademais dun transporte público deficiente.

Nunha reivindicación que o Grupo Socialista comparte e que en absoluto pon en dúbida a necesidade do centro da Ramallosa, a veciñanza demanda a rectificación do plan en relación co seu centro de saúde para así prestar a asistencia e prevención máis axeitada ás persoas usuarias que precisan controis periódicos dadas as súas patoloxías. Proba da necesidade da permanencia dese centro é ademais a lista de agarda que existe para poder dispor de médico de familia.

No Grupo Socialista apoiamos a racionalización dos recursos públicos, pero iso non pode nunca supor unha mingua dos servizos xa existentes en zonas nas que efectivamente existe unha demanda máis que contrastada.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Valora a Consellaría de Sanidade modificar o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria con respecto ao peche do centro de saúde dos Tilos á vista do malestar xerado entre a poboación?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 11:50:15

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 11:50:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 23 de marzo facíanse públicas as novas proxeccións macroeconómicas da economía a nivel estatal que elabora o Banco de España para o período 2021-2023 e que supoñen, en termos globais, un empeoramento respecto das previsións anteriores deste, no mes de decembro de 2020, e tamén respecto das previsións doutros organismos económicos.

O Banco de España sinala que as perspectivas económicas seguen suxeitas a un elevado grao de incerteza tanto pola evolución da pandemia como pola evolución do proceso de inmunización, prevendo a posibilidade de novos surtos e a hipótese dun abandono das medidas de prevención cara finais de 2021. Así mesmo, sinala tamén as incertezas xeradas pola propia evolución das consecuencias económicas, que prevé estarán marcadas polas secuelas no tecido produtivo e laboral e tamén pola velocidade dalgunhas mudanzas como a caída





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do turismo, que non prevé normalizar até 2022, ou o crecemento do aforro nunha posición conservadora dos fogares por mor da incerteza contextual.

Entre outros elementos, o organismo rebaixa o medre do PIB ao 6% en media anual en 2021, 8 décimas menos do que prevía no mes de decembro, fundamentalmente por mor do mal comezo de ano e en previsión dun repunte forte a partir do verán que se impulsaría até 2022. Para dito ano a previsión sería de medre do 5,3% cunha posterior moderación no ano 2023 (1,7%). Así mesmo, dado o alto grao de incerteza, o organismo formula dous escenarios alternativos, un máis suave e outro máis duro, mais en todo caso cómpre ter a anteriormente desglosada como a considerada como máis factible.

É de sinalar tamén a diferenza destas previsións coas estimadas polo goberno central na elaboración dos Orzamentos xerais de 2021, case catro puntos superiores ao que estima o organismo. Así mesmo, é necesario avaliar o impacto destas previsións nas propias previsións elaboradas pola Xunta de Galiza.

Así mesmo, cómpre atender aos diferentes elementos que sinala de orde internacional o Banco de España, como as posibilidades de que impacte o paquete fiscal recentemente aprobado en Estados Unidos ou o Brexit.

É necesario valorar estas cuestión e coñecer a valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno galego o impacto do incremento dos prezos,
singularmente de alimentación e enerxía, na economía e nos fogares galegos?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2022 12:00:15

Daniel Pérez López na data 18/01/2022 12:00:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2022 12:00:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o investimento do programa Rexurbe no centro histórico de Betanzos en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O casco histórico de Betanzos é un dos máis importantes do noso país e está nun estado de conservación lamentábel, asistindo ano tras ano a unha deterioración cada vez máis irrecuperábel que fai perder relevancia e identidade histórica a Betanzos, declarada cidade do Reino de Galiza polo rei Henrique IV en 1465.

A Xunta comprou hai 9 anos e medio, coincidindo coa campaña das eleccións municipais de 2011, un total de 10 vivendas e máis tarde aceptou a doazón doutra vivenda.

Unha década despois, no pasado ano 2021, a Xunta ofertou un novo concurso no que adquiriu 6 vivendas máis no Centro Histórico de Betanzos.

Na actualidade, no centro histórico de Betanzos o IGVS é propietario de 20 vivendas, despois de adquirir outras 3.

Desde o ano 2011 a Xunta rehabilitou 8 destas vivendas; consecuentemente, máis da metade das vivendas adquiridas pola Xunta están en situación de abandono en 2022.

Dada a importancia patrimonial do Centro Histórico de Betanzos e a necesidade de vivenda de promoción pública, nomeadamente por parte da mocidade, así como a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importancia a nivel económico para toda a comarca pola proxección turística da localidade, para o BNG sería prioritario continuar con esta rehabilitación que coloque no mercado unha maior oferta pública de vivenda accesíbel, razón pola que foi incorporada desde o noso grupo parlamentario, como en anos anteriores, unha emenda para tal fin nos orzamentos da Xunta para 2022 que non foi aceptada polo Partido Popular.

O PP vén afirmando que este investimento se recolle dentro do programa Rexurbe, pero o certo é que este non aparece territorializado, co que é imposíbel saber se o investimento é para o Centro Histórico de Betanzos ou outros.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como se concretan os compromisos de actuación do programa Rexurbe en Betanzos para este ano 2022?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2022 12:15:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 18/01/2022 12:16:03



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Luis Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Templo Votivo do Mar de Panxón, no Concello de Nigrán, segue á espera das ansiadas actuacións para poñer fin ás constantes filtracións de auga que sofre a igrexa.

Desde Patrimonio da Xunta de Galicia deberían actuar urxentemente para reparar as entradas de auga provocadas polo agretamento do encintado das fachadas do conxunto, sobre todo pola cara que dá ó mar. Así mesmo, un dos anxos que coroan a torre indicando os puntos cardinais, caéuselle a cara.

Ademais, desde hai anos varias vidreiras e o rosetón da entrada principal foron forradas interiormente con mallas de metal para evitar que os fragmentos de cemento que unen os elementos caían sobre as persoas que acoden ó edificio construído por Antonio Palacios, inaugurado en 1937

A importancia desta obra é indiscutible, porque para moitos expertos é a obra culmen en Galicia de Antonio Palacios.

O importantísimo arquitecto do Porriño, considerado o arquitecto español máis importante da primeira metade do século XX, de tendencia ecléptica, creador en España do que algúns autores chaman o "monumentalismo", é autor, Antonio Palacios de importantísimas obras, sobre todo en Madrid, como o Palacio de Comunicacións da Praza de Cibeles, o Hospital de Maudes, o Banco del Río de la Plata -posteriormente Banco Central -, o Banco de Vizcaya, e o Círculo de Belas Artes.

En Galicia o seu estilo transformase e foi caracterizado por algúns como "rexionalismo", a súa obra é moi numerosa, aparte do Templo Votivo do Mar en Panxón, destaca o Templo da Veracruz no Carballiño, a Ponte do Cristo, a Escola Fernández Areal, a Botica e o Concello de Porriño, o Balneario e Hotel de Mondariz, a Virxe da Rocha de Baiona, o Teatro García Barbón e o Mosteiro das Salesas en Vigo, e o pavillón modernista da Alameda de Santiago (hoxe utilizado como gardería), así como numerosas casas particulares,



entre elas os coñecidos chalés de praia América en Nigrán. Destaca tamén Palacios como urbanista, con obras como a proposta de reforma da Puerta del Sol en Madrid en 1918, as obras de acceso á remodelación das catedrais de Ourense e Santiago, e o Plan de Ensanche e reforma interior de Vigo de 1932.

Pois ben, a obra máis importante, probablemente, en Galicia deste ilustre arquitecto galego ten serios problemas de conservación.

No ano 2009 o Grupo Parlamentario Socialista xa trouxera unha proposición non de lei que foi aprobada por unanimidade onde se instaba a Xunta de Galicia a rehabilitar esta igrexa. Agora, doce anos despois, volvemos presentar esta iniciativa para ver se dende a Administración Autonómica interézanse polo Templo Motivo do Mar de Panxón antes de que os danos sexan irreparables.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten pensado a Xunta de Galicia rehabilitar o Templo Votivo do Mar de Panxón no prazo máximo dun ano?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noa Díaz Varela

Luis Álvarez Martínez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2022 12:24:27

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2022 12:24:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2022 12:24:45



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da COVID-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Unha clara mostra deses recortes a temos nos orzamentos da Xunta para 2022 onde o goberno de Feijoo reduce en 2 millóns de euros as partidas destinadas á Atención Primaria en comparación cos orzamentos de 2021.

A pesar do papel fundamental da sanidade pública para resistir a pandemia da COVID-19, soportar os diferentes gromos e promover a vacinación da cidadanía, os orzamentos do 2022 reducen os fondos dedicados á atención primaria.

Todo isto, nun contexto de listas de espera para os e as especialistas, problemas de saturación nos centros de saúde e cun sistema de saúde público que está na UCI.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por



pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos/as necesarios/as para evitar a demora na atención presencial das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas denunciámos o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que xa non comprenden os veciños e veciñas de Moaña é que nestes momentos nos que imos cara a nova normalidade, nesta vila sigan sen urxencias médicas e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se volvan a abrir as urxencias no municipio de Moaña xa que están causando un gran malestar entre a súa veciñanza.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia a inmediata restitución das urxencias médicas na Casa do Mar de Moaña para garantir a correcta e plena asistencia sanitaria do seus veciños e veciñas?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 12:29:03
Nº Rexistro: 28152
Data envío: 18/01/2022 12:29:03.587

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2022 12:26:28

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 12:26:36

Marina Ortega Otero na data 18/01/2022 12:26:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28/12/2021 coñeciamos os resultados para o conxunto do ano 2020 da Enquisa estrutural a fogares, unha das máis consolidadas das que elabora o Instituto Galego de Estatística e que nos permite obter unha panorámica respecto das características socioeconómicas dos fogares galegos e, singularmente respecto do ano 2020, permite aproximar o impacto da pandemia da covid-19 na súa irrupción e primeiros meses así como coñecer as debilidades e condicionantes preexistentes e poñelos en relación coa situación económica.

Respecto da composición dos fogares, salienta a importancia dos fogares unipersoais, singularmente en Ourense, e o peso do avellentamento, como podemos ver no dato de que existían a 31 de decembro de 2020 un total de 250.482 fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos, o que supón o 23,44% do total de fogares galegos cun aumento interanual do 4,11% e tamén con Ourense á cabeza. Esta realidade ten un impacto evidente no ámbito social, económico e de prestación dos servizos públicos básicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estatística amosa tamén a precaria situación económico laboral da mocidade galega, con case un 50% das persoas entre 18 e 24 que viven cos seus proxenitores sen teren ingresos por rendas do traballo, en parte explicábel por cuestións de estudo, mais complementado cun 61% de 25 a 34 anos que malia teren ingresos do traballo viven aínda cos seus proxenitores, o que amosa a dificultade da emancipación.

Respecto da situación económica, o informe sinala como para o ano 2020 o ingreso medio mensual dos fogares galegos situouse en 2.277 euros por fogar. Hai que sinalar que esta cifra diminúe un 0,57% respecto ao ano anterior. Así mesmo, é de salientar que a metade dos fogares galegos ingresa menos de 2.011 euros ao mes e que con respecto ao ano 2019, a mediana de ingresos rexistrou un descenso do 1,23%. Polo tanto, podemos ver xa a repercusión nos fogares galegos do impacto da pandemia, mais hai que ter en conta ao mesmo tempo que non se ve aínda o impacto total, toda vez que os primeiros meses do ano non se viron afectados e que o impacto en moitos sectores foi progresivo ou ralentizado por mecanismos de apoio que no ano 2021 se foron retirando. Así mesmo, a alta porcentaxe de fogares que se sosteñen a través de prestacións tamén amosa unha capacidade de resiliencia en momento de crise, como xa pasou no ano 2008 en diante, mais que tamén arrastra situacións delicadas. Así mesmo, amosa o enorme problema económico que supón a pirámide demográfica galega e a evolución da poboación activa.

Así mesmo, o informe indica que en n 2020 o 19,51% da poboación residente en Galiza está en risco de pobreza ou exclusión social, o que supón un aumento de 0,68 puntos respecto ao ano anterior.

O goberno galego debe reflexionar respecto da foto que amosa este informe e outros relacionados, que non se explica só polo efecto da pandemia senón tamén polo impacto dun modelo económico e social que consolida a desigualdade, e impulsar mudanzas e actuacións para corrixir a situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego do empeoramento da capacidade económica dos fogares galegos e o conseguinte aumento da desigualdade da pobreza no noso país?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2022 13:07:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2022 13:07:05

Daniel Pérez López na data 18/01/2022 13:07:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro de 2021 publicáronse no DOG as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector.

Unha nova liña de subvencións enmarcada no proxecto Hub Audiovisual-Industria Cultural, vinculado ao programa React da Unión Europea, co que se pretende aumentar a capacidade competitiva das empresas culturais galegas e incentivar a creación de traballos sostibles que integren a totalidade da cadea de valor desta industria.

O importe global desta convocatoria compromete dous millóns de euros correspondentes aos orzamentos da Xunta de Galiza para 2021.

O prazo de presentación de solicitudes comprendía entre o 11 de setembro e o 10 de decembro de 2021, polo que nesta altura xa está concluído.

A través dos medios de comunicación a AGADIC ten anunciado publicamente a gravación da serie 'A Rapa' (Portocabo) como única receptora, adxudicataria dunha axuda de 300.000 euros. Na actualidade non se ten coñecemento doutras adxudicacións polo importe restante da convocatoria até chegar aos dous millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, desde a AGADIC tense anunciada unha nova convocatoria polo mesmo importe para o 2022 co obxectivo de acelerar a recuperación e garantir a estabilidade dos profesionais do sector en Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como avalía o goberno o resultado da convocatoria de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais en Galiza publicada en 2021?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 18/01/2022 13:15:13

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2022 13:15:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2022 13:15:25



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

A normativa básica de réxime local, outorga aos concellos a competencia exclusiva en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais.

Pese a iso, a Xunta de Galicia vén prestando unha importante axuda aos municipios na prestación destes servizos que lles son propios, tanto desde o punto de vista técnico como económico.

Para afondar neste obxectivo, o Goberno galego está a promover un novo marco normativo: a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, para garantir a calidade dos servizos, a eficiencia da explotación das infraestruturas e a viabilidade económica dos sistemas.

A finais do pasado mes de xullo, a Xunta iniciou a tramitación oficial deste anteproxecto de lei e nos últimos meses veu traballando na nova norma.

Someteu o texto do anteproxecto á participación pública, para que todos os interesados que así o considerasen puidesen trasladar as súas achegas. Unha vez superada a fase de participación pública, a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga segue a avanzar na súa tramitación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en pleno:

Como está a avanzar a tramitación do anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga que está a impulsar a Xunta para incrementar o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro 2022.



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 18/01/2022 16:28:17

Carmen María Pomar Tojo na data 18/01/2022 16:28:32

Ramón Carballo Páez na data 18/01/2022 16:28:42

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2022 16:28:56

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2022 16:29:11

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/01/2022 16:29:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/01/2022 16:29:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a adquisición dunha parcela no concello de Ourense para a construción do edificio no que unificar as dependencias da Xunta de Galiza na cidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende finais do século pasado existe a constancia xeneralizada da necesidade de dotar á cidade de Ourense cun edificio administrativo no que albergar a totalidade das dependencias da Xunta de Galiza, hoxe espaxadas por múltiples sitios da cidade, en ocasións en deficiente estado de conservación e para a saúde laboral das traballadoras; dificultando, asemade, o acceso da cidadanía ás mesmas.

A necesidade do edificio administrativo demandado pola cidadanía ourensá en xeral, e polo Bloque Nacionalista Galego en particular, foi prometido en diferentes ocasións, lexislaturas e mesmo séculos. Así, p.e. o Sr. Núñez Feijóo no ano 2018 comunicou ao alcalde de Ourense -daquela do Partido Popular- que o goberno galego ía dotar a Ourense “dun edificio singular” para albergar todos os servizos administrativos, manifestado a existencia de dotación orzamentar a tal fin.

No ano 2019 o Sr. Núñez Feijóo reitera o anuncio concretando en 20 millóns de euros o custe da edificación. Descoñecéndose a existencia de proxecto, ou anteprojecto, nin o lugar no que se ubicaría a infraestrutura administrativa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2020 a Xunta inclúe nos orzamentos para o ano 2021 unha partida de 2 millóns de euros para a reforma do edificio da rúa Concello que actualmente alberga o Punto de Atención Continuada para destinalo ás dependencias da Xunta de Galiza en Ourense.

Sen que conste a realización de xestións ou tramitación algunha que xustifique a razón do desistimento do “proxecto” orzamentado, a Xunta de Galiza ven anunciar a adquisición, por un importe de 8,47 millóns de euros, de varias parcelas no barrio de As Lagoas para a construción do referido edificio administrativo. Tampouco consta que se informara ao Concello de Ourense do lugar no que se pretendía construír a infraestrutura administrativa, nin que se recadara o seu parecer ao respecto, algo que podería parecer lóxico dadas competencias da Entidade Local sobre o deseño e desenvolvemento urbanístico da cidade.

Tendo en conta o historial e nulo resultado dos anuncios e compromisos do Sr. Núñez Feijóo coa cidade e cidadanía de Ourense formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza abandonou o proxecto para o acondicionamento do PAC da rúa Concello de Ourense para destinalo ás dependencias administrativas da Xunta de Galiza, e inmediatamente decide adquirir varias parcelas na rúa As Lagoas para construír nese espazo a infraestrutura administrativa?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Noa Presas Berngantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2022 16:25:32

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2022 16:25:36

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2022 16:25:44



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A investigación e o desenvolvemento do coñecemento sobre o mar e o ecosistema mariño supón unha ferramenta imprescindible para o sector socio-económico que depende da nosa pesca e marisqueo. Precisamos un coñecemento de alta especialización sobre procesos biolóxicos, controis de calidade do produto e das augas, avances sobre novos métodos de traballo e optimización dos sistemas de funcionamento que hoxe en día utiliza o sector marítimo pesqueiro de Galicia.

Para isto a rede de investigadores e grupos de investigación en Galicia ten un capital humano fabuloso, cuxa calidade profesional está acreditada e recoñecida non só unicamente a nivel galego ou español, senón a nivel internacional situando a calidade da investigación galega entre as mellores do mundo. Así, os centros de investigación sobre cuestións do eido marítimo son obxecto de visita e aproveitamento doutros grupos e centros de coñecemento doutros países. Non é menor destacar que moitos avances e progresos no contexto da Unión Europea teñen unha aportación relevante e importante dos centros e grupos de investigación situados en Galicia.

Non en tanto, e a pesares deste nivel de excelencia, a investigación precisa estar en constante avance para non ficar atrás. Nesta liña precisamos ser conscientes de que a investigación non se fai soa, e que para situarse na vangarda precísase dotar de fondos para poder desenvolver novas liñas, aumentar a capacidade de traballo e poder ambicionar novos proxectos.

Na recente visita que o grupo de deputados/as da Comisión 8.^a do Parlamento de Galicia realizou ao Intecmar, centro de referencia dentro da rede pública galega de investigación sobre o sector do mar, dende o propio centro foi formulada a idea de que unha maior dotación de persoal contribuiría a ter maiores capacidades para seguir na excelencia do rendemento. Esta idea, absolutamente lóxica, semella unha aportación de interese sobre a que o Parlamento de Galicia, e nomeadamente a Comisión 8.^a, pode manter unha posición política que esixa un maior investimento en persoal investigador para este centro de coñecemento.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto o goberno de Galicia aumentar o persoal investigador para o centro Intecmar?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2022 16:27:44

Patricia Otero Rodríguez na data 18/01/2022 16:27:51

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2022 16:28:03



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Delegación do Goberno vén de amosar por carta á conselleira de Vivenda, Ánxeles Vázquez, a preocupación pola ausencia dos xestores de rehabilitación na Comunidade unha vez publicada no DOG a primeira convocatoria de axudas autonómicas financiadas cos fondos do Plan de Recuperación. Trátase do Plan de Rehabilitación Enerxética en edificios situados en municipios do reto demográfico, que conta con 3,8 millóns de euros dispoñibles ao que se deberán sumar estes anos novas convocatorias e para as que o Goberno xa aprobou para Galicia 230 millóns de euros.

Esta figura, que o Goberno de España creou é esencial para facilitar a xestión dos fondos, impulsar a tramitación de axudas e evitar que as importantes contías asignadas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia queden sen executar.

Neste sentido, son moitos os concellos interesados en contar con esta figura para a xestión das solicitudes e así poder axilizar os procedementos.

A posta en funcionamento desta figura, servirá para que as persoas que son donas dos inmobles coñezan as axudas dispoñibles, acelerar a tramitación e mesmo favorecer a creación de emprego vinculado a estas subvencións.



Ante a ausencia de información ao respecto e nun contexto de crise no que non se pode tolerar que queden fondos se executar como aconteceu co último Plan de Vivenda 2018-2020 dotado con 82 millóns dos cales case a metade quedaron sen destino, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Existe por parte do Goberno galego a previsión de activar este mecanismo en Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 18/01/2022 16:31:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2022 16:31:17

Patricia Otero Rodríguez na data 18/01/2022 16:31:27



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O pasado mes de outubro detectáronse no sistema de abastecemento municipal de auga do concello de Castrelo de Miño niveis elevados de arsénico, o que obrigou incluso a cortar o subministro á poboación.

Aínda que o servizo de abastecemento é unha competencia directa e exclusiva das administracións locais, o Goberno galego, en aras de axudar e apoiar ao Concello nas competencias municipais da auga, subscribiu a comezos deste mesmo ano 2022 un convenio de colaboración co Concello de Castrelo de Miño.

Ese acordo de colaboración entre ambas as administracións vai dirixido a adoptar as medidas que resulten necesarias para paliar o problema derivado da presenza de arsénico de cara a garantir o abastecemento de auga, en cantidade e calidade, aos veciños.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en pleno:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para paliar os problemas derivados da presenza de arsénico na auga e garantir a calidade do servizo de abastecemento aos veciños de Castrelo de Miño?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro 2022.



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 18/01/2022 16:35:13

Carmen María Pomar Tojo na data 18/01/2022 16:35:20

Ramón Carballo Páez na data 18/01/2022 16:35:30

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2022 16:35:43

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2022 16:36:00

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/01/2022 16:36:14

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/01/2022 16:36:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o conflito existente no servizo de Otorrinolaringoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses veuse poñendo de manifesto a existencia dun conflito no seo do servizo de Otorrinolaringoloxía do CHUS entre a xefatura do servizo e o resto do persoal facultativo. Deste xeito, as traballadoras do servizo denunciaron en diversas ocasións un trato vexatorio e denigrante cara a elas por parte do xefe do servizo, ata chegar nalgún caso a supor unha situación de acoso laboral. Tamén denuncian unha mala execución das súas funcións directivas que se traduce nunha mala situación organizativa. Isto trouxo consigo un reparto desigual da carga de traballo de forma continuada tanto en consultas como tamén en quirófano, co prexuízo que supón para as profesionais, pois ao non realizárense as rotacións debidas na actividade cirúrxica, atópanse en risco de perderen a capacitación para cirurxías complexas.

As denuncias remóntanse meses atrás, realizadas tanto de xeito formal como verbalmente por diversas facultativas, mais en xuño de 2021 toman a decisión de remitir un escrito á Xerente da EOXI de Santiago de Compostela para solicitar unha xuntanza urxente na que se analicen as medidas a tomar. Non foi ata agosto cando a xerencia tomou a decisión de constituír unha comisión de análise que se entrevistou con todo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal durante o outono, mais a día de hoxe aínda non se ten coñecemento de cales foron as conclusións elaboradas por esta comisión.

Tal é o malestar entre o persoal do servizo pola persistencia desta situación e a inoperancia da Xerencia de Santiago de Compostela que se atopan a día de hoxe cunha convocatoria de folga indefinida en marcha para solicitar medidas urxentes á súa situación.

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas para dar solución ao conflito existente no servizo de Otorrinolaringoloxía do CHUS?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 16:47:19

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 16:47:22

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2022 16:47:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a supresión do apoio do Concello de Ourense aos premios “Vicente Risco de Creación Literaria” e “Cidade de Ourense de Poesía”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno municipal do Concello de Ourense ven de “perpetrar” a enésima acción contra a expresión e creación cultural na cidade de Ourense. Así, o máximo representante do goberno local, formado polo Partido Popular e Democracia Orensana, ven de decidir a “reformulación” dos premios literarios “Vicente Risco de Creación Literaria” e “Cidade de Ourense de Poesía” orientándoo as sucesivas edicións á escolares da cidade. Desnaturalizando o sentido dos históricos certames de creación literaria, curiosamente en lingua galega o primeiro, en galego ou portugués o segundo.

O premio que homenaxea ao ilustre escritor e político ourensán que, contaba xa con 22 edicións e cun éxito crecente de participación, estaba dirixido ao xénero narrativo, podendo presentarse tanto novelas, como relatos, como ensaios... en lingua galega e sempre que se trate de traballos inéditos. A obra gañadora obtería un premio de 6.000 € e a publicación da obra, debendo ceder ao Concello o dereito de reprodución e distribución da primeira edición da obra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O premio “Cidade de Ourense de Poesía” que na súa pasada 37ª edición contou cunha participación de 56 obras – case duplicando a anterior- estaba dirixido a traballos orixinais e inéditos presentados en lingua galega ou portuguesa, contando cunha dotación para a gañadora dun premio de 6.000 € e a publicación do libro, reservándose o Concello os dereitos de publicación en papel da primeira edición.

Xa que logo estamos ante certames de longa traxectoria e xa consolidados no panorama galego e internacional ás que, como xa aconteceu con outras expresións artísticas e culturais da cidade (MITEU, Outono Fotográfico, MITO, Festival Internacional de música clásica “O Pórtico do Paraíso”, “Enclave de cámara”....) o Concello de Ourense ven retirar o seu apoio e colaboración na súa estratexia de persecución ás manifestacións culturais, preferentemente a aquelas que expresen e divulguen a lingua e identidade propia de Galiza.

Ante este nova agresión, seguramente a penúltima no momento de redactar esta iniciativa, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego da supresión polo Concello de Ourense dos premios literarios “Vicente Risco de Creación Literaria” e “Cidade de Ourense de Poesía”?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2022 17:24:27

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2022 17:24:31

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2022 17:24:39



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Se algo evidencia esta crise da Covid-19 é a importancia de apostar pola investigación e a innovación. A investigación e a innovación teñen a capacidade para dar respostas aos grandes retos e aos problemas do mundo no que vivimos.

Galicia ten que apostar firmemente pola ciencia e innovación como valor estratéxico e piar do benestar e do crecemento.

O último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, correspondente ao ano 2021. Galicia consegue subir 34 postos no ranking europeo. Se hai dous anos ocupaba o posto número 190, agora é o posto 156 dun total de 240 rexións. Non obstante, a pesar de que mellora nalgúns dos indicadores analizados, falla nun clave: o gasto en I + D nos sectores público e privado, que non só empeora en comparación con 2019 senón que está aínda lonxe da media europea.

Galicia sitúase no grupo de rexións de innovación moderada, pero no nivel baixo. A súa cualificación mellorou 16 puntos en dous anos ata o 78,9, sendo a media europea de 100. Se se compara co resto de España, ocupa o oitavo posto no ranking, moi por detrás das rexións clasificadas na categoría "forte". Como o País Vasco ou Madrid, polo que parece claro que temos marxe de mellora para situar a Galicia como referente.

A Xunta de Galicia ten que reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás pemes. A existencia de tres universidades e seis centros tecnolóxicos parece un bo punto de partida para que as empresas galegas se beneficien dos resultados da súa investigación, mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración. Aínda que nos últimos anos se favoreceron estas relacións público-privadas, o certo é que aínda estamos moi lonxe de alcanzar niveis que nos sitúen como referentes.

Só unha parte moi pequena do coñecemento xerado nas universidades e centros tecnolóxicos pasa a formar parte das empresas.



O Executivo autonómico ten que apostar por un modelo que priorice a I+D+i e máis nestes momentos onde a economía vai depender da innovación e da investigación.

O pasado 1 de xuño o Goberno do Sr. Feijóo anunciaba poñer en marcha un programa de impulso á innovación nas pemes cun orzamento de 12 millóns para beneficiar a 15.000 pemes da nosa comunidade. Este orzamento non é suficiente para darlle pulo á innovación nas pemes. O grupo parlamentario demandamos que se faga un investimento serio e rigoroso en innovación por parte da Xunta de Galicia.

A inversión en innovación das empresas galegas acadou 722 millóns de euros en 2020, en 2019 a partida superou os 760 millóns de euros. A diferenza está no número de empresas que innovaron. Fai dous anos foron 1556 e no 2020 as empresas innovadoras foron 1296, o que supón un descenso do 27 %, segundo a Enquisa de Innovación de empresas que publicou en decembro do ano pasado o INE.

A evolución do gasto total en innovación encaixa con comportamento dunha das súas patas, a I+D interna, segundo o estudio publicado polo Instituto Galego de Estatística o 30 de decembro de 2021. Foron 299 millóns en 2020, fronte ós 307 millóns de 2019. O 43 % da inversión ven do 7 % das empresas con máis de 250 persoas traballadoras. As empresas con actividades de I+D de menos de 50 empregados descenderon un 35 % desde 2008 e un 21 % as empresas que teñen entre 50 e 249 persoas asalariadas.

O gasto en innovación concéntrase cada vez máis nas grandes empresas en Galicia. A inversión aguantou no 2020, pero os negocios que renovaron produtos e procesos baixaron un 27 %. O 43 % da I+D ven de 42 compañías con máis de 250 persoas empregadas.

Na actualidade as pequenas e medias empresas deben camiñar da man da innovación para poder competir e o deber da Administración autonómica é axudar a que este obxectivo sexa unha realidade.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal foi o investimento real da Xunta de Galicia en innovación para pemes na nosa Comunidade Autónoma no ano 2021?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2022 18:09:57

Martín Seco García na data 18/01/2022 18:10:05





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen distintas plataformas en VOSG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) o Parlamento galego situou como un dos eixos prioritarios da acción de goberno en materia de normalización dos usos da lingua galega os medios de comunicación e as industrias culturais.

Neste senso, prevé a adopción de medidas encamiñadas a garantir o acceso á produción audiovisual galega e en galego mais tamén a aqueloutra estranxeira posibilitando a súa dobraxe ou subtitulado á lingua propia do país.

Nos últimos anos, as novas tecnoloxías, teñen mudado moito o consumo de produtos cinematográficos e audiovisuais e o xurdimento de novos espazos de distribución tamén teñen aumentado a oferta.

Así, estas plataformas son espazos nos que cada vez un maior número de persoas no noso país accede a series e filmes que na súa grande maioría fan parte da produción de países anglosaxóns.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Gobernos como o vasco ou o catalán levan anos a facilitar subtítulos a estas canles e plataformas co obxectivo de promover o acceso da poboación a estes contidos en VOS. Tanto é así, que é o galego a única lingua que non pode ser seleccionada, o que supón unha vulneración dos dereitos lingüísticos de galegas e galegos mais tamén unha oportunidade perdida, ou non explorada, para gañar novos espazos de uso (de grande prestixio) para o idioma propio do país, especialmente dirixidos á xente moza.

En Euskadi, o Departamento de Cultura e Política Lingüística do Goberno vasco, puxo a disposición da cidadanía e dos axentes culturais os subtítulos en euskera de filmes e series de ficción producidas en linguas estranxeiras a través da Open Data Euskadi e ten asinado acordos con Movistar+ (2016) ou Canal+ (2014) para ofrecer os seus contidos audiovisuais en VOS.

Pola súa banda, Netflix comezou en 2016 a ofrecer filmes dobrados ao catalán sumándose a outros provedores que xa o viñan facendo con anterioridade como Yomvi, Filmin, AppleTV e Canal+ grazas á colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat.

Desde 2019 a sociedade galega está a demandar, publica e organizadamente, a través de diferentes iniciativas (campañas na rede, recollida de sinaturas en Change.org, proposición parlamentaria por Iniciativa Popular aínda en proceso) a recepción como usuaria deste tipo de contidos con acceso á nosa lingua propia, a través da dobraxe e subtitulado, na procura de avances na normalización do seu uso tamén no consumo dos contidos audiovisuais dixitais.

Xa en 2018, Movistar+ manifestou, nunha resposta á Mesa pola Normalización Lingüística, a súa vontade de incorporar o galego a este acordo, polo que a decisión final dependía da Xunta de Galiza. Mais desde aquela ningunha nova se produciu en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sentido positivo para que o galego deixase de estar ausente nestes formatos audiovisuais tan demandados socialmente.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Que medidas está a adoptar o goberno para dar resposta á alta demanda da sociedade galega de garantir o acceso a contidos en lingua galega nas programacións das diferentes plataformas audiovisuais?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 09:35:43

Daniel Castro García na data 19/01/2022 09:35:57





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 09:36:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda de actuacións comprometidas por parte do goberno para contribuír a dinamizar a celebración do Día de Rosalía o 24 de febreiro, coincidindo coa data de nacemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No calendario cronolóxico, identitario e emocional galego a data do 24 de febreiro é celebrada como o Día de Rosalía. Celebrada e consolidada en Galiza como unha data referencial que homenaxea o día do nacemento da escritora fundacional da literatura galega contemporánea, Rosalía de Castro.

O 24 de febreiro de 1837 nacía Rosalía de Castro, escritora e pensadora que, nos seus apenas 48 anos de vida, foi quen de construír, a contrafío e contravindo cánones impostos, unha obra valente, imbricada nas raíces do seu espazo e lugar, como un retrato colectivo con vocación atemporal e universal, que chega a nós aínda agora no século XXI como un relato perceptíbel en presente continuo.

A pegada rosaliana está máis viva do que nunca porque é máis necesaria que nunca a lectura e revisión do seu pensamento e traballo literario para a sociedade galega. Son moitas as responsábeis neste logro colectivo. Por unha banda, o impulso de estudos bibliográficos e investigacións novidosas que abriron os camiños dunha interpretación histórica reprimida, simplificada, limitada e mesmo censuradora dunha autora que foi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

quen de se adiantar ao seu tempo. E pola outra, a implicación da sociedade galega, a título individual ou organizada en colectivos sociais e culturais moi diversos, que contribuíu solidariamente á popularización, ano tras ano, da súa figura e obra, a través de múltiples lecturas e reinterpretacións, configurando canda ela un imaxinario literario colectivo actual.

Nos últimos anos o nome de Rosalía de Castro recuperou o seu protagonismo ao se fixar nominalmente na identificación do aeroporto de Santiago de Compostela, na nomenclatura dun avión da compañía Norwegian ou dando nome á estrela HD 149143 na constelación de Ofiúco.

Hoxe Rosalía está máis viva na sociedade galega, e con importante recoñecemento internacional a través da tradución e da investigación literaria, grazas á activación revisionista dunha voz complexa polo seu alto valor literario, histórico, patriótico e liberador das mulleres, un precedente que a converteu en muller, galega e escritora referente para as voces máis novas.

Unha autora recoñecida e valorada como pioneira no seu papel reivindicador na recuperación do galego como lingua de cultura e na emancipación da muller, así como a voz do pobo silenciado e oprimido desde unha honesta conciencia de clase.

Cumpriuse, pois, a demanda de Ricardo Carvalho Calero: “A Rosalía hai que desmitificala. Agora ben: un mito é tamén unha realidade, e hai que rexistrala. A crítica literaria ou a historia ou a ciencia da literatura non poden falsear a verdade. Mais a antropoloxía, ou a etnografía, ou a mitoloxía poden rexistrar os mitos, deben rexistrar os mitos. E os mitos, os verdadeiros mitos, son un ben cultural colectivo”.

Un ben cultural colectivo recuperado desde o compromiso colectivo popular non sempre ben acompañado pola actuación do goberno galego, ausente na planificación dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programa coordinado de accións de impulso do legado autorial rosaliano que contribúan a ensanchalo dentro e fóra de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Apoia o goberno a creación do Instituto Rosalía de Castro como organismo público para a proxección exterior da cultura e da creación cultural, e da lingua e literatura galegas?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 09:49:08

Daniel Castro García na data 19/01/2022 09:49:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 09:49:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda de actuacións comprometidas por parte do goberno para contribuír a dinamizar a celebración do Día de Rosalía o 24 de febreiro, coincidindo coa data de nacemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No calendario cronolóxico, identitario e emocional galego a data do 24 de febreiro é celebrada como o Día de Rosalía. Celebrada e consolidada en Galiza como unha data referencial que homenaxea o día do nacemento da escritora fundacional da literatura galega contemporánea, Rosalía de Castro.

O 24 de febreiro de 1837 nacía Rosalía de Castro, escritora e pensadora que, nos seus apenas 48 anos de vida, foi quen de construír, a contrafío e contravindo cánones impostos, unha obra valente, imbricada nas raíces do seu espazo e lugar, como un retrato colectivo con vocación atemporal e universal, que chega a nós aínda agora no século XXI como un relato perceptíbel en presente continuo.

A pegada rosaliana está máis viva do que nunca porque é máis necesaria que nunca a lectura e revisión do seu pensamento e traballo literario para a sociedade galega. Son moitas as responsábeis neste logro colectivo. Por unha banda, o impulso de estudos bibliográficos e investigacións novidosas que abriron os camiños dunha interpretación histórica reprimida, simplificada, limitada e mesmo censuradora dunha autora que foi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

quen de se adiantar ao seu tempo. E pola outra, a implicación da sociedade galega, a título individual ou organizada en colectivos sociais e culturais moi diversos, que contribuíu solidariamente á popularización, ano tras ano, da súa figura e obra, a través de múltiples lecturas e reinterpretacións, configurando canda ela un imaxinario literario colectivo actual.

Nos últimos anos o nome de Rosalía de Castro recuperou o seu protagonismo ao se fixar nominalmente na identificación do aeroporto de Santiago de Compostela, na nomenclatura dun avión da compañía Norwegian ou dando nome á estrela HD 149143 na constelación de Ofiúco.

Hoxe Rosalía está máis viva na sociedade galega, e con importante recoñecemento internacional a través da tradución e da investigación literaria, grazas á activación revisionista dunha voz complexa polo seu alto valor literario, histórico, patriótico e liberador das mulleres, un precedente que a converteu en muller, galega e escritora referente para as voces máis novas.

Unha autora recoñecida e valorada como pioneira no seu papel reivindicador na recuperación do galego como lingua de cultura e na emancipación da muller, así como a voz do pobo silenciado e oprimido desde unha honesta conciencia de clase.

Cumpriuse, pois, a demanda de Ricardo Carvalho Calero: “A Rosalía hai que desmitificala. Agora ben: un mito é tamén unha realidade, e hai que rexistrala. A crítica literaria ou a historia ou a ciencia da literatura non poden falsear a verdade. Mais a antropoloxía, ou a etnografía, ou a mitoloxía poden rexistrar os mitos, deben rexistrar os mitos. E os mitos, os verdadeiros mitos, son un ben cultural colectivo”.

Un ben cultural colectivo recuperado desde o compromiso colectivo popular non sempre ben acompañado pola actuación do goberno galego, ausente na planificación dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programa coordinado de accións de impulso do legado autorial rosaliano que contribúan a ensanchalo dentro e fóra de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Está a planificar o goberno galego un programa de difusión do legado rosaliano promocionando o seu coñecemento, recoñecemento e investigación no seo da sociedade galega e na proxección exterior?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 09:49:46

Daniel Castro García na data 19/01/2022 09:49:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 09:49:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música, dependente do Ministerio de Cultura y Deporte, anunciaba en xullo de 2020 unha convocatoria de dúas liñas de axudas excepcionais por mor da crise do coronavirus dirixidas ao mantemento das estruturas no sector do teatro e do circo e mais ás actividades escénicas e proxectos culturais.

Esta convocatoria recoñecía que a existencia destas estruturas culturais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e en definitiva para o acceso igualitario dos cidadáns á cultura.

Asemade, recoñécese que estas estruturas culturais se caracterizan pola súa fragilidade e por unha débil implantación social e empresarial, xa que maioritariamente son estruturas empresariais ou asociativas de moi pequeno tamaño.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As liñas de axudas económicas desta convocatoria van encamiñadas a soste as estruturas culturais (empresas produtoras, compañías e grupos artísticos, asociacións e salas de exhibición) e a manter o emprego cultural, isto é, á protección do tecido empresarial, asociativo e artístico, alicerce do sistema cultural, en tempos de grave impacto por mor da pandemia.

Con todo, algunhas compañías galegas denuncian que estas axudas do INAEM valoran e financian proxectos que teñan unha clave estatal, con distribución en varias comunidades, e non só autonómica, o que indirectamente está a excluílas de poder optar en réxime de concorrencia competitiva a esta convocatoria.

Neste sentido, as axudas estruturais non poden estar condicionadas de ningún xeito ao ámbito de distribución dunha compañía. Solicitar como requisito imprescindible que a compañía teña unha relevancia estatal ou internacional ten que ver necesariamente co ámbito de distribución. E esta, no caso das compañías que só fan teatro en galego está, obviamente, restrinxida a Galiza.

As características desta distribución máis ou menos expansiva non entra en contradición coa necesidade de ter unha estrutura empresarial e unha relevancia autonómica suficiente como para ser merecedoras deste tipo de axudas.

O Ministerio de Cultura é o Ministerio de todas e todos independentemente de cal sexa a comunidade onde residan as empresas e cal sexa o ámbito da súa distribución, que responde a unha cuestión de opción lingüística que consideramos que hai que ter en conta. E non esquezamos que estamos a falar dun Estado recoñecido constitucionalmente como plurilingüe e que as distintas linguas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cooficiais son un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O sector entende que se están a establecer criterios discriminatorios, por razón de lingua ou de distribución territorial, que ademais non se corresponden coa finalidade das axudas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas se compromete a adoptar a Xunta de Galiza para apoiar o mantemento das estruturas das empresas culturais galegas?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 09:56:55

Daniel Castro García na data 19/01/2022 09:56:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 09:57:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música, dependente do Ministerio de Cultura y Deporte, anunciaba en xullo de 2020 unha convocatoria de dúas liñas de axudas excepcionais por mor da crise do coronavirus dirixidas ao mantemento das estruturas no sector do teatro e do circo e mais ás actividades escénicas e proxectos culturais.

Esta convocatoria recoñecía que a existencia destas estruturas culturais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e en definitiva para o acceso igualitario dos cidadáns á cultura.

Asemade, recoñécese que estas estruturas culturais se caracterizan pola súa fragilidade e por unha débil implantación social e empresarial, xa que maioritariamente son estruturas empresariais ou asociativas de moi pequeno tamaño.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As liñas de axudas económicas desta convocatoria van encamiñadas a soste as estruturas culturais (empresas produtoras, compañías e grupos artísticos, asociacións e salas de exhibición) e a manter o emprego cultural, isto é, á protección do tecido empresarial, asociativo e artístico, alicerce do sistema cultural, en tempos de grave impacto por mor da pandemia.

Con todo, algunhas compañías galegas denuncian que estas axudas do INAEM valoran e financian proxectos que teñan unha clave estatal, con distribución en varias comunidades, e non só autonómica, o que indirectamente está a excluílas de poder optar en réxime de concorrencia competitiva a esta convocatoria.

Neste sentido, as axudas estruturais non poden estar condicionadas de ningún xeito ao ámbito de distribución dunha compañía. Solicitar como requisito imprescindible que a compañía teña unha relevancia estatal ou internacional ten que ver necesariamente co ámbito de distribución. E esta, no caso das compañías que só fan teatro en galego está, obviamente, restrinxida a Galiza.

As características desta distribución máis ou menos expansiva non entra en contradición coa necesidade de ter unha estrutura empresarial e unha relevancia autonómica suficiente como para ser merecedoras deste tipo de axudas.

O Ministerio de Cultura é o Ministerio de todas e todos independentemente de cal sexa a comunidade onde residan as empresas e cal sexa o ámbito da súa distribución, que responde a unha cuestión de opción lingüística que consideramos que hai que ter en conta. E non esquezamos que estamos a falar dun Estado recoñecido constitucionalmente como plurilingüe e que as distintas linguas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cooficiais son un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O sector entende que se están a establecer criterios discriminatorios, por razón de lingua ou de distribución territorial, que ademais non se corresponden coa finalidade das axudas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta de Galiza a convocar, no primeiro semestre de 2021, por primeira vez as tan demandadas axudas destinadas ao mantemento das estruturas existentes na industria cultura galega?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 09:57:31

Daniel Castro García na data 19/01/2022 09:57:44

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 09:57:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos informes transmitidos ao goberno do Estado por parte da Xunta de Galiza en relación ao cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado español ratificou en 2001 a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, un tratado internacional promovido polo Consello de Europa.

O último informe emitido polo Comité de Ministros do Consello de Europa advertiu graves deficiencias na política lingüística educativa da Xunta de Galiza que comprometen o progresivo avance da normalización do galego e, consecuentemente, o articulado da Lei de normalización lingüística.

Neste informe de decembro de 2019 o Comité de Ministros do Consello de Europa advertía máis unha vez da importante diminución do número de falantes e da progresiva quebra acentuada da transmisión do noso idioma propio e oficial de pais a fillos, unha transmisión natural que xa non está garantida, o que afecta de forma significativa ao mantemento da proporción de alumnado con coñecemento do galego cando se incorpora ao ensino.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, este informe do Consello de Europa afirmou que a presenza do galego é insuficiente no ensino, especialmente a nivel preescolar, para cuxa reversión propuxo eliminar as limitacións á docencia en galego que actualmente regula o Decreto 79/2010.

Recentemente o goberno do Estado fixo pública a súa resposta aos requirimentos do Consello de Europa a través do “Informe sobre las recomendaciones de acción inmediata formuladas por el Comité de Ministros del Consejo de Europa en su Resolución de 11 de diciembre de 2019 en relación a la aplicación de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias”.

Neste informe do Estado destácase que actualmente non hai limitacións ao ensino en galego en Galiza, como si verificou o Comité de Ministros, e que o éxito do modelo plurilingüe implantado desde 2010 está avalado por múltiples estudos e avaliacións.

A metodoloxía para a elaboración deste informe di asentarse na consulta ao goberno galego solicitando a súa colaboración para a redacción da resposta.

No entanto, da lectura do informe de resposta do Estado español tíranse algunhas inexactitudes a respecto da implantación do Decreto 79/2010 como que as dúas linguas oficiais reparten a docencia en porcentaxes iguais ou que non existen limitacións ao ensino do galego.

Por outra banda, xustifícanse estas afirmacións nos datos positivos expostos por múltiples estudos científicos.

No BNG reiteradamente demandamos ao goberno que fixese públicos os resultados da avaliación anual a que obriga, con carácter anual, a Disposición adicional quinta do mencionado decreto, despois de finalizar cada curso, co obxectivo de “desenvolver cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.
Mais o PP nunca chegou ningunha avaliación de contraste.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Remitiulle a Xunta de Galiza, a petición do goberno do Estado, algunha avaliación propia dos resultados da aplicación do Decreto 79/2010 do plurilingüismo no ensino desde a súa implantación en 2010 para a redacción do informe de resposta requirido polo Consello de Europa ?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 10:22:21

Daniel Castro García na data 19/01/2022 10:22:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 10:22:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o dereito do acceso á enerxía da poboación, a atención da mal chamada “pobreza enerxética” e as reservas orzamentarias que debe acometer.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á enerxía, singularmente para o mantemento do fogar a unha temperatura adecuada, é un elemento de vital importancia para a vida das persoas e afecta á súa saúde, benestar e dignidade. Polo tanto, a consolidación da pobreza e o avance da equivocadamente denominada pobreza enerxética, agudizada pola pandemia da covid-19 e polo incremento dos prezos enerxéticos, da electricidade ao gas pasando polo butano, é un grave problema en Galiza.

Por exemplo, podemos lembrar como no mes de outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como que 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social (AROE) no 2020, 38.389 máis que o ano anterior. Entre outros elementos sinalábase como o aumento das persoas en Privación Material Severa se explica tanto pola gravidade do impacto do COVID-19, que comeza a reflectirse nos datos, como polo crecemento dos gastos relacionados coa vivenda.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este informe xa sinalaba como aumentara a porcentaxe de persoas que non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada aumentou tamén dende o 6% ata o 9,6%. O IGE sinala nos seus datos máis recentes, respecto do ano 2020, que 44.442 fogares galegos atópanse con carencia material severa. Esta incidencia calcúlase, entre outros parámetros, tendo en conta aqueles que non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.

Segundo os datos da propia Xunta de Galiza, en 2021 as súas axudas complementarias do bono social estatal chegaron a 5.278 familias, que non sería nin o 12% dos fogares en carencia material severa, o que amosa as limitacións deste mecanismo e do propio bono social estatal.

É necesario sinalar que se ben as dificultades no acceso á enerxía estaban consolidadas no noso país, froito do modelo económico e do modelo enerxético, a situación agrávase non só pola crise derivada da covid-19 senón tamén pola agudización da inflación e o encarecemento dos custos de vida, no ámbito enerxético mais tamén noutros elementais para o día a día das persoas como é o da alimentación.

Entre outros indicadores preocupantes salientan as informacións públicas das compañías fornecedoras de gas e de luz, e tamén de auga, respecto dos adiamentos de facturas de consumidores particulares e empresas e a falta de medidas efectivas por parte do goberno central, instalado no conformismo diante do aumento constante do prezo da enerxía.

Neste contexto de incremento da pobreza e de encarecemento da enerxía, que fai que isto sexa un problema para moitos fogares aínda que a súa situación económica non fose xa de exclusión social, cómpre ter unha previsión ambiciosa por parte das administracións públicas para enfrontar a pobreza denominada pobreza enerxética, que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non deixa de ser unha manifestación máis das consecuencias lesivas dun modelo económico que non promove a redistribución da riqueza nin o acceso aos elementais servizos precisos para unha vida digna.

Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible.

Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación no incremento de afeccións respiratorias, a gripe ou a pneumonía e o incremento no risco de enfermidades circulatorias ou o agravamento e incremento de problemas crónicos como a diabetes.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai promover o goberno galego para garantir o acceso á enerxía dos galegos e galegas e impedir o incremento da equivocadamente denominada pobreza enerxética?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2022 11:39:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2022 11:39:11

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 11:39:42

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2022 11:39:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda da creación dun Observatorio do Baile e a Música Tradicional Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de illamento social e inestabilidade económica provocada pola pandemia do COVID-19 está tendo como consecuencia unha gran crise xeralizada no ámbito da cultura do noso país, que afecta de desigual maneira aos diversos sectores culturais galegos, segundo sexa a súa actividade profesional.

Un dos colectivos máis afectados, pola súa pouca visibilidade profesional, é o dos traballadores e traballadoras da música e o baile tradicional, imprescindible sostén do proxecto vivo de actividades culturais xeradas desde o asociacionismo de base e pezas fundamentais no entramado socioeconómico do sector cultural galego.

A docencia da música e do baile da nosa tradición representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

A situación deste sector estudouse no Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza (2006).

Neste traballo recolléronse datos dunha actividade con pouca visualización social pero cun inmenso potencial socioeconómico no sector cultural. O documento, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiro deste tipo, contabilizou máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegados por subvencións da administración pública, sendo o resto costeadado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia non volveren se recollidas por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país.

Mais este sector profesional da cultura tradicional caracterízase pola diversidade de profesorado, parte do cal non se atopa nunha situación de traballo regulado ao traballaren de forma puntual para as asociacións culturais.

Trátase, pois, dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, e aínda máis na situación condicionada pola pandemia actual, que cómpre analizar con rigor para atendelo de forma eficaz e eficiente ad futurum.

De feito, o descoñecemento desta realidade cultural foi explícita por parte do propio goberno galego ao non ser contemplada no Plan de Reactivación para os sectores cultural e turístico proposto pola Xunta de Galiza en 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a atender no inmediato a demanda do sector da música e danza tradicional de actualizar o Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza para apoiar e reforzar a transmisión da música e do baile tradicional galego?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 12:11:39

Daniel Castro García na data 19/01/2022 12:11:44

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 12:11:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda de actuacións urxentes de recuperación do movemento asociativo cultural galego dedicado á promoción e difusión da música e baile de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de illamento social e inestabilidade económica provocada pola pandemia do COVID-19 está tendo como consecuencia unha gran crise xeralizada no ámbito da cultura do noso país.

A realidade profesional dos sectores culturais galegos é moi diversa, o que xustifica diferentes niveis de afectación da crise derivada da covid, así como tamén o seu encaixe nas convocatorias de axudas publicadas até o momento por parte da Xunta de Galiza.

Os traballadores e traballadoras do sector da música e o baile tradicional teñen chamado a atención pola situación que está a vivir desde o comezo da pandemia o proxecto vivo de actividades culturais xeradas desde o asociacionismo de base, dedicadas en boa parte á promoción e difusión da música e baile de Galiza, peza fundamental no entramado socioeconómico do sector cultural galego.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes colectivos agrupan a máis de 10.000 asociados/as, compoñentes, traballadores/as e alumnos/as que pertencen ou desenvolven o seu traballo en asociacións ou entidades que ofertan innumerábeis actividades como clases, concertos, espectáculos, festivais, foliadas, seráns, feiras de artesáns, etc., que axudan á conservación e transmisión da nosa identidade e do noso patrimonio cultural inmaterial e que están completamente paralizadas a día de hoxe. Queremos facer fincapé en que a paralización da actividade está a supoñer importantes perdas

Entre estas particularidades atópase a diversidade de profesorado, parte do cal non se atopa nunha situación de traballo regulado ao traballaren de forma puntual para as asociacións culturais. É por isto que é importante ter unhas medidas específicas para o sector, diferente neste aspecto da cultura comunmente chamada profesional, para os que a paralización da actividade no seo das asociacións culturais, folclóricas e escolas de música e baile tradicional, vai supoñer un parón na actividade económica moi considerable que dificilmente poderá recuperar a súa normalidade sen axuda económica da administración e de toda a sociedade galega.

A situación deste sector estudouse no Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza (2006) editado pola Fundación Sordeseu, no que participou e colaborou a AGG. Neste traballo recolléronse datos dunha actividade con pouca visualización social pero cun tremendo potencial socioeconómico no sector cultural. O documento, o primeiro deste tipo, contabilizou máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional. Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran aportados por



subvencións da administración pública; sendo o resto costeado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia non volveren se recollidas por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país.

A música e o baile da nosa tradición, dinamizada a través destas asociacións culturais, representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

Porén, trátase dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, e aínda máis na situación actual.

As asociacións paralizaron a actividade presencial, tanto aulas regulares como actividades esporádicas, as actividades remuneradas coas que as completan os seus fondos destinados a cubrir gastos fixos e salarios de mestres tamén están canceladas ou adiadas, o que provoca que gran parte das asociacións cancelasen os salarios do seu profesorado, deixando estes nunha situación de desamparo.

A paralización da actividade das asociacións culturais supón unha crise a nivel económico, social e cultural de consecuencias nefastas e até o momento inimaxinables, nun sector cultural que é salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

Unha situación que non foi en absoluto contemplada no Plan de Reactivación para os Sectores Cultural e Turístico proposto pola Xunta de Galicia en 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas urxentes compromete o Goberno galego para o sector do asociacionismo cultural centrado na difusión e aprendizaxe da música e baile tradicional galego?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 12:33:36

Daniel Castro García na data 19/01/2022 12:33:41

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 12:33:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro, este Grupo Parlamentar interpelaba ao vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación sobre a normativa mineira e, nomeadamente, sobre o cumprimento da mesma no caso das instalacións de San Finx, en Lousame.

Os argumentos principais que expoñiamos naquela sesión plenaria eran dous:

- A necesidade de que a Xunta de Galiza leve a cabo as probas necesarias que certifiquen o cumprimento do proceso de depuración dos metais pesados antes de calquera autorización de vertidos residuais industriais procedentes da explotación mineira.
- A necesidade da presentación dun proxecto de impacto ambiental, que os propios informes técnicos da Xunta de Galiza consideran que ten que estar aprobado antes de continuar con calquera actividade.

Posteriormente, o 21 de decembro, debateuse en sesión plenaria a moción deste Grupo, consecuencia daquela interpelación, e na que se propoñía, en todos e cada un dos seus catro puntos, requirir á empresa Tungsten San Finx, S. L. os estudos de impacto ambiental para as distintas actuacións que pretende levar a cabo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Partido Popular votou en contra e a moción -que solicitaba o mesmo que veñen esixindo os distintos informes técnicos da Consellaría e de Augas de Galiza- finalmente non prosperou.

Sorprendentemente, un mes despois do debate da interpelación, a propia páxina web da Xunta de Galiza fai pública unha reunión que o vicepresidente segundo e as conselleiras de Mar e de Infraestruturas mantiveron cos representantes municipais dalgúns concellos da comarca de Muros e Noia, e alí si, recoñécese por parte do vicepresidente o que non se recoñeceu no Parlamento, a necesidade dunha avaliación ambiental para que se poda retomar a actividade mineira en San Finx.

Unha reunión que tiña lugar días despois de que transcendera publicamente que a mina de San Finx fora vendida por Sacyr ao grupo australiano Rafaella Resources e da que a Xunta asegura non ter coñecemento formal.

Descoñecemos a que se debe ese cambio de opinión a respecto da necesidade da avaliación ambiental pero do que non nos cabe dúbida e de que nalgún dos dous momentos, ou no debate parlamentar ou na reunión cos concellos do pasado día 12 de xaneiro, non se dixo a verdade por parte do vicepresidente segundo.

Tamén resulta verdadeiramente curioso e inexplicábel que se a Xunta de Galiza admite agora a necesidade dun estudo de impacto ambiental, acabe de vir de poñer a exposición pública, no mes de novembro pasado, os proxectos de solicitude de Tungsten San Finx, S. L. Lousame de autorización para o vertido ao río Pesqueira de augas residuais industriais procedentes da mina e de adecuación do leito no Rego Rabaceiros para a retirada dos sedimentos acumulados no dominio público hidráulico na contorna das presas de San Fins, ambos os dous sen avaliación de impacto ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, na mesma nota da reunión mencionada recóllese que “o último paso adoptado foi iniciar a tramitación da autorización dunha nova instalación depuradora ... baseándose nos resultados obtidos nos ensaios efectuados na proba piloto e evitando calquera tipo de afección á ría”.

A este respecto, queremos supoñer que tamén se puxo en coñecemento dos alcaldes da comarca de Muros e Noia o que recolle o informe da Área de Calidade de Augas de Galiza, do 20 de abril de 2021, sobre a proba piloto, e que sinala que “non garante que o tratado da auga baleirada directamente da mina ou nunha fase de explotación obtivese o mesmo resultado” e conclúe que “as condicións propostas polo solicitante non permiten garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor”. Descoñecemos se estas conclusións sobre os deficientes resultados da proba piloto foron trasladadas aos alcaldes dos concellos da comarca de Muros e Noia.

E por último, segundo a mesma nota, o vicepresidente económico confirmou aos representantes municipais que, no caso de se producir realmente un cambio de titularidade das instalacións de San Finx, “será necesario comprobar a solvencia técnica e financeira da nova empresa ...”.

Ao noso entender, a posibilidade de calquera actividade económica e a creación de novos postos de traballo no noso país, non é negativa nin é perxudicial per se, pero a Administración debe en todo momento velar polo estrito cumprimento da lei e das normativas vixentes. Neste caso, pois, a tramitación de permisos de explotación debe ter todas as garantías legais e os avais necesarios para asumir as potenciais consecuencias que calquera evento accidental ou intencional poida provocar na contorna e, nomeadamente, na ría de Muros e Noia e na súa actividade pesqueira e marisqueira como principal fonte de traballo de toda a comarca.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Problemas como o estado das presas de residuos mineiros, unha posíbel xestión inadecuada dos residuos que conteñen, o baleirado das plantas inundadas da mina, ou mesmo o abandono da explotación sen un plan de peche que asuma o conxunto de problemas ambientais da explotación deberían ser factores fundamentais a valorar co obxecto de non recaeren as súas consecuencias nin sobre outras actividades ou sectores nin sobre o erario público , ou produciren unha afectación irreparábel na contorna e na ría de Muros e Noia.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta par resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza a requirir o preceptivo, como agora se recoñece, estudo de impacto ambiental e a realizar a consecuente avaliación de impacto ambiental do conxunto da actividade extractiva de San Finx?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2022 12:37:55

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2022 12:38:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba a participación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con 240.000€, na produción da serie de televisión "El hombre de Zara" sobre a vida do empresario Amancio Ortega.

Román Rodríguez destacaba na nota de prensa a importancia desta iniciativa audiovisual, liderada pola empresa galega Ficción Producciones, xunto a Amazon Prime Video, plataforma destinataria para o seu visionado.

A serie contaría con oito capítulos, rodados maioritariamente en Galiza, que xa naquela altura se encontraban en fase de preproducción.

Para eses traballos previos, afirmábase desde a Xunta que a produtora audiovisual seleccionada, Ficción Producciones, xa contara con apoio autonómico como adxudicataria en 2015 dunha das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega.

Logo de seis meses de preproducción, diferentes medios de comunicación anuncian a cancelación da serie sen achegar razóns para o abandono.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a Xunta de Galiza tampouco se achegan os motivos desta renuncia nin referencia ningunha ao prexuízo ocasionado no erario público á vista da relevante implicación da Consellería de Cultura no proxecto audiovisual.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Realizou a Xunta o pagamento comprometido de 240.000 euros á produtora responsábel da gravación da serie “El hombre de Zara” suspendida logo de seis meses de preproducción?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 13:24:32

Daniel Castro García na data 19/01/2022 13:24:38





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 13:24:47



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo a pandemia mundial provocada pola covid-19 o que supuxo que o 14 de marzo o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, decretase o estado de alarma adoptando medidas inmediatas para frear a propagación do virus, o que supuxo a paralización ata o mes de xuño de practicamente toda a actividade económica e a partir dese momento con aperturas intermitentes para determinadas actividades en función da incidencia da pandemia, engadindo, polo tanto, á crise sanitaria unha crise económica e social sen precedentes.

As medidas de confinamento, a paralización da actividade produtiva, as restricións á mobilidade e o distanciamento social obrigaron aos gobernos a adoptar unha serie de medidas para protexer a saúde das persoas, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública e, ao mesmo tempo, poñer en funcionamento un plan de choque de medidas económicas e de atención ás persoas máis vulnerables.

O Goberno de España estableceu inicialmente un potente plan económico estimado nuns 200.000 millóns de euros para protexer ás empresas, protexer ás persoas traballadoras autónomas, que por primeira vez ante unha crise teñen cobertura do Goberno de España ante a paralización da súa actividade ou pola diminución dos seus ingresos; e protexer aos traballadores e traballadoras, a través dos ERTE, evitando a destrución masiva de empregos, implantando o teletraballo, establecendo o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección dos fixos discontinuos e das persoas traballadoras con contrato temporal, así como a implementación de medidas para as empregadas do fogar. Ao mesmo tempo, o Goberno de España tamén estableceu unha serie de medidas para protexer ás persoas máis vulnerables, mediante a aprobación, entre outras medidas, do Ingreso mínimo vital ou o incremento do salario mínimo interprofesional.

O apoio económico do Goberno de Pedro Sánchez a Galicia para paliar os efectos da pandemia tradúcese nunha serie de achegas económicas transferidas á



Xunta de Galicia, unha primeira de 735 millóns de euros en 2021 Fondo Covid-19 para atender os efectos da pandemia na educación, na sanidade e para compensar a mingua de ingresos das arcas autonómicas; 272 millóns de euros de Fondos FEDER que o Estado negociou ante a UE para que se puidesen destinar a gastos sanitarios extraordinarios; 353 millóns de euros de fondos REACT-UE correspondentes a 2021; 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia; 828 millóns de euros do Fondo extraordinario aprobado en Xullo de 2021 no Consello de Política Fiscal e Financeira ou os 234,5 millóns de euros para conceder axudas directas a autónomos e empresas afectados pola crise derivada da covid-19.

Recursos que forman parte dun paquete de axudas europeo máis amplo, que deberan destinarse a reforzar a educación, a sanidade e os servizos sociais, así como para apoiar ás Pemes e os autónomos.

Durante estes 21 meses varias actividades foron as máis prexudicadas por afectarlles directamente as necesarias medidas aplicadas para poder evitar a propagación do virus: comercio, turismo, hostalería, ocio, cultura, afectando fundamentalmente a persoas traballadoras autónomas, Pemes e micropemes coa consecuente rebaixa na facturación de moitas destas empresas ou o peche dalgunhas.

Ante esta situación, inicialmente o Goberno do Estado despregou diferentes paquetes de medidas proporcionándolles liquidez a través de créditos con aval público, moratorias nas súas principais débedas fiscais, de devolución de créditos e de pagamento de cotizacións ou accións para reducir os seus custos fixos e variables, mediante axudas directas para o pagamento de salarios e as cotizacións sociais dos seus traballadores; diversas medidas de alivio no pagamento dos alugueiros; proporcionoulles ingresos mediante unha prestación extraordinaria para as persoas traballadoras autónomas e transferencias de recursos ás CC.AA para que puidesen proporcionar axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu ámbito territorial.

Xa que logo, ante a realidade e a necesidade de que estas empresas e traballadores e traballadoras autónomas recibisen axudas directa, o 13 de marzo deste ano o Goberno de Pedro Sánchez publicou no Boletín Oficial do Estado o RDL 5/2021 de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19, que prevé unha liña de axudas directas e finalistas, na que os beneficiarios son as persoas traballadoras autónomas e empresas cunha caída do volume de operacións mínimo dun 30 % en 2020 respecto de 2019 e que a súa actividade estivese incluída nalgún dos códigos de



clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) previstos no Anexo I do RDL, podendo destinarse a satisfacer débeda e os pagos a provedores, acredores financeiros e non financeiros e costes fixos, sempre e cando se houbesen devindicado entre o 1 de marzo e o 31 de maio de 2021 e se orixinasen por contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, asumindo as CC.AA a tramitación e a xestión destes fondos.

O Real decreto-Lei prevé que se efectúen as correspondentes transferencias a cada ente territorial con cargo a dous créditos extraordinarios, un de 5.000 M€ con destino ás CC.AA, excluídas Baleares e Canarias, e as Cidades de Ceuta e Melilla; e o segundo, dotado con 2.000 millóns de euros, para os dous arquipélagos, que tiveron un maior impacto económico debido á pandemia, pola súa maior dependencia do sector turístico.

Posteriormente, o Estado a través do RDL 6/2021 modificou o RDL anterior habilitando ás CC.AA para que puidesen conceder axudas a outras persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas no seu ámbito territorial.

E na Orden HAC/283/2021, do 25 de marzo de 2021 concrétanse os aspectos necesarios para a distribución definitiva dos 5.000 M€ entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da Liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real decreto-lei 5/2021 que a partires dos indicadores e os cálculos establecidos para o reparto do fondo, a Galicia correspondéronlle 234.470.880 € para axudas directas a Pemes e a autónomos, Fondo que foi transferido polo Goberno do Estado á Xunta de Galicia na súa totalidade.

Con esta base legal, a Xunta de Galicia publicou a Orde do 9 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado co prazo de presentación dun mes dende o 14 de xuño ata o 14 de xullo.

A dita orde foi modificada pola Orde do 12 de xullo e publicada no DOG o 13 de xullo, pola que se amplían as actividades incluídas no Anexo I do RDL e amplíase tamén o prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de setembro de 2021



Carecendo de datos de resolución e concesión das achegas do III Plan, pero entendendo que o resultado foi moi cativo, a Xunta de Galicia publicou o 28 de outubro unha nova Orde pola que establece as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19, cun orzamento de 134.470.880 €, é dicir, máis do 57 % do total do fondo recibido, cun prazo de presentación de solicitudes ata o 29 de novembro de 2021.

A finais do exercicio 2021, a Unión de profesionais e traballadores autónomos (UPTA) alertaba de que as comunidades autónomas terían que devolver unha boa parte destes fondos que non foron executados, sendo no caso de Galicia a cantidade de case 140 millóns de euros, é dicir, o 60 % do fondo achegado.

Ante a evidente falla de execución dos fondos por parte dalgunhas comunidades autónomas, entre as que se encontra Galicia, cun 57 % do fondo sen executar, e co gallo de que non se perdan os fondos e que cheguen aos beneficiarios aos que van destinados, o Estado publicou un novo RDL 27/2021 prorrogando a entrega dos fondos non executados antes do 30 de xuño de 2022.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cal foi a totalidade dos fondos recibidos pola Xunta de Galicia do Estado para atender ás persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2022 13:14:25

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/01/2022 13:14:40

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2022 13:14:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os niveis altos de nitratos nas augas, tanto continentais coma mariñas, estimulan o crecemento excesivo de algas que abafan outras formas de vida matando lagoas e ríos. A este proceso chámase eutrofización. Así mesmo, aínda que semelle un paradoxo, o exceso de nutrientes nos solos chega a facelos improdutivos.

Hai xa varios anos que na comarca da Limia saltaban as alarmas sobre os excesos de xurros, esterco e outros fertilizantes de procedencia gandeira, sobre as súas terras. Foron grupos ecoloxistas os que comezaron a batalla pública cansos da desidia e complicidade do goberno galego e da excesiva prudencia de case todo o resto da sociedade.

Si, prudencia excesiva para non mancar certos sectores produtivos de ganaría intensiva, sen terra, nunha provincia que se caracteriza polo seu acusado declive demográfico, abandono da actividade agrogandeira e un sálvese quen poida que pon en perigo a precaria economía existente.

A intensividade e excesivo número das explotacións porcinas, avícolas e en menor medida as cunículas, con escasa terra, e sen ningún outro medio que poida xestionar convenientemente os seus xurros e esterco converte a súa discutible





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rendibilidade económica nunha carga que ameaza toda a outra actividade agrícola e gandeira dunha comarca senlleira pola riqueza e calidade dos seus produtos.

A eutrofización manifesta do encoro das Conchas, e as sucesivas e reiteradas denuncias, feitas xa inqueda social, do Movemento Ecoloxista da Limia converten o que todo o mundo vía, pero gardaba silencio, nun claro enfrontamento e nun conflito de intereses con denuncias, ameazas e demais.

E esta situación chega a este Parlamento da man da oposición obrigando ó goberno galego a recoñecer que hai na Limia un problema e que non se pode seguir ollando para outro lado. Logo de reiteradas resistencias e acusacións de catastrofismo, o goberno galego e o partido que o sustenta comezan a recoñecer a existencia do problema e manobrar politicamente para eludi-la responsabilidade no proceso de xeración e na dimensión do mesmo.

E así o 4 de outubro de 2019, nesta Comisión 7ª, é o mesmo PP quen pregunta pola situación e medidas adoptadas e, en resposta, o Director Xeral de Agricultura, Gandaría... ofrece todo un abano de futuras medidas que a día de hoxe quedaron en pasado.

Van máis de 4 anos de todo isto e nada sabemos do Anteproxecto de Lei Reguladora do Sistema Integrado para a Xestión das Dexeccións Gandeiras de Galicia, nada do Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia, nada do prometido Plan de Formación, nada da posta en funcionamento da Planta de Sarreaus... nada sabemos de nada. Todo fume.

Anos perdidos en sacudir responsabilidades, salvar eleccións con enganos e sobre todo deixar que o problema de contaminación e desprestixio dos produtos desta comarca e doutras que están en situación semellante, medre e se enquistase facendo cada vez máis difícil a súa solución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porque o modelo produtivo potenciou a gandería intensiva (porcino e avícola) provocando a perda de explotacións de vacún e ovino-caprino en extensivo.

Porque non se controlou nunca a contaminación difusa das augas por nitratos e fosfatos debido á falta de xestión dos subprodutos das explotacións gandeiras.

Porque non hai capacidade de xestión dos subprodutos gandeiros debido ó seu excesivo volume.

Porque non se estableceu unha necesaria moratoria en canto a instalación e/ou ampliación de novas explotacións gandeiras intensivas.

Porque se negou sempre desde o goberno galego a existencia deste problema.

Porque se trata dun modelo de explotación vinculado basicamente a unha única cooperativa dependente da mesma en tódalas fases (producción, transformación e comercialización).

Porque no canto de utilizar estes fertilizantes orgánicos na agricultura óptase polos fertilizantes de síntese.

Porque resulta un auténtico despropósito que nunha provincia con máis de 100.000 has. agrícolas abandonadas e con necesidades de fertilizantes teñamos un problema de eutrofización no Limia debido ó desleixo e falta de planificación de moitos anos de goberno do PP de caciqueo e deterioro da actividade agrogandeira.

Porque neste desaguizado está a cobiza e curta visión dun sector dominado por intereses económicos e políticos.

Despois de constatar o incumprimento das normativas europeas e logo dun longo proceso de requirimentos, a Comisión comunicou o 2 de decembro pasado a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decisión de levar ó Estado español diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea por non ter tomado medidas abondo contra da contaminación por nitratos.

Esta é, pois, a última hora onde se constata unha seria ameaza sobre a Limia e posiblemente outras zonas deste noso País na posibilidade de ser/seren declaradas zonas vulnerables.

Galicia, que se mantíña coma unha das poucas rexións europeas sen zonas de vulnerabilidade, debido á desidia, indolencia e políticas erradas e permisivas, pasa a estar baixo sospeita de malas prácticas agrícolas e gandeiras en zonas do seu territorio.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que ten que dicir o goberno galego da situación medioambiental da comarca da Limia, das medidas non tomadas e da posible declaración de vulnerabilidade da mesma pola UE ?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/01/2022 13:26:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2022 13:26:15

María González Albert na data 19/01/2022 13:26:26

María del Carmen Aira Díaz na data 19/01/2022 13:26:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda de información sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galiza para declarar BIC a Casa Cornide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 17 de novembro o grupo parlamentario do BNG defendeu unha proposición non de lei instando a Xunta de Galiza a axilizar o procedemento necesario para declarar BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, que resultou aprobada por unanimidade.

Esta demanda viña precedida da significación incuestionábel da Casa Cornide como un senlleiro edificio, cualificado como tal no informe histórico e artístico do inmobile encargado polo concello da Coruña aos profesores Emilio Grandío e Alfredo Vigo, e entregado á Xunta de Galiza.

Porén, a intrahistoria do edificio achega luces e sombras. Fronte ás luces que representan a doazón pola ilustre familia Cornide ao Concello da Coruña no século XIX, durante a ditadura, a Administración local sacouna a unha poxa pública, previamente amañada por actores políticos, para ser agasallada a Carmen Polo, dona do ditador Franco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É así como a coruñesa Casa Cornide se converte nun novo fío co que tecer a historia do espolio que sostivo a ditadura franquista nunha rede da ignominia que, mediante manobras ilícitas e usurpadoras, derivaron propiedades públicas ás mans privadas da familia do ditador e da súa familia.

O tempo deitou razóns sobre este procedemento fraudulento recentemente para o Pazo de Meirás. Un exemplo que convida a continuarmos a traballar no camiño da recuperación para o ben común o que sempre lle pertenceu e non debeu deixar de ser.

Con todo, enfrontámonos aínda agora a uns procedementos espúreos aos que as descendentes de Franco están ben afeitas, pois pretenden continuar a exercitalas.

Coincidindo co inicio da celebración do xuízo polo pazo de Meirás e mais co proceso de estudo para a declaración da Casa Cornide como BIC por parte do Concello da Coruña, a familia Franco respondeu cunha nova provocación poñendo a Casa Cornide en venda, o que, para alén de requirir unha resposta contundente en forma de repulsa, tamén obrigaba a activarmos con celeridade todos os resortes necesarios para recuperar para o ben público este patrimonio espoliado ao pobo galego con actitudes fraudulentas.

Insistiamos na C4 de novembro na importancia de activar, con carácter urxente, as medidas de protección necesarias para que un dos edificios máis singulares da cidade conte coa maior protección legal iniciando o procedemento de declaración de BIC.

Perante a ausencia de resposta por parte da Xunta de Galiza, insistimos na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 29 de xaneiro, entendendo que, á vista dos feitos, o tempo non corre en balde, máis ben apremia en contra da protección deste ben inmóbel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste tempo, mentres o pobo da Coruña seguiu activo a través da Marcha Cívica reclamando a devolución deste patrimonio roubado e mentres se celebrou xa o xuízo dos 9 da Casa Cornide o 4 de febreiro (derivado dunha denuncia por unha acción pacífica que reivindicaba a devolución da Casa Cornide ao pobo coruñés), a Casa Cornide segue á venda nunha inmobiliaria e ademais a familia segue a facer ostentación da súa impunidad dando a ver un proceso de mudanza sen ningún control que garanta a protección de patrimonio colectivo, o que merece a repulsa social e institucional á vista dos antecedentes de intento de baleirado de bens do Pazo de Meirás tras a sentenza que o declarou propiedade do Estado.

Lembremos que ata hai só 2 ANOS na Casa Cornide estaban depositadas as estatuas de Isaac e Abraham do Mestre Mateo, o que avala a necesidade de que a declaración BIC sexa urxente e inclúa tamén o contido do edificio, substancialmente descoñecido por carecermos dun inventario de bens patrimoniais que frease o seu espolio.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións leva desenvolvido a Xunta de Galiza para axilizar o procedemento necesario que declare BIC a Casa Cornide, en cumprimento do acordo unánime conseguido na Comisión de Educación e Cultura celebrada o 17 de novembro de 2020?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 13:36:01

Daniel Castro García na data 19/01/2022 13:36:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 13:36:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda da declaración como BIC do Monumento aos Mártires de Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Monumento aos Mártires de Carral, para alén de facer parte da identidade desta pequena localidade coruñesa, representa unha páxina viva da historia colectiva galega na súa procura da democracia e dunha maior autoorganización política como pobo.

As orixes deste simbólico monumento sobre o que se ergue a dignidade colectiva temos que o procurar no levantamento liberal progresista encabezado polo coronel Miguel Solís que se proclamou en Lugo o 2 de abril contra o goberno Narváez, causante e promotor dun recorte de dereitos e liberdades e dunha centralización administrativa que provocou a revolta militar que contou con importante apoio social.

Con Narváez, como presidente do Consello de Ministros, proclámase unha nova Constitución en 1845 que substitúe a de 1837, máis progresista; redúcese a participación electoral; recórtase a liberdade de expresión e imprenta e prodúcese unha reorganización dos municipios e deputacións provinciais, poñendo fin á democracia municipal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As tropas sublevadas contra o réxime foron derrotadas na batalla de Cacheiras, nas proximidades de Santiago de Compostela, o 23 de abril de 1846.

Un suceso que deixou pegada imborrábel na memoria do país, o que fixo que dez anos despois estes militares fosen homenaxeados e condecorados, aprobándose a realización dun monumento na súa memoria en Santiago de Compostela, aínda que non chegou a realizarse.

En 1904 a Liga Galega da Coruña, grupo político rexionalista e liberal, vinculado ao polo intelectual rexionalista coñecido como “A Cova Céltica”, levantaría o seu propio monumento en memoria dos que denominou “Mártires da Liberdade” en Carral, na localidade onde foran fusilados despois dun xuízo rápido.

Os rexionalistas viron nos feitos de 1846 un referente simbólico da historia de Galiza e nos mártires de 1846 un símbolo do inicio do galeguismo que se asentaría en clave política no primeiro cuarto do século XX.

O monumento aos Mártires de Carral ten forma de cruz con saíntes contrafortes na súa base, resalta o almofadillado, loce o escudo de Galiza, fíxose con sillares de granito traído da aldea de Illó en Barro (Pontevedra) e foi deseñado polo arquitecto D. Juan Álvarez Mendoza. Posteriormente rodeouse cun valado de ferro fundido, obra dos Irmáns Seoane de Vilaboa.

No mes de maio de 1917, ábrese outra subscrición popular para erguer un mausoleo en honor dos mártires do levantamento de 1846 e colocar unha lápida cos nomes dos fusilados no monumento erguido pola Liga Gallega en 1904.

Este acontecemento histórico deixou unha profunda pegada na literatura galega decimonónica e ao longo do século XX.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, segue a ser un lugar de recoñecemento anual por parte do pobo e de colectivos culturais, así como un punto de encontro en irmandade para as comunidades educativas de Carral e Cacheiras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Á vista do importante legado histórico e da memoria viva popular e colectiva que segue a representar o Monumento aos Mártires de Carral (A Coruña), comprométese o goberno a incoar a declaración de expediente BIC para este monumento patrimonial de referencia?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 13:48:56





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 19/01/2022 13:49:01

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 13:49:11





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a información que ofrece o visor de aproveitamentos forestais a respecto do patrimonio arqueolóxico para garantir a súa seguridade e protección.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A altura de 2018 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tiña rexistrado arredor de 20.000 entidades arqueolóxicas en Galiza (xacementos, achados, referencias...), froito fundamentalmente de traballos de prospección arqueolóxica levados a cabo na década dos oitenta e noventa do século pasado, momento no cal a tecnoloxía de posicionamento xeográfico e a cartografía dispoñíbel non permitían situar as entidades que se localizaban de forma precisa. Isto provocaba problemas á hora de garantir a súa protección e inseguridade xurídica aos particulares, xa que non era infrecuente que a situación do ben arqueolóxico se atopase fóra do ámbito delimitado no instrumento de planeamento correspondente cando existía tal figura.

A Disposición final décimo segunda da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza, incorpora modificacións na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, concretamente engádelle unha nova disposición adicional, a décimo terceira, relativa á información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos, no que se establece que <<os distintos departamentos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Administración xeral da CCAA colaborarán coa dirección xeral competente en materia de protección do patrimonio cultural para que, no prazo dun ano, se publique a ferramenta xeográfica corporativa que incorpore a información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos identificados ata o momento, que permita ás Administracións Públicas e ós operadores económicos unha planificación respectuosa co patrimonio cultural de Galicia>>.

No mesmo senso, a Lei 5/2017 tamén modifica a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galiza, incorporándolle a Disposición adicional sétima, relativa á xeolocalización do espazos suxeitos a algún réxime de protección e dos ámbitos de protección do dominio público, no que se establece que *<<os distintos departamentos da Administración xeral da CCAA colaborarán para que se publique no portal de cortas privadas da consellería competente en materia de montes a información xeolocalizada debidamente actualizada que permita coñecer cando os montes ou terreos forestais forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección do dominio público, de forma que permita aos operadores económicos unha planificación da xestión forestal respectuosa con ditos espazos>>.*

Segundo o Instituto Galego de Estatística, no ano 2018 o **65% do territorio galego era forestal**, e segundo algunhas estimacións **máis de 11.500 xacementos arqueolóxicos atópanse en superficies forestais**.

A isto é preciso sumarlle as previsións recollidas na Revisión do Plan Forestal de Galiza que prevé un incremento medio da superficie forestal arborada grazas á repoboación da superficie forestal desarborada de 125.00 hectáreas; ademais, transformaranse 55.000 hectáreas de masas mixtas en masas puras no horizonte de 20 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estas cifras hailles que engadir as tarefas silvícolas que se efectúan en superficies xa arboradas, o cal amosa uns parámetros e magnitudes de gran calado que poden xerar o maior impacto sobre o patrimonio arqueolóxico da historia, e algúns dos cales están saltando cun chorreo continuo nos medios de comunicación con constantes desfeitas aos xacementos arqueolóxicos como consecuencia de aproveitamentos forestais, plantacións, corta lumes, etc.

A actividade forestal de produción de madeira (eucaliptos e piñeiros, esencialmente) é, xunto coa minería, unha das actividades máis agresoras co medio. Ben é certo que estes impactos deberán ser identificados e minimizados grazas á introdución de medidas protectoras e correctoras, para o cal é indispensable que os xacementos arqueolóxicos estean ben situados.

Doutra banda, entre os anos 2018 e 2019, leváronse a cabo traballos de xeolocalización de xacementos arqueolóxicos galegos coordinados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, cun importante esforzo económico que ascendeu a máis de un millón de euros.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode garantir o goberno que a información existente no visor de aproveitamentos forestais sobre a localización dos xacementos arqueolóxicos é absolutamente fiábel e está completa de cara á súa protección e seguridade?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 13:53:15

Daniel Castro García na data 19/01/2022 13:53:19

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 13:53:27





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas e recursos a disposición do Servizo de Vixilancia e Inspección para o seguimento, control e supervisión das autorizacións de intervencións sobre bens do patrimonio arqueolóxico relativas a aproveitamentos forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia fixa como órgano superior e de dirección a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Á vez, a DX de Patrimonio Cultural está estruturada en dúas subdireccións xerais, unha de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e outra de Protección do Patrimonio Cultural. Formando parte desta última atópase o Servizo de Vixilancia e Inspección a cuxo servizo correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Vixilancia sobre os bens de calquera natureza integrantes do patrimonio cultural de Galicia, para a súa protección e conservación.*
- b) Tramitación dos procedementos sancionadores por infraccións da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural, e realización de informes encamiñados a determinar e avaliar os danos producidos nel, así como*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a proposta á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de adopción de medidas cautelares.

c) Comprobación do cumprimento das normas, resolucións e ditames emanados da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

d) Control do rexistro das transaccións realizadas polas persoas ou entidades dedicadas ao comercio de bens integrantes do patrimonio cultural e do cumprimento dos requisitos para o exercicio desta actividade.

e) Elaboración do plan anual de inspección.

f) Coordinación cos servizos das xefaturas territoriais competentes en materia de inspección dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, en relación coa instrución dos expedientes sancionadores e as actuacións correspondentes á investigación, comprobación e comunicación sobre os feitos obxecto de reclamacións ou denuncias sobre presuntas afectacións a aquel patrimonio.

g) Calquera outra función análoga que lle sexa encomendada.

Segundo se fan eco distintos colectivos e medios de comunicación, o patrimonio arqueolóxico está sufrindo desfeitas constantes como consecuencia de distintos aproveitamentos forestais madeireiros.

No ano 2018 rexistráronse en Galiza 107.705 declaracións responsables e solicitudes de autorizacións para aproveitamentos en montes ou terreos de xestión privada para un volume total de 9.716.425 metros cúbicos de madeira. No ano 2019, o número de declaración responsables e solicitudes de autorización descendeu ata 93.921 (un 12,80% menos que o ano anterior), mentres que o volume de aproveitamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

madeireiro declarado descendeu ata os 9.442.623 metros cúbicos (un 2,82% menos que no ano precedente).

No ano 2018, as solicitudes de autorización con algunha ou varias afectacións foron un 20,35% do total. No ano 2019, a pesar de que o número total de declaración responsables e de solicitudes de autorización caeu no conxunto do país, as solicitudes con algunha ou varias afectacións supuxeron neste ano un 27,65% do total das solicitudes de autorización presentadas.

No 2018 a maior incidencia das afectacións, cun 54,59%, correspóndese á afección de zona de policía de augas, seguida de estradas cun 20,83%. O Patrimonio Cultural (sen contar o Camiño de Santiago) foi a terceira causa con 3.032 solicitudes de autorización afectadas, é dicir, un 13,83% do total das solicitudes de autorización con algún tipo de afectación (un 2,82% do total das solicitudes de autorización presentadas).

No ano 2019, o Patrimonio cultural foi de novo a terceira circunstancia que afectou a un maior número de solicitudes de autorización. Rexistráronse **un total de 4.456 solicitudes de autorización afectadas**, é dicir, un 1.424 máis que no ano precedente. Se ben neste ano o total de solicitudes de autorización con algunha ou varias afectacións aumentou con respecto ao ano 2018, **as solicitudes de autorización afectadas por patrimonio foron as que máis aumentaron cun 46,97%.**

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas específicas se adoptaron por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no Plan anual de inspección 2018, 2019 ou 2020 para paliar o impacto dos aproveitamentos forestais no patrimonio arqueolóxico?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 13:56:05

Daniel Castro García na data 19/01/2022 13:56:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 13:56:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os membros da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia acordaban por unanimidade o pasado 16 de decembro de 2021 instar o Goberno galego a “estender o servizo de Hospitalización a Domicilio á totalidade da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza antes de que remate o primeiro trimestre do ano 2022”.

O Sergas está respondendo as reclamacións que a veciñanza de Rianxo realizou individualmente o pasado ano na plataforma de queixas para demandar o servizo de HADO no seu concello da seguinte maneira: “Confiamos en que moi pronto, previsiblemente no primeiro semestre de 2022, toda a área sanitaria de Santiago e Barbanza poida gozar deste servizo”.

Tendo en conta que o comunicado polo Sergas non é o acordado na comisión 5ª, que establecía o primeiro trimestre do ano como límite para implantar este servizo, preguntamos:

Cales son os impedimentos concretos para que o Sergas non garanta a cobertura do servizo de HADO ao concello de Rianxo no primeiro trimestre deste ano tal e como se acordou no Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2022 17:12:37

Julio Torrado Quintela na data 19/01/2022 17:12:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Daniel Castro García e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector conserveiro do Estado español é o primeiro produtor a nivel europeo e o segundo a nivel mundial. Polo seu número de empresas, facturación e emprego, Galiza é quen encabeza estes datos no conxunto do Estado con máis de 160 empresas e, segundo o IGE, cun importe neto de cifra de negocios desta industria que supera os 3.300 millóns de euros e un emprego que acada case 12.000 traballadoras e traballadores.

Trátase dun sector, ademais, cun efecto multiplicador moi relevante sobre outras actividades, tanto vinculadas ao mar como á alimentación e á industria auxiliar e, polo tanto, fundamental dentro da nosa economía

Durante a pandemia, e mentres as exportacións dos produtos do mar en xeral sufriron unha merma do 3,56%, o das conservas, de carácter esencial, incrementouse, segundo datos de ANFACO, nun 15%, converténdose nun sector non só non prexudicado senón beneficiado polos hábitos de consumo nese período.

É tamén unha actividade económica que recibe dende hai anos millóns de euros en subvencións públicas e fortemente apoiada polo Goberno galego que, só neste ano 2022, incrementou nun 28% os seus orzamentos destinados á mellora da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comercialización e apoio no investimento das industrias de transformación e comercialización, acadando os 27 millóns de euros e sendo unha das partidas orzamentarias máis importantes de toda a Consellaría do Mar.

Un apoio que recentemente aínda vén de se estender á elaboración, por medios propios a través do CETMAR, dun plan estratéxico para o sector das conservas, peixes e mariscos de Galiza para os anos 2022-30 e que será cofinanciado con fondos europeos.

No entanto, estes potentes datos e o poderoso apoio público que recibe non se traduce na mesma medida en melloras laborais para as miles de traballadoras e traballadores da industria conserveira.

En primeiro lugar, o convenio colectivo do sector de conservas, semiconservas e salgadura de peixe e marisco segue nesta altura -malia a que máis do 80% das industrias conserveiras que hai no conxunto do Estado están na Galiza- a ser de ámbito estatal, sen que a Xunta de Galiza teña dado ningún paso para termos un convenio de ámbito galego onde os dereitos laborais das traballadoras e traballadores galegos non queden diluídos e onde non se merme a capacidade de incidencia dos seus representantes sindicais.

Por outra banda, historicamente a presenza das mulleres nesta actividade é maioritaria, supoñendo preto dun 80% do total das persoas traballadoras e, nalgúns comarcas costeiras do noso país, a industria conserveira xera case o 40% de todos os contratos a mulleres.

No entanto, as negociacións do novo convenio, ademais de estaren paralizadas durante meses (hai que lembrar que o actual tiña unha vixencia de catro anos e remataba no 2020), non conseguiron polo de agora acadar as melloras demandadas pola parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

social e continúan sen satisfacer reivindicacións históricas como a de rematar dunha vez por todas coa fenda salarial que padecen as traballadoras.

Neste sentido, o empresariado segue sen querer facer fronte á discriminación salarial encuberta que existe dende sempre entre os grupos de produción ou fabricación, fortemente feminizados, e o de oficios varios, ocupados preponderantemente por homes. Así, resístese a contemplar ningún incremento salarial adicional para a categoría de auxiliar, que é precisamente a que agrupa á maior parte de mulleres traballadoras cun salario inferior.

Na práctica, isto tradúcese nuns 850 euros menos de media ao ano que deixan de percibir as auxiliares do Grupo 5 con respecto á categoría de axudante do Grupo 6, ambos coas mesmas funcións produtivas. Ou en que un axudante do Grupo 6, de persoal de oficios varios, teña un salario/hora de 8,49 euros e unha mestra (máxima categoría do Grupo) do Grupo 5 teña un salario/hora de 8,33 euros.

Ao noso entender, non hai ningunha xustificación para esta diferenza salarial nin ningún elemento obxectivo que explique o maior valor que se lle concede ao traballo masculino e a Administración debe, en todo caso, traballar e actuar para desterrar definitivamente este tipo de prácticas intolerábeis.

En canto á perda de poder adquisitivo das traballadoras e traballadores da conserva tamén existen grandes diferenzas entre as centrais sindicais e o empresariado que pretende un convenio de cinco anos, con incrementos salariais que van dende o 0,5% ao 3% pero sen contemplar cláusulas de revisión anual do IPC. Unha proposta que se fai inasumíbel para a parte social porque só no ano 2021, o IPC acadou case o 6% e non ten explicación que a perda de poder adquisitivo continúe mentres as empresas aumentan de maneira importante as vendas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A desregulación das condicións laborais, sociais e económicas das persoas traballadoras do sector e o retroceso nos dereitos logrados supoñen unha distancia abismal entre as partes, que a día de hoxe xa provocou concentracións e manifestacións e que vén de desembocar nunha convocatoria de folga por parte dos sindicatos maioritarios -CIG, CC.OO e UXT- durante tres xornadas.

Diante desta situación, resúltanos poderosamente chamativo que o Goberno galego non teña expresado a súa valoración en ningún momento, nin que, malia ao peso do sector na nosa economía, aos miles de postos de traballo que dependen del e ás cuantiosas e importantes axudas públicas que recibe o empresariado conserveiro, non se teña implicado para avanzar na resolución deste conflito e non teña amosado a máis mínima preocupación pola mellora dos dereitos laborais de miles de galegas e galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou e vai levar no futuro o Goberno galego para mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras da conserva en Galiza, nomeadamente das mulleres?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2022 17:11:21

María do Carme González Iglesias na data 19/01/2022 17:11:33

Daniel Castro García na data 19/01/2022 17:11:40

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 17:11:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para recomenzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Ourense continúa a arrastrar a incapacidade do bipartito PP-Democracia Ourensana e da propia Xunta de Galiza para desbloquear as repercusións negativas da nova lei de aproveitamento termal e superar a falta de planificación e dilixencia das diferentes partes.

É necesario sinalar que ata o momento de entrar en vigor a lei, Ourense tiña nos aproveitamentos termais un dos seus potenciais vectores de crecemento e desenvolvemento económico malia que o seu actual alcalde considere o termalismo como un “bluff”. Así mesmo, a cidade de Ourense foi no pasado unha referencia na existencia de espazos de desfrute termal de acceso e xestión pública, democratizando o seu use e desfrute por parte da veciñanza ourensá con independencia do seu nivel de renda. Non en balde, o Parlamento galego aprobou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no ano 2008, a impulso do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Ourense como capital termal.

Porén, nos últimos anos, lonxe das esperanzas postas naquel consenso e no consenso ourensán arredor daquel primeiro Plan Estratéxico Termal de Ourense impulsado no Concello, a evolución do termalismo en Ourense estivo limitada pola falta de apoio da Xunta de Galiza e a desidia e bloqueo político dos dous últimos gobernos municipais. Entre outros problemas, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos sinalado o enfoque reducionista centrado exclusivamente no turismo e sen unha avaliación rigorosa (como demostra o Plan de Turismo Termal), a falta de aposta pola conexión da realidade termal co Campus da Auga e a investigación, a carencia dunha estratexia de saúde pública, a necesidade de recuperación patrimonial e cultural (BIC das Burgas, Tinteiro...), as distorsións da xestión estatal dos ríos ou a necesidade de cumprir transformacións pendentes (boulevard termal, reforma da zona do matadoiro, etc).

A desidia e a falta de colaboración política e institucional entre Xunta e concello é, nestes momentos, a responsábel de que as termas de Ourense, singularmente As Burgas mais tamén a parte pública de Outariz e máis as termas do Muíño, estean sen abrir ao público furtando un dereito á veciñanza e unha oportunidade de dinamización económica nun momento complicado para unha zona tan castigada.

É evidente que a irrupción da pandemia da covid-19 supuxo unha dificultade sen precedentes en moitos aspectos e o termalismo é un deles. A precaución e a complexidade explican unha parte do atraso, mais toda vez que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levamos un ano de experiencia na pandemia e que se desenvolveron aperturas de iniciativas privadas con normalidade, esta situación é xa intolerable e as administracións responsábeis deben traballar para unha apertura urxente, organizada e segura tal e como leva demandando o Grupo Municipal do BNG de Ourense desde o mes de xuño de 2020.

Desde hai practicamente dous anos son recorrentes as desculpas e cruces de acusacións, primeiro co goberno bipartito PP-Democracia Ourensana, despois co goberno en solitario de DO e agora novamente cun goberno bipartito que emprega o termalismo como unha arma arreboladiza máis para facérense oposición entre eles. Despois de que o Partido Popular bloquease no Parlamento Galego propostas para sacar adiante esta situación, asumiron pola vía dos feitos que parte das propostas eran o que había que facer. Nese sentido, ambas administracións comezaron algo semellante a unha mesa e dinámica de traballo e mesmo nos Orzamentos de 2022 a Xunta asumiu pola vía dos feitos que era parte do problema e consignou unha partida orzamentaria para que as entidades locais se puideran adaptar á nova lei. Aínda así, as termas en Ourense continúan pechadas. O pasado 19 de xaneiro de 2021 a concelleira responsábel volvía prometer que abrirían “nuns días”. Asemade, Deputación e Xunta presentan as súas campañas turísticas en Fitur sen poder aproveitar o termalismo como elemento de atracción.

Esta situación require de seriedade, planificación, compromiso por todas as partes e alturas de mira para determinar cales son as características das instalacións de Ourense e como poderían poñerse en funcionamento. É necesario superar a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recomezar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a previsión por parte da Xunta de Galiza para a reapertura das instalacións termais públicas do Concello de Ourense?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 17:45:00

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2022 17:45:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2022 17:45:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica no IES María Casares de Oleiros (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A drástica redución do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe aplicada pola Consellería de Educación no presente curso escolar 2021-2022 non deixa de ter eco nos propios centros e tamén nas rúas.

Sucédense as protestas e reclamacións por parte da comunidade educativa por toda Galiza mais neste caso imos centrarnos nas demandas que está a facer a ANPA Os Pazos do IES María Casares de Oleiros (A Coruña).

Desde comezos de curso o equipo directivo do instituto puxo en coñecemento das familias as consecuencias da supresión dunha praza de PT, que si estaba presente no centro en cursos anteriores, o que promoveu unha recollida de sinaturas para denunciar a situación e solicitar a súa revisión.

Esta demanda fundaméntase na necesidade de contar con profesorado especialista na atención do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e con necesidade de apoio educativo (NEAE).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O IES María Casares ten no presente curso escolar un total de 587 alumnos e alumnas, e delas, 10 con NEE e 24 con diferentes NEAE. Falamos só daquelas situacións valoradas e diagnosticadas, pois somos conscientes de que hai máis que non o están, entre outros motivos, pola falta de recursos para facelo.

O pasado curso académico, o centro contaba con dous profesores de pedagogía terapéutica (PT), mais no actual, aínda que se incrementou o alumnado que require atención por parte deste profesorado, a contratacións destes especialistas reduciuse á metade, e só conta o instituto cunha profesora con este perfil.

A situación educativa actual é insostíbel: o alumnado con NEE non está a recibir a atención axeitada; os rapaces e rapazas con NEAE non están a ser atendidos por profesorado especializado; tampouco o resto do alumnado está a recibir a atención adecuada, dado que sen o apoio de especialistas en varios destes casos, a situación nas aulas vólvese moi complicada: dificultades do profesorado para dar clase, retrasos nos contidos, desafección do alumnado que pode acompañar comportamentos disruptivos, etc.

A ANPA tense dirixido formalmente esta demanda á Consellería, cun escrito no mes de novembro, ao que non tiveron ningún tipo de resposta a día de hoxe.

Con todo, algúns medios de comunicación recolleron nestes días unha nova que daba conta da negativa da Consellería de Educación a dotar de máis profesionais especialistas de PT argumentando que o profesorado do centro podía suplir esta tarefa en “horas libres”.

Sorprende esta actitude da Consellería carente de rigor e falta de transparencia ao non se dirixir directamente ás familias que están a reclamar medidas de actuación que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poñan fin a unha evidente discriminación do alumnado con necesidades educativas nunha etapa de escolarización obrigatoria.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai resolver o goberno galego de inmediato esta limitación de dereitos no acceso ao ensino público en condicións de igualdade para o alumnado con necesidades educativas do IES María Casares de Oleiros (A Coruña)?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2022 18:03:56

Daniel Castro García na data 19/01/2022 18:03:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2022 18:04:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e que viña a substituír o anterior marco legal, tumbado polo Partido Popular por sectarismo político despois de empregalo como ariete electoral.

Dita lei, que xa foi modificada unilateralmente e sen diálogo sectorial ou social dez veces, a maioría a través do subterfuxio da lei de acompañamento dos orzamentos, introducía un novo mecanismo para teoricamente repercutir parte da riqueza da actividade eólica na sociedade galega, compensando o seu impacto ambiental. Porén, a realidade foi ben distinta. Por unha banda, é necesario sinalar que tal e como xa foi advertido durante a súa tramitación, renunciar á participación pública directa de beneficios do sector era un erro histórico. Por outra banda, para alén de que o seu carácter ambiental é relativo, hai que dicir que a lei do sector eléctrico estatal en vigor dende 1997 abría xa a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa reforma impulsada en 2013. Resultado diso e das políticas austericidas dos orzamentos estatais de Montoro co Partido Popular, Galiza chegou a pagar a tarifa eléctrica máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cara do estado ao repercutírense nela os suplementos territoriais do ano 2013 após diferentes sentenzas xudiciais en favor do lobby eléctrico.

Canto máis tempo pasa, é máis evidente a eiva de concepción e funcionamento do canon eólico, tanto pola súa formulación inicial como polo uso que o goberno da Xunta fai del á hora de repartir o recadado. Unha recadación, por certo, que nunca chegou a acadar as expectativas previstas e que vai perdendo peso ano a ano.

O canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza grava o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías. Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeneradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas “comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e estable as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Entre os moitos problemas deste modelo cabe sinalar a previsión de progresiva redución na recadación por mor das transformacións no sector, que grazas ao desenvolvemento tecnolóxico conta con aeroxeneradores con cada vez máis potencia e que levan a que polo tanto moitos parques teñan un número menor dos que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precisarían anteriormente para xerar ese volume. Así mesmo, o avance nas repotenciacións leva tamén a unha progresiva redución de aeroxeneradores nos parques máis antigos e, polo tanto, á redución na recadación. Polo tanto, é evidente que esta non é a forma máis adecuada de retornar á sociedade unha compensación polo impacto xerado, pois é decrecente nun non contexto no que paradoxalmente está a aumentar.

Polo tanto é necesario que o goberno galego faga unha profunda avaliación da situación e dialogue cos axentes afectados para introducir mudanzas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Asume o goberno galego o fracaso do vixente canon eólico e a necesidade de transformalo?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 19/01/2022 18:22:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2022 18:22:14

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2022 18:22:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o aval e colaboración económica da Xunta de Galiza a unha exposición de obra pictórica de Maruja Mallo e Luís Seoane.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os meses de xaneiro e marzo de 2020 o Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín acollía a exposición Creacións máxicas de medidas exactas. Maruja Mallo-Luís Seoane en Buenos Aires (1936-1965).

A exposición, comisariada por Antón Castro, anunciábase nos medios como un conxunto de 43 obras -25 de Seoane e 18 de Mallo-, desde debuxos e tintas a algunha acuarela e gouache, mais sobre todo óleos, conformada por pezas de coleccións particulares, reunidas por primeira vez e na súa maioría inéditas para o público, que permitía achegarse ao labor creativo de Maruja Mallo e Luís Seoane.

O propio comisario, Antón Castro, definía a exposición como unha “concisa e rigorosa selección de obras procedentes de coleccións privadas”, que buscaba “ilustrar a importancia do seu traballo durante o exilio arxentino” desde o fío condutor da muller, interpretada polos dous autores desde protagonismos plásticos e simbólicos diferentes.

O concello de Lalín anunciaba esta exposición como un fito histórico, unha proposta de relevancia e dimensión excepcional que xustificaba a súa rotación por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras localidades galegas, e que servía para abrir o arranque do variado programa cultural paralelo á popular LII Feira do Cocido.

A Xunta de Galiza, a través da Consellería de Cultura, apoiou e avalou esta exposición, colaborando economicamente na súa organización e na edición do correspondente catálogo, prologado polo propio conselleiro.

Con todo, o que parecía ser unha exposición pioneira e un novo piar para ensanchar o recoñecemento galego e internacional da recoñecida mestría plástica de Luís Seoane e Maruja Mallo, tornouse nun confuso viso de sombras, pois na propia altura da exposición manifestáronse dúbidas sobre a veracidade da autoría das obras.

A Fundación Luís Seoane, depositaria do legado do autor, chegou a afirmar en prensa que unha parte dos traballos mostrados eran falsos. Unha afirmación reiterada colexiadamente polo comité científico do Catálogo Razoado de Óleos que está a investigar o legado de Maruja Mallo para a súa catalogación.

Deste xeito, semella concluírse, tal e como está a facerse público desde diferentes medios de comunicación, que esta exposición avalada e, en parte, custeada pola Xunta de Galiza, mostrou obras falsas de Luís Seoane e Maruja Mallo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza o aval e a participación económica dados a unha exposición de obras de Maruja Mallo e Luís Seoane con obras falsas?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/01/2022 09:34:51

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 09:34:54

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 09:35:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre destrución do patrimonio arqueolóxico galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Día a día sucédense as novas da irreparábel perda e destrución do patrimonio material arqueolóxico espallado por toda Galiza.

O noso patrimonio arqueolóxico está a esmorecer. Mámoas, petróglifos, castros, antas, túmulos, necrópoles megalíticas, etc. están a ser sacrificados desatendendo o seu alto valor cultural e identitario colectivo.

Para alén de puntuais actos vandálicos, comprobamos a denuncia social cada vez maioritaria de severas perdas de auténticas zonas dunha grande importancia patrimonial derivadas de actuacións forestais por mor da intervención de maquinaria, talas a mans persoais e empresariais, cando non da realización de cortalumes dentro dos traballos forestais encargados pola Consellería de Pesca e do Medio rural.

Fronte a estas cada vez máis reiteradas destrucións patrimoniais, cuxa denuncia sempre é impulsada pola implicación social, a voz dos responsábeis do goberno en materia de cultura e protección patrimonial permanece silente, o que entendemos no BNG como unha falta de responsabilidade política, desidia administrativa e implicación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cívica co coidado patrimonial, así como coa necesaria educación en concienciación social.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego a continuada e persistente destrución do patrimonio arqueolóxico galego, nomeadamente derivado de actuacións forestais?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 09:43:01

Daniel Castro García na data 20/01/2022 09:43:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 09:43:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda do Plan de Dinamización da Lectura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de maio de 2018 o Secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, explicaba en sede parlamentaria as principais liñas de actuación que desde a Consellería se estaban a implementar co obxectivo de “reforzar o papel do libro galego e aumentar o hábito lector entre a cidadanía; favorecer o crecemento da nosa industria editorial e impulsar a internacionalización do libro e da literatura galega”.

Para alén de accións de intervención puntual e parcialmente sectorizadas, o secretario xeral de Cultura anunciaba a elaboración dun Plan de dinamización da lectura para “impulsar o libro como un elemento estratéxico de mercado e un piar central das industrias culturais galegas”.

A nota de prensa da web da Consellería de Cultura informaba que o secretario xeral anunciaba “para principios do mes de xuño unha nova reunión do grupo de traballo específico para a dinamización da lectura, creado ao abeiro do Consello Asesor do Libro e que está a elaborar propostas de actuación para avanzar no fomento do hábito lector entre a cidadanía. Estas propostas chegarán o vindeiro mes de xullo ao próximo Consello Asesor do Libro, para a súa valoración, e a versión definitiva será un dos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentos de partida do grupo de traballo da Estratexia da Cultura Galega dedicado ao libro”.

Un proxecto tan agardado como ben recibido, logo de estar comprometido polo goberno galego desde a aprobación da Lei do libro e a lectura en 2006 e que aínda, a día de hoxe, quince anos despois, segue sen ser unha realidade, malia as continuas demandas do sector do libro galego.

Para o BNG resulta incomprensíbel tanto desleixo do PP á hora de desatender e desenterderse dos valores colectivos que abrangue o sector do libro e a lectura en galego, despois dunha experiencia de goberno de doce anos ininterrompidos.

Cómpre un Plan de fomento da lectura integral que atenda o valor do libro desde a súa dimensión de ben cultural que cómpre preservar e promover, así como de ben económico que debe ser regulamentado e apoiado, garantindo que a súa produción, difusión e goce se realice consonte a súa condición de dereito cultural de todos os galegos e galegas e as esixencias de pluralismo e diversidade propios dunha sociedade libre.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como xustifica o goberno da Xunta a non presentación do Plan de dinamización da lectura, despois de 15 anos de aprobación da Lei do libro e da lectura e 12 de goberno do PP, logo de telo anunciado en sede parlamentaria en maio de 2018?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 09:47:43

Daniel Castro García na data 20/01/2022 09:47:46

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 09:47:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación do CMUS de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional, dependente da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade. Cando se inaugurou en 2004 o Conservatorio Profesional de Música, que dispuxo dun investimento de 2,3 millóns de euros, creáronse unhas instalacións para atender 250 alumnos e alumnas. Xa desde os primeiros anos da súa entrada en funcionamento, duplicou os seus servizos pese á limitación de espazo que padece e, mesmo así, cada curso deixa sen poder atender solicitudes de inscrición pola carencia de aulas necesarias.

En abril de 2011, hai xusto unha década, o Pleno do Concello acordou instar a Xunta de Galiza a dotar o Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela dos recursos materiais e humanos necesarios para desenvolver con normalidade o seu labor docente. Nesa moción do BNG, aprobada por unanimidade, reclamábase que a Xunta comezase os trámites para ampliar o edificio actual e, ademais, dotar o centro, con carácter de urxencia, do persoal subalterno e administrativo necesario.

Xa daquela, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela tiña unha serie de deficiencias que impedían dar resposta a todas as demandas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades educativas da poboación neste ámbito formativo. A matrícula do centro ascendía moi por riba das súas capacidades e sen poder aceptar a maioría das solicitudes de traslado de expediente. As consecuencias son graves: prazas insuficientes, horarios inadecuados, espazos improvisados para aulas e imposibilidade de rematar o grao profesional por parte do alumnado procedente doutros conservatorios.

Tamén en 2011, o BNG trasladara unha Proposición Non de Lei e unha pregunta oral en Comisión ao Parlamento, para instar a Xunta a ampliar este centro no terreo anexo que o Concello de Santiago cedeu á Administración galega para poder desenvolver con normalidade o seu labor docente.

O BNG rexistrou emendas aos Orzamentos da Xunta, ano tras ano, para incluír esa ampliación do Conservatorio Profesional de Música. E ano tras ano foron rexeitadas polo PP e seguiron a quedar alumnos e alumnas sen praza neste centro por falta de capacidade e sen poder cursar estes estudos.

De feito, unha década despois este problema persiste: neste curso 2020-2021 imparten aulas para 522 alumnos e alumnas (188 de grao elemental e 334 profesional), aos que habería que engadir 64 máis que quedaron sen praza ante a carencia de espazo nesta infraestrutura e ficaron en listaxe de agarda sen poder iniciar esta formación musical.

Ademais, coa ampliación das instalacións, poderíanse incrementar especialidades de música tradicional, como gaita, e incluír tamén na programación acordeón e percusión tradicional, nas que se ten detectada demanda e, na actualidade, non se poden ofrecer por falta de capacidade e de profesorado especializado.

De feito, nos propios decretos da Xunta para a ordenación do grao elemental das ensinanza de réxime especial de música (decreto 198/2007) e no que se establece o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (decreto 203/2007), no artigo 4, de aplicación en todos os conservatorios, sinalan que deben impartir todas as especialidades que se relacionan, incluíndo acordeón, gaita e, de grande interese para o ámbito local, órgano. Por iso, xa que o profesorado actual non pode abordar o ensino destas especialidades, é tan necesario que se amplíe o CMUS.

Nestes tempos de adecuación das instalacións e horarios ás medidas de prevención da pandemia da covid-19, a situación agravouse. Por iso coa ampliación, cómpre realizar un auditorio e espazos para coro e orquestra de maiores dimensións e coa ventilación necesaria, máis cabinas de estudo e unha biblioteca, xa que esta última está a ser usada para impartir docencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que trámites ten realizado a Xunta para ampliar as infraestruturas e os recursos humanos necesarios no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela co obxecto de atender a demanda de prazas existente e incrementar a oferta de especialidades?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 09:50:40

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2022 09:50:44

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 09:50:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a dedución por dupla imposición internacional das pensións xeradas en Alemaña despois do 2014

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cambio de normativa tributaria aplicable en Alemaña -posiblemente se incrementa a listaxe de países- ás pensións percibidas por razón dun emprego no sector privado, con efectos dende o 31.12.2014, supón para a meirande parte dos perceptores na Galiza unha impracticabilidade da dedución por dupla imposición internacional á que fai referencia o artigo 80 da Lei 35/2006 do I.R.P.F., xa que os custos que se lles ocasiona son iguais ou superiores as devolucións solicitadas.

Custos derivados da obriga de traducir a documentación dos trámites realizados na facenda alemá para presentalos na facenda española, así como os custos de xestión ou asesoría provocados pola complexidade dos trámites e, sobre todo, pola necesidade de repetir actuacións por causa dos diferentes calendarios de tributación.

De feito, na actualidade, o período para a presentación da declaración no estado español remata no mes de xuño, mentres que en Alemaña os trámites para a tributación de estas rendas comezan en xullo e se liquidan en novembro, sendo a partir de este momento cando o obrigado no estado español dispón do xustificante para solicitar a rectificación da declaración presentada no seu prazo correspondente, que se lle aplique a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dedución por dupla imposición internacional e a conseguinte devolución dos cartos. E todo isto coa obrigada tradución da documentación da facenda alemá.

É dicir, custes de tradución e de rectificación que en moitos casos aproxímanse ao “beneficio” fiscal ou devolución efectiva.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É coñecedora a Xunta de Galiza dos efectos que para as persoas contribuíntes galegas perceptoras de rendas en Alemaña poden ter as últimas reformas da normativa tributaria de aquel país?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 20/01/2022 10:19:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2022 10:19:46

Daniel Pérez López na data 20/01/2022 10:19:54



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento a Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé inclúe, nos seus apartados, a xestión dos permisos de marisqueo e a concesión destes vinculados a entidades asociativas titulares dun plan de xestión.

Dentro destas cuestións, a orde pretendeu regular a posibilidade de que unha persoa cun permiso xa concedido e en activo puidese cambiar de entidade asociativa, o que permitiría cambiar de lugar de desenvolvemento da súa actividade. Esta circunstancia pretendía afrontar situacións específicas motivadas por dúas causas: ser vítima de violencia de xénero ou ter a cargo persoas en situación de dependencia (artigo 9.1a).

Este obxectivo sinalado resulta a todas luces de interese e importante, máis a realidade é que existen aínda algunhas dificultades para a súa execución. A propia normativa implica que se dean algunhas condicións, entre elas que o plan de xestión aprobado pola confraría (ou entidade asociativa correspondente) sexa autorizada unha ampliación dos permisos e que conste a reserva de prazas para tales fins (artigo 9.2b). Esta cuestión é a que resulta máis difícil que se produza co que, de facto, o avance que se pretende recoñecer nun apartado relativízase no seguinte.

As situacións que se inclúen na orde para estimar o posible cambio son de importante, e incluso existiría a posibilidade de ampliar o espectro de situacións para facilitar as condicións laborais das persoas máis vulnerables e/ou con máis dificultades.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos cambios foron habilitados e autorizados pola Consellería do Mar en virtude do artigo 9.1a da orde de 15 de xullo de 2015 dende que está en vigor?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2022 11:03:11

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2022 11:03:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda dun novo modelo lingüístico educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estase a celebrar o 40 aniversario do Estatuto de autonomía que definiu o galego como a lingua propia de Galiza e fixouna como lingua oficial, xunto co castelán, recoñecendo o dereito de coñecelos e usalos.

Un marco que se desenvolveu en 1983 na Lei de normalización lingüística e actualizou no ano 2004, coa aprobación no Parlamento Galego por unanimidade do Plan xeral de normalización da lingua galega.

O obxectivo normalizador de usos para a lingua galega viña sendo trazado desde o principio de progresividade até a aprobación en 2009 do Decreto de plurilingüismo que, malia contar cun grande rexeitamento social, nomeadamente na comunidade escolar, renunciou a ese principio básico e significou un retroceso sen precedentes na lexislación e para o ensino en galego.

O devalo constátase na redución do ensino en galego, na súa menor utilización polo alumnado e profesorado, na prohibición de impartir en galego Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía e na súa exclusión da maioría das aulas da educación infantil.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recente Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º ESO publicada pola RAG, vén confirmar que este alumnado que estudou toda a educación primaria e secundaria conforme o regulado no Decreto do plurilingüismo, presenta un importante desequilibrio na competencia nas dúas linguas oficiais, claramente desfavorábel ao galego.

Fica incumprido deste xeito o principal obxectivo que determina a Lei de normalización lingüística e mais o propio Decreto de plurilingüismo.

Urxe revisar o actual marco educativo, xa que se constata como claramente insuficiente para avanzar na normalización do galego e apostar por un modelo que camiñe cara ao uso pleno do galego como lingua vehicular no ensino, eliminando as restricións que o impiden, tal e como sinalou o Comité de Ministros do Consello de Europa após as últimas monitorizacións ao Estado español sobre o cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minorizadas.

A escola debe ter un papel central para corrixir as carencias que dentro da sociedade limitan o coñecemento e uso da nosa lingua, entre elas a competencia oral e escrita, pois non se garante a liberdade de escolla para vivir nunha lingua se non hai garantía plena de coñecemento e confianza no seu dominio.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta a abrir un proceso de diálogo e consenso a partir dos resultados da avaliación da RAG, que demostran que non se está a cumprir coa aplicación do Decreto de plurilingüismo o mandato legal de consecución da competencia plena nas linguas oficiais de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 11:36:38

Daniel Castro García na data 20/01/2022 11:36:42

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 11:36:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Manuel Lourenzo Sobral,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Panteón de Galegos Ilustres é un dos símbolos da Galiza. A súa orixe está claramente vinculada co empeño dun sector relevante da sociedade galega por dignificar Galiza, e singularmente por situar Rosalía de Castro no lugar que lle corresponde como figura clave do rexurdir cultural de Galiza. Así no ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio de Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, á par de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional.

Un espazo que foi medrando en simbolismo e referencialidade da cultura e identidade galegas ao acoller a memoria doutras personalidades como Castelao. Francisco Asorey, Alfredo Brañas, Ramón Cabanillas ou Domingo Fontán.

Malia que en múltiples ocasións o Bloque Nacionalista Galego ten rexistrado iniciativas tentando restabelecer un uso civil e laico do Panteón, o certo é que o Goberno e a maioría parlamentaria do PP impediron avanzar nese obxectivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este feito provoca unha situación anómala que se vai consolidando co paso do tempo e que priva de difusión, coñecemento e acceso libre a un espazo que debe ser propiedade de galegas e galegos e non restrinxido a unha confesión relixiosa.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas toda vez que o arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non.

Na actualidade o Panteón de Galegos Ilustres permanece pechado desde o comezo da pandemia por decisión da Igrexa, impedindo que calquera visitante poida achegarse a un espazo referente e simbólico para a representación do pobo galego.

Unha situación reiterada no tempo onde prima a vontade de peche da Igrexa, a súa propietaria, e a consecuente conculcación do dereito a visitalo e coñecelo da sociedade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para recuperar o uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres e garantir a apertura contrinuada ao público visistante?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 11:38:38

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2022 11:38:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 11:38:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de dialogar e consensuar un novo modelo común para a xestión e oferta educativa de todos os conservatorios galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A oferta formativa en estudos musicais en Galiza componse de sete conservatorios de titularidade autonómica ubicados nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo.

Asemade, esta oferta educativa complementábase cunha trintena de conservatorios de titularidade municipal espallados por diferentes vilas de toda Galiza.

A existencia destas dúas redes provoca unha desigualdade tanto no acceso á formación musical como na propia xestión económica e administrativa.

Por unha banda, obsérvase unha discriminación económica para o alumnado interesado ao ter que asumir o pagamento de matrículas superiores no caso dos conservatorios municipais, que poden chegar a cuadruplicar a matrícula dun conservatorio de titularidade autonómica. Un sobrecoste que ocasiona graves prexuízos económicos para as familias e que restrinxe o acceso a esta formación para os habitantes destas vilas e comarcas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, compróbase que as condicións laborais do profesorado son de precariedade debido á absoluta desregularización do seu marco profesional. Contratación por horas, limitación de instalacións e material musical, incerteza legal por ausencia de normativas propias derivada, entre outras razóns, do feito de seren os conservatorios municipais os únicos centros de estudo que seguen fóra da rede pública de educación da Xunta de Galiza.

A maiores, os concellos están a asumir unha competencia impropia que lles xera un elevado gasto anual nos seus orzamentos e que mesmo chega a comprometer outro tipo de servizos.

Esta realidade discriminatória xa foi contemplada no pasado, chegando mesmo a se constituír unha mesa de diálogo entre o sector e a Xunta de Galiza co fin de valorar posíbeis unificacións entre as dúas tipoloxías de conservatorios.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta a dialogar e consensuar un novo modelo común para a xestión e oferta educativa de todos os conservatorios galegos?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 11:58:45

Daniel Castro García na data 20/01/2022 11:58:48

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 11:58:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a restitución do Castro Cociñadoiro (Arteixo-A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2004, a Autoridade Portuaria da Coruña convocou o concurso para a adxudicación das obras de construción das Novas Instalacións Portuarias en Punta Langosteira.

En xaneiro de 2005 iniciouse a escavación do castro. Coa chegada do verán de 2005, máis concretamente o 7 de xullo, o proceso estaba concluído e o 100% do sitio arqueolóxico estaba á vista ou liberalizada a zona do castro de Punta de Muros como consta na páxina web do porto exterior de Arteixo-A Coruña.

O xacemento do castro de Cociñadoiro ou Punta de Muros (Arteixo, A Coruña), localizado nun punto estratéxico, xusto antes da chegada ao golfo Ártabro desde o sur, hoxe en día atópase destruído como consecuencia da construción do complexo portuario de Punta Lagosteira.

Trátase dun caso excepcional, tanto pola súa función como pola súa cronoloxía, ao contar cunha datación que nos permite situalo como un dos castros máis antigos do noroeste peninsular. A súa fase de construción estímase na transición do século X ao IX a.C., aínda que o seu momento de máxima ocupación e actividade non se desenvolvería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

até os séculos VIII e VII a.C., permanecendo activo até o seu primeiro abandono no paso da Primeira á Segunda Idade de Ferro.

A Autoridade Portuaria organizaba visitas guiadas ás obras do Porto Exterior da Coruña durante varios anos para amosarlle aos cidadáns o proxecto mais nunca as organizaron durante a escavación do castro. A escavación levouse a cabo con sumo ocultismo, pois, durante todo o proceso, non se comunicou nada á comunidade local, nin á científica nin aos medios, sobre o que alí se atopou. Todo se mantivo en silencio, malia coñecerse perfectamente a relevancia do espazo.

Os responsables da Autoridade Portuaria, canda a Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura, tomaron a decisión de facer desaparecer o xacemento, de costas aos cidadáns, lexítimos propietarios e financiadores da escavación do sitio arqueolóxico, tanto da comunidade local de Arteixo como do resto do país.

Uns anos máis tarde, en 2009, e nos límites expropiados polo Porto Exterior a 200 metros do castro de Rañobre, sacaron á luz unha zona de 30 metros lineais que parecía corresponderse cunhas construcións funerarias de época tardorromana.

A veciñanza, e máis en concreto a asociación de veciños de Rañobre, arrincaron o compromiso da Autoridade Portuaria de analizar exhaustivamente os restos atopados e estudar as liñas a seguir para a súa conservación, recuperando os seus achados, valorando a súa exposición igual que se faría co Castro Cociñadoiro, promesas incumpridas até hoxe pola Autoridade Portuaria e por Fomento co pobo de Arteixo e Galiza.

Moitas son as dúbidas e a falta de coñecemento que hai sobre estas tumbas tardorromanas atopadas no entorno do Porto Exterior de Arteixo-A Coruña. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocultación por parte da administración do Estado segue a ser a única certeza que podemos saber.

Estatutariamente, Galiza asume como tarefa principal, a través das súas institucións democráticas, a defensa da súa identidade, e os poderes públicos galegos están na obriga de remover os obstáculos que dificulten a participación dos individuos e dos grupos na vida cultural galega.

Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galiza asumiu, no seu artigo 27.18, a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese do noso país.

Recolle a Lei de patrimonio cultural de Galiza unha serie de disposicións xerais que definen o patrimonio cultural desde unha perspectiva ligada ao seu uso e disfrute pola cidadanía, concibíndoo como un instrumento de cohesión social e desenvolvemento sostible que dá soporte, como elemento integrador, á identidade do noso pobo.

Establece ademais o ámbito de competencias, como xa vimos, e o réxime de colaboración interadministrativa, fomentando a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e promoción do patrimonio cultural de galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa a Xunta de Galiza reclamar ao Estado a construción do Centro de Interpretación do Castro Cociñadoiro de Arteixo (A Coruña) para aloxar os materiais arqueolóxicos aparecidos no xacemento e que xa debiera estar construído en 2012?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 12:08:04

Daniel Castro García na data 20/01/2022 12:08:08

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 12:08:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Barrio das Flores foi construído na década dos 60 do pasado século para dar solución ás dificultades de acceso á vivenda. No seu momento foi un destacado expoñente dun urbanismo moderno e innovador e dunha concepción social e funcional da planificación urbana e da arquitectura. Participaron no seu deseño arquitectos do prestixio de Andrés Fernández Albalat ou José Antonio Corrales, dúas veces Premio Nacional de Arquitectura.

Porén, co paso dos anos a carencia de investimento público e de mantemento sumiron o Barrio das Flores nun proceso de degradación e abandono. O Barrio das Flores precisa dun plan de rehabilitación integral que recupere e poña en valor este barrio emblemático. Porén, en tanto este plan de rehabilitación integral non sexa unha realidade, son necesarias actuacións que melloren no curto prazo a calidade do espazo público e con iso a calidade de vida de veciñas e veciños.

Tal é o caso da reparación e rehabilitación de fachadas, pois nalgúns casos o seu deficiente estado de conservación provoca múltiples problemas como humidades ou desprendimentos de cascallos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta situación atópase, en particular, a Comunidade de Propietarios da torre da Rúa Petunias 1C, unha das máis afectadas pola situación descrita, pois leva tres anos esperando pola concesión de licenza para proceder á reparación da fachada, até agora denegada pola protección patrimonial da que goza o edificio.

A necesaria protección e posta en valor do patrimonio arquitectónico debe ser sempre compatíbel co seu adecuado estado de conservación, para o cal son imprescindíbeis actuacións dirixidas ao seu mantemento e rehabilitación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que solucións compromete a Xunta coa veciñanza da Comunidade de Propietarios da torre da Rúa Petunias 1C da Coruña para resolver o deficiente estado de conservación do edificio respectando a protección patrimonial da que goza o edificio?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 12:20:41

Daniel Castro García na data 20/01/2022 12:20:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 12:20:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de ampliación da oferta formativa en interpretación de lingua de signos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, estímase que existen en Galiza uns 800 intérpretes titulados mediante a formación regulada na Titulación de Técnico Superior de Interpretación da Lingua de Signos e Guía-intérprete de Persoas Xordocegas que se impartiu no CIFP Ánxel Casal da Coruña entre os cursos 2000-01 e 2015-16.

Nesta altura, en Galiza non dispomos de oferta formativa desa cualificación oficial profesional, pois o Ciclo Superior de Mediación Comunicativa non alcanza os obxectivos nin o grao de formación que si atendía a mencionada e xa extinta titulación.

Este baleiro formativo existente desde o ano 2016 explica que na actualidade non haxa unha oferta suficiente de intérpretes en disposición de traballar e de atender as demandas dos servizos de interpretación.

Ao non se acrecentaren novas promocións, non se pode garantir a dispoñibilidade de profesionais para traballar nos distintos sectores nos que se precisan, é dicir, os servizos públicos (ensino, sanidade, ámbito xurídico, administrativo...), o ámbito asociativo e os servizos privados puntuais.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación, constatada desde a delegación galega da Federación Española de Intérpretes de Lengua de Signos y Guías-Intérpretes, aínda se ve agudizada pola imposibilidade de accederen os profesionais da interpretación a estudos de grao no sistema universitario galego para avanzar na súa especialización.

Poder optar á formación universitaria de intérpretes de lingua de signos abriría a posibilidade de que os actuais profesionais, estean ou non en activo, poidan optar a unha titulación superior para poder obter mellores condicións de traballo.

Nesta altura esta formación só é accesíbel fóra de Galiza, o que dificulta, cando non imposibilita, as facilidades para o seu acceso, tanto para persoas traballadoras con vontade de ampliaren a súa formación como para novas estudantes.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas se compromete a activar a Xunta de Galiza para atender as necesidades formativas de profesionais intérpretes de lingua de signos, actualmente insuficientes?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 12:47:32

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2022 12:47:36

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 12:47:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda dun Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato que garanta a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, está prevista a construción de 6 parques eólicos - P.E. Felga, P. E. Gato, P. E. Penas Boas, P. E. Feás, P. E. Seselle e P. E. Fontella – cun total de 40 aeroxeneradores. O Monte do Gato está incluído dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Pico Felga e do Monte do Gato recollidas no Plan sectorial eólico de Galiza.

Catro destes proxectos de Parque Eólico pasaron recentemente a exposición pública dos seus estudos de impacto ambiental (EIA), concretamente o P. E. Felga que promove Greenalia, e os Parques Seselle, Feás e Fontella que promove Galenergy. Desde o BNG presentamos alegacións a estes proxectos nos que botamos en falta un estudo de conxunto do impacto destes 40 aeroxeneradores nunha área de menos de 5 quilómetros. Os impactos ambientais estúdanse por separado, e nos casos dos tres parques de Galenergy nin sequera se recollen os outros 3 parques de Greenalia que se prevé construír na zona.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A fragmentación dun Parque Eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles, como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sede A Coruña, Sección 3, data 09/11/2020, Nº de Recurso 7134/2019, Nº de Resolución: 254/2020.

Ademais no Monte do Gato atópase unha gran necrópole megalítica formada por 17 mámoas catalogadas e dous petróglifos. Se ben, esta necrópole, que foi sinalizada no seu día, se atopa nunha situación de evidente abandono por parte das administracións que teñen a competencia sobre patrimonio e que teñen a obriga legal da súa conservación e posta en valor, nomeadamente da propia Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva sobre o Patrimonio en Galiza, trátase dun importante ben patrimonial que é necesario conservar e poñer en valor.

Segundo puidemos ver nos medios de comunicación nas pasadas semanas na zona onde se prevé a instalación dun dos aeroxeneradores do Parque Felga, existen dúas mámoas non catalogadas e sempre segundo información dos medios, despois da denuncia dunha veciña da zona, isto vai obrigir a repetir o estudo arqueolóxico para este parque en concreto.

Ademais, 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella atópanse dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo e afecta ademais, segundo o propio Estudo de Impacto Ambiental, a un hábitat de interese comunitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o goberno da Xunta de Galiza demandar un Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato e garantir a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 12:51:25

Daniel Castro García na data 20/01/2022 12:51:30

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 12:51:38



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que configura o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas e determinados concellos galegos nos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:27:01

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:27:15

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2022 12:27:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Leticia Gallego Sanromán, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que configura o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego a través da Axencia Galega de Turismo para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos en 2020 e 2021?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:28:45

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:29:02

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/01/2022 12:29:14



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia vén regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:29:57

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:30:12

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 12:30:30

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2022 12:30:49



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:31:57

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:32:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/01/2022 12:32:24



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de



subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

“I.-Financiamento:

Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:

- Regulación do Fondo galego de cooperación local.
- Fondo de compensación interterritorial
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”

Pasados 14 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e sen que se teña desenvolto na súa totalidade, é momento de iniciar o debate sobre un II Pacto Local no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, que estableza claramente as competencias de cada administración, así como a suficiencia financeira para levalas a cabo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cando vai o Goberno galego abordar o debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 13:01:40

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 13:01:53





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 13:14:18
Nº Rexistro: 28488
Data envío: 20/01/2022 13:14:18.044

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 13:02:07

CSV: BOPGDSPG-77ISpyOrX-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 20 de xaneiro de 2021, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e publicou a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cun crédito orzamentario de 4 millóns de euros para obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública; pavimentación de camiños públicos municipais; construción, mellora e ampliación de parques infantís, cubrición de parques infantís ou construción de novos parques infantís cubertos; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias ou para a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

Os posibles beneficiarios da dita subvención son os concellos galegos que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2019, publicadas polo Instituto Galego de Estatística; e a axuda máxima poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros para as solicitudes conxuntas e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión. No artigo 11 da dita orde establécense os criterios de avaliación que, entre outros, outorga 30 puntos, dos 100 puntos máximos, para a solicitude dunha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, ou para a presentación conxunta de solicitude entre varios concellos (cun mínimo de 15 puntos).



Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos obxectivos acadados con esta subvención?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:36:17

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:36:31

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 12:36:44

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 12:37:44



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervenir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.



A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito plan:

4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais

4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento



- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolvelas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego negociar coa Fegamp un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:38:56

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 12:39:09





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 13:15:13
Nº Rexistro: 28491
Data envío: 20/01/2022 13:15:13.044

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 12:39:24

CSV: BOPGDSPG-77ISpyOrX-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e os deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:40:45

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:41:01

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 12:41:14

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 12:41:25



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No discurso de investidura da IX Lexislatura da Xunta de Galicia, o presidente Núñez Feijóo anunciou a fusión de concellos como a medida estrela para rematar co minifundismo da planta municipal galega ao tempo de rematar co seu raquitismo orzamentario.

Durante esa lexislatura materializáronse dúas fusións, unha en 2013 dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, e no ano 2016 a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade.

A Xunta de Galicia, nos decretos polos que se aprobaron as fusións voluntarias dos ditos concellos dando orixe a un novo concello, establecía na propia exposición de motivos que consideraba que concorrían razóns de conveniencia e de oportunidade que aconsellaban a fusión iniciada polos concellos, xa que, segundo consideraban os concellos interesados, o novo municipio, xurdido da fusión, estaría en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local, de igual xeito, fundamentábase en consideracións de orde xeográfica e económica e na estimación por ambos os dous municipios de que da alteración derivarían importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, así como á adquisición de novos e máis cuantiosos ingresos por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Pasados 8 e 5 anos respectivamente dende a materialización das dúas fusións, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o resultado acadado por estas dúas fusións?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 13:16:00
Nº Rexistro: 28494
Data envío: 20/01/2022 13:16:00.404

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:42:18

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:42:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Unha vez pechado o exercicio económico 2020, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego elaborar, dentro do exercicio 2021, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:43:24

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:43:36



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de agosto de 2021 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou a Orde do 9 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para a creación e lanzamento de plataformas de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural, cun crédito total de 800.000 euros, sendo o investimento máximo subvencionable de 60.000 euros e cunha porcentaxe máxima do 80 %.

As ditas axudas van dirixidas a concellos galegos situados en zonas rurais e cunha poboación inferior a 10.000 habitantes; federacións de asociacións de comerciantes legalmente constituídas de ámbito superior ao municipal e grupos de desenvolvemento rural (GDR) recoñecidos polo acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), do 16 de novembro de 2016, polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia.

Segundo se recolle no artigo 3 das bases da convocatoria, as solicitudes presentaránse obrigatoriamente por medios electrónicos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da dita Orde no Diario Oficial de Galicia, e no artigo 5 débúllase a documentación que deben achegar as entidades solicitantes, que no seu apartado 2.d) indica a que é común para todas:

“– *Memoria detallada das actuacións para as cales se solicita a subvención, que incluíra unha descrición pormenorizada, os obxectivos e a valoración económica das actuacións que se pretenden executar.*

– *Facturas ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamento detallado dos gastos previstos para a realización da actuación para a que se solicita a subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola entidade solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.*



Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación dos servizos, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

a) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola entidade solicitante con independencia da contía dos investimentos

b) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas pola entidade solicitante para a realización do proxecto.

c) Memoria económica xustificativa da elección dos provedores nos seguintes casos:

– Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.

– Cando, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a entidade solicitante”.

Polo que á vista destes datos a deputada e os deputados que asinan, preguntan:

Tendo en conta que a documentación complementaria que teñen que presentar as entidades solicitantes require dun tempo para a súa elaboración, informou o Goberno galego previamente a algunha entidade da convocatoria desta orde?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:44:27

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:44:42

Martín Seco García na data 20/01/2022 12:44:55



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financeira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da Administración autonómica,



cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito Informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicio anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

O feito de non aplicar as recomendacións feitas polo órgano fiscalizador supón un incumprimento grave co compromiso de transparencia, limitando a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento sistemático por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas no seus informes de fiscalización?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:47:15

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/01/2022 12:47:29





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 13:17:24
Nº Rexistro: 28497
Data envío: 20/01/2022 13:17:24.013

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:47:40

CSV: BOPGDSPG-77ISpyOrX-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financeira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da administración autonómica,



cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicios anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

Entre as incorreccións que pon de manifesto o órgano fiscalizador, manifesta no apartado B):

“2.5. No orzamento da Administración xeral rexistráronse con cargo ao exercicio 2019 gastos de exercicio anteriores por importe de 57,41 millóns de euros, mentres que deixaron sen rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 64,89 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 7,48 millóns de euros.

2.6. O remanente de tesourería da Administración xeral está sobrevalorado en 64,89 millóns de euros polas obrigas non imputadas ao orzamento no que se realizaron os gastos e que se rexistran parcialmente na conta 409. O remanente non distingue entre o afectado e o non afectado.

2.7. No ámbito do Sergas, no exercicio 2019 rexístranse gastos de exercicios anteriores por importe de 23,39 millón de euros, mentres que deixan de rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 61,98 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 38,59 millóns de euros”.

Este desprazamento de gasto distorsiona a transparencia requirida nos contas da Administración autonómica, así como a realidade sobre o cumprimento das



regras de gasto de obrigado cumprimento.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais é a axeitada?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:48:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/01/2022 12:48:47

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:48:57



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do venres 10 de setembro de 2021 o Instituto de Estudos do Territorio publicou a Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, destinadas a concellos galegos que teñan menos de 20.000 habitantes co obxectivo de colaborar e corresponsabilizar aos concellos galegos en relación coa mellora da contorna paisaxística, a través de intervencións dirixidas a corrixir alteracións ou impactos relacionados con certos equipamentos de titularidade municipal que supoñen unha deterioración do carácter ou da calidade da paisaxe.

A concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun crédito financeiro de 800.000 € e un prazo de presentación dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución, é dicir o sábado 11 e esgotándose o crédito consignado para unha das liñas de subvención ese mesmo día, horas despois de abrir o prazo, cando os concellos teñen que achegar a seguinte documentación:

“a) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante do concello solicitante, incluída no anexo I desta resolución, na cal se fai constar:

- 1) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.*
- 2) Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de*



subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- 3) Que todos os datos contidos na solicitude, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da subvención, de ser o caso, e nos documentos que se achegan son certos.*
 - 4) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
 - 5) Que cumprirá a normativa estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, cando proceda.*
 - 6) Que se compromete a cumprir as obrigas e os requisitos que se sinalan nas bases reguladoras.*
 - 7) Que as actuacións para as cales se solicita a subvención teñen a consideración de gastos subvencionables e non estaban iniciadas con anterioridade á publicación da convocatoria destas axudas.*
 - 8) Que no caso de que sexa preceptivo, se compromete, de non contar con elas, a solicitar as autorizacións ou licenzas urbanísticas ou sectoriais tanto municipais como doutros organismos ou administracións públicas que resulten preceptivas para a execución da actuación prevista.*
 - 9) Que os materiais e acabados propostos son conformes coas indicacións que se recollen nas guías a que se fai referencia no punto 2º.*
- b) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:*
- 1) O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta resolución e se*



aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.d) desta resolución.

No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

- 2) A remisión das contas do concello ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario de 2020, á cal fai referencia o punto 3.1.b) desta resolución.*

No certificado quedará acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de remisión ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar a data de remisión.

- 3) A plena dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que o concello, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa ten a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto 3.2.c) desta resolución.*
- 4) Dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) do orzamento liquidado da entidade do ano 2020, para o cálculo do esforzo fiscal do concello.*

c) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para os cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local.

d) Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras deberá achegarse un documento co nivel de proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:

- 1) Memoria explicativa*



- 2) *Orzamento das partidas, con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global (partidas alzadas ou similares).*
- 3) *Referencia catastral e/ou planos de situación/coordenadas que permitan xeolocalizar con exactitude os edificios e equipamentos obxecto das axudas.*
- 4) *Planos a escala e detalle suficientes para describir as actuacións.*
- 5) *Reportaxe fotográfica do ben e da súa contorna onde se aprecia o estado actual que presenta.”*

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta subvención?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:50:02

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 12:50:16

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 12:50:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia incluíu nos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021 115 millóns de euros baixo a denominación de Fondo Consenso. A distribución do dito Fondo acordouse no Pleno do Parlamento de Galicia do 15 de xullo de 2021 con modificacións do Ditame da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da covid-19. Na dita comisión, a propia Cámara a través da Comisión, os axentes sociais a través do Diálogo Social e os expertos económicos do Comité constituído pola propia Xunta para o seu asesoramento na adopción de medidas pola crise, achegaron propostas que colaborasen á recuperación dos efectos económicos e sociais da crise.

O Ditame da Comisión conclúe que: *“A Comisión considera que o Fondo de Consenso debe complementar as asignacións orzamentarias dos programas operativos REACT e dos Proxectos propostos ao abeiro do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), potenciando as actuacións reactivas fronte aos efectos da pandemia, por una banda; e por outra, potenciando e acelerando o crecemento económico baseado na innovación e nas transicións ecolóxica e dixital”*. Establecendo para o cumprimento dos ditos fins actuacións concretas reactivas fronte aos efectos da pandemia:

- Apoio aos sectores que viron reducirse os seus ingresos por causa da pandemia;
- Reforzo dos elementos que favorecen unha recuperación inclusiva, potenciando as políticas sociais.
- Actuacións dirixidas a acelerar os factores nos que se baseará o crecemento económico no futuro.
- Apoio á innovación.
- Reforzo da transición ecolóxica e dixital.



Para o que a Comisión aprobou asignar os recursos do Fondo de Consenso en catro “Subfondos”:

- Subfondo de Apoio Sectorial, dotado con 42,7 millóns de euros, que recolle as liñas de actuación que complementan as axudas xa convocadas para apoiar aos sectores máis impactados pola crise, nomeadamente axudas á Cultura, axudas ao Turismo, axudas ao Deporte e investimentos Estratéxicos de Pemes, que permitan ter acceso a proxectos tractores e estratéxicos para o noso tecido produtivo.
- Subfondo de Recuperación Inclusiva, dotado con 31 millóns de euros, co obxectivo de reforzar unha saída cohesionada socialmente da crise e con investimentos en política social.
- Subfondo de Apoio á transición ecolóxica e dixital, dotado con 26,5 millóns de euros, dirixido a adiantar e avanzar nos investimentos previstos na estratexia *Next Generation* Galicia, reforzando e complementando as actuacións en materia de transición ecolóxica e dixital complementarias dos fondos europeos.
- Subfondo de Apoio á Innovación, dotado con 14,8 millóns de euros para reforzar a dotación en innovación a través de tres actuacións: impulsar a innovación no sector aeronáutico no Polo de Rozas, impulsar o sector biotecnolóxico e axudas para a posta en marcha de centros de investigación en Galicia.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a aplicación deste Fondo Consenso e os resultados acadados?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:46:18





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 13:18:40
Nº Rexistro: 28500
Data envío: 20/01/2022 13:18:40.654

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:46:33

CSV: BOPGDSPG-77ISpyOrX-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do venres 17 de setembro de 2021 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2021, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. Para esta subvención destínase un crédito orzamentario de 3,5 millóns de euros, e pódese conceder ata o 100 % da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, é dicir dende ás 00.01h do sábado 18 de setembro.

No artigo 6 das bases da convocatoria débúllase a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 establécese que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir, 58 días dende a apertura de solicitude da subvención.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son os motivos polos que este ano se empregue o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:51:08

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 12:51:23

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 12:51:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O presidente da Xunta de Galicia vén anunciando dende o 2016 unha serie de rebaixas fiscais que se teñen incrementado cada ano e que, segundo os seus anuncios propagandísticos, suporía para o ano 2021 un aforro de 472 millóns de euros, 24 millóns máis que as aplicadas para o exercicio 2020, sumándose así á política fiscal adoitada por outras comunidades gobernadas polo Partido Popular que se gaban de eliminar todos os impostos xestionados pola autonomía, o que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais (IVE e IRPF) e renunciando a aplicar políticas máis progresivas nas que paguen máis aqueles que máis gañan, ben a través do incremento dos tramos máis altos do IRPF ou o incremento na % do Imposto de Patrimonio ou de Sucesións.

Segundo o último e recente Informe Global do sector público autonómico do *Tribunal de Cuentas* de España (publicado o 27 de xullo de 2021) o 80 % dos recursos da Xunta de Galicia e entidades instrumentais proceden dos recursos da Lei 22/2009 (25 % do IRPF, 26 % IVE, 11 % impostos especiais, 8 % tributos cedidos, 19 % Fondo de Garantía de servizos públicos fundamentais, 8 % Fondo de suficiencia global e 3 % dos Fondos de Convergencia). Do restante 20 %, o 6 % procede doutros recursos (7 % FCI, 68 % UE e 24 % subvencións, convenios e outros). E finalmente, o 14 % son recursos propios da Comunidade Autónoma (83 % endebedamento, 10 % tributos propios, 2 % prestación de servizos e o 5 % outros ingresos e patrimoniais).

Xa que logo, os gastos aos que ten que facer fronte o Goberno galego están financiados nunha boa parte polos ingresos correspondentes aos capítulos I e II (impostos directos máis impostos indirectos), que en Galicia supoñen aproximadamente a metade dos ingresos totais da comunidade autónoma, supoñendo, polo tanto, unha parte importante para financiar servizos públicos fundamentais, como a sanidade pública, a educación pública, as políticas sociais, de emprego ou industrial. Polo que sería necesario que a Xunta de Galicia establecese obxectivos e indicadores de cumprimento para cada un dos incentivos fiscais aplicados, así como a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados, recomendación manifestada polo Consello de Contas no Informe de



fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 e non aceptada polo Goberno galego.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:52:20

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:52:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento a *Oficina Doing Business Galicia* no ano 2016 e en outubro de 2017 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

O dito protocolo pon unha serie de deberes aos concellos como abordar a simplificación administrativa e a axilización dos trámites nun máximo de trinta días; a modificación do réxime xurídico para as licenzas de apertura e licenza de obras municipais; a modificación do réxime fiscal, modificando ordenanzas fiscais para que durante tres anos se obteñan bonificacións de ata o 95 % no IBI, no IAE ou no ICIO, ou a eliminación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente ou da taxa pola apertura de establecementos, así como fixar prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial, establecendo bonificacións.

É dicir, as facendas locais, xa de por si insuficientes para dar un nivel de servizos públicos axeitados á súa poboación tiveron que renunciar a parte dos seus ingresos máis importantes para que a Xunta de Galicia favoreza aos concellos que se acollan á dita iniciativa “Doing Business Galicia” cunha discriminación positiva, cun mínimo do 20 % no baremo de puntuación, nas subvencións para obradoiros de emprego, contratación de axentes de emprego, programas integrados de emprego, apoio a parques empresariais, viveiros industriais ou axudas para mercados excelentes e espazos activos de emprendemento ademais de integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial da Xunta de Galicia, así como a creación dunha marca territorial como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas.

Xa que logo, a Xunta de Galicia inclúe na exposición de motivos das bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións que “*De acordo co establecido no protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa «Concellos*



Doing Business Galicia», asinado con data do 10 de outubro de 2017, a presente orde de axudas prima cunha maior puntuación as solicitudes presentadas por concellos acollidos á dita iniciativa” e dentro das bases no apartado correspondente a debullar os criterios de valoración establece expresamente que “Os proxectos que se presenten serán técnica e economicamente viables; ademais, o procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva e establécense os seguintes criterios de valoración das solicitudes”, entre outros “Concello acollido á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia» con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes: 21 puntos. No caso de agrupación de concellos, asignaranse os 21 puntos se todos os concellos da agrupación están acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia». En caso contrario, asignarase unha puntuación proporcional ao número de concellos da agrupación que estean acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia»”.

Todas estas medidas foron incluídas na Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

O pasado 23 de xullo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza na que anulou tres convocatorias de subvencións na que se aplicaba esa prima do 20 % máis na puntuación para estes concellos que se sumaron á iniciativa “Concellos Doing Business”, condenando á Xunta de Galicia por discriminar aos municipios que non se adheriron.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta sentenza?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:55:25





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 13:20:33
Nº Rexistro: 28503
Data envío: 20/01/2022 13:20:33.279

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:55:39

CSV: BOPGDSPG-77ISpyOrX-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao funcionamento do “Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar” para o alumnado de ensino obrigatorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a supresión da gratuidade dos libros de texto que se instaurara en Galiza no curso 2005-06, a Xunta de Galiza optou por outorgar unhas bolsas para a adquisición dos libros e do material escolar no ensino obrigatorio.

Estas bolsas teñen en conta o criterio da renda familiar, mais non outras cuestións de suma importancia como o nivel educativo que van cursar os nenos e nenas que pertencen á unidade familiar que solicita a bolsa.

Por este motivo, en moitos casos, o custo dos libros pode ser moi inferior á cantidade que se recolle no cheque ao que a familia ten dereito. Neste caso, a unidade familiar “perde” esa diferenza de diñeiro, que non se pode gastar en material escolar ou libros de lectura.

Un outro sistema, que tivese en conta o nivel educativo que vai cursar a rapazada, que permitise mercar outro tipo de útiles de papelería ou libros de literatura, sería moito





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis proveitoso. Asemade, cumpriría permitir que ese diñeiro puidese ser gastado en calquera momento ao longo do curso académico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o goberno a realizar as mudanzas necesarias para mellorar o sistema do Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 13:20:12

Daniel Castro García na data 20/01/2022 13:20:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 13:20:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as accións políticas que debe levar a cabo o goberno galego a respecto das conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade coordinado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega presentou recentemente a *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*, un traballo que a Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega iniciou en 2018 co obxectivo de trazar as liñas xerais que servisen de base para o desenvolvemento desde o Foro Patrimonio e Sociedade.

A metodoloxía de traballo baseouse, ao longo de tres anos, na intervención e participación coral, sucedéndose múltiples xuntanzas no seo da propia sección, en primeiro termo, para logo contrastar con participantes externos constituídos en tres mesas de traballo (Patrimonio, políticas públicas e normativa legal / Xestión patrimonial: conservación, protección, promoción e difusión do PC / Patrimonio, educación, formación e cidadanía), así como a celebración dunhas xornadas de peche do foro onde se debatese sobre as ideas principais recollidas nas mesas.

En todo o demorado proceso até chegar ao momento actual de presentación das conclusións, así como da propia guía, cómpre pór en valor a ampla e diversa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

representación dos e das participantes vinculadas con diferentes sectores vinculados coa xestión, formación, administración, investigación e divulgación do patrimonio e os bens culturais en Galiza.

Recollemos agora o traballo reflexivo desenvolvido no foro a respecto da situación do patrimonio no noso país e o papel da sociedade nesta realidade na *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*, un documento aberto como base para abordar os retos da xestión, protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, material e inmaterial, galego.

Unha análise profunda da xestión patrimonial en Galiza que merece todo o apoio do grupo parlamentario do BNG e cuxas conclusións asumimos como necesaria folla de ruta política *ad futurum* para unha mellora da xestión patrimonial no noso país.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai levar a cabo o goberno galego a respecto das conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade desenvolvido pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 13:34:02

Daniel Castro García na data 20/01/2022 13:34:07

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 13:34:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas de conservación e mantemento a adoptar no edificio modernista “A Terraza” de Sada (A Coruña), declarado Ben de Interese Cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio “A Terraza” de Sada está considerado unha das obras máis destacadas do modernismo galego.

É unha construción de madeira do ano 1912, realizada orixinariamente na cidade da Coruña para ser utilizada como quiosco de bebidas nos céntricos xardíns de Méndez Núñez.

Constitúe unha peza moi representativa da “Art Nouveau” que se compón de dous andares, posteriormente substituída por edificios de formigón coñecidos hoxe co nome de Kiosco Alfonso. Polas súas características arquitectónicas e o seu alto valor histórico e patrimonial este edificio tan senlleiro foi declarado BIC por Decreto 16/2020 do 30 de xaneiro (DOG 124/02/2020).

Entre 1919 e 1920 este edificio, adquirido por un sadense, foi trasladado á praia urbana de Sada, onde aínda se mantén na actualidade, ubicándose nuns terreos de dominio público marítimo terrestre cedidos en concesión administrativa por Real Orde de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

20 de xullo de 1922 para ser destinado á “venta de refrescos y licores en la Playa de Sada”.

O edificio “A Terraza” sitúase hoxe en pleno paseo marítimo logo de que nos anos 80 se realizase un importante recheo que o alonxou da liña de praia. Como consecuencia dese recheo realizouse un novo deslinde, de modo que o actual trazado da costa quedado rexistrado na Orden Ministerial de deslinde de 7 de febreiro de 2017.

O 25 de maio de 2017 os herdeiros do concesionario orixinario solicitaron prórroga da concesión administrativa que foi denegada o 11 de febreiro de 2021 pola Dirección General de la Costa y el Mar. Na resolución arguméntase que existe un prazo máximo de duración das concesións, incluídas as prórrogas, que non pode superarse, de 75 anos, polo que a concesión do edificio d’A Terraza xa tería superado o prazo máximo permitido que impide unha nova prórroga.

Con todo, desde a Dirección General proponse que, dado o alto valor das instalacións declaradas como Ben de Interese Cultural, se manteñan as instalacións.

Unha vez revertida a concesión, tanto a construción como os terreos sobre os que se asenta, son propiedade do Estado, polo que entraría dentro das súas obrigas a restauración e mantemento do BIC en condicións adecuadas á súa catalogación .

Asemade, o Estado debería valorar a posibilidade de negociar co Concello de Sada a súa posterior cesión, así como un convenio que asegure usos públicos compatíbeis coa súa conservación, usos que están definidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal e que o cualifican como equipamento público sociocultural dentro do Sistema Xeral de Equipamentos (SXEsc.06-09).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a adoptar o goberno galego para garantir o adecuado mantemento e conservación do edificio situado en Sada (A Coruña) coñecido como “A Terraza”, declarado BIC pola Xunta, conforme a Lei de patrimonio cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 13:39:16

Daniel Castro García na data 20/01/2022 13:39:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 13:39:36



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no Boletín Oficial de Galicia do 8 de xaneiro deste ano a Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Na propia exposición de motivos establécese que a finalidade destas axudas dirixidas a concellos é establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora dos servizos e ao acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación nos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, co obxecto de mellorar a competitividade de oferta de solo empresarial, como elemento dinamizador da economía e do emprego local, para as que se destinaron inicialmente 2.300.000 € ampliados pola Orde do 29 de xuño de 20201 ata chegar aos 4.127.861,62 €; podendo acadar os concellos o 80 % do importe total consignado como subvencionable e cun máximo de 120.000 € para as solicitudes individuais e de 138.000 € para as solicitudes conxuntas.

As actuacións e gastos subvencionables, segundo se establece no artigo 3 das bases, son para plantas de depuración de augas; xestión de residuos dentro do parque empresarial; infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial; instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial; instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contraincendios dentro do parque empresarial ou para a instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do recinto empresarial.



Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con estas subvencións nos últimos 6 anos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:22:41

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:22:55



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Axencia Turismo de Galicia ten como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; potenciando o turismo como un factor de crecemento económico, valorizando os recursos turísticos e fomentando o turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

O 29 de novembro de 2019 a Axencia de Turismo de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do *19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2020*, cun crédito orzamentario de 1,2 millóns de euros e co obxecto do fomentar a recuperación, a accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos no medio rural cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Debido á declaración do estado de alarma derivado da pandemia da covid-19, a Xunta de Galicia deixou sen efecto esta convocatoria de subvencións coa publicación da correspondente resolución no Diario Oficial de Galicia o 19 de maio de 2020.

Porén, a Axencia Turismo de Galicia asinou no ano 2020 convenios de colaboración con determinados concellos galegos para mellora das infraestruturas turísticas no medio rural.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para asinar os convenios de colaboración para mellora de infraestruturas turísticas no medio rural con determinados concellos galegos no exercicio 2020?



Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:23:38

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 12:23:55

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 12:24:11

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/01/2022 12:24:22



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indicase os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración Hidráulica de Galicia.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 13:07:28
Nº Rexistro: 28480
Data envío: 20/01/2022 13:07:28.435

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2022 12:24:56

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2022 12:25:11

CSV: BOPGDSPG-77ISpyOrX-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada etapa educativa vén determinada polo correspondente Deseño Curricular Base que regula a ordenación de cada etapa educativa conforme o marco legal vixente, trazando a evolución progresiva da consecución dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación propios de cada curso e etapa educativa.

Partindo do principio de progresión educativa, acompañando a maduración do alumnado, así como da avaliación continua, o DCG determina o proceso de ensino-aprendizaxe das diferentes etapas educativas.

Especial relevancia ten a educación infantil como primeiro espazo de aprendizaxe orientado a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos (físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo) e atendendo ao carácter globalizador da etapa.

Unha das áreas de coñecemento básica é a da linguaxe. Importante en si propia como base de coñecemento lingüístico, mais tamén como medio de acceso a calquera coñecemento dos que integran o currículo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No noso espazo educativo, as aprendizaxes lingüísticas teñen que alcanzar as dúas linguas oficiais de Galiza, galego e castelán, o que require dun proxecto lingüístico adaptado á realidade sociolingüística de cada centro concreto.

O dominio dunha lingua precisa de exposición visual e sonora que facilite a adquisición da competencia lingüística como unha competencia pasiva, mais, ao tempo, tamén favoreza o uso social, o intercambio comunicativo dentro e fóra da escola.

Comunicación e representación da realidade próxima como ámbitos de actuación nucleares do acceso á educación en equidade.

O alumnado ten que adquirir, no final da súa escolarización obrigatoria, de forma oral e escrita, unha boa competencia en galego e castelán, o que require que desde a educación infantil ambas as dúas estean presentes de forma activa no currículo.

No entanto, son frecuentes as reclamacións sociais sobre as dificultades de acceso a materiais didácticos en galego en diferentes materias do currículo do ensino primario, secundario e de formación profesional, mais tamén no que di respecto do currículo tan específico da educación infantil onde é prescriptivo “desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión”.

Nesta etapa infantil, a respecto da área de “Linguaxes: comunicación e representación”, recóllese como finalidade: “comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais valorándoas como ferramentas de relación cos demais”.

Obxectivo que require de exposición e acceso a materiais didácticos nas dúas linguas oficiais.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un estudo publicado pola Mesa pola Normalización Lingüística en 2017 evidenciaba que o 76% dos centros escolares empregaban de maneira maioritaria ou exclusiva o castelán na etapa de 3 a 6 anos.

Case o 40% dos centros que responderon a enquisa da asociación recoñeceron que usaban exclusivamente o castelán; outro 33% afirmaba usar de maneira maioritaria o castelán e un 19,4% dicía que o uso entre galego e castelán era do 50%. Só o 8,5% utilizaba máis o galego que o castelán nesta etapa educativa.

O Consello de Europa ratificou esta realidade. No seu informe do 5º ciclo de avaliación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, publicado en 2021, demóstrase o incumprimento a respecto do galego dalgúns dos compromisos adquiridos tanto pola Xunta como polo Goberno estatal para garantir a súa presenza e uso no ensino.

Incide, ademais, o informe na “escasa presenza do galego na Educación Infantil” e na “privación de recursos didácticos” na lingua propia. Unha realidade que non vai permitir recuperar os elevados índices de descoñecemento da lingua propia e oficial das novas xeracións de galegos e galegas que acaba de determinar o estudo da Real Academia Galega e a USC.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai pór en andamento o goberno galego para dotar os centros educativos dunha oferta de libros de texto e materiais didácticos en galego ampla, diversa e de calidade?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/01/2022 13:52:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 13:52:18

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 13:52:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de estimular o consumo cultural desde a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise provocada pola COVID-19 afectou de forma evidente ao consumo cultural da poboación galega e os efectos pódense percibir en boa parte nos produtos culturais, tal e como vén de concluír un informe do Consello da Cultura Galega.

A realidade que nos deixa a pandemia é que en Galiza os hábitos de lectura de libros son os únicos que melloraron lixeiramente pola situación de crise. Pola contra, son maioría os produtos que acusaron un descenso, ás veces moi significativo, sendo as artes escénicas e os concertos de pago os máis prexudicados.

No primeiro caso, se antes da pandemia o 52,6% da poboación galega non asistía nunca ao teatro, ao ballet ou á ópera, agora esa porcentaxe sitúase no 83,8%. O 29,2% non acode por desconfianza na seguridade e un 27% por cambios na vida persoal. En total, pódese calcular que se perderon 732.000 espectadores de artes escénicas. Mais, entre os que, a pesar de todo, puideron ir a algunha representación, o gasto medio anual pasou de 89,6 € a 66,9 € e o descenso afectoulles en maior medida ás mulleres e aos maiores de 45 anos. A situación é similar nos concertos de pago. Se antes era un 43,5% da poboación galega a que non ía a este tipo de espectáculos, agora esta cifra sobe ata o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

80,7% e, entre os que foron, a maioría asistiu un par de veces en todo o ano. Extrapolado ao conxunto da poboación galega, supón unha perda de 863.000 espectadores. O 39,3% non vai pola falta de confianza na seguridade e o 28% por razóns persoais. Neste caso tamén lles afecta, en maior medida, ás mulleres e obsérvase unha maior probabilidade de deixar de acudir a este tipo de manifestacións culturais canto maior é a idade dos suxeitos.

A perda de espectadores de cine tamén se sitúa arredor do millón de persoas. Se antes eran case sete de cada dez persoas as que ían ao cine, dende que comezou a crise sanitaria ese número descendeu ata o 23,7% e as que asisten fano con menos frecuencia. De feito, o gasto neste tipo de espectáculos contraeuse un 94,3%. Neste caso tamén son as persoas de máis idade as que reduciron a súa presenza e o motivo principal para non acudir está relacionado coa falta de seguridade.

A baixada no consumo increméntase coa idade das persoas. As razóns son principalmente económicas e cambios na situación persoal.

O 37,7% das persoas considera que o seu gasto cultural diminuíu bastante. Isto é máis evidente entre as persoas máis novas e as que mostran un maior interese pola cultura en xeral. A estimación que fai quen di que o seu consumo cultural se reduciu moito ou bastante sitúase nunha contracción media do 69,9%.

En contraste con este panorama, as expectativas pódense cualificar como positivas, de modo que tres de cada catro persoas en Galicia cren que volverán gastar en produtos culturais tanto ou máis que antes.

A poboación galega ten un interese pola cultura relativamente alto. Nunha escala de 1 a 10, a cultura en xeral suscita un interese de 7,9 e a cultura galega un pouco menos, 7,87. As mulleres teñen máis interese que os homes, sobre todo pola cultura galega. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cultura tamén suscita máis interese entre as persoas de mediana idade, de arredor de 40 anos, entre as persoas cun nivel educativo máis elevado e entre as que viven en contornos urbanos.

É por iso que, ademais do impulso do gasto público, dentro das medidas de estímulo do gasto privado, cómpre activar desde a Xunta de Galiza medidas que xa está a desenvolver noutros sectores económicos en forma de bonos de consumo orientados á cultura.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto impulsar a Xunta de Galiza para reactivar a difusión e o consumo da cultura galega?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 16:33:09

Daniel Castro García na data 20/01/2022 16:33:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 16:33:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar un programa de estímulo nos sectores culturais galegos que afronte as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo un informe publicado pola UNESCO, a crise provocada pola COVID-19 produciu danos importantes no sector cultural e creativo con carácter global. En Europa, no ano 2020, o sector da cultura foi o segundo máis afectado, despois do transporte aéreo, e sufriu máis perdas que o turismo e a automoción.

Diferentes estudos analizaron ao longo de 2020 e 2021 como a crise sanitaria afectou de forma xeneralizada os sectores culturais en Galiza.

Estas diagnoses expóñennos a un escenario caracterizado por un tecido produtivo vulnerábel, unha contracción no consumo cultural e unha situación moi incerta para as profesionais da cultura.

As análises actuais, para alén de diagnosticar a realidade presente como un continuum dun tempo precedente marcado pola precariedade, aínda máis agudizado pola pandemia, achegan propostas de acción inmediata e temporal, mais sobre todo catalizadoras de cambios sistémicos a medio e longo prazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, neste sentido, a UNESCO propón:

- Apoio directo a artistas e profesionais da cultura.
- Apoio aos distintos sectores das diferentes industrias culturais.
- Fortalecemento da competitividade das industrias culturais e creativas.

Asemade, a OCDE traza tamén unha serie de recomendacións que cómpre atender, a curto, medio e longo prazo, pois todos os estudos estatísticos e económicos apuntan cara a un forte impacto negativo en todas as actividades relacionadas coa creación cultural.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto activar o goberno galego para estimular os sectores culturais galegos e afrontar as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 16:35:58

Daniel Castro García na data 20/01/2022 16:36:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 16:36:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desenvolvemento do Proxecto HUB Audiovisual da Industria Cultural por parte da AGADIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2020 a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos acolleu as comparecencias do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, así como tamén do director da AGADIC.

En ambas as dúas intervencións os comparecentes fixeron mención dunha importante achega económica de 9,6 millóns de euros que esta consellaría destinaría aos obxectivos e funcións da AGADIC, procedentes dos fondos FEDER REACT da Unión Europea.

A falta de toda concreción naquela altura, o director da AGADIC apenas mencionara unha liña de traballo novidosa, definida como Proxecto HUB, asentada no obxectivo de “incrementar as capacidades das empresas galegas, a competitividade das empresas galegas, situar Galiza como un referente das industrias creativas”, e que se desenvolvería da man do sector, sempre desde o consenso con este.

O pasado 10 de setembro de 2021 o DOG publicaba a convocatoria, en réxime de concorrência non competitiva, de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, a primeira das convocatorias do seu fondo para a atracción de rodaxes, dotada con 2 millóns de euros.

O mesmo día en que o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade lles presentaba ás principais asociacións e empresas audiovisuais galegas as liñas mestras do Hub Audiovisual da Industria Cultural.

Para alén desta primeira convocatoria, o Conselleiro de Cultura anunciou, segundo nota de prensa do seu gabinete, “a posta en marcha da Galicia Film Comission, as subvencións para o desenvolvemento de grupos de proxectos, o polo de talento do sector audiovisual, o plan creativo e empresarial para videoxogos e un fondo transversal para o conxunto da industria cultural son outras das principais iniciativas que serán desenvolvidas proximamente ao abeiro do Hub”.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Considera o goberno que a convocatoria publicada de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais responde ás características do tecido da maioría das produtoras galegas?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 16:39:11

Daniel Castro García na data 20/01/2022 16:39:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 16:39:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña, coñecida popularmente como "Circo de Artesáns", é unha entidade cultural e social, tamén benéfica, e sen fins lucrativos, que foi fundada en 1847 e que no vindeiro 2022 cumprirá o seu 175 aniversario.

O Circo de Artesáns é unha entidade que naceu cunha vontade cultural, instrutiva e benfeitora decidida, e coa inspiración dos principios emancipatorios da Ilustración.

A historia desta verdadeira "casa do pobo coruñés" converteuna nunha institución emblemática e fundamental da Coruña, mais tamén con moita influencia no resto da Galiza. Por iso mesmo algúns, seguindo a Uxío Carré Aldao, a denominaron como o "Ateneo da Galiza".

Permanecen na memoria do Circo de Artesáns as palestras dalgunhas das figuras máis relevantes da cultura galega e española: Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Ortega y Gasset, Miguel de Unamuno, Santiago Casares Quiroga, Castelao, Durán Loriga, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Lugo Freire, Manuel Portela





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valladares, Basilio Álvarez, Ramón Suárez Picallo, Armando Cotarelo, Valentín Paz-Andrade, Ramón Pérez Costales, o “Médico Rodríguez”, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Alexandre Bóveda, Benito Vicetto, Tettamancy, Ángel del Castillo, Eladio Rodríguez González, Gonzalo Abente, Wenceslao Fernández Flórez, María Barbeito, Roberto Novoa Santos, Rafael González Villar, Sofía Casanova, Pi i Margall, etc.

Tamén participaron nela intelectuais internacionais da talla do francés Georges Duhamel e da chilena Gabriela Mistral.

Pola súa iniciativa criáronse institucións benéficas, como a “Cociña Económica” ou as “Escolas Populares Gratuítas”. Nel desenvolvéronse importantes actividades benéficas que lle valeu recibir a Medalla de Ouro da Cruz Vermella Española.

Alén de todo iso, a popular Sociedade do Circo de Artesáns nos seus 174 anos existencia organizou numerosas e relevantes exposicións de pintura, representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, debates, concertos, recitais de poesía, xogos florais, cursos, viaxes, banquetes, bailes sociais e festas populares. O Circo destacou polos seus grandes xogadores de xadrez e de billar e polos torneos que organizaba.

O Circo ten que ver cos comezos do feminismo. Pioneiras e precursoras do feminismo como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, María Vinyals (“A Marquesa Vermella”), Amparo López-Jean, María Barbeito, Celia Brañas, Filomena Dato, Sofía Casanova, Carmen de Burgos e María de Maeztu interviron no seu Salón de Actos.

Tamén Portugal e a súa cultura non foron alleos á actividade do Circo, porque por aquí estivo Bernardino Machado, o ex-presidente da República Portuguesa e no seu exilio, e falou o filósofo Leonardo Coimbra e recitou o grande poeta Eugénio de Castro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Circo formouse a primeira orquestra sinfónica da Galiza. Nel desenvolveron actividades musicais destacados músicos e compositores como Canuto Berea, Pablo Sarasate, Pascual Veiga, Xosé Baldomir, Castro Chané e un longo etcétera.

No seo desta vedraia Sociedade deu os primeiros pasos o teatro independente e profesional galego nos anos setenta do século pasado co grupo Teatro-Circo de Artesáns de Manuel Lourenzo e mais naceu na Galiza a primeira Universidade Popular, para formar á xente humilde e traballadora da cidade.

Aquí naceu a Academia Galega, a Asociación da Prensa da Coruña -a máis antiga das galegas-, as Irmandades da Fala e a Agrupación Cultural “O Facho”.

Varios monumentos da Coruña e comarca existen grazas aos recursos económicos dos socios do Circo, por exemplo, o de Concepción Arenal, o de Eduardo Pondal, o de Daniel Carballo e o dos “Mártires” na vila de Carral.

O Circo de Artesáns conta cunhas fermosas instalacións de 2.300 m², en propiedade, situadas no centro da cidade da Coruña, onde destaca unha única, grande e valioso tesouro: a Biblioteca.

A Biblioteca conta cuns 15.000 volumes, moitos deles do século XIX e anteriores, para alén de moita documentación histórica de interese. Biblioteca e documentación están en estado de abandono e deteriorándose, precisando da intervención dalgunha institución para o seu ordenamento, catalogación informática e posta en valor.

Segundo os Estatutos da Sociedade os seus fondos non poden saír da súa sede e deben ser propiedade da Sociedade. Mais o Circo está aberto a que persoas que non son socias accedan á súa consulta e ás instalacións da Biblioteca.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Historiadores imprescindíbeis, como o recentemente falecido Xosé Ramón Barreiro Fernández, refírense nos seus libros ao Circo como unha entidade esencial da Galiza nos tres últimos séculos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas e recursos económicos vai activar o goberno para conservar e catalogar dixital-mente os fondos documentais e bibliográficos desta biblioteca relevante a nivel galego, así como favorecer a súa consulta pública?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 16:55:13

Daniel Castro García na data 20/01/2022 16:55:17





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 16:55:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o retorno ao ben público dos soares da Maestranza (A Coruña)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en tramitación polo Concello da Coruña o Estudo de detalle das parcelas 1 e 2 do Plan especial de reforma interior (PERI) da Maestranza (A Coruña).

Este Estudo de Detalle ten por obxecto a ordenación de volumes e de aliñacións dos dous soares mencionados como resultado dun proceso de reforma urbanística.

As orixes deste proceso sitúanse no Convenio urbanístico asinado entre o Concello da Coruña e o Ministerio de Defensa en 1984, continuado en posteriores instrumentos de planeamento como o Plan especial da Maestranza e o PERI da Cidade Vella.

Con todo, cómpre ten presente que, como verifican fontes documentais, estamos a falar de terreos inicialmente públicos, bens comunais, que remataron cedidos ao Estado con destino a uso militar, mais actualmente xa están desafectados deste uso.

Ao longo dos últimos anos, a través de acordos da corporación local coruñesa, de diferentes institucións e en reiteradas iniciativas e mobilizacións cidadáns, ficou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

explicita a demanda popular de reversión destes terreos ao dominio público local, con destino a usos dotacionais públicos, espazos libres e zonas verdes, así como da protección patrimonial das aínda conservadas murallas defensivas da Cidade Vella.

As demandas poden sintetizarse nos seguintes puntos:

1. Retorno dos terreos ao ben común e cesión gratuíta ao Concello da Coruña.
2. Modificación dos instrumentos de ordenación urbanística e de protección patrimonial para asegurar o uso público dos terreos e preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella incoando o expediente BIC.

Con todo, na actualidade o INVIED procedeu a allear estes dous soares, impedindo a tan demandada cesión ao concello, non se anularen os instrumentos de planeamento urbanístico previsto nin se activaron as fórmulas necesarias para protexer o sistema defensivo da Cidade Vella que fai parte da delimitación do ámbito de Estudo de Detalle.

Ao tempo, o Estudo de Detalle apenas fai mención, nin na Memoria xustificativa nin nos seus anexos, da presenza relevante dunha ben coñecida área de protección arqueolóxica nestes terreos situados enriba do sistema defensivo da cidade e que condiciona usos, edificabilidade e aproveitamento.

Unha omisión deliberada da debida análise patrimonial no Estudo de Detalle que xustifica a súa non aprobación, á vista da vulneración da normativa legal en materia de protección patrimonial, tal e como veñen de demostrar as alegacións rexistradas por diferentes entidades, colectivos e asociacións veciñais da cidade da Coruña, encamiñadas á Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o goberno para preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 17:13:25

Daniel Castro García na data 20/01/2022 17:13:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 17:13:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a baixa execución orzamentaria dos programas destinados ao acceso á vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos en materia de vivenda rexistraron un importante descenso dende a entrada no goberno do actual presidente da Xunta. Así, os orzamentos destinados a vivenda para o ano 2022 supoñen un recorte de máis do 40% respecto dos orzamentos do ano 2009.

A esta falta de previsión orzamentaria hai que sumarlle unha notable falla de execución final, especialmente nos programas destinados ao acceso á vivenda. En todo este período a Xunta de Galiza vén incumprindo sistematicamente, ano tras ano, os seus propios orzamentos xa recortados, como así se pode comprobar nas Contas Xerais e nos informes de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

As Contas Xerais para o ano 2020 arrojan uns datos preocupantes sobre a baixa execución orzamentaria dos programas destinados a vivenda. Estas revelan que, para o programa 451B de acceso á vivenda, dos 27 M€ de crédito vixente só 9M€ foron executados finamente. Tendo en conta que estas inversións están orientadas a un aspecto tan fundamental e sensible como a garantía dun teito digno ou a oportunidade





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para que a xente nova poida emanciparse, resulta inaceptable que 2 de cada 3 euros que se puideron ter investidos non foran executados.

Así mesmo, os propios informes de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 que elabora a Xunta de Galiza veñen sinalando ano tras ano a falta de execución e a baixa eficacia dos resultados dos programas de vivenda. No dito informe de seguimento para o ano 2018 sinálase que o grao de eficacia financeira é baixo, xa que só se acadou para ese exercicio unha execución do 21,3% respecto de orzamento inicial. O informe de 2019 volve a definir o grao de eficacia financeira deste programa como baixo, cunha execución do 32,9% respecto do orzamento inicial e do 42,4% en relación ao orzamento definitivo. Novamente, o informe de seguimento do ano 2020 clasifica a eficacia dos programas destinados a facilitar o acceso á vivenda como baixo, con tan só un 37,3% do orzamento inicial executado.

Por tanto, estamos ante un feito reiterativo e non puntual, que esixe dunha avaliación e rectificación por parte da Xunta de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a baixa execución orzamentaria e eficacia dos programas dirixidos ao acceso á vivenda?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2022 17:31:15

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2022 17:31:18

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2022 17:31:23



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Coñeciamos recentemente polo DOG (14 de xaneiro de 2021) que a Xunta de Galicia vai gastar 19.500 euros para erixir un cruceiro de pedra no parque Bayfront de Miami, en Florida, conforme a un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración (dependente da Presidencia da Xunta) e a Asociación de Empresarios e Profesionais Galegos de Estados Unidos.

Segundo o DOG, a axuda ten por obxecto "instalar a escultura denominada O Cruceiro Galego, un cruceiro en pedra realizado polo escultor Santiago Besada, en Bay Front Park de Miami, como símbolo que contribuirá a manter e reforzar os vínculos con Galicia e a poñer en valor a nosa comunidade, a súa cultura e tradicións entre a colectividade galega de Florida e o resto da poboación estadounidense".

En sesión da Comisión 1ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 19 de xaneiro, o director xeral de Relacións Exteriores da Xunta, Sr. Gamallo, na resposta a unha pregunta do deputado que subscribe esta iniciativa sobre a forma en que ese cruceiro contribúe a atender as necesidades da comunidade galega no exterior, declarou que “a comunidade galega de Miami é unha comunidade moi activa, eles teñen todo o dereito do mundo a ter os símbolos que representan o noso país...., porque ademais de incidir no ámbito cultural, estamos a falar dunha das cidades máis turísticas do mundo, e polo tanto, esa é a explicación que ten, ademais da actividade comercial que se fai”.

Esa explicación resulta inverosímil e incongruente, na medida en que o dereito de cadaquén a ter os símbolos que considere non implica que a Administración galega deba sufragalos, especialmente cando os recursos públicos son escasos e as necesidades da comunidade galega exterior inxentes e acrecentadas pola crise sanitaria e económica asociada á covid19.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:



Considera o Goberno galego que está xustificado o gasto de 19.500 € para erixir un cruceiro nun parque de Miami nun contexto de crise?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2022 17:30:18

Paloma Castro Rey na data 20/01/2022 17:30:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxente necesidade de incoar o expediente BIC para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ninguén pon en dúbida a singularidade e excepcionalidade do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada, abranguendo o ben inmóbel e mais os bens mobles que acubilla, así como todo o incalculábel valor inmaterial que o viu nacer e sustentar no tempo desde hai 50 anos.

O legado deste senlleiro museo representa o proxecto de recuperación da memoria histórica galega a través da recuperación do patrimonio artístico do exilio, converténdose, desde as achegas colectivas e dos seus propios promotores Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, no espello da renovación da arte contemporánea galega desde un proxecto museográfico pioneiro, aberto, activo, dialogado coa obra; un museo plenamente vivo.

A sociedade galega está a demandar actuacións urxentes para un museo que está a vivir na peor das contradicións políticas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, a sociedade alerta das deficiencias que presenta un museo destas características que está pechado desde 2016. Un edificio que ofrece unha situación de importante desgaste que tamén está a deteriorar parte da obra que acubilla.

Unha realidade tan obvia que o goberno galego só pode recoñecer e ratificar.

Pola outra, a sociedade está a demandar por diferentes vías que a Xunta de Galiza actúe de inmediato para protexer este legado en severo risco, dando cumprimento ao acordo parlamentario de incoar o expediente BIC para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (decembro de 2010).

Unha demanda que tamén afirmou xa en 2018 o Consello da Cultura Galega, órgano consultivo de referencia da Xunta de Galiza, ao afirmar que “colección e edificio merecen a protección necesaria para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos”. Un informe que conclúe manifestando que “tanto o edificio do Museo Carlos Maside como a Colección documental e pictórica que alberga merecen, pola súa natureza e carácter, a protección BIC”.

Con todo, incomprensiblemente, tres anos despois deste informe a Xunta de Galiza aínda non publicou no DOG a apertura do expediente de incoación BIC para o Museo Carlos Maside.

A maior demora da incoación do BIC, maior deterioro do museo e maior irresponsabilidade do goberno galego ante o que pode ser unha perda irreparable dun legado patrimonial cultural único, pois é coñecido que hai obras que xa non están no museo e que hai outras que xa acusaron o deterioro producido polas fortes humidades.

Nin se cumpriu co acordo parlamentario de 2010 nin se cumpriu co informe do Consello da Cultura Galega, tal e como evidenciou en Comisión 4ª a Directora xeral de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Cultural o pasado mes de febreiro ao aceptar que o procedemento estaba parado e á espera de novos informes.

Unha xustificación impropia, xa que a falta de novos informes non lle impide á Xunta de Galiza actuar incoando o BIC para primar a protección cautelar do ben.

Recentemente, o Secretario xeral de cultura avanzou a conclusión dun segundo inventario actualizado dos bens do museo, así como un proceso de estudo que está na fase final.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que o goberno non actúa de inmediato incoando o expediente BIC para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada para asegurar o inicio da súa protección á vista do importante deterioro que presenta?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2022 17:43:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2022 17:43:52

Daniel Castro García na data 20/01/2022 17:44:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incumprimento da Xunta de Galiza do compromiso de entregar un informe de avaliación do Plan Rehavita 2015-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acostuma a anunciar programas en materia de vivenda que logo ou ben non se executan ou ben os resultados finais distan moito dos comprometidos. Esta forma de facer política vai acompañada dunha ausencia sistemática de avaliación dos resultados e dunha falta de transparencia a respecto dos datos de execución alcanzados.

Un claro exemplo disto é o anterior Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, do que a Xunta négase a ofrecer información sobre o desenvolvemento acadado. Dende o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego formulamos no momento de finalización do plan distintas iniciativas solicitando os datos detallados do investimento real realizado polo Goberno galego para o cumprimento de cada un dos eixos recollidos neste plan. Igualmente demandamos a elaboración por parte da Xunta dun informe de avaliación do plan que incluíse, para alén dos datos concretos, unha revisión das causas da baixa execución dos programas. En resposta a unha destas preguntas rexistradas a Xunta de Galiza comprometíase con este grupo a presentar os datos requiridos nun informe que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sería enviado ao Parlamento “ao remate de 2021”, tal e como foi tamén aprobado por unanimidade na comisión 2º do Parlamento.

Existe unha evidente dilación dos prazos, ao comprometerse a aportar esa información a finais de 2021, é dicir, un ano despois de que ese plan de vivenda caducase. Mais a realidade é que entrados no ano 2022 o informe segue sen elaborarse.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta a publicar o informe de avaliación do Plan Rehavita 2015-2020 de forma inmediata para dar cumprimento aos compromisos adquiridos?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2022 18:01:42





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2022 18:01:45

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2022 18:01:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do Hospital Lucus Augusti foi un fito histórico para a Sanidade Lucense, non só mellorou a confortabilidade das usuarias e usuarios senón que a propia estrutura e dimensións do edificio potenciaron cambios importante na carteira de servizos que favoreceron, sen dúbida, a calidade asistencial. Isto de todos xeitos non serviu para a mellora da atención primaria na cidade, que seguiu en varios casos en edificios precarios que condicionan a actividade asistencial e a súa calidade de cara á cidadanía, entre eles o do CS da Milagrosa.

Debido a este cambio liberáronse os terreos e edificios que ocupaba o vello Complexo Xeral-Calde posibilitando trasladar alí, tralas pertinentes obras parte dos servizos sanitarios que estaban diseminados pola cidade para mellorar as súas condicións de habitabilidade e polo tanto o seu potencial en canto a servizos sanitarios para a cidade.

Saíron na prensa diversas noticias a respecto do desenvolvemento das obras e os usos aos que se ían destinar estas instalacións, que se prevían rematadas para mediados deste mesmo ano, quizá outubro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Referirémonos exclusivamente ao que motiva esta iniciativa, o CS da Milagrosa, do que se dixo que sufriría un desdoblamento e que probablemente se convertera nun Centro de Alta Resolución ao contar coas instalacións do Laboratorio e os bunker de Rx do antigo pavillón central.

As declaracións do conselleiro falaban de dotación de medios diagnósticos para a resolución de procesos nunha única consulta sen concretar que podía supor isto na práctica.

Chegadas a estas alturas do 2022 o persoal do Centro de Saúde da Milagrosa non recibiu a máis mínima información oficial sobre cando, cantas, cales ou quen vai ir para alí, o que causa unha xustificada incerteza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta ter en conta ao persoal do Centro de Saúde á hora do desdoblamento do CS da Milagrosa informándoo e recabando a súa opinión a través dos responsables do Centro?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 20/01/2022 18:26:07

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2022 18:26:10

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2022 18:26:19



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

